



# DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 133

VII lexislatura

Serie Pleno

## Sesión plenaria 24 de xuño de 2008

Presidencia da Excm. Sra. D.<sup>a</sup> Dolores Villarino Santiago

### ORDE DO DÍA

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

1. Elección de dous membros do consello de administración da compañía de Radio-Televisión de Galicia (07/DTVG-0001)

Publicación asignación comisión, BOPG núm. 513, do 06.03.2008

Publicación ampl. prazo presentación emendas articulado, BOPG núm. 514, do 13.03.2008

2 Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión de investigación, sobre o suposto pago de viaxes a axentes electorais do PSOE con fondos da Secretaría Xeral de Emigración e a contratación laboral deses axentes con fondos da Consellería de Traballo e do voto ou votos particulares, se é o caso.

Publicación emendas de totalidade, BOPG núm. 518, do 18.03.2008

Publicación rexeitamento emendas totalidade, BOPG núm. 524, do 28.03.2008

Publicación do Ditame da Comisión, BOPG núm. núm. 575, do 17.06.2008

Publicación emendas ao articulado, BOPG núm. 526, do 01.04.2008

Publicación informe de ponencia, BOPG núm. 570, do 10.06.2008

Publicación do Ditame da Comisión, BOPG núm. núm. 576, do 18.06.2008

Publicación emendas e votos particulares, BOPG núm. 576, do 18.06.2008

3. Textos Lexislativos

3.1. Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego, do proxecto de lei de saúde de Galicia. 07/PL-0037 (27213)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 509, do 28.02.2008

3.2. Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do proxecto de lei de protección da paisaxe de Galicia. 07/PL-0040 (28278)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 535, do 16.04.2008

Publicación asignación comisión, BOPG núm. 535, do 16.04.2008  
 Publicación ampl. prazo presentación emendas, BOPG núm. 543, do 26.04.2008  
 Publicación emendas de totalidade, BOPG núm. 552, do 12.05.2008  
 Publicación emendas ao articulado, BOPG núm. 559, do 22.05.2008  
 Publicación rexeitamento emendas totalidade, BOPG núm. 565, do 02.06.2008  
 Publicación do informe de ponencia, BOPG núm. 571, do 11.06.2008  
 Publicación ditame de comisión, BOPG núm. 574, do 16.06.2008  
 Publicación emendas e votos particulares, BOPG núm. 574, do 16.06.2008

3.3. Debate de toma en consideración da proposición de lei de ponencia conxunta, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xullo, do Réxime Electoral Xeral, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto das persoas residentes no exterior co resto dos cidadáns (07/PPLC-0005)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 568, do 05.06.2008

#### 4. Comparecencias en Pleno

##### 4.1. 07/PPP-0441 (29371)

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias  
 Do Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para informar sobre as políticas de seguridade desenvolvidas pola consellaría

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 568, do 05.06.2008

##### 4.2. 07/PPP-0444 (29692)

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias  
 Do Sr. conselleiro de Economía e Facenda, para informar sobre as medidas de promoción económica e empresarial do Goberno

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 576, do 18.06.2008

##### 4.3. 07/PPP-0446 (29720)

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias  
 Do Sr. conselleiro do Medio Rural, para informar sobre os contratos homologados no sector lácteo

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 576, do 18.06.2008

#### 5. Mocións

##### 5.1. 07/MOC-0103 (29688)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
 Bernardo Tahoces, Ángel  
 Sobre a proposta da Comisión Nacional da Enerxía de incrementar a tarifa eléctrica a partir do 1 de xullo de 2008. (Moción a consecuencia

da Interpelación núm. 29103, publicada no BOPG núm. 558, do 21.05.2008, e debatida na sesión plenaria do 10 de xuño de 2008)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 576, do 18.06.2008

##### 5.2. 07/MOC-0104 (29703)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
 Ruíz Rivas, Manuel Santos e 2 deputados máis  
 Sobre a actuación do Goberno galego na xestión da área de Vicepresidencia. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 23720, publicada no BOPG núm. 417, do 27.09.2007 e debatida na sesión plenaria do 10 de xuño de 2008)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 576, do 18.06.2008

#### 6. Proposicións non de lei ante o Pleno

##### 6.1. 07/PPP-0485 (28725)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
 López Abella, Susana e 2 deputados máis  
 Sobre as actuacións que se van levar a cabo para mellorar as condicións de vida do colectivo de mulleres viúvas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 550, do 08.05.2008

##### 6.2. 07/PPP-0487 (28727)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
 Balseiro Orol, José Manuel e 2 deputados máis  
 Sobre os criterios que se van seguir na futura Lei de pesca para o outorgamento e transmisión das concesións de puntos de fondeo de bateas e parques de cultivo mariño

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 551, do 09.05.2008

##### 6.3. 07/PPP-0496 (29127)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
 Seara Sobrado, Laura  
 Sobre a posta en marcha dun programa sostible de reciclaxe de equipos informáticos en Galicia e o estudo da posibilidade de asinamento de convenios con organizacións non-gobernamentais co fin de reutilizalos

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 562, do 28.05.2008

##### 6.4. 07/PPP-0497 (29170)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
 Blanco Parga, Carlos Fernando  
 Sobre a cuantificación das axudas recibidas polo estaleiro de Navantia-Fene consideradas ilegais pola Unión Europea e a apertura dunha negociación para a volta do estaleiro á construción naval civil

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 562, do 28.05.2008

## 6.5. 07/PNP-0505 (29485)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o establecemento de compensacións ás comunidades de montes veciñais en man común e ás unidades de xestión forestal (uxfor) polo seu papel de sumidoiros de dióxido de carbón e de gases de efecto invernadoiro

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 572, do 12.06.2008

## 7. Interpelacións

## 7.1. 07/INT-0378 (29500)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro

Sobre o orzamento e prazos de posta en servizo dos novos proxectos construtivos previstos no Plan director de estradas de Galicia

Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG núm. 572, do 12.06.2008

## 7.2. 07/INT-0381 (29546)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Bernardo Tahoces, Ángel e 13 deputados máis

Sobre a política de promoción comercial, e nomeadamente feiral, que está a desenvolver a Xunta de Galicia e as previsións ao respecto

Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG núm. 572, do 12.06.2008

## 8. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

## 8.1. 07/POPX-0162 (29740)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a valoración do Goberno galego do impacto do prezo dos produtos enerxéticos na actividade económica

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 576, do 18.06.2008

## 8.2. 07/POPX-0163 (29742)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rego González, Ismael

Sobre o balance das actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en materia educativa durante o curso 2007-2008

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 576, do 18.06.2008

## 8.3. 07/POPX-0164 (29743)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Feijóo, Alberto

Sobre a valoración da situación dos servizos sociais en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 576, do 18.06.2008

## 9. Preguntas orais ante o Pleno

## 9.1. 07/POP-0835 (29545)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Abella, Susana e Rodríguez Arias, Marta

Sobre as razóns do cambio da localización do Centro de Atención Temperá de Lugo sen falar previamente coas familias afectadas

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 572, do 12.06.2008

## 9.2. 07/POP-0839 (29700)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Antón, Xosé Ramón

Sobre a situación do Plan de recuperación das pontes históricas (Art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 576, do 18.06.2008

## 9.3. 07/POP-0844 (29739)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo Antonio

Sobre o balance do proceso de matriculación para o curso 2008/2009 nos centros docentes sostidos con fondos públicos (art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 576, do 18.06.2008

## 9.4. 07/POP-0747 (28086)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castro García, Roberto e 3 deputados máis

Sobre a situación actual do operativo de prevención e defensa contra incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 532, do 10.04.2008

## 9.5. 07/POP-0786 (28746)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Barcón Sánchez, María del Mar e Fernández López, Miguel Angel

Sobre as repercusións do Plan de mellora da atención primaria na accesibilidade e na calidade asistencial

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 551, do 09.05.2008

## 9.6. 07/POP-0810 (29096)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Miranda, Antonio e 7 deputados máis

Sobre a solución prevista polo Goberno galego respecto da situación laboral dos 40 veterinarios e veterinarias, funcionarios de carreira, afectados por un proceso xudicial contra a Xunta de Galicia

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 558, do 21.05.2008

*Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.*

**Elección de dous membros do Consello de Administración da Compañía de Radiotelevisión de Galicia.** (Punto primeiro da orde do día.)

*A señora presidenta expón os criterios aprobados pola Mesa, oída a Xunta de Portavoces, para efectuar a elección de dous membros do Consello de Administración da Compañía de Radiotelevisión de Galicia.* (Páx. 9.)

*Votación: votos a favor de Alberte Ansede Estraviz e Roberto Mera Cobas, 38; votos en branco, 33.* (Páx. 9.)

*Dado que os candidatos non acadan a maioría requirida, a señora presidenta indica que se proceda a unha segunda votación.* (Páx. 9.)

*Votación: votos a favor de Alberte Ansede Estraviz e Roberto Mera Cobas, 38; votos en branco, 37.* (Páx. 9.)

*A señora presidenta indica que, logo de non acadar a maioría necesaria na segunda votación, poderase incluír a elección nunha nova sesión plenaria* (Páx.9.)

**Alteración da orde do día.**

*A señora presidenta comunica a existencia dunha alteración da orde do día que afecta á interpelación documento 29546, que se substanciará hoxe pola tarde, e á comparecencia documento 29720, que en consecuencia se pospoñerá a mañá.* (Páx. 9.)

*O señor Aymerich Cano pide a plalabra para unha valoración do resultado da votación anterior.* (Páx. 9.). *A señora presidenta concédelles aos portavoces dos grupos parlamentarios, señor Aymerich Cano (BNG) (Páx. 9.), Rego González (S) (Páx.) e Ruíz Rivas (P) (Páx. 11.) unha rolda de intervencións sobre este tema.*

*O señor Ruíz Rivas (P) intervén por unha cuestión de orde relativa ao procedemento de votación, á que lle responde a señora presidenta.* (Páx. 12)

**Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión de investigación sobre o suposto pago de viaxes a axentes electorais do PSOE con fondos da Secretaría Xeral de Emigración e a contratación laboral deses axentes con fondos da Consellería de Traballo e do voto ou votos particulares, se é o caso.** (Punto segundo da orde do día.)

Presentación do ditame: *Sr. presidente da Comisión de Investigación (Tomé Roca)*. (Páx. 12.)

Rolda de posicionamento sobre o ditame e de defensa do voto particular: *Sr. Aymerich Cano (BNG)* (Páx. 14.), *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 17.) e *Sr. Rodríguez Miranda (P)* (Páx. 20.)

Rolda de posicionamento sobre o voto particular: *Sr. Aymerich Cano (BNG)* (Páx. 22.) e *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 23.).

Rolda de réplica: *Sr. Rodríguez Miranda (P)* (Páx. 25.)

Votación do voto particular, documento 29818, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia: *rexeitado por 37 a favor, 38 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 26.)

Votación do ditame da Comisión, sen a incorporación deste voto particular: *aprobado por 38 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 26.)

### **Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego, do Proxecto de lei de saúde de Galicia.** (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación do ditame: *Sr. presidente da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego*. (Páx.26.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Ferreiro López (BNG)* (Páx. 28.), *Sra. Barcón Sánchez (S)* (Páx. 30.) e *Sr. Santalices Vieira (P)* (Páx. 33.)

Rolda de posicionamento sobre as emendas: *Sra. Ferreiro López (BNG)* (Páx. 37.) e *Sra. Barcón Sánchez (S)* (Páx. 38.)

Rolda de réplica: *Sr. Santalices Vieira (P)* (Páx. 39.)

### **Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do proxecto de lei de protección da paisaxe de Galicia.** (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación do ditame: *Sr. presidente da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos*. (Páx. 40.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx.41), *Sra. Seara Sobrado (S)* (Páx. 44.) e *Sr. Castiñeira Broz (P)* (Páx. 47.)

Rolda de posicionamento sobre as emendas: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 50.) e *Sra. Seara Sobrado (S)* (Páx. 52.)

Rolda de réplica: *Sr. Castiñeira Broz (P)* (Páx. 53)

### **Debate de toma en consideración da Proposición de lei de ponencia conxunta, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xullo, do Réxime Electoral Xeral, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto da persoas residentes no exterior co resto da cidadanía.** (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación conxunta da proposición de lei: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 55.), *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 57.) e *Sr. Castelao Bragaña (P)* (Páx. 58.).

*A señora presidenta procede a someter a votación os textos lexislativos debatidos neste punto da orde do día. (Páx. 60.)*

Votación das emendas do G. P. Popular de Galicia ao ditame elaborado pola Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego do Proxecto de lei de saúde de Galicia: *rexeitadas por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 60.)*

Votación do Ditame –coa incorporación dunha emenda técnica consistente en substituír no artigo 121.8 a referencia á Lei 4/1988, da función pública de Galicia polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia– elaborado pola Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego do Proxecto de lei de saúde de Galicia: *aprobado por 38 a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 60.)*

Votación das emendas do G. P. Popular de Galicia ao Ditame elaborado pola Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do Proxecto de lei de protección da paisaxe de Galicia: *rexeitadas por 37 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 60.)*

Votación do Ditame elaborado pola Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do Proxecto de lei de protección da paisaxe de Galicia: *aprobado por 38 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 60.)*

Votación da toma en consideración da Proposición de lei de ponencia conxunta para presentar perante o Congreso dos Deputados, de modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xullo, do Réxime Electoral Xeral, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto das persoas residentes no exterior co resto dos cidadáns: *aprobada por unanimidade. (Páx. 60.)*

*Suspéndese a sesión.*

*Retómase a sesión*

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para informar sobre as políticas de seguridade desenvolvidas pola consellaría.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. (Páx. 61.)*

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. González Mariñas (BNG) (Páx. 65.), Sra. Sestayo Doce (S) (Páx. 67.) e Sr. Baamonde Díaz (P) (Páx. 69.)*

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. (Páx. 71.)*

*A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx.) Nesta rolda interveñen o señor González Mariñas (BNG) (Páx. 73.), a señora Sestayo Doce (S) (Páx. 74.), o Sr. Baamonde Díaz (P) (Páx. 75.) e o señor conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. (Páx. 77.)*

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía e Facenda, para informar sobre as medidas de promoción económica e empresarial do Goberno.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía e Facenda. (Páx. 80.)*

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Aymerich Cano (BNG) (Páx. 81), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 83.) e Sr. Orza Fernández (P) (Páx. 85.)*

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía e Facenda.* (Páx. 87.)

*A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.* (Páx.) *Nesta rolda interveñen o señor Sr. Aymerich Cano (BNG) (Páx. 89.), o señor Fernández Leiceaga (S) (Páx. 90.), o señor Orza Fernández (P) (Páx. 90.) e o señor conselleiro de Economía e Facenda.* (Páx. 93.)

### ***Declaración institucional sobre o consumo e o tráfico de drogas***

*A señora presidenta le e somete á consideración da Cámara unha declaración institucional sobre o consumo e tráfico de drogas, que é aprobada por asentimento.* (Páx. 94.)

**Interpelación de D. Ángel Bernardo Tahoces e 13 deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a política de promoción comercial, e nomeadamente feiral, que está a desenvolver a Xunta de Galicia e as previsións ao respecto.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Palmou Lorenzo(P).* (Páx. 94.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Innovación e Industria.* (Páx. 96.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Blanco Parga (BNG) (Páx. 99.) e Sr. Gallego Lomba (S).* (Páx. 101.)

Réplica do autor: *Sr. Palmou Lorenzo(P).* (Páx. 102.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Innovación e Industria.* (Páx. 104.)

*Suspéndese a sesión ás oito e cincuenta minutos da tarde.*

*Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.*

**A señora PRESIDENTA:** Bos días.

Bos días, señoras deputadas e señores deputados.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 576, do 18 de xuño do ano 2008, polo que non procede a súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias, polo tanto, entramos na orde do día.

### **Elección de dous membros do Consello de Administración da Compañía de Radiotelevisión de Galicia**

**A señora PRESIDENTA:** Lles prego que ocupen os seus escanos. Imos a someter a votación este asunto, polo tanto, péchanse as portas.

Os criterios para a elección dos membros do Consello de Administración da Compañía de RadioTelevisión de Galicia aprobados por acordo da Mesa, oída a Xunta de Portavoces do 18 de novembro de 2005.

A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por favor.

Non funciona o peche das portas.

Señora Pilar Rojo, o sinto moito, non pode vostede votar. O sinto. O sinto moito.

A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, na reunión do 18 de abril de 2008... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*... acordou iniciar o procedemento para a elección de dúas vacantes por falecemento e por renuncia do Consello de Administración da Compañía de RadioTelevisión de Galicia.

Realizadas eleccións nos plenos dos días 22 de abril e 18 de xuño do 2008, ningún dos candidatos obtivo a maioría cua-

lificada, polo que a Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, na reunión do 17 de xuño acordou someter de novo ao Pleno da Cámara a dita elección e que a elección se efectúe conforme ao previsto no artigo 91 do Regulamento, é dicir, secreta por papeletas, facéndose o chamamento por orde alfabética, de acordo cos criterios para elección dos membros do Consello de Administración da Compañía de RadioTelevisión de Galicia aprobados pola Mesa, oída a Xunta de Portavoces, o 18 de novembro de 2005.

Para a emisión do seu voto, as súas señorías dispoñen dunha papeleta única... Señor Sueiro Pastoriza, vostede tampouco pode votar y la señora Janet tampouco. Laméntoo moito, pero non funciona o peche automático das portas.

Para a emisión do seu voto, as súas señorías dispoñen dunha papeleta única, na que constan os nomes dos candidatos, e un recuadro ao lado, expresándose o voto do seguinte xeito: a favor, marcando unha aspa no recuadro branco, e en branco é suficiente con que non cubran a aspa. Considéranse nulas as papeletas nas que se introduzca calquera sinal ou inscrición distinta da aspa sinalada.

Rematada a votación e efectuado o escrutinio, proclamaranse elixidos os dous candidatos que obteñan a maioría do número de votos, sempre que este equivalga aos dous tercios dos membros da Cámara, ou sexa, 50 votos.

Os candidatos que non teñan os votos necesarios someteranse a unha segunda votación, e, de non obtelos, procederase á súa elección logo de inclusión do asunto na orde do día dun próximo Pleno.

Entendo que todas as señorías, excepto os tres deputados que non poden votar, teñen a súa papeleta. Vamos a empezar a proceder...

Por favor, señor Roberto Castro, lle rogo que empecemos co respecto mínimo pola sesión plenaria que estamos a celebrar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Lle agradeceréi que respecte... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* En primeiro lugar, vostede non está no uso da palabra, polo tanto, lle pido silencio.

Lle prego á señora vicepresidenta e ao señor vicesecretario... *(Interrupcións.)* Por favor. Prégolle ao señor secretario que empece a efectuar o chamamento.



*(O señor secretario procede a facer o chamamento dos señores e señoras deputados.)*

**A señora PRESIDENTA:** Procedemos ao escrutinio.

Efectuado o escrutinio, deu o seguinte resultado: votos a favor de Alberte Ansede Estraviz e Roberto Mera Cobas, 38; votos en branco, 33. Polo tanto, presentes na Cámara, 71.

Como o resultado da votación non é favorable, procederemos a unha segunda votación, dado que os candidatos non acadaron a maioría cualificada.

Ábrense as portas.

Falta a señora López Besteiro, que non sei se está. Señora Rojo Noguera.

Pechamos as portas e procedemos de novo á votación.

Estance a repartir de novo as papeletas para proceder de novo a unha segunda votación.

¿Teñen as súas señorías todas papeletas?

Prégolle á señora vicepresidenta e ao señor vicesecretario que presten auxilio na votación e ao señor secretario que faga o chamamento para que os deputados poidan exercer o seu voto.

*(O señor secretario procede a facer o chamamento das señoras e señores deputados.)*

**A señora PRESIDENTA:** Procedemos ao escrutinio.

Efectuado o escrutinio, deu o seguinte resultado: votos emitidos, 75. A favor de D. Alberte Ansede Estraviz e D. Roberto Mera Cobas, 38; votos en branco, 37.

Polo tanto, novamente os candidatos non acadan a maioría cualificada. Xa que logo, de acordo coas disposicións regulamentarias e as normas específicas, poderase incluír a elección, de novo, nunha vindeira sesión plenaria.

Me van a permitir que lles transmita que, estando de acordo os voceiros, a interpelación documento 29546, do señor Ber-

nardo Tahoces, ao conselleiro de Innovación e Industria, o señor conselleiro solicita que se poida substanciar hoxe pola tarde, xa que mañá pola mañá, por cuestións persoais, non podería. Entón, se están todos de acordo, se substanciaría esta tarde despois das dúas primeiras comparecencias do Goberno, e a comparecencia 29720, do conselleiro do Medio Rural, substanciarase mañá pola tarde despois das preguntas do Goberno. É unha proposta que nos fan os propios conselleiros. ¿Estamos de acordo? *(Asentimento.)*

Moitas gracias. Ábrense as portas. ¿Si, perdón? ¿Para que quere a palabra, señor Aymerich?

**O señor AYMERICH CANO:** Para facer, de acordo co que se fixo nos plenos anteriores, en que se votou e se rexeitou por parte do Partido Popular a provisión das vacantes no Consello de Administración do Consello de Radiotelevisión de Galiza, unha pequena valoración desde este grupo.

**A señora PRESIDENTA:** Ten turno de palabra.

**O señor AYMERICH CANO:** Indicar que xa é a terceira vez que desde o Grupo Popular se impide, rompendo o que son os precedentes e os usos parlamentarios do Parlamento galego, que dúas vacantes, unha delas por falecemento, vacantes ademais correspondentes a vocais nomeados a proposta do Bloque Nacionalista Galego, se poidan prover. E indicar tamén que entendemos desde o Bloque Nacionalista Galego, e entenden tamén os propios traballadores da RadioTelevisión de Galiza, que esta situación non ten só a ver con motivacións de carácter político senón que a vantaxe que o Partido Popular tenta tirar desta situación alcanza a situación laboral de moitos traballadores das empresas integradas no ente da RadioTelevisión de Galiza. Hai que lembrar que na Compañía da RadioTelevisión de Galiza, creada no ano 1985, non houbo procesos selectivos desde o ano 92. Hai que lembrar mesmo que persoas que superaron as probas nese momento seguen en situación de interinidade. Hai que lembrar que esta é unha situación única no conxunto das televisións autonómicas. E hai que lembrar que foi a nova dirección de televisión, a nova dirección do ente, en definitiva, o novo Goberno galego, quen impulsou, xunto co comité interempresas, unha oferta pública de emprego aprobada en novembro do ano pasado e ratificada pola maioría dos traballadores das empresas integradas na Radiotelevisión de Galiza, oferta pública de emprego que tenta pór fin a esta

interinidade e a esta precariedade, fronte á que o Partido Popular –podemos decilo así– non está de acordo.

O inicio deste proceso depende dunha decisión do Consello de Administración da Radiotelevisión de Galiza, moito nos tememos que o Partido Popular intente aproveitar esta situación de maioría vantaxista, de maioría conseguida a través de impedir que o Bloque Nacionalista Galego renove a súa representación neste órgano, precisamente para perpetuar a interinidade e a precariedade que eles estableceron e que eles crearon na radio e na televisión de Galiza e para ir en contra deste acordo dos traballadores.

Máis nada e moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Gracias.

¿Si, señor Rego González?

**O señor REGO GONZÁLEZ:** Si, señora presidenta. Moitas grazas.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista o que temos que decir, en primeiro lugar, é que ata aquí, señoras e señores deputados, o centrismo do señor Rajoy expresado en Galicia por estratexia política do señor Núñez Feijoo, que consiste en bloquear a través da utilización das maiorías cualificadas a renovación de órganos democráticos como o Consello de Administración da RadioTelevisión pública de Galicia a través de persoas que mesmo teñen falecido algunhas delas.

E logo despois hai outra cuestión que non nos estraña nada. Ao Partido Popular preocupoulle moito cando o actual equipo directivo da Compañía da RadioTelevisión pública de Galicia puxo en marcha un plan de saneamento da Compañía para facer fronte á bancarrota na que a deixaron cando deixaron o Goberno, e agora lle preocupa tamén seguramente o acordo que ten o comité intercentros entre os traballadores e a propia dirección da Compañía para facer un cadro de persoal o máis estable posible e romper cunhas excepcionalidades que había, que eran moitas, a través de non convocar prazas nin regularizar o cadro de persoal durante moitos anos na propia Compañía. Polo tanto, entendemos que lle preocupa, seguro, por certo, o proceso selectivo excepcional de consolidación de emprego que acordou a dirección da Compañía co comité de empresa, que xa lle adiantamos aos

señores do Grupo Parlamentario Popular que conta co apoio do Grupo Parlamentario Socialista. Polo tanto, dan vostedes aí claramente en óso.

Facía falta, señor Núñez Feijoo –diríxome a vostede persoalmente–, que o centrismo do señor Rajoy o impregnara a vostede algo, si é que é verdad. Paréceme que de aquilo xa non queda nada, deixáronno vostedes polo camiño. Imaxínome que tamén o deixaría o señor Rajoy. Levan vostedes moitos anos viaxando ao centro e dá a sensación de que tam pouco chegaron esta vez.

Nada máis e moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Rego González.

Señor Ruíz Rivas.

**O señor RUIZ RIVAS:** Gracias, señora presidenta.

Vexo que quince días despois vostedes están moito máis orixinais e con grandes ideas e mellores que fai quince días. Felicito a ámbolos dous e non se teñen que preocupar tanto. Tomen un pouco de tila e non se preocupen polo Partido Popular nin o seu centrismo, que saben que lle dá leccións a todos vostedes precisamente da amplitude da palabra democracia, que, unha vez máis, vostedes non queren que se reflexe nos medios públicos de comunicación de Galicia.

Vostedes, señores alonxados do centrismo, decíanlle á parte do presidente de Galicia: “Una televisión pública no tiene que ser gubernamental ni presidencialista y debe respetar el pluralismo político”. Este grupo o único que está facendo é precisamente axudarlles a vostedes a que cumpran con eses preceptos básicos de calquera democracia. Vostedes son os que están impedindo precisamente que entre luz e pluralismo ao ente da televisión pública de Galicia. Vostedes poden traer a esta Cámara, sen necesidade dunha lei, unha proposta. Decía o señor... non Corcuera, era o señor Jorquera, decía precisamente: “La solución consiste en pasar un modelo que incluya la designación del director general de la sociedad a través de una mayoría cualificada del Parlamento que obligue a buscar un acuerdo entre partidos”. “Que obligue a buscar un acuerdo”. A súa demagogia é tan grande como a súa prepotencia. Levan vostedes máis dun mes sen tan sequera

dirixirse a este partido para abrir calquera cauce de diálogo que poida chegar a un acordo. Polo tanto, son vostedes os que fuxen de traer pluralidade a ese ente e son vostedes os que fuxen de buscar un acordo e son vostedes precisamente os que están a bloquear todo o que é a renovación do consello en sentido amplo.

Eu sólo digo unha cousa, os problemas que teñen co persoal, ¿empezaron agora, fai quince días, cando empezamos a renovación do consello? ¿Van vostedes a facer tamén un plan o último ano para solucionarlle o problema antes do 2020? Por favor, empecen a actuar coa seriedade que require o cargo no que vostedes están e tamén busquen as maiorías cualificadas cando por lei fan falta. Coa súa prepotencia vai ser moi difícil que o acaden. Menos demagogia, póñanse a traballar, póñanse a que o ente da RadioTelevisión respecte a pluralidade dos partidos políticos, e sobre todo respecten a maioría social de Galicia que representan estes 37 deputados e quizais sexamos capaces de encontrar un acordo. Mentres tanto, vostedes bloquean e censuran ese ente.

Moitas gracias, presidenta.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Ruíz Rivas.

Pasamos ao punto... Si, señor Ruíz Rivas. ¿Outra vez?

**O señor RUÍZ RIVAS:** Outra vez. Deixei acabar o punto para pedir unha cuestión de orden. A cuestión de orden, evidentemente, ten que ver co proceso de votación que hoxe se dou aquí. Vostede sabe que nós vamos a apuntar este precedente, e esperemos que como precedente, cando menos, dure para quince días.

En primeiro lugar, eu lle teño que decir que, como vostede sabe, o artigo 55, o que lle dá a vostede a potestade para dirixir as votacións e non interromperse, claramente, cal é a intención dese artigo. Pero claramente tamén di que ningún deputado poderá entrar no salón nin abandonalo, agás caso de forza maior e coa venia da Presidencia. É dicir, vostede, antes de decir os nomes, se vostede quixera, podería haber deixado entrar a estes deputados. A semana anterior, no pleno anterior, a señora Marta Cerdido na segunda votación tampouco pudo votar, e estaba dentro desde a primeira. Polo tanto, o precedente de fai quince días xa non é o de hoxe. Pero eu voulle a recordar, seguramente vostede se acordará

daquela serie, “Embrujada”, e de Samantha, pois aquela movía a nariz e era capaz de entrar polas portas. Aquí non vale eso para os deputados do Partido Popular, quedan sempre fóra das portas, pero o señor presidente da Galiza son os únicos que teñen os poderes suficientes neste Parlamento, como Samantha, para poder entrar e para poder votar. Eso xa se dou nesta Cámara, e polo tanto nós pedimos que os precedentes sexan sempre os mesmos e os tratos a estes deputados sexan os mesmos que vostede dispensa aos deputados do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Gracias, presidenta.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Ruíz Rivas.

Lle teño que facer algunha precisión porque vostede falta radicalmente á verdade. En primeiro lugar, me gustaría que o señor Núñez Feijoo, que é presidente de 37 deputados, cando fala a presidenta escoitara cun mínimo de respecto. O señor presidente da Xunta nunca entrou a votar despois de que estiveran pechadas as portas. Non. É mais, o señor presidente da Xunta... Lles prego que guarden silencio. Lle podo decir unha cousa, o de berrar, que algunha xente pensa que berrando se ten razón, pois non. As persoas teñen razóns con argumentos, non con gritos, con argumentos; e o señor presidente da Xunta quedou sen votar alomenos unha vez, que recorde esta presidenta, porque as portas –que tampouco funcionaban desgraciadamente aquel día– eu dixera que, se se pechaban as portas, os servicios da Cámara non os deixarían entrar, como corresponde. E hoxe, que non funcionaban os mecanismos, pois, se tiveran funcionado, as dúas deputadas e un deputado que entraron posteriormente non estarían. Vostede estaba e saliu, pero iso é a súa liberdade. Vostede estaba ao iniciar o Pleno, que llo dixen eu ao señor Pita, e vostede, xusto cando íamos empezar a votar, saliu. Esa é a súa liberdade, señor Sueiro Pastoriza. Non sei se é a súa responsabilidade, pero é a súa liberdade, entrar e saír; sempre que estén as portas abertas, claro. Neste caso non funcionou o mecanismo, e os uxieres, que están nas portas xustamente para que nos procesos de votación non se poida nin entrar nin saír, que é unha cuestión antiga, ancestral, que cando non funcionan miren que falta fai, estaban reparando as papeletas, e houbo tres deputados do Grupo Parlamentario Popular que entraron despois de que se pecharan formalmente as portas, e para que puideran exercer o voto na segunda votación, que en ningún caso ía variar nada, pero

teñen todo o seu dereito, e sabendo que ademais había outra deputada do Grupo Parlamentario Popular que estaba na Cámara, pero que non estaba no hemiciclo, por eso fixemos esta deferencia de abrir e pechar formalmente as portas.

O que me chama a atención é, señor Ruíz Rivas, que sendo xustamente todos os deputados ausentes do seu grupo, cando esta presidenta fixo ese xesto de abrir e pechar formalmente as portas para que puideran entrar, que vostede precisamente proteste. En fin, cousas veredes para poder entendela; esta presidenta non o entende.

En todo caso, moitas grazas ás súas señorías por tal como se está desenvolvendo o Pleno. Pasamos ao punto segundo.

### **Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión de investigación sobre o suposto pago de viaxes a axentes electorais do PSOE con fondos da Secretaría Xeral de Emigración e a contratación laboral deses axentes con fondos da Consellería de Traballo e do voto ou votos particulares, se é o caso**

**A señora PRESIDENTA:** O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentou un voto particular, documento número 29818.

A Presidencia, oída a Xunta de Portavoces, na reunión do 17 de xuño de 2008, acordou a seguinte ordenación do debate deste dictamen, conforme ao establecido no artigo 52.4 do Regulamento e 21 das normas de funcionamento desta Comisión.

Presentación do dictame polo presidente da Comisión por un tempo de dez minutos. Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa do voto particular e posicionamento sobre o dictamen por un tempo de quince minutos por grupo parlamentario. Rolda de posicionamento sobre o voto particular ou réplica por un tempo de cinco minutos por grupo parlamentario. Votación do voto particular e votación do dictamen, coa incorporación do voto particular, no suposto caso de que este fose aprobado.

Polo tanto, para a presentación do dictamen da Comisión, ten a palabra o seu presidente, o señor Tomé Roca.

**O PRESIDENTE DA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN (Tomé Roca):** Bos días, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, presentamos hoxe nesta sesión plenaria o Dictame da Comisión de Investigación do suposto pagamento de viaxes a axentes electorais. O Pleno da Cámara, na súa sesión do día 11 de marzo de 2008, acordou por unanimidade a creación da Comisión de Investigación do suposto pagamento de viaxes a axentes electorais do PSOE con fondos da Secretaría Xeral de Emigración e a contratación laboral deses axentes con fondos da Consellería de Traballo, por solicitude do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do documento 27622.

A Mesa da Cámara, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, na reunión do 17 de marzo acordou, entre outros extremos, a composición paritaria desta Comisión, integrada por 9 deputados e deputadas, 3 por cada grupo parlamentario. A Comisión constituíuse o día 1 de abril coas deputadas e deputados designados polos respectivos grupos parlamentarios, que son os seguintes. Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, don Antonio Rodríguez Miranda, don José Manuel Castelao Bragaña e don Agustín Baamonde Díaz. Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Xoaquín Fernández Leiceaga, don José Tomé Roca e dona Laura Seara Sobrado. Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Carlos Aymerich Cano, don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dona María do Carme da Silva Méndez.

Asemade, nesa sesión constitutiva elixiuse a súa Mesa. Como presidente, don José Tomé Roca; como vicepresidenta, dona María Carme da Silva Méndez; e como secretario, don José Manuel Castelao Bragaña.

As normas de funcionamento da Comisión aprobáronse por maioría na súa sesión da Comisión do día 14 de abril. Nelas recóllense o obxecto e a duración, así como a súa organización, funcionamento, medios de acción, plan de traballo, comparecencias e dictame nos termos que constan no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 535, do día 16 de abril.

Paso a continuación a referirme ao plan de traballo e ao seu desenvolvemento, que tamén integra os antecedentes do dictame desta Comisión.

Logo da apertura do prazo de presentación de antepostas pola Mesa da Comisión, na reunión do 9 de abril, o Grupo

Parlamentario Popular de Galicia presentou o escrito de queixa, documento 28272, pola fixación deste prazo antes da aprobación das normas de funcionamento, solicitando a súa suspensión e posterior apertura, logo da aprobación das normas de funcionamento. A Mesa da Comisión, na súa reunión do día 14 de abril, tendo en conta a existencia de precedentes e que o prazo establecido é similar ou igual aos fixados a estes efectos noutras comisións de investigación, acordou que non procedía estimar esta queixa e, consecuentemente, a suspensión do prazo fixado.

O plan de traballo desta Comisión, que se aprobou por maioría na sesión da Comisión do día 28 de abril, estrutúrase en tres apartados. O primeiro, relativo ás catro fases que o integran, cuio desenvolvemento detallo a continuación. O segundo era a relación de documentación que se solicita. E o terceiro, a relación de comparecentes.

Na primeira fase, de solicitude, análise e documentación, a documentación solicitada e remitida á Xunta –esta última, a relacionada no apartado dous– tivo entrada no Rexistro da Cámara cos números de asento 28072, 28901, 28961, 29000 e 29037. Na fase segunda, de comparecencias, en execución do plan de traballo, punto dous das fases que integran o apartado un, a Mesa da Comisión, na súa reunión do día 28 de abril, procedeu á ordenación das comparecencias que ordenou definitivamente na súa reunión do día 5 de maio.

Con data 29 de abril o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentou un escrito, documento 28711, de queixa pola convocatoria da Mesa da Comisión do día 28 de abril, no que, en síntese, manifesta que non está de acordo con que ao remate da Comisión desa data tivo lugar unha xuntanza da Mesa cuxos membros foron informalmente citados. A Mesa da Cámara, na súa reunión do día 6 de maio, logo do exame deste escrito, tendo en conta os fundamentos de dereito referidos literalmente nos antecedentes deste dictame, acordou considerar regulamentariamente improcedente que a Mesa da Cámara convoque polos motivos invocados polo Grupo Parlamentario Popular unha nova reunión da Mesa desta Comisión de investigación.

A Mesa da Comisión, na súa sesión do día 15 de maio, logo do examen, entre outros, do escrito do Grupo Parlamentario Popular de Galicia documento 29042, no que solicita que se convoque novamente a un representante de Unións Agrarias,

dado que a persona designada xa fora requerida para comparecer na súa condición de alcalde de Muxía, acordou manter a comparecencia de don Félix Porto Serantes separadamente, en calidade de representante designado por Unións Agrarias e como alcalde do Concello de Muxía. Nesta mesma sesión, a Mesa da Comisión fixou a orde do día das comparecencias requiridas, que se substanciaron nas sesións das comisións dos días 19, 21, 22 e 23 de maio, coa asistencia das seguintes persoas: don Manuel Varela Rei, ex alcalde de Carballo; don Adolfo Gacio Vázquez, alcalde de Boqueixón; dona María Isabel Blanco Rodríguez; dona María Soledad Soneira Tajés, deputada; representante de Unións Agrarias, don Félix Porto Serantes; don Félix Porto Serantes, alcalde de Muxía; don Aurelio Miras Portugal, ex conselleiro de Emigración; don Manuel Luis Rodríguez González, secretario xeral de Emigración; e don Ricardo Varela Sánchez, conselleiro de Traballo.

Na terceira fase, de Ponencia, en concreto a Ponencia encargada de elaborar o proxecto de dictame que se designou pola Comisión na sesión do día 23 de maio, integrouse polos seguintes membros. Do Grupo Parlamentario Popular de Galicia: don Antonio Rodríguez Miranda como titular e don Agustín Baamonde Díaz como suplente. Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: don Xoaquín Fernández Leiceaga como titular e dona Laura Seara Sobrado como suplente. E polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: don Carlos Aymerich Cano como titular e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro como suplente.

Logo da sesión constitutiva da Ponencia, do día 26 de maio, na segunda reunión, que tivo lugar o día 2 de xuño, a Ponencia estudou as novas solicitudes de información e documentación, así como de comparecencias en Ponencia, a instancias do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, documento 29289, e corrección de erros 29301, cuxo pronunciamento pospuxeron para a seguinte reunión desta Comisión. Ademais acordouse a estrutura do proxecto de dictamen. Na terceira e derradeira reunión, que tivo lugar o día 3 de xuño, coa asistencia de todos os ponentes titulares e suplentes, a Ponencia rexeitou por maioría a antedita solicitude de nova documentación a comparecencias do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. A continuación procedeuse a elaborar o proxecto de dictame, que resultou aprobado por maioría cos votos a favor dos ponentes dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

lista Galego, e en contra do ponente do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Na fase catro, debate e aprobación do dictame da Comisión, na súa sesión do día 16 de xuño, así como da emenda á totalidade con texto alternativo do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, documento 29595. Logo do rexeitamento desta emenda á totalidade, o dictame aprobouse por maioría, co voto a favor do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e co voto en contra do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. E isto foi publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 575, do día 17 de xuño.

Este dictame estrutúrase nos seguintes apartados. Antecedentes, feitos, conclusións e recomendacións. Asemade, dentro do prazo establecido ao efecto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentou un voto particular, co documento 29818, que se publicou no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 578, do 20 de xuño.

Cómpre pois rematar, logo do debate e votación do dictame da Comisión e do referido voto particular, coa aprobación, se é o caso, do dictame da Comisión de investigación do suposto pagamento de viaxes a axentes electorais na sesión plenaria do día de hoxe.

Quero rematar a miña intervención agradecendo no nome da Mesa da Comisión o traballo feito e a colaboración de todos os deputados e deputadas, nomeadamente os seus voceiros, polo clima no que se desenvolveron os debates, que, xunto cos comparecentes, fixeron que discurriran con total normalidade. E tamén agradecer aos servicios da Cámara o seu excelente traballo.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Tomé Roca.

Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa do voto particular e o posicionamento sobre o dictamen, comezando polo do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Aymerich Cano.

**O señor AYMERICH CANO:** Si, moitas gracias, señora presidenta.

Non é a primeira vez que no Parlamento de Galiza, e sempre seguindo escándalos, seguindo as fraudes que recorrentemente saltan aos medios de comunicación e chegan tamén ao foro parlamentar en relación co voto exterior, se cría unha comisión para tentar investigar estas fraudes e estes escándalos e tentar, sobre todo, pór fin á situación legal, á situación fáctica, que os alenta.

Hai que lembrar que xa na V lexislatura, impulsada polo Bloque Nacionalista Galego, creouse unha Comisión de estudo sobre a reforma e a situación do voto exterior. Os membros desta Comisión de estudo, representantes dos diferentes grupos parlamentares, viaxaron aos países, aos estados onde se asenta a diáspora galega máis importante; entrevistáronse con representacións diplomáticas, entrevistáronse con representantes tamén dos países onde esas colectividades residen, entrevistáronse con representantes dos colectivos onde a nosa emigración se xunta e se organiza, mais finalmente, finalmente, non se puideron aprobar conclusións. E non se puideron aprobar conclusións porque o Partido Popular impediu que unhas conclusións claramente lesivas para os seus intereses visen a luz.

Nesa Comisión, nos traballos desa Comisión, puideron escoitarse palabras como a do embaixador do Estado español en Venezuela, onde decía que efectivamente o voto exterior, a regulación do voto exterior, alentaba e permitía todo tipo de fraudes. Puideron escoitarse tamén palabras de persoas, o seus deputados nesta Cámara, como o señor Castelao Bragaña, que incidían tamén nesa mesma apreciación: a regulación do voto exterior alenta e permite todo tipo de fraudes e de manipulacións. Mais finalmente ese tipo de manifestacións non puideron chegar ao Pleno, non puideron ser aprobadas como conclusións, porque quizais ao Partido Popular interesáballes —daquela gobernaba no Estado e gobernaba en Galiza— que as eleccións galegas e despois as eleccións municipais, as eleccións galegas de 2001 e as eleccións municipais do ano 2003, seguisen celebrándose conforme ao mesmo modelo.

Eran aqueles os tempos nos que o Partido Popular, quizais dicía, como agora se din nun sentido inverso, porque os emigrantes entendían moi ben a súa mensaxe, entendían moi ben o seu proxecto, o Partido Popular colleitaba máis dun 60% dos votos da emigración. Agora sabemos que sucede ao revés, pero en realidade é exactamente o mesmo fenómeno.

Ben, eu penso, por tanto, que estexamos celebrando este debate é unha moi boa ocasión para celebrarmos que por fin algo comeza a mudar en Galiza e algo comeza a mudar no Parlamento galego. Xa é un bo síntoma que se criase unha Comisión de investigación sobre un caso de fraude, de manipulación, de escándalo, relacionado co voto exterior; é tamén un bo síntoma que esta Comisión non só se criase senón que agora estexamos debatendo as súas conclusións, o seu ditame. Un ditame no que, por certo, penso que fomos ao fondo da cuestión.

O ditame da Comisión consta, como saben as súas señorías, de tres partes: a exposición de feitos, a valoración destes feitos, as conclusións en sentido estrito, e finalmente as recomendación que se dirixen ao Goberno.

Vaiamos aos feitos. Fica comprobado, e así se recolle no ditame, que existe un convenio entre a compañía aérea Iberia e a Xunta de Galiza, en concreto antes a Consellería Xeral de Emigración, agora a Secretaría Xeral de Emigración, polo cal, cunha valoración económica de 24.000 euros, a compañía Iberia pon billetes a disposición do departamento, consellería ou Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galiza, para que esta os distribúa de forma discrecional, cando non directamente arbitraria, é dicir, sen ningún tipo de procedementos, sen publicidade, sen concorrencia, e, realmente, na maioría dos casos, mediando a solicitude ou a intervención –ás veces a medio dunha carta simplemente manuscrita– de representantes políticos, de altos cargos da Administración, de representantes municipais. Isto fica constatado. Fica constatado tamén no ditame que, ao abeiro deste convenio, viaxaron non só emigrantes ou familiares de emigrantes galegos, senón xornalistas, investigadores, persoal da Xunta de Galicia; viaxaron tamén alcaldes en período preelectoral, como o alcalde de Boqueixón, nas eleccións municipais do ano 2003, hoxe segue sendo alcalde; ou o daquela alcalde de Carballo, sei felizmente para os carballese, que están celebrando as súas festas de San Xoán, que xa non é o señor Varela alcalde; e fica tamén demostrado, precisamente, que ao abeiro deste convenio a señora deputada Marisol Soneira, dona María Soledad Soneira Tajés, solicitou a finais do ano 2006 un billete para a señora María do Carme Blanco, irmá da que tamén veremos foi beneficiaria, de novo por solicitude da deputada señora Soneira, doutro billete. No caso de María do Carme para viaxar de Bos Aires a Vimianzo, a Galiza; no caso da súa irmá para viaxar, verémolo, a Bos Aires, Arxentina.

Ben, fica demostrado tamén que o billete facilitado pola Secretaría Xeral de Emigración emitíuse en virtude dunha xustificación que se demostrou falsa, interna. A xustificación era que María Isabel Blanco ía viaxar a Arxentina a visitar a súa irmá, que estaba nunha situación mala de saúde, nunha situación –diciase– mesmo de dependencia, e resulta que nas datas da viaxe, na data da súa partida, a súa irmá estaba con ela na súa casa de Vimianzo. Polo tanto, parece que esa xustificación moi exacta, moi correcta, non era.

Fica demostrado tamén que María Isabel Blanco botou 53 días en Buenos Aires, non sabemos se en concepto de vacacións ou en concepto de que, nun período coincidente coa precampaña e a campaña das eleccións municipais; de feito, pódese comprobar polas datas, a súa volta coincide co remate do prazo para emisión do voto exterior. Isto fica comprobado tamén no ditame da Comisión, son os feitos que están no ditame, que, por certo, o Partido Popular non apoia. Fica demostrado tamén, e comprobado no ditame da Comisión, que a Asociación Unión de Viticultores do Castro, con sede do domicilio social en Ourense, no Parque de San Lázaro, e ámbito territorial de actuación a Ribeira Sacra, solicita da Consellería de Traballo unha subvención para a contratación dun avogado, un economista e un enxeñeiro técnico agrícola para traballar precisamente nese ámbito da Ribeira Sacra. Fica demostrado que finalmente a subvención concedida, parece que regularmente, pola Consellería de Traballo á Unión de Viticultores do Castro, é esta entidade beneficiaria, foi para a contratación dun oficial medio, e que en virtude desa subvención a beneficiaria non foi en realidade a Unión de Viticultores do Castro senón a Asociación Unións Agrarias UPA, Unión de Pequenos Agricultores. Contratouse unha persoa, María Isabel Blanco, que non pode acreditar ningunha titulación, porque a titulación que ten é unha titulación arxentina non homologada, a selección non a fixo a Unión de Viticultores do Castro senón Unións Agrarias, e a selección non se fixo no Inem de Ourense senón a partir dos datos da oficina do Inem en Cee. Esta persoa non traballou na Ribeira Sacra senón que traballou na oficina de Unións Agrarias en Vimianzo. E traballou na oficina de Unións Agrarias de Vimianzo, isto tamén fica comprobado, demostrado, no ditame, baixo a xefatura directa, baixo as ordes directas, do señor Félix Porto, o responsábel comarcal de Unións Agrarias e candidato do PSOE á alcaldía de Muxía. Coincidían, por tanto, estas dúas circunstancias.

Fica demostrado tamén que a señora María Isabel Blanco denunciou estes feitos inicialmente na prensa, ela di que por motivos de conciencia, eso si que permitiranme que o deamos nós por demostrado, máis si, despois dunha visita que lle xiraron representantes, segundo as súas propias declaracións, do Partido Popular e que accederon a ela e mostraron información fidedigna; esto é o que din os feitos, fica demostrado.

¿Que é o que non está demostrado? Penso que temos que ser rigurosos. Pois non está demostrado que a señora María Isabel Blanco recibise 2.500 euros do señor Félix Porto en troco da súas prestacións como axente electoral en Buenos Aires. Ela afirmou que si recibiu estes cartos, mais isto foi contradito polo señor Félix Porto; nós non podemos dalo por probado. Non fica demostrado que todo obedece a unha montaxe do Partido Popular. Isto, en todo caso, é unha opinión subxectiva que alguén pode ter, igual que tampouco fica demostrada algunha afirmación que se fixo no sentido de que esta señora pode estar agora traballando para o Partido Popular, ou, por informacións que tamén temos, que algún ex alcalde do Partido Popular da Costa da Morte estea mesmo queixoso porque desde o partido lle piden que a contrate na súa empresa. Pero esto non fica demostrado, son cuestións que se din, que algúns dos comparecentes pode verquer no seo da Comisión, pero que penso que en rigor non podemos dar por probadas.

Ben, en calquera caso penso que temos, que ten a sociedade galega, unha imaxe bastante fiel da situación: miseria, fraude, clientelismo. Situacións que non son novas, situacións que se daban xa co Partido Popular e contra as que cumpre traballar, porque agora si que hai unha diferenza, hai un novo Goberno comprometido –así se di no seu pacto de goberno precisamente– a rematar con estas situacións. A rematar con estas situacións no que atinxe a unha regulación do voto emigrante que alenta estas fraudes e estas manipulacións, e a rematar co clientelismo que marcou a xestión do Partido Popular, non só en Galiza senón tamén nas relacións entre os poderes públicos galegos e a diáspora.

No ditame recóllense tamén as conclusións, partindo de tres reflexións xerais. En primeiro lugar, que a raíz do problema, a causa deste problema, é a existencia dunha lexislación electoral que non só permite senón que mesmo alenta este tipo de prácticas. A proba está que cunha pequena procura,

cunha pequena busca hemerográfica, podemos acudir, sobre todo se nos centramos no período previo ás eleccións, a denuncias cruzadas, a casos de manipulación, a visitas con cheques á diáspora, etc., Desde logo, unha situación que avergoña e que nos debería avergoñar como representantes políticos; é certo que máis a uns que a outros.

En segundo lugar, que a actuación, dos poderes públicos galegos en relación coa diáspora, cos residentes no exterior, debe observar as mesmas regras procedimentais, o mesmo rigor, no que se refire á publicidade e á concorrencia que rexe para as accións homólogas no territorio galego. Se en Galicia non se poden regalar viaxes ao chou, tampouco se poden regalar na emigración. Se en Galicia hai que acreditar unha situación de necesidade para acceder a unha axuda asistencial, hai tamén que actuar do mesmo xeito na emigración.

En terceiro lugar, que cumpre extremar o rigor, extremar a vixilancia, non só na adxudicación das subvencións –temos xa a Lei galega de subvencións–, senón tamén no uso e na aplicación que dos fondos subvencionais fagan as entidades beneficiarias. Aplicando estas reflexións ao caso que nos ocupa, temos que houbo unha modificación substancial da situación obxectiva e subxectiva, tanto polo obxecto da subvención como polos suxeitos da resolución subvencional, concedida á Unión de Viteiros do Castro, e que acabou sendo desfrutada por Unións Agrarias.

En segundo lugar, que cumpre modificar o procedemento de concesión de billetes por parte da Secretaría xeral de Emigración, por ser incompatible cunha administración comprometida coa obxectividade e a transparencia.

En terceiro lugar, que dona María Isabel Blanco viaxou a Bos Aires na precampaña e na campaña electoral, e que alí coincidiu en actos electorais do Partido Socialista con Félix Porto, o seu xefe en Vimianzo e candidato do PSOE á alcaldía de Vimianzo, perdón, de Muxía.

En cuarto lugar, esta persoa –ela di que por motivos de conciencia– denunciou os feitos despois de ser visitada por representantes do Partido Popular. E imos ás recomendacións.

Desde o Bloque Nacionalista Galego quixemos ir, desde o principio, ao fondo do asunto. Ao fondo do asunto que é, como xa dixemos, a modificación da lexislación electoral



galega e da lexislación electoral española, porque é a Lei orgánica do réxime electoral xeral a que regula o procedemento de votación. Cumpre, polo tanto, modificar ese procedemento de votación antes das próximas eleccións autonómicas, por iso falamos aquí non só no punto quinto do Parlamento de Galiza senón dos grupos parlamentares, e cada un de nós, cada un dos nosos grupos, conta tamén con representación no Parlamento español, as forzas políticas aquí representadas estamos as tres tamén representadas no Parlamento español, que é alí onde debemos impulsar esta reforma. Dicimos tamén que, desde logo, a Xunta de Galicia debe fixar unha normativa nova para a concesión de axudas e para a concesión de viaxes ao exterior, e que esa nova regulamentación, que esas viaxes, deben estar pagadas integramente con fondos propios con cargos aos orzamentos da Xunta de Galicia. Que, caso de existiren convenios con compañías aéreas, eses convenios deben ser abertos ao conxunto das compañías aéreas, son contratos administrativos de patrocinio, polo tanto, hai que seguir a normativa contractual. E, desde logo, a Consellería de Traballo, á marxe do procedemento informativo xa incoado e do que debe informar a esta Cámara de cales son as conclusións dese procedemento informativo e que decisións adopta como consecuencia dese procedemento informativo, é dicir, se se incoa ou non un procedemento de reintegro e se se incoa ou non un procedemento sancionador, tal e como esixe a normativa subvencional aplicábel naquel momento, que era a Lei xeral de subvencións, debe tamén ver de modificar a normativa subvencional para evitar este tipo de modificacións ou este tipo de alteracións da subvención durante a súa aplicación.

Dicimos, desde logo, tamén que cómpre modificar e que cómpre regular as viaxes institucionais ao exterior. Sempre que neste Parlamento comparece alguén para explicar unha viaxe institucional, sempre hai unha sombra de dúbida relacionada co voto exterior. Penso que debemos rematar coa vergoña que supuxo, por exemplo, a viaxe do señor Fraga en maio do ano 2005 a menos dun mes das eleccións autonómicas do 19 de xuño a Arxentina e Uruguai, unha viaxe que el mesmo calificou de viaxe electoral. Por tanto, as viaxes institucionais ao exterior deben limitarse, unha vez convocadas as eleccións, ás citas de obrigado cumprimento e a razóns de extrema urxencia.

Confiamos en que o Goberno galego cumpra estas recomendacións e confiamos, desde logo, en que esta sexa a última

das comisións de investigación que hai que crear neste Parlamento para analizar e para investigar fraudes e manipulacións da lexislación electoral en relación cos nosos residentes no exterior.

Máis nada e moitas gracias. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Aymerich.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bos días, señoras e señores deputados.

Pois hoxe vemos no pleno o resultado dos traballos da Comisión de investigación que foi creada nun pleno de marzo por acordo dos tres grupos políticos. Eu creo que isto é o primeiro que hai que significar, dada a valentía que supón para os grupos que apoian o Goberno pois dar o paso de pór en marcha unha Comisión de investigación que vai investigar cuestións que teñen que ver xustamente co seu funcionamento. Unha Comisión de investigación que ten funcionado durante estes meses plenamente de acordo co Regulamento da Cámara no que atinxe a estas mesmas comisións de investigación. Eu creo que hoxe podemos dicir que respondimos ben ao mandato plenario e podemos ter unha visión do que ten sucedido neste caso que era obxecto de investigación de fiabilidade.

A nosa visión se basa tamén en constatar feitos e, a partir de aí, extraer conclusións e recomendacións. Os feitos son claros. Existe un convenio coa compañía Iberia que viña sendo utilizado pola Xunta de Galicia cando menos dende o ano 2002; isto é o que se constata documentalmente. En todo caso, se coñece que desde antes, desde os anos noventa, era un instrumento de patrocinio da Xunta de Galicia que lle permitía a esta dispor dunha serie de viaxes e que, por tanto, tiña unha tradición de funcionamento na Administración autonómica. Un convenio que non supuña desembolso algún de recursos por parte da Xunta de Galicia a partir do ano 2004; que antes só supuña desembolso en gastos complementarios de pago de taxas, como foi recoñecido na Comisión de investigación polo actual secretario xeral de Emigración e polo anterior conselleiro de Emigración, o señor Miras Portugal; que tiña unha finalidade aberta e unha fina-

lidade ampla e que, como consecuencia destas dúas características, tiña uns trámites de solicitude, concesión, etc., mínimos, moi suaves, digamos, e sen un excesivo rigor.

Tamén se constata nos traballos da Comisión que para acceder a estas viaxes ao exterior das que dispuña a Xunta cada ano existían mediadores diversos, persoas con presenza no territorio, altos cargos na anterior Administración autonómica, deputados, alcaldes, etc., un amplo abano de persoas que tiñan algunha relación con emigrantes ou con persoas relacionadas coa emigración, que facían de mediadores diante da Administración autonómica. As finalidades amplias están perfectamente acreditadas na Comisión, por exemplo a través da comparecencia na mesma do alcalde de Boqueixón e do ex alcalde de Carballo, que a partir de solicitudes inconcretas para viaxar a Arxentina ou a Uruguai e a Suíza para realización de actividades indeterminadas e libres, que tiñan que ver necesariamente coa súa condición de candidatos ás eleccións que tiñan lugar poucos meses despois, un dos alcaldes dixo abertamente na Comisión que el estaba en permanente campaña desde o momento que era elixido hasta a seguinte elección, e que, por tanto, aí tamén, sen xustificación posterior e sen someterse a ningún tipo de procedemento. Isto era como estaba funcionando ese convenio de patrocinio coa empresa Iberia.

Hai que dicir que a viaxe da que estamos a falar, de María Isabel Blanco, sigue as pautas de viaxes tramitadas anteriormente. Hai un interese acreditado por parte da deputada señora Soneira, do noso grupo, que ten vínculos constatados pola Comisión coa familia desta persoa, e que mesmo se ten dito aquí tiña mediado para que puidese vir a Galicia unha familiar, incluso tiña mediado para que se lle axilizaran determinados problemas en relación coa nacionalidade do seu home no pasado, pois esta deputada escribe unha tarxeta interesándose pola concesión dunha viaxe por este medio ao secretario xeral de Emigración no outono do ano 2006, o que dá lugar á concesión dun billete en marzo, xustamente cando se activa o convenio correspondente do ano 2007. Viaxe que non ten custe para a Administración autonómica e que foi obxecto dun mínimo expediente. O secretario xeral de Emigración, na súa comparecencia, indicou que foran as circunstancias do grupo familiar, que eran coñecidas por esa secretaría xeral, as que foran tidas en conta á hora de otorgar ese billete para Arxentina.

Das actividades en Arxentina desta señora pois temos testemuñas contraditorias. Temos a súa e temos as doutras persoas, como o señor Félix Porto, e o que podemos considerar constatado é que asistiu a diversos actos electorais de don Félix Porto, igual que moitas outras persoas, entre outras cousas porque tiña algunha relación de confianza con el, o cal parece, desde o noso punto de vista, lexítimo e natural.

En canto á presunta captación irregular de votos, temos que dicir que os emails que foran aportados como proba inicial por parte dos denunciados de que aquí existía unha montaxe que había que investigar, en cambio non foron aportados formalmente á Comisión, pero do noso coñecemento podemos dicir –e non foi contradito por ninguén– que as persoas que enviaron esos emails ou ben non estaban inscritas no CERA e, por tanto, non podían votar, ou ben declaraban neses mesmos documentos que non votaran nesa elección; por tanto, emails fabricados sete meses máis tarde, e digo fabricados porque teñen unha indicación moi clara no inicio, son enviados a la atención de quien corresponda, é dicir, que eran para usar en determinada dirección, e que, sen embargo, acreditan o contrario daquello que pretenden probar.

Nós temos que dicir aquí que temos o máximo respecto aos galegos do exterior, sabemos das dificultades que tiveron que pasar, de como en moitas ocasións foron forzados a ir alá. Temos o máximo respecto e queremos deixar claro que non compartimos ningunha afirmación que poña en cuestión a súa dignidade como persoas galegas no exercicio dos seus dereitos políticos.

Tamén... (*Aplausos.*) ...debo dicir, en relación coa contratación de dona María Isabel Blanco por medio dunha axuda da Consellería de Traballo a unha asociación para fomento do emprego, que se trata dun procedemento regrado, sometido á Lei de subvencións de concurrencia competitiva, polo que se asignan algo máis de cinco mil axudas por ano, que ten como obxectivo fundamental mellorar a empregabilidade de persoas con dificultades, colaborando con entidades públicas ou entidades de carácter social. Hai que dicir que na Comisión constatouse que María Isabel Blanco cumpría con creces os requisitos que daban dereito á obtención destas axudas, que a súa contratación foi feita a través do Servicio Público de Emprego de Galicia; que para a súa contratación non intervéñen en ningún momento nin pode intervir, como

ocorre no resto dos casos, ninguén da Xunta de Galicia porque non é o seu cometido; que foi presentada en tempo e forma a documentación acreditativa completa e que, por tanto, se trata dun procedemento habitual e regular.

Si foi constatado na Comisión, e foi recoñecido entre outras persoas por don Félix Porto, que esta persoa traballou en Vimianzo para Unións Agrarias, e foi explicado por don Félix Porto que era a partir dun convenio de colaboración coa Asociación de Viticultores do Castro, que por certo indicou tamén que non fora comunicado á Administración, pero hai que dicir a continuación que non houbo ningunha reclamación de ninguén en relación coa Administración autonómica, que o traballo se desenvolveu hasta o final en condicións de normalidade e, en todo caso, o propio conselleiro de Traballo explicou na súa comparecencia que estaba aberto un expediente informativo que esperemos que nas próximas semanas pois teña algún resultado.

Por eso nós cremos que son razoables as recomendacións que se derivan destes feitos constatados. O procedemento regrado de concesión de axudas por parte da Consellería de Traballo pode mellorarse para introducir a obrigatoriedade de que se comuniquen a esta consellería aquelas circunstancias que modifican as condicións en que se desenvolven os traballos que son subvencionados ou as persoas que son subvencionadas. Debe modificarse o procedemento de outorgamento de axudas para viaxes ao exterior, primeiro para facelo de xeito máis regrado, obxectivo, público, de maneira que todos poidamos saber a quen se axuda e por qué. E, en segundo lugar, para abrilo a outras compañías aéreas que tamén poden estar interesadas en establecer instrumentos de colaboración coa Administración autonómica. E tamén cremos que cabe unha mellora da lexislación electoral, tanto da autonómica para anticipar o período de recuento e non ir máis alá daquello que está establecido para o caso das eleccións xerais, porque consideramos que os resultados das últimas xerais en canto ao número de sufraxios emitidos indica que este non é un impedimento maior para o exercicio do dereito de voto; que se deben homologar canto antes os procedementos electorais no exterior aos vixentes en Galicia; e, por suposto, a limitación das viaxes ao estranxeiro a aqueles casos de urxencia, de necesidade, en precampaña electoral, distinguindo perfectamente entre as viaxes de carácter institucional e aquelas digamos partidarias para solicitar o voto, que cremos que tamén deben facerse, porque se hai dereitos

políticos hai que explicar os programas que deben apoiarse, pois son recomendacións que a nós nos parecen pertinentes.

En cambio cremos que a emenda, o voto particular, do Partido Popular, que non é un ditamen alternativo entre outras razóns porque non foi presentado así na Comisión de investigación, senón unha emenda, ten un carácter contradictorio e sesgado. Parte de indicios relativos a un caso e o recoñece abertamente. Fala xustamente de indicios e, sen embargo, despois establece a máxima contundencia en acusacións e esixencias de responsabilidades. Hai un guión externo, un guión previo, que había que seguir, que daba lugar a centrarse en determinadas esixencias de responsabilidades, e se fai así con independencia de que esto non sexa soportado polos feitos.

En segundo lugar, hai que dicir que este voto particular se constrúe a partir da testemuña exclusiva de dona María Isabel Blanco. Siguen no mes de febreiro, como se a Comisión non tivese lugar, como se non tivese funcionado a Comisión de investigación. Hai testemuñas que contradín esta, se ignoran. Hai outras evidencias que poñen en cuestión a súa testemuña, pois tamén se ignoran, non pasa nada. Só a partir de María Isabel Blanco se pode construír un voto alternativo como o do Partido Popular.

Eu quedei moi contento de escoitar o seu portavoz na Comisión indicando que el compartía os feitos que nós dicíamos no ditame, que cría que eso era así, porque esos son os feitos que puideron ser constatados polo traballo da Comisión. Pero, en todo caso, o que queda en evidencia é que a partir desos feitos non hai absolutamente nada máis.

Ocultan, por exemplo, a exoneración que esta persoa fixo da señora Soneira, con todas as letras, na Comisión. Dixo que a súa intervención fora unha intervención absolutamente desinteresada e que non tiña nada que ver con ningún tipo de actividade de captación de votos en Arxentina, e ocultan, por exemplo, a exoneración que esta persoa fai da Xunta de Galicia, porque dixo desconocer a calquer persoa da Xunta de Galicia que tivese participado en todo isto; e eso, en cambio, non o din. Pero ademais manipulan interesadamente os feitos. Ocultan, por exemplo, o carácter regrado da concesión das subvencións; ocultan a participación do Inem en todo o proceso; ocultan que hai cambios normais, absolutamente normais, de completar documentación ou de corrixir

erros na documentación e os convirten en fenómenos sobre os que construír unha fábula; ocultan tamén que non existen recursos públicos comprometidos no convenio de Iberia, que o procedemento era similar ao que se tiña seguido durante toda a época do PP; e terxiversan, por exemplo –o dixen na Comisión, pero sigue figurando no ditame alternativo–, a tarxeta por medio da cal a señora Soneira se interesa pola concesión desta axuda a dona María Isabel Blanco. Siguen decindo que non tiña data e que non tiña nome. O do nome é evidente, porque figura na tarxeta, e é falsa, por exemplo, esa conclusión, pero que non tiña data tamén, porque fai unha referencia clara a finais do ano, por tanto, do ano 2006. Pero chegan a pór en cuestión a mesma realidade desta tarxeta, como se fora algo construído. ¿Por que? Porque se se ten todo isto en consideración, toda esta construción dunha presunta trama se vén abaixo e se queda xustamente en nada.

E o Partido Popular, por fin, prescinde de comparecencias na Comisión de investigación, prescinde das comparecencias dos seus alcaldes pero prescinde tamén das comparecencias do que foi o seu conselleiro de Emigración durante bastante tempo, o señor Aurelio Miras. Por tanto, cremos que non pode establecerse a partir de aí ningunha congruencia entre a realidade e o que se relata no voto alternativo do Partido Popular, e menos aínda entre o que se relata no voto alternativo e as conclusións e a petición de responsabilidades que facían. Pero, en todo caso, esto será obxecto da miña segunda intervención.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Fernández Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Rodríguez Miranda para a defensa do seu voto particular.

**O señor RODRÍGUEZ MIRANDA:** Grazas, señora presidenta.

Bos días a todos, señoras e señores deputados. Esta Comisión, que se constituíu para investigar o financiamento con fondos públicos da contratación de persoas que realizan durante o seu tempo de traballo actividades a prol dun partido político coa finalidade de captar votos, e o emprego dos recursos que ten a Xunta de Galicia para facilitar unha viaxe ao exterior desas mesmas persoas na procura de votos para

o Partido Socialista, xa ten demostrado ata o momento uns feitos significativos que veñen a confirmar a necesidade de tela constituído.

Por certo, esta Comisión solicitouna o Grupo Popular, non o Bloque Nacionalista Galego, señor Aymerich. Aquí non se trata dun tema de fraude do voto da emigración, aquí trátase do fraude no uso de fondos públicos. E de certo, señor Leiceaga, ten vostede moita sorte que o conto de Pinocho non sexa certo, porque se non vostede tería moitos problemas nasais neste momento. (*Aplausos.*)

As denuncias feitas públicas polo Partido Popular confirmáronse todas, todas e cada unha, pero estase a pechar en falso. Aínda non rematou os seus traballos, señores que sustentan o Goberno, por eso, señor Leiceaga, fiabilidade ningunha, señor Leiceaga, ningunha. Pecha froito dunha transacción entre socios de fortuna, porque eso é o que son vostedes, non socios políticos. Non se asociaron para defender mellor os intereses dos galegos, son socios de fortuna, señores deputados. (*Aplausos.*)

Xa temos feitos probados que puidemos constatar polas probas documentais e polas testemuñas. Alomenos unha persoa contratada con subvención da Consellería de Traballo por Vitecultores do Castro traballou no seu lugar para Unións Agrarias. Traballou baixo as ordes de don Félix Porto Serantes, acaba de ratificalo tamén o portavoz do Bloque Nacionalista Galego. Pero, ¿quen responde deste fraude? Culpable, señor conselleiro de Traballo ou, se non, o señor presidente Touriño.

Segundo, que se facilitou a viaxe a Arxentina de dona María Isabel Blanco durante 53 días –por certo, no seu contrato de traballo as vacacións son de 30 días–, financiado todo isto con dereitos patrimoniais da Xunta valorados en 1.120 euros. Os supostos que serviron de base para concederlle a viaxe son falsos: nin tiña situación de necesidade económica nin iba visitar á súa irmá, que estaba en Galicia. Que dona María Soledad Soneira foi quen lle fixo chegar ese billete; que o señor conselleiro de Presidencia mandou pechar unha información interna de xeito falso para encubrir os seus compañeiros de partido, feitos ratificados polo Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) ¿Quen responde deste fraude? ¿Culpable? O conselleiro de Presidencia, o secretario xeral de Emigración, a señora Soneira ou, se non, o señor presidente Touriño.

Que mentres estaba pedindo apoio e votos en Arxentina para Félix Porto seguíaselle pagando en Galiza con fondos facilitados pola consellería de Traballo; que dona María Isabel Blanco, polos seus cometidos en Arxentina pode ser considerada axente electoral do Partido Socialista e as súas actividades políticas foron financiadas con fondos públicos da Xunta de Galicia a través da Consellería de Traballo e da Secretaría xeral da Emigración. ¿Quen responde deste fraude? ¿Culpable? O señor conselleiro de Traballo, o señor alcalde de Muxía ou, se non, o presidente Touriño.

Xa temos feitos tan claros como graves. Poderase dicir máis alto pero non máis claro. ¿Quen vai responder por este cúmulo de fraudes? ¿Ou é que son todos vostedes uns irresponsables? Se nadie responde, será o señor presidente da Xunta o responsable. Pero, como lles dicía, isto aínda non rematou, aínda faltan testemuñas, dezaseis testemuñas. Por certo, as testemuñas non teñen que votar, as testemuñas o que teñen é que contar a verdade do que ocorreu; para eso valen as testemuñas (*Aplausos.*) que vostedes non deixaron vir aquí ao Parlamento.

Aínda falta por examinar unha importante cantidade de información que non deixan vir ao Parlamento, por eso temos unhas conclusións, unhas conclusións nas que unha asociación de viticultores formada por persoas vinculadas ao Partido Socialista obtén unha subvención dunha consellería gobernada polo Partido Socialista. Temos que se produciu un fraude de índole laboral; temos que se produciu unha cesión ilegal de traballadores; temos que existe unha modificación substancial das condicións de traballo e, polo tanto, das concesións da subvención. Non traballou para a empresa que era, fixo tarefas distintas e traballou nun ámbito territorial distinto. Ben, ¿por que se cerra esta Comisión de investigación do Parlamento se agora dinnos vostedes que a Consellería de Traballo vai a seguir investigando? ¿Que vai a investigar a Consellería de Traballo que o Parlamento non poida facelo? ¿Que se pediu avanzar para demostrar se por parte da Consellería de Traballo se subvencionou a máis axentes electorais? ¿Por que non podemos seguir investigando? Aí están os indicios, señor Leiceaga, donde non podemos chegar porque vostedes non nos deixaron; pero os feitos non responden a indicios, xa quedaron demostrados.

O señor conselleiro de Traballo e secretario de Organización do Partido Socialista de Galicia concede unha subvención a

unha asociación por persoas vinculadas ao Partido Socialista, non hai ningunha dúbida, as listas de concelleiros, as listas de candidatos, así o demostran. Que permite que se incumpran as condicións de subvención, non hai ningunha dúbida. Que permite que se ceda o traballador a outra entidade tamén vinculada ao Partido Socialista como é o sindicato Unións Agrarias, non hai ningunha dúbida. E permite que con fondos públicos se acabe financiando a unha axente electoral do Partido Socialista. Todo isto sen tomar ningún tipo de medidas, como sería a súa obriga polo cargo que ten. E non fixo absolutamente nada. (*Aplausos.*)

O señor conselleiro de Traballo antepuxo o seu interese partidista ao desexo de mellorar os resultados electorales do seu partido, dos que é directamente responsable, á obriga que ten como titular da consellería de velar polo bo uso dos fondos públicos, e puxo ademais en risco as axudas da Unión Europea.

Dona María Soledad foi quen trasladou o billete para que viaxase a Arxentina dona María Isabel Blanco mediante un correo electrónico; é dicir, é responsable colaboradora necesaria. Esta deputada, con todo os respectos, que é responsable de emigración do Partido Socialista, que é un cargo importante do Partido Socialista na Costa da Morte, que coñecía a destinataria do billete —xa nolo recordou o señor Leiceaga—, polo tanto que coñecía que non tiña dereito a poder disfrutar deste billete, colaborou de xeito directo neste fraude polo interese político que tiña a viaxe para o seu partido e particularmente para a súa área de responsabilidade. Deste xeito, podemos afirmar que a deputada do Grupo Socialista, señora Soneira Tajés, foi colaboradora necesaria para que se financiase por parte da Xunta a viaxe dun axente electoral do Partido Socialista a Arxentina.

O señor secretario xeral de Emigración incorreu nunha deixación de funcións ao non comprobar os requisitos supostamente alegados pola beneficiaria. Como a solicitude viña de cargos do Partido Socialista debería ser concedida; non por cumprir os requisitos senón por interese do partido. Dende a Secretaría xeral de Emigración buscáronse excusas con documentación doutros expedientes que nada viñan ao caso, polo tanto, houbo ánimo por parte da Secretaría xeral de Emigración de fabricar xustificantes para parar o acto ilícito no que tiña incurrido.

O señor conselleiro de Presidencia dictou unha resolución ordenando arquivar as actuacións practicadas no período de

información previa dirixido a coñecer, entre outras cousas, a tramitación do viaxe a Bos Aires de dona María Isabel Blanco Rodríguez. Dixo que non procedía iniciar ningún procedemento. E quedou demostrado –e así se nos ratificou tamén polo portavoz do Bloque Nacionalista Galego– no transcurso da Comisión, documentalmente e con testemuñas, que as causas aducidas para conquistar o billete eran falsas. Polo tanto, a conclusión da información previa interna é falsa. E a resolución ditada polo señor conselleiro de Presidencia é contraria a dereito.

O obxectivo do señor conselleiro de Presidencia de esconder o incumprimento da Secretaría xeral de Emigración falseando ou condicionando resultados dun procedemento de información previa determina que dito cargo político incorre nunha grave responsabilidade polo ánimo de engano que se deriva da súa conduta. E o feito de que o señor Félix Porto mantivese a dona María Isabel Blanco traballando en Arxentina durante 53 días coa colaboración da señora Soneira Tajés, ao mesmo tempo que se lle estaba pagando unha retribución en Galicia con fondos públicos aportados pola Consellería de Traballo, determina que sexa o responsable directo do emprego fraudulento dos fondos públicos para financiar actividades dun partido político.

Pois ben, dito todo isto, ¿quen se responsabiliza de todos estes feitos? ¿Quen se responsabiliza de todos estes fraudes probados? Señor conselleiro de Traballo, ¿vai asumir as súas responsabilidades? Señor conselleiro de Presidencia, ausente, ¿vai asumir a súa responsabilidade? Señor secretario xeral de Emigración, ¿vai asumir a súa responsabilidade? Señora deputada, ¿vai vostede asumir a súa responsabilidade? O señor presidente da Xunta, que agora debería estar aquí, ten dous conselleiros na picota, ten un secretario xeral, ten unha deputada, todos eles pertencen ao Partido Socialista que el dirixe. *(Aplausos.)* ¿Que vai a facer? ¿Que decisión vai a tomar? E por certo, señores do Bloque Nacionalista Galego, ¿onde está o seu compromiso con Galicia? ¿Donde está o seu compromiso cos galegos e coa verdade? ¿Novamente se perdeu no pozo dos intereses? ¿Donde está esa énfase súa, esa virulencia, ata podemos dicir, na defensa das causas que lles interesan, tanta que ás veces os levan a acabar nos tribunales e condeados, como un caso sen precedentes no Parlamento galego, que unha vicepresidenta sea condenada por desordes? Desde logo, o que si está claro é que este caso non lle interesa nada, porque ímpetu non puxeron ningún.

Señores do Partido Socialista, recapaciten, se aínda lles queda algunha dignidade política. Pilláronnos. Dixeron que aquilo non era o que parecía, serían outros casos, pero demostrouse que si eran. Teñan dignidade e asuman responsabilidades. Asumir erros dignifica, pero, señores que sustentan o Goberno, a mentira continuada é o cancro na democracia. Os galegos teñen dereito a unha democracia que goce de boa saúde, non llela neguen.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Rodríguez Miranda.

Rolda de posicionamentos sobre o voto particular.

Ten a palabra, polo Bloque Nacionalista Galego, o señor Aymerich Cano.

**O señor AYMERICH CANO:** Moitas gracias, señora presidenta.

Eu a verdade é que, señor Rodríguez Miranda, repetíromos-lo outra vez, no Bloque Nacionalista Galego escoitámolo con moito interese e ás veces, en fin, mesmo diría que divertímonos escoitándoo, pero leccións nesta materia non lle admitimos ningunha.

Non, imos ver. É que mire, nos últimos días, nos últimos meses, díxéronse moitas cousas, díxose de todo. Díxose que o Bloque Nacionalista Galego non quere que os emigrantes voten. Digámolo todo. O Bloque Nacionalista Galego non quere que os emigrantes voten nestas condicións. Nós non queremos, son outros os que durante moitos anos mantiveron esta situación porque lles convida; son outros os que durante moitos anos permitiron que haxa unha lei electoral que permite e alenta a manipulación, a alteración e a fraude do voto exterior. Eses teñen nomes, e un deles, señor Rodríguez Miranda, é Partido Popular, non Bloque Nacionalista Galego. Por tanto, lección, ningunha. Lección, señor Rodríguez Miranda, ningunha.

Foron outros os que permitiron, co voto en contra do Partido Popular, que se modificase a lei electoral galga para ampliar de tres a oito días do prazo de recepción de votos. Nós decimos o prazo para fabricación de votos a medida. Eses que votaron a favor desa reforma legal teñen nome, e ningún deses nomes é o Bloque Nacionalista Galego. Leccións, señor Rodríguez Miranda, ningunha. E se quere

investigar se hai axentes electorais no exterior, non lle fai falta. Hainos, claro que os hai, pero iso foi recoñecido polo seu partido e tamén por outros partidos. Mantemos e temos redes de axentes electorais no exterior, téñenos todos os partidos, dixoo un dirixente político galego. Pois o Bloque Nacionalista Galego non os ten. Nós non andamos nese tipo de prácticas. Por iso temos toda a lexitimidade, a lexitimidade que nos dá dicir sempre, no Goberno e na oposición, que hai que modificar o sistema electoral e que hai que limpar, efectivamente, de toda sombra de sospeita as relacións entre os poderes públicos galegos e a diáspora para dicir agora o que estamos decindo.

Constatar os feitos, si señor. Esto non é unha montaxe do Partido Popular, pois non o é. ¿Que isto non se debe repetir? Pois claro que non se debe de repetir. Pero a diferenza de vostedes, señor Rodríguez Miranda, nós imos ao fondo do asunto, nós non quedamos na anécdota, porque axentes electorais houbo nese caso, pero houbolle moitos no pasado, moitos. Nós queremos ir á raíz da cuestión, xusto alí onde vostedes non van. Porque en van buscaremos no seu voto particular, moi prolixo e moi pouco riguroso, por certo, algunha referencia á modificación da lei electoral, o único que din é que o Goberno galego apure para que... Non, non, mire, é que non é o Goberno galego, o Bloque Nacionalista Galego no Parlamento español xa presentou no Congreso dos Deputados unha proposición de lei de reforma da Lei orgánica do réxime electoral xeral. ¿Está disposto o Partido Popular a facer o mesmo? Aínda non. Polo tanto, leccións, señor Rodríguez Miranda, ningunha.

Hai quen di tamén que o Bloque marchou dunha Ponencia, que somos culpables. Só falta que diga que o Bloque agora vai ser culpable que uns e outros teñan axentes electorais e que uns e outros manipulen o voto. Claro, é que como o Bloque marchou da Ponencia... É que nos vimos obrigados a facelo. ¡Só faltaría! ¡Un pouco de seriedade!

E indo ao caso, indo ao caso, mire, falou vostede da investigación da Consellería de Traballo. Vostede debe saber, vostede debe saber... Rían rían... Vostede debe saber que un expediente informativo é un trámite previsto na Lei 30/92, na Lei de procedemento administrativo, para realizar averiguacións previas á incoación dun procedemento, por iso desde o Bloque Nacionalista Galego dixemos e reiteramos que a Cámara debe coñecer, por tanto que a Consellería de

Traballo –está aquí o seu titular– debe coñecer, cales son as conclusións desa averiguación previa, dese expediente informativo, porque como di tamén a Lei de procedemento administrativo, o expediente informativo debe rematar nunha decisión, na decisión de incoar ou non un expediente, que neste caso debe ser ou expediente de reintegro ou expediente sancionador. Queremos, por tanto, e iso está nas recomendacións, que se nos informe.

E, en segundo lugar –remato como comezaba–, creo que hoxe temos algún motivo máis para o optimismo. Mire, este Goberno é diferente aos anteriores. Con este Goberno e con esta maioría parlamentar as conclusións da Comisión apróbanse. Poden ser molestas para algún dos grupos que sustentan o Goberno, pero as conclusións apróbanse. E con este Goberno, cousa que non acontecía co Goberno anterior, quen as fai as paga. Si, si. No escándalo do reparto de cheques na precampaña das eleccións electorais en Montevideo o Goberno estivo á altura das circunstancias; tomou decisións, houbo dimisións e cesamentos. Estamos certos de que tamén neste caso, porque así foi expresado polo propio Goberno, o Goberno galego, o novo Goberno galego, tamén á vista destas recomendacións e á vista dos feitos constatados neste dictame, vai estar á altura destas circunstancias e tomar as decisións oportunas.

Máis nada e moitas gracias.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Aymerich.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Ben, señor Rodríguez Miranda, a verdade é que en canto ao trato continuado coa mentira ou coa terxiversación da verdade, pois hai algúns dirixentes do seu partido que, en fin, estiveron durante moitos anos especializados neste. A algúns deles os deixan agora ao pairo despois do Congreso de Valencia, será porque son unha pesada carga para vostedes, ¿non? Pero eu creo que o problema principal, o problema principal, é que vostede eu creo que realmente non se dá ben conta do que fixo coa súa intervención na tribuna, e esa é a principal responsabilidade que ten. Non se dá ben conta, porque vostede olvidouse de que houbo dous alcaldes do Partido Popular que quedou demostrado na Comisión que foron a facer campaña a

Arxentina, porque o recoñeceron eles mesmos. Si, si, non hai nada de malo, quedou acreditado que foron a facer campaña a Arxentina usando un convenio da empresa Iberia por unha concesión que fixo o seu antigo conselleiro de Emigración, o señor Miras Portugal, que é deputado. Entón a min me gustaría saber se vostede, que vén aquí tan digno e tan esixente, se xa resulta que fixo o mesmo o seu partido, se vai pedir responsabilidades a eses alcaldes, se van a pedir que abandonen os seus cargos, se vai pedirlle ao señor Miras Portugal que renuncie á súa acta de deputado por ter feito esta concesión a estos señores para facer esta campaña alí; se vai pedir que abandonen os seus cargos no partido, como lle pide o Partido Socialista, aqueles de vostedes que teñen que ver neste caso. Mire se o señor Núñez Feijoo, que aínda non explicou o asunto do cheque de México, tamén lle está pedindo vostede responsabilidades, igual que á súa xefa de prensa e a tantos máis, e ao señor Louzán, e a todos estos aos que lle está pedindo que dimita, que abandonen os seus cargos, que deixen de ser presidente da deputación e todas estas cousas, ¿é eso o que nos queren trasladar aquí? Porque resulta sospeitoso que cando falan vostedes das autoridades xudiciais non digan vamos a enviarlle o dictamen e vamos a enviarlle as recomendacións que nós decimos, que di o Partido Popular. Non, non, fíxense ben o que din, lea o dictame, señor Miras Portugal. Pídelle que se lle envíe ás autoridades xudiciais todo o actuado pola Comisión ata hai un momento. Debe ser para que teña en conta o conxunto das comparecencias e saque as conclusións oportunas. Iso é o que fai o Partido Popular.

Pois mire, o curioso é que nós estas comparecencias tamén as temos en conta no noso dictame, e a do señor Miras, por exemplo, nos parece unha comparecencia moi ilustrativa e ben feita, porque creo que dixo honestamente o que pensaba e defendeu o seu proceder. Nos dixo, nós sacamos tres conclusións, que os procedementos que se seguían durante a súa época eran basicamente os que se seguían agora; que non había fondos públicos no convenio de Iberia, o repetía en varias ocasións, e que había viaxes e mediadores de todo o espectro político, iso o dixo o señor Miras, e nós lle somos recoñecedores diso. E vostedes en cambio eu teño a impresión de que o que queren é facelo dimitir.

E mire, é verdade que hai cousas que cómpre saber. Nós cremos que hai que investigar posiblemente algunhas cousas das que vostedes estiveron decindo durante todo este tempo.

¿Por que María Isabel Blanco continúa traballando con normalidade ata o final do seu contrato? Sería bo sabelo. ¿Por que coincide o final do seu contrato con este ánimo vengativo? ¿Quen fixo a visita a señora María Isabel Blanco no mes de xaneiro de 2008 e que documentación lle entregou? ¿Quenes eran os dirixentes do partido Popular? ¿Por que todo isto non foi dito na Comisión? ¿Por que descubriu esta señora que era axente electoral xusto despois da visita dos señores do Partido Popular? ¿Por que os email que sustentaron a súa denuncia pública non foron nunca aportados á Comisión? Explíquenos, señor Rodríguez Miranda, por que. ¿Para que non puideramos manexalos como documentos da Comisión? Porque é verdade que as testemuñas teñen que dicir a verdade, pero o que din os email, vostedes estiveron decindo que esta señora era axente electoral, que foi alí, e resulta que van a visitar a persoas que non están no CERA. Iso din os emails, que non están no CERA, e os que están no CERA din que non votaron. Din: Nós non votamos nesas eleccións. E sobre isto constitúen a súa denuncia. Estas son as bases de barro.

¿Por que todo isto non vén aquí e nolo explica, señor Rodríguez Miranda? Sería bo, para poder completar hoxe xa os traballos da Comisión, porque, se todo isto non está explicado, é porque vostedes non quixeron explicalo. ¿Como denominar a acción dun partido que estimula a aparición dunha documentación, sobre a mesma constrúe unha denuncia pública, e cando se constitúe unha Comisión de investigación non aporta esta documentación á Comisión de investigación? ¿Como denominar a acción deste partido? ¿Como cualificar a acción dun partido que ignora e contradí as declaracións do seu último conselleiro na materia que se está a investigar? ¿Como cualificar a petición de responsabilidades que non deixa títire con cabeza pero que escolle a peza a cobrar en función das súas necesidades políticas e non en función da realidade, non en función da responsabilidade obxectiva?

E por último –xa me estou pasando do tempo, pido quince segundos–, ¿por que cargar así contra os funcionarios, que foron quenes estiveron na Comisión de avaliación facendo a selección da persoa, que foron, por exemplo, os que instruíron ese expediente informativo? ¿Por que cargar así contra a acción deses funcionarios? Eso é o que nos ten que explicar, señor Rodríguez Miranda.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.



Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodríguez Miranda.

**O señor RODRÍGUEZ MIRANDA:** Gracias, señora presidenta.

Señor Leiceaga, un recordatorio, Comisión de investigación sobre o suposto pago de viaxes a axentes electorais do PSOE con fondos da Secretaría Xeral de Emigración e a contratación laboral deses axentes con fondos da Consellería de Traballo, iso é obxecto de investigación desta Comisión, non os alcaldes do PP nin ex conselleiros do PP.

Síntoo, señor Leiceaga, se vostede tiña que haber feito moitas preguntas alí e non as fixo, é problema seu, incompetencia súa, non se lamente vostede agora.

Miren, vamos a trasladar as recomendacións, as recomendacións que nós plantexamos. Vostedes fixeron as súas recomendacións, as recomendacións do seu interese, as recomendacións, como lle dicía antes, dos socios de fortuna. Este grupo, o Grupo Popular, vai traer aquí agora as recomendacións na defensa do interese de todos os galegos, esa é a diferenza entre ustedes e nós, señores deputados. Primeiro pedímoslle que a utilización fraudulenta dos cargos públicos obtidos a través dunha subvención cofinanciada con fondos comunitarios, que é un feito de extrema gravidade e que podería poñer en perigo a obtención de novos fondos, por iso decimos e pedimos que se poña en coñecemento das autoridades comunitarias, para evitar que se poida producir unha actuación de oficio que nos poida danar. E, do mesmo xeito, pedímoslle –a ver se son capaces de asumilo– que reintegren inmediatamente as cantidades que en concepto de subvención foron utilizadas de xeito fraudulento. *(Aplausos.)*

Entendemos que se debe propiciar a máxima transparencia na concesión de viaxes con cargo a convenios coas compañías aéreas. Cremos necesario que se comprobén, precisamente con carácter obrigatorio, os requisitos, por eso pedimos que ás resolucións polas que se concedan os billetes se lle dea publicidade, indicando motivos de viaxe, beneficiarios e condicións. E como vostedes non o cumpriron, por eso lle pedimos ao Partido Socialista que proceda de xeito inmediato ao reintegro do prezo equivalente do billete utilizado fraudulentamente. ¡Devolvan os cartos que non utilizaron ben! *(Aplausos.)*

Volvo a recordarllo, señor Leiceaga, hai moitas testemuñas que aquí tiñan moito que contar e que vostedes non tiveron interese en que pasasen por aquí. Porque aquí viñan dicir a verdade, e a vostedes non lle interesa a verdade. Por eso nós tamén lle pedimos que se debería dar traslado de todo o actuado e da documentación que se solicitou –aínda non se obtivo– á autoridade xudicial, para que sea a autoridade xudicial quen siga investigando o que aquí no Parlamento non se permite seguir investigando. *(Aplausos.)* E é necesario, señores deputados, que por hixiene democrática, por credibilidade das institucións, alguien asuma responsabilidades. Que asuma responsabilidades dimitindo ou, se non, que o cese o señor conselleiro de Traballo. Que asuma responsabilidades ou, se non, que o cese o señor conselleiro de Presidencia e o señor secretario xeral de Emigración. *(Aplausos.)*

E tamén dentro do Partido Socialista é necesario que se tomen medidas con persoas que non están directamente vinculadas ao Parlamento, pero o Partido Socialista si, porque ten militantes como o señor Félix Porto que, efectivamente, cando menos debería expulsalo do partido pola súa conduta indecorosa, *(Aplausos.)* señores do Partido Socialista e señor presidente que agora está aquí.

Nos darémoslle traslado, pedimos que se lle de traslado, porque é lexítimo e correcto, de todos estes comportamentos a un sindicato como Unións Agrarias ou ao Pleno do Concello de Muxía, que ten dereito a coñecerlos. Os veciños do concello de Muxía teñen dereito a coñecer cual foi a actuación inadecuada do que agora é o señor alcalde. E nós pedímoslle –¡claro que si!– que o Goberno galego redacte unha norma que regule os viaxes ao exterior con todas as garantías, para que, entre outras cousas, algún que viaxa se olvide de que tamén é español e deixe unha bandeira por alí escondida. E tamén pedimos –e nós pedímolo claramente tamén, señor Aymerich–, pedimos que coa máxima urxencia se cumpran eses acordos tomados na Ponencia conxunta deste Parlamento para garantir que os votos dos emigrantes veñan en urnas de cristal. E a responsabilidade directa vai a recaer no señor presidente da Xunta. Pero deso falarase despois, señor Aymerich.

Miren vostedes, despois de asistir á constatación desta maquinación fraudulenta que permitiu o emprego de fondos públicos para financiar a campaña do Partido Socialista no exterior, non caben máis que dúas cousas. Primeira, a nece-

saría asunción de responsabilidades polos culpables, ou, de non ser así, polo presidente da Xunta, o máximo responsable, en todo caso. E, segundo, a necesidade de que os votos dos emigrantes –como lle decía– veñan en urnas de cristal. E eso é posible se todos temos vontade, e o presidente da Xunta é o máximo responsable para acadalo.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**O señor RODRÍGUEZ MIRANDA:** Se isto non se cumpre –remato, señora presidenta–, vostedes aos cargos do Partido Socialista estaríanos lexitimando como corsarios dos mares da democracia, coa patente de curso outorgada polo BNG. E os galegos, señores, non se merecen celebrar tres anos do seu Goberno cunha ratificación parlamentaria do emprego fraudulento...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**O señor RODRÍGUEZ MIRANDA:**... de cargos públicos para promocionar a campaña dun partido político no Goberno.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**O señor RODRÍGUEZ MIRANDA:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Vamos a someter a votación o dictamen e o voto particular desta Comisión.

Péchanse as portas. Por favor, silencio.

*Votación do voto particular do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, número 29818.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.*

*En consecuencia, queda rexeitado este voto particular.*

*Votación do dictamen da Comisión sen a incorporación deste voto, que foi rexeitado.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 37.*

*En consecuencia, queda aprobado o dictamen da Comisión.*

**A señora PRESIDENTA:** Ábrense as portas.

Pasamos agora ao punto tres da orden do día, de textos lexislativos.

### **Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego, do proxecto de lei de saúde de Galicia**

**A señora PRESIDENTA:** Mantéñense para este Pleno as emendas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia números 3, 11, 14, 19, 21, 23 a 26, 28 a 31, 36, 38, 39, 43, 45, 46, 50, 54, 58 a 64, 66 a 73, 75 a 88, 90 e 91. O documento é o 29694.

Para a presentación do dictamen ten a palabra o presidente da Comisión, o señor Cerviño González.

**O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 5.<sup>a</sup>, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO (Cerviño González):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, o Proxecto de lei de saúde de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 13 de febreiro de 2008. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 18 de febreiro de 2008, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou os días 17 e 28 de marzo de 2008 para as emendas á totalidade e ao articulado respectivamente. Así mesmo, na reunión do día 4 de marzo de 2008, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 5.<sup>a</sup>, de Sanidade, Política Social e Emprego.

A emenda á totalidade de devolución presentada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia rexeitouse na sesión plenaria do día 25 de marzo de 2008. As emendas ao articulado presentadas foron un total de 113; 91 do Grupo Popular de Galicia, 1 do Grupo dos Socialistas de Galicia e 21 do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión 5.<sup>a</sup>, de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do día 3 de abril de 2008, designou os seguintes ponentes. Do Grupo Parlamentario Popular de Galicia: don

Miguel Ángel Santalices Vieira como titular e don Dámaso López Rodríguez, como suplente. Do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: dona María del Mar Barcón Sánchez como titular e don Miguel Ángel Fernández López como suplente. Do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego: dona María Cristina Ferreiro López como titular e dona María Modesta Riobó Dios como suplente.

A sesión constitutiva da Ponencia presidida polo presidente da Comisión 5.<sup>a</sup>, de Sanidade, Política Social e Emprego –que son eu mesmo– tuvo lugar o día 3 de abril de 2008 e nela fixéronse a metodoloxía e o calendario de traballo. A esta reunión asistiron, ademais, o ponente e as ponentes titulares antes referidas.

En oito reunións os ponentes estudaron en primeira lectura a totalidade deste proxecto de lei, así como as emendas parciais presentadas na procura de achegamento das distintas posicións, deixándose pendentes algúns aspectos para unha segunda lectura. Na derradeira reunión e novena, que tivo lugar o 3 de xuño de 2008 a Ponencia emitiu o seu informe. A Comisión 5.<sup>a</sup>, de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do día 13 de xuño de 2008, aprobou o seu dictame con 8 votos a favor e 7 en contra, incorporando ao texto do proxecto de lei, ademais das emendas técnicas, 31 emendas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, 5 delas transaccionadas e unha subsumida; 1 emenda do Grupo dos Socialistas de Galicia; e 11 emendas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, unha delas transaccionada. Logo da retirada na fase de ponencia de 5 emendas polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia e 10 emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, mantivéronse para o seu debate neste Pleno as 55 emendas rexeitadas polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Este Proxecto de lei de saúde, que vén acompañado do preceptivo informe sobre o impacto de xénero consta do seu preámbulo e de 137 artigos, agrupados en 11 títulos. Un deles, o título preliminar; o título I, dos dereitos e os deberes sanitarios da cidadanía, dividido en sete capítulos, sobre os titulares do dereito á protección da saúde e a atención sanitaria e dereitos sanitarios relacionados coa integridade e intimidade das persoas, co acompañamento do/da paciente, coa autonomía de decisión, coa conformidade e a información, coa documentación sanitaria, coas suxestións e as reclamacións, coa prestación de servicios sanitarios por

parte do sistema público de saúde de Galicia, coa participación e con grupos especiais e a súa garantía, defensa e promoción, participación social, Consello Galego de Saúde, os consellos de saúde de área, así como de voluntariado, a participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.

Título II, o sistema público de saúde de Galicia, á súa vez dividido en dez capítulos, nos que se establecen as disposicións xerais deste sistema público; os principios rectores do seu funcionamento; as intervencións públicas que garanten os dereitos e os deberes da cidadanía; infraccións e sancións; prestacións sanitarias do sistema; a planificación, en concreto as directrices de política sanitaria de Galicia e o plan de saúde de Galicia; ordenación territorial; o sistema de información de saúde e avaliación do sistema de saúde de Galicia; financiamento e contrato de servicios sanitarios.

Título III, das competencias do sistema público de saúde de Galicia, tanto da Administración autonómica como da Administración local.

Título IV, das relacións do sistema público de Galicia coa Unión Europea, coa Administración Xeral do Estado e con outras comunidades autónomas e coas comunidades galegas no exterior en materia sanitaria.

Título V, do sector privado da atención sanitaria e das súas relacións co sistema público da saúde de Galicia.

Título VI, do Servicio Galego de Saúde, subdividido ou dividido en seis capítulos relativos aos principios xerais, organización e xestión, réxime xurídico, medios materiais e réxime patrimonial; así como o seu réxime financeiro, orzamentario e contable.

Título VII, da organización da saúde pública no sistema sanitario público de Galicia.

Título VIII, dos empregados e das empregadas do sistema público de saúde de Galicia, integrado por dez capítulos, sobre o ámbito e réximen xurídico; planificación e ordenación dos recursos humanos; selección, promoción e promoción interna; retribucións e xornadas; carreira profesional; saúde laboral; mesa de negociacións; función directiva; garantías de modernización e prestación de asistencia.

Título IX, da docencia e investigación, docencia e formación, Escola Galega de Administración Sanitaria e sobre a investigación biomédica no sistema público de saúde de Galicia e o Instituto Galego de Investigación Sanitaria.

E título X, de coordinación interdepartamental da atención sociosanitaria.

Unha disposición adicional relativa á Fundación pública da Escola Galega da Administración Sanitaria; dúas transitorias; unha derogatoria e tres derradeiras.

Para completar o procedemento legislativo deste proxecto de lei enviado á Cámara polo Goberno para que se convirta en lei, se finalmente obtén os votos necesarios entre as súas señorías, entre os señores e ás señoras diputadas, cómpre pois o debate final e a votación correspondente.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Cerviño.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a posición sobre o dictamen e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra dona Cristina Ferreiro López.

**A señora FERREIRO LÓPEZ:** Grazas, señora presidenta.

Señorías, señora conselleira.

A Lei de saúde que hoxe sométese á aprobación desta Cámara é unha lei que é un marco legal que dará base a futuras leis e normas que xurdan e que a complementarán, articulando no seu conxunto a guía a seguir no eido da saúde. Un faro que ten como principio inequívoco a saúde integral, dende os conceptos de formación e prevención da saúde de todos os galegos e de todas as galegas, de todas e todos os que vivimos na Galiza. Unha lei con vocación de futuro que aborda a saúde como un dereito fundamental das persoas, individual e colectivamente, e un sistema sanitario público que é un ben social. Ambos os dous conceptos xunguidos, dos que teñen que agromar todas as accións e actuacións que camiñen para preservalos e garantilos, sempre dende unha mellora continua e participativa, que terán como fin último

uns servicios públicos caracterizados pola equidade, efectividade, eficiencia e humanismo.

Para o Bloque Nacionalista Galego é unha lei que non pode regatear esforzos en ser a ferramenta base para acadar un sistema sanitario público galego que garanta o acceso aos servizos a todos e a todas, independentemente da súa condición social, das súas crenzas, dos seus xeitos de vida ou do seu lugar de residencia. Unha lei que suprime a Lei de ordenación sanitaria, a Losga, aprobada no ano 2003 e avalada solo polo Partido Popular, que non contou en ningunha das súas fases con ningunha participación, nin dos usuarios nin dos profesionais nin das organizacións sindicais, só contou coa súa soberbia e a súa maioría absoluta, aprobándoa a pesar da gran contestación que tiña en toda a cidadanía. Mais a eles non lles importou, creíanse divinos e artellaron a Lei de ordenación sanitaria para os seus intereses tan peculiares. Unha lei que o único que facía era uns formulamentos organizativos e funcionais ao xeito do Partido Popular.

Certificaba a política reaccionaria e ultraliberal do PP aplicada á saúde e ao sistema público sanitario galego. Así, reafirmaba as fundacións, que ían á velocidade de vértigo cara á privatización. Descapitalizaba o sistema, tanto na tecnoloxía como no personal como nas prestacións. Establecía a creación da rede de atención sanitaria de utilización pública, poñendo á mesma altura os centros privados cos públicos. Eso si, en canto a dar asistencia, non en canto a requirimentos necesarios, en canto a recursos para prestar esa asistencia. Privatizaba a atención sociosanitaria, que eliminaba a gratuidade na asistencia ás persoas con discapacidade e aos enfermos crónicos; é dicir, aqueles que son máis febles e desprotexidos.

Ademais, a Losga do PP transmitía á cidadanía que o sistema público de saúde non era sostíbel; establecía nomear o Valedor do Paciente por parte do conselleiro e a conselleira; é dicir, ¿a quen ía valer?, supoñemos que a quen o nomeaba.

Unha lei que recortaba os dereitos sindicais logrados facilitando a mobilidade do persoal entre os distintos centros, non só sanitarios senón incluso entre os centros privados e os sanitarios.

Señorías, a necesidade dunha lei que anulara a Losga era urxente, así o interiorizou o Goberno actual, de aí a Lei de

saúde de Galicia, que hoxe, se se aproba, inicia unha andaina que ten que ser viva, contando coa participación e complicidade no seu desenvolvemento de todos os axentes que a integran e a conforman, tanto no papel de actores, por formar parte do sistema, como tamén no rol de receptores, é dicir, recibindo os beneficios que a lei reportará.

A Lei de saúde de Galicia na súa elaboración contou coa participación social, contou coa cidadanía, por eso se pega ás súas necesidades reais; contou cos profesionais para facelos cómplices e que se sintan parte da lei e do sistema sanitario; contou coas organizacións sindicais, para facela dialogante e respectuosa cos dereitos dos empregados e das empregadas; tamén contou coas asociacións de distinta índole, para así abordar problemáticas diversas, problemáticas da vida mesma, establecer as accións que resolvan as inxerencias da poboación, os problemas reais que se sinten no día a día por parte da cidadanía.

Que a Lei contou con participación social percíbese ao longo do seu articulado, que fai un percorrido por todos os elementos que integran e forman parte do sistema público de saúde: elementos conceptuais, elementos organizativos e de xestión; elementos activos como os usuarios e as usuarias, os profesionais, os xestores e a comunidade en xeral. Así salientan os seguintes títulos. O dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, onde se fala do dereito á intimidade da persoa; do dereito de ter acompañamento; á autonomía na decisión dos tratamentos, na segunda opinión, na elección de médico xeral e pediátrico; do dereito á información comprensible do proceso que está sufrindo a persoa; á confidencialidade. Por certo, estes dereitos, ata o día de hoxe, bastante vulnerados.

Todos estes dereitos recollidos neste título dan un valor á persoa para que teña un trato moito máis personalizado e participativo. Este título tampouco esquece as obrigas que todos e todas temos co sistema e o respecto a todos e todas os que o conforman, lembrando que o sistema sanitario público de saúde é un valor e un ben de todos e todos que debemos preservar.

Remarcamos que o título adicado á participación social para o Bloque Nacionalista Galego é moi importante, xa que entendemos que é un método de intervención dos usuarios e das usuarias nas actuacións sanitarias, así como no control da

súa execución. A lei fai posible esta participación social a través do Consello Galego de Saúde, do Consello de Saúde de Área e da Comisión de Participación Cidadá, asignándolles unhas funcións e dotándoos duns mecanismos para que esa participación sexa real e sexa efectiva.

Remarcamos o capítulo onde se explicitan os principios reitores do sistema público de saúde, principios que para nós son moi importantes, xa que con eles non só nos identificamos agora senón que foron sempre identificativos no noso proxecto de saúde para o país. Así, universalidade, concepción integral, promoción, prevención e protección da saúde, equidade e equilibrio territorial, integración, información, cooperación, calidade, participación, seguridade, efectividade e eficiencia, avaliación, acreditación, mellora continua, son todo ideas que impregnan os distintos apartados e son as que van rexir o desenvolvemento da lei en accións e normas que teñen que responder a estas nocións.

Tamén dáse protagonismo –o protagonismo que corresponde– á saúde pública como alicerce da promoción e prevención da saúde, para o que é preciso –e así o contempla a lei– impulsar a investigación e tamén a información á poboación como un dereito que lle corresponde. Formúlanse e defínense as prestacións sanitarias sempre cun claro sentido de complementariedade e de colaboración, fuxindo sempre da competitividade. Ademais, especifica as prestacións propias da atención primaria e da atención especializada, da atención sociosanitaria, con tanta transcendencia para o noso país, da atención en urxencias e emerxencias e o transporte sanitario. Anuncia a ordenación do sistema sanitario galego en áreas de saúde, cunha xestión integral entre os dous niveles e tendo en conta factores tan determinantes como os xeográficos, socioeconómicos, demográficos, laborais, epidemiolóxicos e de accesibilidade. Nesa ordenación vai ter unha importancia vital o mapa sanitario, pois así vaise poder lograr definir unha ordenación dos servizos sanitarios de xeito racional e razoado en relación ás necesidades e co afán de responder á demanda das persoas.

Incorpórase a saúde mental como un aspecto máis da saúde, que ten que estar inmersa na atención primaria e en coordinación cos servizos de atención especializada. O que non tiña sentido é que estivera apartada, o que lle daba un ámbito de desinterese, estigmatizándoa.

O título dos empregados e empregadas públicos de saúde tamén é importante porque establece o réxime xurídico, a planificación de ordenación de recursos humanos, a selección e provisión de plazas, así como as retribucións, as xornadas, a carreira profesional e todo aquilo que atinxe aos empregados do sistema público de saúde.

Mencionar o título X, que coordina a atención sociosanitaria, co fin tan imprescindible e irrenunciábel como é o das persoas a vivir a vida con calidade, como se di no propio articulado; dereito ao benestar, a vivir a vida con plenitude, saúde e madureza, de acordo coas súas decisións. E fórmulanse os instrumentos de coordinación que o farán efectivo, trasladando estes instrumentos ás áreas sanitarias, de xeito que teñamos uns servicios sociosanitarios que dean atención ás persoas baixo os criterios que sempre defendemos de igualdade, equidade, accesibilidade, universalidade e complementariedade.

Importancia teñen tamén os capítulos adicados ás competencias e funcións do sistema de saúde, no camiño de acadar a autonomía financeira e sostíbel, os instrumentos de planificación coas directrices de política sanitaria e o Plan de saúde. Tamén a docencia e a investigación teñen o seu espazo na lei, o que demostra a preocupación por dar respostas ás inxerencias dos traballadores e as traballadoras, no canto de abrir novos horizontes e que fiquen no país. Así, como recoller a docencia como necesidade para ter uns profesionais máis actualizados e preparados.

A lei ten que ser unha ferramenta da que agromarán e xermolarán todas as accións precisas para acadar unha saúde, un sistema público de saúde, coas características expostas, xa que teñen que ter ademais humanismo e ser afables, estes dous como valor engadido, e todas aquelas outras virtudes que o fagan merecedor da valoración dos galegos e das galegas, xa que será o que vele pola saúde de todos e todas.

As emendas presentadas polo Bloque Nacionalista Galego foron no sentido de afianzar o sistema público de saúde de Galicia, potenciar os órganos e fórmulas de participación social, facilitar a prestación asistencial en concordancia coa accesibilidade, afianzar condicións e dereitos dos empregados e das empregadas da saúde do sistema público. Con eses obxectivos fixemos as emendas, todo elo con vontade de diálogo e perseguindo o apoio dos grupos do PSOE e do Partido Popular.

Así as emendas do Bloque, emendas de substitución que estaban relacionadas coa seguridade xurídica, coa confidencialidade e coa información. Tamén emendas de engádegas para asegurar a transparencia e que a participación sexa real e efectiva para os órganos e fórmulas de participación social. Tamén emendas que efectivizarán un dos puntos recollidos no Plano de mellora de atención primaria, que favorecen a división funcional nos concellos cunha poboación superior aos 50.000 habitantes, ou menos, se funcionalmente así se considera; subdividíndose en zonas básicas que estarán adscritas ás unidades e servizos de atención primaria, o que vai facilitar a accesibilidade e decidir a prestación asistencial. Tamén emendas que evitan a creación das fundacións, incluíndo fundacións como o Centro de Transfusión, 061, ... non se liquidan, pasan a ser fundacións públicas sanitarias e sociedades públicas sanitarias, non se liquidan. Emendas de engádegas para dotar os empregados e empregadas do sistema público de saúde dun estatuto xurídico, contando co actual estatuto marco do persoal estatutario, pois sen el non sería completo ese marco xurídico. Emendas que forzan o proceso de participación sindical, e ademais tamén emendas que incentivan que o persoal permaneza nas ...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Ferreiro López.

**A señora FERREIRO LÓPEZ:**... en tempos pequenos e illados, facéndoas máis atractivas, e así estabilizar cadros de persoal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Ten a palabra a señora Barcón Sánchez, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

**A señora BARCÓN SÁNCHEZ:** Grazas, presidenta.

Señora conselleira, noraboa.

Señorías, remata hoxe, como xa se ten dito, a tramitación parlamentaria dunha fermosa lei, porque para os socialistas as leis de saúde, as leis que como esta garanten o dereito ao acceso á saúde dos galegos e as galegas, son as leis máis fermosas. Nesta primeira quenda permítanme comezar polo

agradecemento polas melloras que supuxeron para o texto impulsado desde o Goberno, para as melloras, digo, que supuxeron as emendas desde os grupos parlamentarios. Agradecemento, pois, para quen foron compañeiros e compañeiras nesa Ponencia, que resultou moi agradable, cun agradecemento especial a Miguel Angel, o meu compañeiro, que fixo que isto resultara ben fácil. Tamén á letrada que nos acompañou nese camiño e que puxo todo o agarimo e todo o compromiso coa institución, polo tanto con Galicia.

Señorías, esta lei chega ao seu trámite final parlamentario nunhas datas ben simbólicas, chega cando se cumpren tres anos de Goberno do cambio en Galicia, tres anos de que a vontade de transformación social da cidadanía se concretase nun Goberno de progreso que hoxe traza as liñas estratéxicas de modernización e de cambio no noso país. E é neste contexto, señoras e señores deputados, donde queremos prantexar dende o Grupo Socialista a nosa primeira reflexión.

Esta é unha lei promovida por un goberno para quen os dereitos da cidadanía, a calidade de vida e o benestar social son os eixes do seu compromiso dende o primeiro día manifestado polo presidente da Xunta, mesmo desde o seu discurso de investidura. Deste compromiso, en definitiva, coa igualdade entre todos e todas dan fe as leis que o Goberno galego ten promovido ata este momento, leis que impulsaron a transparencia dende a Administración, que facilitaron o acceso á vivenda protexida, que promoven a igualdade de homes e mulleres diante do traballo, que axudan a loitar contra a violencia de xénero ou que nos permiten protexer o noso territorio, e o dereito á saúde non podía ser menos. Son leis, señorías, impulsadas desde tres principios básicos: a participación social como garante da transparencia, da consolidación da democracia e dos dereitos dos cidadáns; a modernización e universalización dos servizos públicos, como ferramentas para a construción dunha sociedade máis equitativa e xusta; e o rigor orzamentario que garanta a sostibilidade futura dos sistemas postos en marcha e das decisións que hoxe tomamos. É neste marco, como lles dicía, no que adquire un protagonismo singular a Lei de saúde de Galicia. Unha lei dirixida á promoción e á protección do dereito que nos é máis querido, do dereito á saúde.

Os socialistas, señorías, herdeiros dos movementos sociais do século XIX, responsábeis da posta en marcha dos sistemas públicos de dereitos en España, da saúde, das presta-

cións ecoómicas, da educación ou da dependencia, sentímonos hoxe unha vez máis especialmente honrados en poder poñer diante dos cidadáns un texto legal que os ampara, que os fai máis fortes, que os fai máis libres e que, en definitiva, consolida e afortala os seus dereitos.

Facía falla unha nova lei de saúde. ¿Por que? Porque había unha necesidade de establecer por lei un marco xeral de referencia para a sanidade galega coa mirada posta na protección da saúde da cidadanía. Porque había unha necesidade de que este marco xeral se acadara –como xa se ten dito– dende o consenso social que non acadou o anterior texto, o consenso social acadado cunha ampla experiencia participativa da que xurde este proxecto de lei.

Esta é unha lei cunha nidia orientación cidadán. Fronte a un texto creado exclusivamente para ordear uns determinados servizos, esta lei está pensada, en primeiro lugar, para garantir os dereitos da cidadanía, como así se pon de manifesto dende a redacción do seu articulado, no que aparecen en primeiro termo os dereitos e os deberes sanitarios dos cidadáns, case como reflexo da vontade política que inspirou o primeiro aos cidadáns e aos seus dereitos.

A motivación para unha nova lei vén fundamentada tamén na necesidade de conquistar un equilibrio e unha igualdade territorial e social e na incorporación da calidade no servizo público e o concepto da mellora continua indispensable nunha sociedade moderna. O texto aspira a configurar un marco legal onde se estructuren as restantes normas que conformarán a arquitectura legal da sanidade pública galega.

Por último, señorías, esta lei era un compromiso dos socialistas de Galicia desde que estaban na oposición, dende o debate da Losga, dende a presentación dunha proposición de lei que quería desenrolar unha lei para afortalar o sistema público de saúde dende a responsabilidade do grupo que promovera no seu día a Lei xeral de sanidade.

Os socialistas, señorías, adquirimos un solemne compromiso: cando gobernemos, cambiaremos a lei. Cambiaremos a lei cando gobernemos, e será un texto consensuado con todos os estamentos implicados, coa sociedade civil e tamén coas forzas políticas que o desexen. Eso dicía en novembro de 2003 Francisco Cerviño, e os socialistas, señorías, sempre cumprimos os nosos compromisos.

Esta, señorías, é unha boa lei. É unha lei que, como xa se ten dito, incorpora a concepción de saúde por riba da ordeación dos servizos; que traslada as estratexias definidas pola consellería no documento Directrices da política sanitaria; que potencia o carácter público do sistema sanitario, facéndoo protagonista, columna vertebral e vertebradora da sanidade galega; que afortala o financiamento do sistema público, contemplándoo dende o punto de vista de eficiencia e do desenvolvemento sostible do sistema nun momento especialmente relevante pola dificultade pola que está a atravesar a economía. Reclamada, por certo, polo conxunto das comunidades autónomas no último Consello Territorial, no que se acadou un amplo consenso e un amplo apoio ao ministro Soria e a ese pacto de Estado pola sanidade.

É unha boa lei porque integra a relación entre a actividade existencial, docente e investigadora, trasladando unha perspectiva de modernización e potenciación da capacidade de innovación dos profesionais sanitarios da empresa privada e das universidades, como anunciaba fai pouco o presidente Emilio Pérez Touriño.

É unha boa lei para a cidadanía, para os profesionais e para o sistema. Para a cidadanía porque mellora e amplía o seus dereitos: intimidade, acompañamento, confidencialidade, reclamacións, participación social. O dereito a obter unha garantía de demoras máximas, de xeito que determinadas prestacións e servizos financiados publicamente lle sexan dispensadas nuns prazos previamente definidos e coñecidos; así reza o artigo 12.2. A lei reconece o dereito a esas garantías, a esos tempos máximos de espera, e logo haberá de acompañarse do instrumento regulamentario necesario para determinar as condicións que rexerán o exercicio do mesmo.

É unha boa lei para a cidadanía porque inclúe dentro da oficina do Valedor a persoa responsable da defensa do doente; porque consagra o sistema público como o seu garante, como o garante do seu dereito; porque integra a atención sociosanitaria nun momento de tanta transcendencia para elo, propoñendo ademais ferramentas de coordinación entre os dous sistemas; porque recolle a necesaria sostibilidade do sistema, e sen sostibilidade nin hai dereitos nin lle dará acceso á saúde no futuro nin hai futuro do sistema.

É unha boa lei para os profesionais sanitarios, porque dende o seu título VIII –como xa se ten dito– promove a figura dos

empregados e empregadas públicos de saúde do sistema público, figura que permite planificar e ordear os recursos humanos, que facilita o acceso á carreira profesional de todos e todas, veñan do estatuto xurídico do que veñan ou da instancia xurídica da que veñan; impulsa a súa participación na toma de decisións non só desde a mesa sectorial senón tamén desde os propios centros; remata coa precariedade laboral e a incertidume que tiveron durante anos. Así, os procesos de selección, provisión e promoción interna deberán contemplar como mínimo unha oferta pública cunha periodicidade bianual. Non é hoxe o día de recordarlle a algúns que pasamos anos, décadas, sen oferta pública de emprego. Recolle un sistema de retribucións, xornadas e carreira profesional orientado á calidade do servizo, á incentivación, á motivación dos profesionais e á consecución de obxectivos planificados logo da negociación dos mesmos na mesa sectorial. Permite a integración en pé de igualdade do persoal das fundacións sanitarias, rematando coa vergoña da existencia dun dobre nivel de dereitos entre os empregados, entre o persoal sanitario en Galicia, entre o persoal que debe garantir a saúde dos galegos e das galegas.

E é unha boa lei para o sistema, porque consagra o sistema público como garante do dereito á saúde. Recolle tamén, como non podía ser doutro xeito, no título V o sector privado, sempre complementario e subsidiario do sistema público. Un sector privado de calidade que ten formado parte moi relevante da asistencia e da investigación sanitaria en Galicia, que xoga un papel importante, pero que non pode, señorías, nin debe nin pode ser o valedor do acceso universal ao dereito á saúde. Non é esta unha posición estética, senón a crenza de que só dende a fortaleza do público a equidade está garantida.

É unha boa lei para o sistema porque integra os instrumentos estratéxicos de planificación sanitaria, as directrices e o Plan de saúde, promovendo un xeito diferente de facer política sanitaria dende a diagnose certa da situación, a avaliación das liñas de traballo, as análises rigorosas das necesidades e os seus custos, e a planificación das actuacións baixo estes criterios. Porque organiza territorialmente, como xa se ten dito, dun xeito eficaz os equipamentos e os servizos, as áreas de saúde, as zonas sanitarias, unidades básicas e o elemento estruturante, que será o mapa sanitario.

É unha boa lei para o sistema porque recolle un feito, a integración dentro do Sergas das fundacións públicas hospita-



rias, aquel experimento que nos custou 23 millóns de euros sanear fai apenas dous anos e medio.

A lei recolle a necesaria creación dunha estrutura organizativa de xestión que permita abordar dunha vez as competencias de saúde pública como non se tiña feito polo anterior Goberno. A saúde pública, señorías, é unha prioridade deste Goberno, do equipo dunha consellería empeñada en facer políticas de saúde fronte ao asistencialismo que caracterizou experiencias anteriores. E precisase dun instrumento organizativo da mesma que sexa quen de potenciar a promoción da saúde en toda a súa capacidade.

É unha boa lei porque ten en conta os mecanismos modernizadores que melloran a calidade do sistema e os dereitos da cidadanía. Un sistema de información moderno e capaz, a incorporación da docencia e da investigación coa creación do Instituto Galego de Investigación Sanitaria; as fórmulas de participación social e de participación institucional; a inclusión da saúde mental e as drogodependencias no propio sistema como calquera outro aspecto, dando ao tempo un paso cara á modernización e á dignificación das persoas usuarias destes servizos.

É unha boa lei porque clarifica competencias, mellora a organización do Sergas, os órganos de administración, organización e xestión. En definitiva, consolida un sistema público forte, singular, sostible, moderno e garante de saúde dos galegos e das galegas.

As emendas que foron xa relatadas melloran, sen dúbida, o texto. A participación, a seguridade xurídica, os dereitos da cidadanía, mesmo a transparencia, a mellora dos servizos e a organización territorial con esa emenda ao artigo 69.

Señorías, ben é certo que o mellor da lei é que unha parte está xa feita. O mellor da lei, a súa credibilidade, señora conselleira, está no esforzo e no compromiso que o Goberno de Emilio Pérez Touriño ten tido cos orzamentos da sanidade, coa mellora dos seus recursos materiais e humanos.

A grande fortaleza da lei está no traballo e nas melloras que vostede e o seu equipo teñen posto en marcha desde que chegaron ao Goberno: saneamento da sanidade, plan de mellora de atención primaria, historia clínica electrónica, oferta pública de emprego, plan de infraestruturas sanitarias, acor-

dos sindicais e melloras para os profesionais, mellora dos tempos de espera, plan de mellora tecnolóxica. Pero non é menos certo que as medidas económicas e organizativas precisan dun marco normativo xurídico e fundado nunha concepción teórica clara e definida, que permita dar coherencia e percorrido ás medidas conxunturais e mesmo ás estruturais.

Esta lei de saúde, señora conselleira, señorías, susténtase na experiencia de décadas de compromiso cos sistemas públicos de saúde, nas lembranzas das creacións dos sistemas nacionais de saúde impulsados pola socialdemocracia europea ao longo de todo o século XX. Dende o sistema nacional de saúde creado polo laborismo británico en 1948, ata fai exactamente vinte e dous anos e dous meses, cando o Congreso dos Deputados aprobaba a Lei xeral de sanidade impulsada polo Goberno de Felipe González e polo chorado ministro Ernest LLuch. Só fai falla botar unha ollada ás actas dos debates previos a aquela, a esa fermosa Lei xeral de sanidade, para pór en evidencia que hoxe esta Cámara fala do mesmo, falamos do mesmo: calidade asistencial, dereitos, concepción integral de saúde, sistema público. Vinte e dous anos despois Galicia terá unha lei baseada nos mesmos principios de equidade e accesibilidade universal, de xusticia e de dereitos.

Noraboa, conselleira, e moitas gracias polo seu traballo.  
(*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señora Barcón Sánchez.

Ten a palabra o señor Santalices Vieira polo Grupo Parlamentario Popular.

**O señor SANTALICES VIEIRA:** Moitas gracias, señora presidenta.

Bos días a todos.

Permítame, señora presidenta, que perda un minuto do meu tempo porque penso que é unha cuestión á que eu estou autorizado moralmente para plantexala. E é a seguinte.

Eu levo con moito honor o haber sido vicepresidente primeiro do Parlamento, o levo con moitísimo honor. E no seu

día eu xa expresei a miña preocupación porque actitudes como a que adoptou a vicepresidenta primeira do Parlamento non eran dignas dun membro da Mesa, e agora ao xulgado tampouco lle parece ben este asunto.

**A señora PRESIDENTA:** Señor Santalices, señor Santalices.

**O señor SANTALICES VIEIRA:** Si, pero, señora presidenta, eu o que pido é que a Mesa se pronuncie sobre esta cuestión.

**A señora PRESIDENTA:** Señor Santalices, lle pido que se ataña á cuestión. Parece mentira realmente que fora vostede tamén vicepresidente primeiro desta Mesa.

**O señor SANTALICES VIEIRA:** Por eso mesmo, señora presidenta, pido que me gustaría que se pronunciase sobre esta cuestión.

**A señora PRESIDENTA:** Lle pido que se ataña á cuestión, señor Santalices, se non me verei obrigada a aplicar o Regulamento e a retirarlle a palabra.

**O señor SANTALICES VIEIRA:** A petición está feita, señora presidenta.

Volvendo á lei, chega este proxecto de lei no último trámite parlamentario nun mal momento. Unha situación de crisis sanitaria que xa vén perdurando no tempo. Nestes tres últimos anos, a situación da sanidade deteriorouse dun xeito importante, algo que a cidadanía percibe e vive con preocupación.

Repasemos algúns conceptos: problemas asistenciales nos dispositivos básicos de atención primaria. Listas de espera en atención primaria, algo que por fin recoñecen; sobrecarga asistencial, peches de servicio por falta de personal, non avances na capacidade resolutive, tensión a nivel dos usuarios e unha importante desmotivación dos profesionais.

Problemas nos servicios de urgencia hospitalarios, colapso asistencial nos mesmos e non poderlle facer frente á demanda. Insuficiencia de recursos, mala coordinación con outros dispositivos, como poden ser os puntos de atención continuada, e unha mala programación da autoconcertación que repercute en urgencias.

Problemas na atención especializada, listas de espera desproporcionadas, excesivo tempo de espera para acceder a unha consulta. Ano e medio para unha consulta de ginecología ou ata o 2010 para unha consulta de urología. Axendas pechadas, o que significa imposibilidade de acceder aos servicios sanitarios, como está pasando en cardiología e como ten pasado en xinecología e en oftalmología. Excesiva lista de espera e demoras para realización de probas diagnósticas. Ano e medio para unha mamografía, nove meses para unha resonancia e case dous anos para un marcapasos tricameral; un ano para un estudio electrofisiológico. Demoras excesivas na patología quirúrgica, esperas de máis dun ano na cirugía cardíaca; esperas de máis dun ano en cirugía pediátrica e esperas de máis dun ano en cirugía vascular. E pacientes, como ben sabemos, bailando entre a estrutural e a non estrutural que non contabilizan.

Unha política de concertos con entidades privadas falta de criterio, baseada máis ben en amiguismos. Podemos falar de que hai necesidades asistenciales. A verdade é que neste asunto sempre apuntan hacia o mesmo lado.

Problemas a nivel de garantir o subministro de sangue, que permite manter unha actividade quirúrgica normal tanto programada como urxente. Hasta nove veces se contabilizaron problemas no abastecemento, e a última circular do Centro de Transfusións de Galicia fala de que solamente se pode subministrar o 60%.

¿Que dicir da conflitividade? Todos os colectivos xa se manifestaron; temos folgas e paros cada quince días. Hai unha merma importante nas consultas e nas intervencións quirúrgicas. Seguimos con conflitos abertos e se aveciñan outros. Un fracaso sen precedentes na política de persoal que ten traído moitos problemas á labor asistencial.

Que dicir tamén da desmotivación dos profesionais e a altísima preocupación da cidadanía, que ten expresado o seu malestar por esta situación. A cidadanía quere un sistema de saúde que resposte ás súas principais necesidades. Non quere un sistema inseguro, deficientemente xestionado, convulsionado na súa parte asistencial e con dificultades para garantir a actividade asistencial que dea resposta á demanda. A cidadanía tamén quere que os principais valores do noso sistema sanitario, como é a universalización e a equidade, non se vexan amenazados. E neste momento están

sobre todo en provincias do interior, donde se están suprimindo servizos.

Pois moi ben, neste contexto vostedes presentan unha lei que, según o meu entender, conclúe con catro puntos. Un. É unha lei que non canaliza a asistencia sanitaria hacia parámetros de cobertura universal e de calidade, e non se ten en conta os usuarios e os seus problemas. É unha lei que non contempla a eficiencia, porque vostedes falan de liquidar as fundacións pero non teñen en conta os problemas da eficiencia. Unha lei que non contempla unha ordenación territorial razoable que ademais non permitirá a zonificación das grandes cidades. Unha lei que pon en acción un auténtico atentado contra os dereitos do persoal ao servizo da Administración pública.

Sobre estes puntos procede que se digan algunhas cousas. Para poder garantir a cobertura universal a toda a poboación faise necesario entender a concepción do que é o modelo do sistema nacional de saúde, algo ao que chegamos enterrando un modelo da seguridade social. Cambiouse un sistema conmutativo por un sistema distributivo. Trátase de dar cobertura das necesidades por riba de todo a toda a poboación. Trátase de dar resposta á demanda en tempos razoables, e para eso faise necesaria a integración de recursos baixo a óptica da calidade. Vostedes con esta lei implantan a posibilidade de ter un dispositivo que aglutine a totalidade dos recursos dispoñibles. Cargándose a rede sanitaria e a utilización pública botan abaixo o dispositivo que permitía a dispoñibilidade de recursos. Vostedes seguen sen entender que a filosofía da rede galega era garantir a complementariedade para facer fronte á demanda. Vostedes só queren contar cos privados que lle interesan, independentemente da calidade. Vostedes liquidan ademais algunhas fundacións. Eu xa digo que perderemos eficiencia, pero deixan aberta a porta para crear outras, para crear as de vostedes. E eu pregunto: ¿que pasa co resto das fundacións? ¿Que vai a pasar co Medtec? ¿Que vai a pasar co 061? ¿Que vai a pasar co Ingo? ¿Que vai a pasar co Centro de Transfusións de Galicia? Isto téñeno que aclarar, e teñen que aclarar cando se vai ultimar o proceso de integración do persoal das fundacións hospitalarias.

Vostedes no artigo 76 da lei falan abertamente da xestión a través das fundacións ou das empresas sanitarias; hai que ver se aclaran este concepto. En definitiva, vostedes o único que fan é liquidar as fundacións creadas polo PP para crear as súas.

Vostedes sobre este asunto deberían aclarar a que se deben esas exploracións sobre o modelo e tamén aclarar como vai ser a financiación do novo Hospital de Vigo, que según vostedes –e permítanme que me ría– estará listo no 2012. ¡Hai que ver cando teñen vostedes aprobados os presupostos para que este hospital estea no 2012, se aínda non teñen claro como é o sistema de financiación!

Cada vez que vostedes fan exploracións deste tipo hai que temblar. Así fixeron cos puntos de atención continuada. Vostedes teñen encima da mesa a supresión dos puntos de atención continuada. E agora téñeno dormido pola nosa denuncia. Así fixeron cos peches dos centros de saúde os sábados, e a nosa denuncia tamén o paralizou, pero volveron á carga e agora pechan os centros de saúde os sábados. Vostedes cando exploran esto son terribles.

No eido dos recursos humanos vulneran dereitos en materias que deberían de ter un tratamento oportuno, derivado da negociación colectiva, e acordos na respectiva mesa sectorial. Van crear vostedes con esta lei unha grave situación por botar abaixo dereitos do persoal. Vostedes implantan a mobilidade forzosa e o fan encubrindo baixo o termo de adscripción definitiva do posto de traballo. O CES, ao que agora vostedes non lle deixan nin opinar, lea vostede, si, pero o que lle está dicindo é que vostede non lle fan caso. O Goberno...

**A señora PRESIDENTA:** Non dialoguen.

**O señor SANTALICES VIEIRA:**... non fai caso das recomendacións que fai o CES. Están vostedes utilizando perversamente o CES. Neste punto recórdolle que deberían de respectar a normativa básica, como é a que se lle recolle no artigo 36 do Estatuto marco do persoal estatutario, que expresamente di que a mobilidade ha de ter un carácter negociado. Cabe recordar aquí a problemática do Centro Concepción Arenal, que vostedes, aplicando esta lei, xa puxeron en práctica e que lla tivo que paralizar un xulgado. Vostedes nesta lei vulneraron a normativa básica de aplicación a todos os empregados públicos no tocante a nombramentos, carreira profesional, provisión de postos, creación, modificación e extinción de categorías. En definitiva, déronlle unha patada, como dixen nalgunha outra ocasión, no corazón ao estatuto básico do empregado público. Obvian que hai actuacións que unha lei de comunidades autónomas

non pode facer, necesítase para elo unha lei de rango superior.

Dende a responsabilidade que temos de garantir que unha lei –e sobre todo sanitaria– protexa os dereitos fundamentais dos usuarios, fixemos unha serie de emendas para evitar este atropello, e ademais que a presente lei que hoxe debatemos non o poida facer.

Fixemos tres grupos de emendas: unha sobre os dereitos dos usuarios, outra sobre a xestión dos recursos e outra sobre ordenación territorial.

Sobre os dereitos dos usuarios pedimos que se garanta a confidencialidade das historias clínicas, establecendo para elo mecanismos que as regulen. Non pode seguir esto así e que se poda acceder desde calquera punto a unha historia clínica. Pedimos unha mellor información sobre o contido que hai nas historias clínicas, e para elo pedimos que se faga en tres idiomas: galego, castelán e inglés. Nos parece que isto é razoable. Non queremos situacións nas que nós non poidamos atender ben os usuarios por non ter boa información. Recordo o que pasou o verán pasado, cando unha enferma que viña desde Cataluña traía unha historia en catalán e non a entendía nadie. ¡A ver como o médico lle aplicaba un tratamento! Pedimos dereito a acceder ás prestacións que, estando incluídas no catálogo de prestacións, non se realicen na nosa Comunidade Autónoma, por exemplo as elongacións nos temas do crecemento, algo que se está facendo fóra e que ten que ser financiado publicamente.

Pedimos dereito a formular suxestións e reclamacións, habilitando para elo fórmulas oportunas, e que se reconozca tamén como prestación de atención primaria o traballo social. Pedimos a libre elección de enfermeiro ou de enfermeira, e tamén nos parece que isto é algo que si que se podía cumprir. E incidimos en algo moi importante, pedimos garantías de tempos de espera concretas; 45 días por unha consulta e por unha proba diagnóstica e 60 días por unha intervención quirúrgica. Me parece que isto é unha demanda que si que esta lei podía recoller.

Pedimos sobre a xestión de recursos humanos e técnicos a complementariedade dos recursos a través dos hospitales privados, tal e como recolle a Lei xeral de Sanidade, para garantir a universalización e a equidade. Pedimos que se

finalice o Proyecto de integración e homologación do persoal das fundacións e que clarifiquen vostedes a súa idea e os seus proxectos sobre as demais fundacións.

Pedimos que a organización e xestión da saúde pública sexa feita polo organismo administrativo correspondente dentro do Servicio Galego de Saúde, como é a Agencia Galega de Saúde Pública.

Pedimos que na financiación se inclúa a dispersión, o envellecemento e a comorbilidade da poboación. Eu penso que isto é algo importantísimo para a financiación sanitaria.

E no eido dos recursos humanos, pedimos a aprobación por lei dun estatuto xurídico do persoal do sistema público de Galicia oportunamente negociado coa Mesa Sectorial. Pedimos a integración e a homogeneización do persoal que presta servizo en todas as estruturas do servizo público de Galicia e non discriminacións no acceso á carreira profesional, que as hai; non todo o mundo ten posibilidade de acceder á carreira profesional. Pedimos que prevalezan as normas básicas contidas no Estatuto Básico do Empleado Público e no Estatuto marco e que se teña en conta a negociación colectiva para a ordenación, a modificación, a creación e a supresión de categorías. Pedimos, en definitiva, sentido común sobre a ordenación e a xestión dos recursos humanos.

No eido da ordenación territorial concedémoslle especial importancia, e así o pedimos, ás zonas de atención primaria como estrutura básica na cadea asistencial. Vostedes con esta lei fan desaparecer a estrutura fundamental para ordenar a atención primaria, sobre todo en núcleos de poboación importante. E apostamos pola área sanitaria como estrutura unificada de xestión de recursos.

E conclúo, señora presidenta. As nosas emendas tratan de darlles garantías aos cidadanos, algo que vostedes non contemplan nesta lei, porque é unha lei feita de espaldas aos cidadanos. As nosas emendas tratan de dar solucións aos principais problemas da cidadanía: aos tempos de espera, á equidade nas prestacións, problemas que vostedes están provocando a diario coa súa ineficiente xestión. As nosas emendas tratan de impedir o atropello que se pretende facer ao vulnerar os dereitos laborais do principal activo que temos no noso sistema sanitario: os traballadores. Pois quero que

reflexionen sobre esta cuestión e que aproben estas emendas.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

Rolda de grupos parlamentarios de posicionamento sobre as emendas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Ferreiro López.

**A señora FERREIRO LÓPEZ:** Gracias, señora presidenta.

Señor Santalices, crisis sanitaria, deterioro, problemas da lista de espera, sobrecarga asistencial... Sempre o mesmo, sempre a mesma teima que vostede ten, que o único que pretende é alarmar e obsesivamente ir en contra da consellería, en contra desta conselleira, e para eso non se para en medidas e ademais fai un uso do aspecto máis precisado polas persoas e ademais donde se senten máis febles, que é a saúde. A nós realmente eso non nos parece nada lícito nin rigoroso.

Ben, seguindo un pouco coas emendas que presentou o Bloque Nacionalista Galego, decir que hai outras que foron no sentido de mellorar as condicións laborais, como a determinación da xornada laboral para que se teña en conta as cargas de traballo e a asistencia e a presión asistencial, xa que non todos os postos de traballo teñen a mesma, caendo nalgúns casos nalgunhas incongruencias, como pode ser nas unidades especiais, donde se ten unha maior penosidade, onde hai un número de quendas de noite importante, onde hai unha gran presión asistencial, onde hai grandes cargas de traballo, pois incongruentemente son as que teñen uns turnos de traballo, unhas quendas, moito mais penosas, de aí a nosa emenda.

Señorías, as emendas que presentamos, que o Bloque Nacionalista Galego presentou, estiveron feitas dende a rigurosidade, desde o análise e a reflexión. Estiveron todas participadas cos seus actores principais, que son os usuarios e os empregados e as empregadas. As aportamos desde o fondo convencemento de que melloran a lei, así fixemos esas achegas. Tamén agradecer que tiveran eco para poder ser incor-

poradas na lei. As emendas que rechazamos, presentadas polo Partido Popular, rechazámolas porque son contrarias ao noso concepto e proxecto de saúde para o país, son contrarias ao noso concepto de sistema público de saúde para Galicia. Así, rechazamos as de supresión do voluntariado, porque non entendemos esta emenda, xa que no artigo 27.4 régúlaste esta situación do voluntariado, as súas relacións coa consellería, e se establece que o voluntariado ten o seu aspecto sen ánimo de lucro e non pode ter ningún aspecto doutro tipo, e así establece que non pode existir ningún tipo de relación laboral e que nunca van suplir as súas funcións nin tarefas aos empregados e as empregadas, por iso rechazamos esta emenda de supresión que pretendía o Partido Popular.

Tamén rechazamos a emenda que propoñía que se vincularan os hospitais xerais do sector privado á rede pública. Esta emenda para nós pon de manifesto a concepción do sistema de saúde e os intereses que ten o Partido Popular co sector privado. Con esto o Bloque Nacionalista Galego no é nada ambiguo, reconece que os centros privados teñen todo o dereito a existir, pero tamén teñen a obriga de valerse por si mesmos e ter a súa clientela. Non poden existir e medrar para así tanto o sistema público de saúde de Galicia. Esa é a nosa postura, dende sempre así foi e así seguirá a ser, porque nós defendemos que só os servicios públicos poden dar lugar e avalan para acadar a asistencia con equidade e efectividade.

Tamén a emenda que nos parece un tanto descarada –permítame ese calificativo–, onde pretenden garantir que as primeiras consultas e intervención cirúrxicas sexan cun determinado tempo, nun caso de 45 días e noutro de 60. A verdade é que non puxeron vostedes tanto ímpetu na Losga, cando vostedes aí poñían 180 días, e claro, agora pretenden que en tres anos se teña lugar a esperas cirúrxicas a 60 días ou 45 días no caso das primeiras consultas, creo recordar que era así. Entonces, a verdade non podemos aceptar esa emenda. Evidentemente, o Bloque sempre defendeu e seguiremos defendendo a necesidade imperiosa de aminorar estas listas de espera, que non deixan de ser unha carencia, pero desde logo que con outro tipo de alternativas que seguiremos defendendo e nas que creemos, e si se efectivizan darán lugar a esa aminoración.

Tampouco podemos aceptar a emenda coa que pretenden a supresión da integración social dende a perspectiva da asistencia sanitaria, pois para nós o concepto de saúde é un con-

cepto integral que vai moito máis alá, e nese concepto ten que estar a necesaria atención, a promoción, a prevención, a rehabilitación e a reinserción social.

Ademais é curiosa esta emenda, porque...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, moitas grazas.

**A señora FERREIRO LÓPEZ:**... entendemos que se contradice con outras das súas emendas.

Permítame, por favor, dicir que a lei para o Bloque Nacionalista Galego é vital, xa que racha coa Losga, que era unha lousa que no Bloque Nacionalista Galego nos comprometimos a...

**A señora PRESIDENTA:** Moita grazas. Señora Ferreiro, por favor.

Señora Mar Barcón, ten a palabra.

**A señora BARCÓN SÁNCHEZ:** Grazas, presidenta.

Envídiola, dígollo de verdade, de corazón, porque eu non coñezo a ninguén que coñeza máis sinónimos do caos que vostede. Mire, seis minutos, seis, colapso, insuficiencia, mala coordinación, problemas, listas de espera desproporcionada, patada non sei onde... ¡Un desastre! Parecía vostede José María Aznar falando do PP. ¡Dios mío, era unha cousa! Vén vostede de Valencia un poquito así... En fin. Non será para tanto nin o do PP nin o da sanidade, seguramente.

Mire, señor Santalices, eu hai cousiñas que non lle vou a contestar, porque, se lle temos que contestar desde o Grupo Socialista á petición de tempos máximos de espera, tería que unirme aos seus sinónimos e tería que decírllos en privado. Fai falta valor e pouca vergonza, que foi vostede un cargo, que tivo unha vostede unha responsabilidade no anterior Goberno, no Goberno dos 180 días, utilizado como termo xenérico que despois regulamentaron e adiós os 180 días e adiós os dereitos y adiós todo de todo.

Pero, señor Santalices, un pouquiño de vergonza. Mire, decía o señor Romay Beccaría fai 22 anos e dous meses o mesmo que vostede, o mismiño; hai 22 anos e 2 meses. Poden buscar nas actas o debate xeral de sanidade, dicía o mesmo. Se

olvidan vostedes do sector privado, non confían vostedes no sector privado. Si, señor Santalices, confiamos no sector privado, pero confiamos máis no público, ¡home! Pero é lóxico, é lóxico, plantexamos unha lei diferente, cunha organización territorial diferente, cuns sistemas de xestión e de organización diferentes, ao mellor, señor Santalices, porque vimos de lugares diferentes. Aquel día o señor Romay Beccaría non votou a Lei xeral de sanidade, non votou a favor esa lei da que vostede agora tira cando pode e saca...

Recursos humanos, mobilidade. En primeiro lugar, téñolle que dicir que ten que mellorar as súas fontes. Xa levantaron a suspensión cautelar da mobilidade no Concepción Arenal, téñeno que ter mellor informado. Pero bueno, en calquera caso, recursos humanos, mobilidade, mire, o artigo 115 deste proxecto de lei de saúde contempla, efectivamente, mecanismos de mobilidade de persoal sempre que existan relacións de imperiosa necesidade, consulta previa ás organizacións representadas na mesa sectorial, adscrición dos postos de traballo do persoal afectado, que se garanta o mantemento das retribucións, o aboamento das indemnizacións establecidas regulamentariamente, etc. En primeiro lugar, unha urxencia ou unha necesidade do servizo para garantir a asistencia sanitaria; en segundo lugar, negociación; e en terceiro lugar o que vostede di, o que reclama e non reclama; iso, luz e taquígrafos. Por certo, mobilidade forzosa foi o que escribiron vostedes no decreto 206 do 2005, do 29 de xullo, no artigo 31 e 32, da previsión de prazas do persoal estatutario do Sergas. Aí recollían vostedes a mobilidade forzosa.

Por certo, artigo 58 da Losga, da súa mobilidade, excepcionalmente, na forma que regulamentariamente se determine, o persoal dos centros, servizos e establecementos sanitarios do Sergas poderá ser cambiado de posto, localidade ou centro. ¿De que vén a falar vostede agora, falando da mobilidade? ¿De que vén a reclamar vostede agora decindo que vamos a facer unha mobilidade forzosa fóra da área? Mínte, señor Santalices. Mínte como mínteu no dos PAC. Mínte como mínteu, absolutamente. Mínte porque fala vostede sen probas, porque o único que vostede tenta é desacreditar un sistema, e xa llo dixen un día, o único que vostede non resiste é ver como se pode facer sanidade pública doutra maneira.

Non sei que decírlle a iso de que se vulneran os dereitos dos traballadores, señor Santalices. Mire, os dereitos dos traba-

lladores da sanidade vulneráronse cando decenas e centenas de médicos e de persoal sanitario tivéronse que ir de Galicia porque vostede defendía a sanidade privada e porque non atopaban sitio na sanidade pública, porque nin creían nela nin lles daban un futuro. Para esa xente, para eses profesionais sanitarios e para a cidadanía que contempla como se pode facer a sanidade e como se pode afortalar o seu dereito á saúde doutra maneira, está feita esta lei, señor Santalices. Eu entendo que nin vostede hoxe nin o señor Romay Beccaría fai vinte e dous anos e dous meses entenderan nada nin estean a favor.

Moitas gracias.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señora Barcón.

Ten a palabra o señor Santalices Vieira.

**O señor SANTALICES VIEIRA:** Moitas gracias, señora presidenta.

Bueno, con respecto ao que dixo a señora deputada do Bloque Nacionalista Galego das emendas, só se me ocorre decirlle unha cousa. Vostede as emendas é que as que presentou... tirounas. Polo tanto, nada. ¿Como que non? Presenta emendas y despues las más importantes las retira, e agora vén decindo que non apoia. ¿Pero que vai apoiar se vostede as que tiña, que concordaba co... retirounas? ¿A que lle chaman apoiar? ¡Home, por favor!

E señora Barcón, vostede recórdame... Gracias por repasar mercados que se está a ver se o meten vostedes na cabeza, que esto é o que estamos vivindo. Recórdame vostede ao señor Vázquez, cando fala dos socialistas actuais e dos nacionalistas actuais. Acábanmo de recordar aquí. Miren, esta lei non resolve o principal problema da cidadanía; esperas diagnósticas en tempos ilóxicos. Isto é de hoxe, cita para el urólogo a 2010. Isto é de hoxe, 2010, señor Rego. Pense que estamos falando do urólogo para o 2010. ¿Como de quen é o volante? Estamos falando do urólogo. Teríamos que estar todos preocupados, sobre todo os homes. Se nos teñen que mirar no 2010, apañados estamos. Non, non, perdóme, señoría, esta é a cruda realidade. ¿Como que...?

**A señora PRESIDENTA:** Por favor, non dialoguen.

**O señor SANTALICES VIEIRA:** El paciente no sabe de lo que depende, solo depende de que lo vean en el 2010. Si le parece poco, ese es el problema.

Mire, deixen de contabilizar vostedes todo esto como anécdotas, son 300.000 –¡vaia nivelón!, ¡vaia nivelón é o que teñen vostedes coa cidadanía!– pacientes esperando por un diagnóstico. Son moitos, xa llo dixen en moitas ocasións. Son moitos. E ademais esta lei amenaza a equidade no acceso ás prestacións, xa o dixen en varias ocasións e o repito, sobre todo no interior, e poño un exemplo. Na unidade de hemodinámica. Non, non, xa sei que a vostede cada vez que le hablo de la hemodinámica lle entra un certo temblor. É que o asunto vén da seguinte maneira: os enfermos de Orense síguense desplazando a Vigo para facer os estudos hemodinámicos –de Orense a Vigo–, para facer os estudos hemodinámicos. Vostedes están empeñados en non darlle unha saída a esta situación; non lla queren dar. A unidade inda non empezou, inda non empezou, pero vostedes están empeñados, por aquilo de como vamos a utilizar un centro concertado privado, e están negando o que aplican noutra provincia. Si, o que aplican noutra provincia y lo que aplica un antiguo colaborar suyo, don Antolín. Volvemos aquí ao debate de don Antolín. O sea, vostede tiña que reflexionar sobre eso, porque lo están pagando los ciudadanos de Orense, que non teñen equidad neste asunto.

El tema de los PAC. Reafírmome no que dixen. Vostedes fixeron circular un documento, e ese documento contemplaba el cierre no de uno, de 60 pacs. Ese documento nos enteramos desde el Grupo Parlamentario Popular y ustedes momentaneamente doblaron a rodilla, solo momentaneamente, porque eu a vostedes xa os conozco. Así fixeron co peche dos centros de saúde os sábados, dobláronos momentaneamente, pero acaban outra vez de implantar o peche dos centros de saúde os sábados

Vostedes neste –perdóneme que llo diga– non son de fiar, e a cidadanía está empezando a darse conta deso. E van a crear ustedes problemas asistenciales graves, porque, eu insisto, vostedes teñen en mente pechar os PAC, teñen en mente pechar os PAC. E esta será unha situación, desde logo, moi grave.

Mire, vostedes teñen que aclarar que teñen pensado facer coas fundacións, pero ben. ¿Que va a pasar con el MED-

TEC? ¿Que va a pasar con el Ingo, co 061? ¿E que vai a pasar co Centro de Transfusións de Galicia? Ademais recórdolle que vostedes son dos que renegan. A primeira fundación que se crea en España a crea o Partido Socialista en Asturias. E a primeira empresa pública a crea o Partido Socialista en Málaga. Pero vostedes renegan. Non, non, non é que reneguen, vostedes siguen tendo aí ese concepto e agora o que queren botar abaixo é as constituídas polo PP, para facer vostedes as súas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Santalices Vieira.

Moitas gracias.

**O señor SANTALICES VIEIRA:** Non son nesteo vostedes de fiar. Pero a cidadanía terá estes razonamientos que eu acabo de facer en contra.

Nada máis, señora presidenta. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

### **Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do proxecto de lei de protección da paisaxe de Galicia**

**A señora PRESIDENTA:** Mantéñense para o Pleno as emendas do Grupo Parlamentario Popular números 4 a 7, 9 a 18, 20 a 29 e 31 a 41 do documento 29695.

Para a presentación do dictame ten a palabra o presidente da Comisión, o señor Tojo Ramallo.

**O PRESIDENTE DA COMISIÓN 2.<sup>a</sup>, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS (Tojo Ramallo):** Señora presidenta.

Señorías, o proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento cos antecedentes e o preceptivo informe de impacto de xénero o día 10 de abril de 2008, co número 28278. A Mesa do Parlamento, na reunión do 15 de abril de 2008, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, número 535, e a apertura do prazo de presentación de vendas. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou

a súa tramitación pola Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación do Territorio, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

A emenda á totalidade do Grupo Parlamentario Popular, documento 28787, cualificouna a Mesa da Comisión 2.<sup>a</sup> na súa sesión do día 6 de maio e publicouse no Boletín 552. Na sesión plenaria do 27 de maio de 2008 rexeitouse a antedita emenda á totalidade. As emendas ao articulado presentadas, cualificadas pola Mesa da Comisión 2.<sup>a</sup> na sesión do 21 de maio e publicadas no Boletín 558, foron en total 54: 41 do Grupo Popular e 13 dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

Na sesión do 2 de xuño de 2008 a Comisión designou os seguintes relatores. Do Grupo Parlamentario Popular: don Jaime Castiñeiras Broz, titular, e dona Pilar Rojo Noguera, suplente. Do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: dona Laura Seara Sobrado, titular, e dona María del Carmen Cajide Hervés, suplente. Do Grupo do Bloque Nacionalista Galego: dona Ana Belén Pontón Mondelo, titular, e dona María del Carmen da Silva Méndez, suplente.

A sesión constitutiva da ponencia tivo lugar o 4 de xuño de 2008 e nela fixéronse a metodoloxía e o calendario de traballo. Na seguinte reunión, que tivo lugar o día 9 de xuño, analizouse o articulado e debateuse sobre as emendas, e o día 10 do mesmo mes concluíron os traballos.

En relación coa estrutura da lei, consta da preceptiva exposición de motivos e de 14 artigos, dúas disposicións transitorias e dúas disposicións derradeiras. O articulado divídese en catro capítulos. Un primeiro, coas disposicións xerais que recollen o obxecto, os principios inspiradores, as definicións e o ámbito de aplicación. Un segundo, que recolle as políticas de paisaxe e a necesaria cooperación interadministrativa na materia. Un cuarto, cos instrumentos de organización, sensibilización e concertación das políticas do paisaxe.

Sinalar que para un mellor coñecemento dos operadores xurídicos e institucionais prevese unha *vacatio legis* dun mes. O ditame aprobouse na Comisión 2.<sup>a</sup>, na súa sesión do día 13 de xuño de 2008, tendo presentado o Grupo Parlamentario Popular en tempo e forma, consonte ao artigo 119 do Regulamento desta Cámara, o escrito de mantemento de emendas que consta na documentación do Pleno telematicamente, repartida polos servizos da Cámara, emendas



4 a 7, 9 a 18, 20 a 29, 31 a 41. Cómpre pois aprobar, se é o caso, a devandita lei e agradecer o traballo feito en Ponencia e Comisión a todos os compoñentes do mesmo.

Máis nada e moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Moitas grazas, señor Tojo.

Rolda de posicionamento dos grupos parlamentares.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón Mondelo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bos días a todos e a todas.

A pesar de que hoxe estamos no debate final en Pleno e que xa tivemos un debate de totalidade nunha sesión do Parlamento e que tivemos ocasión de debatir na Ponencia e tamén na propia Comisión sobre esta lei, consideramos necesario, a tenor dalgúns debates que tivemos, salienta ou aclarar algún dos aspectos que se recollen na lei que hoxe sometemos a debate final neste Parlamento.

En primeiro lugar, queremos salienta que non estamos ante unha lei de conservación da natureza senón que estamos ante un texto legal que introduce no noso ordenamento xurídico unha perspectiva diferente como é a da paisaxe. E evidentemente, cando falamos de paisaxes non estamos falando só de paisaxes naturais nin unicamente nos estamos referindo a aquelas paisaxes determinadas pola acción da natureza; senón que as paisaxes, e concretamente as paisaxes de Galiza, están claramente determinadas pola acción dos seres humanos. De feito, nós vivimos nun país como Galiza onde non hai unha soa paisaxe que non teña a pegada da acción e da interacción dos galegos e das galegas ao longo da historia. E pensamos que é convinte sinala isto porque este é un argumento que está utilizando reiteradamente o PP, da mesma maneira que clarifica que a definición e o ámbito que recolle a Lei da paisaxe vai nesa dirección. E defínese a paisaxe como calquera parte do territorio, tal e como a percibe a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e interacción de factores naturais e humanos. Polo tanto, recó-

llese con clareza esta visión ampla da paisaxe, da mesma maneira que se concibe a paisaxe como un elemento dinámico e como un elemento no que se expresan as singularidades de cada pobo e a súa maneira de relacionarse e desenvolverse no seu medio natural.

Cremos tamén importante sinala que esta lei chega nun momento oportuno. Temos claro –e xa o temos expresado tamén durante diferentes debates sobre esta lei– de que ao longo das últimas décadas e nun período ademais de tempo moi breve se ten modificado a paisaxe dunha maneira moi forte. E estas modificacións, que modificar unha paisaxe non ten por que ser un elemento negativo, sen embargo vemos como a evolución nalgúns puntos do país non ten redundado nunha mellora da calidade paisaxística, senón que máis ben se ten producido un empobrecemento da súa calidade e mesmo nalgúns zonas se teñen destruído algunhas das nosas paisaxes máis singulares. Sen embargo, tamén reiteramos que temos nunha grande parte do noso territorio elementos importantes da nosa paisaxe que están moi lonxe de poder rexistrar ese nivel de empobrecemento e de destrución da paisaxe.

Con todo, consideramos que é positiva e oportuna esta lei, na que se quere incidir nas políticas de conservación da paisaxe e que nos vai a dar tamén instrumentos, ou lle vai a dar ao Goberno galego instrumentos, para poder recuperar aqueles elementos que están degradados, e, polo tanto, que podamos frenar e recuperar esa tendencia ao empobrecemento e á degradación das paisaxes.

Cremos tamén que a lei contén os elementos básicos e fundamentais para que esas políticas de protección, xestión e ordenación da paisaxe se poidan verificar. Políticas que, por certo, cremos nós que non penalizan a ninguén senón que teñen que contribuír a mellorar a calidade de vida dos galegos e das galegas.

Pensamos que é importante –que eso quede claro– que nós, desde logo, non consideramos que protección sexa sinónimo de perda de valor económico das propiedades. Creemos que hai elementos e casos claros no noso país onde a protección, lonxe de producir unha devalorización, o que produciu foi unha revalorización desos bens. Que se teñen aplicado ademais políticas nese sentido. E pensamos tamén que é importante deixar isto claro porque na Comisión foi un dos argu-

mentos centrais que deixou o Partido Popular; en todo caso, no segundo turno poderemos profundizar, se siguen por esa liña, neste elemento que a nós nos parece importante.

Si é certo –e eso tamén o temos dito en moitas ocasións neste Parlamento– que as políticas de protección e conservación na natureza que aplicou o Partido Popular non tiveron esta perspectiva en conta, non había axudas para as persoas que vivían en territorios protexidos. Pero, en todo caso, eso forma parte da política que outros desenvolveron e non da acción de Goberno que neste momento está a desenvolver a Xunta de Galiza. Polo tanto, para nós esta lei é un punto de arranque válido para iniciar un traballo intenso que nós entendemos que vai a mellorar non só a calidade das paisaxes senón, o que é máis importante, a calidade de vida das persoas que viven neses territorios.

Estamos ante unha lei que en número de artigos é unha lei breve –xa o decía o presidente da Comisión 2.<sup>a</sup>–: 14 artigos, dúas disposicións adicionais e dúas transitorias. Pero cremos que isto non é un elemento que vaia en contra de que a lei sexa completa no sentido de conter os elementos básicos para empezar a traballar nesas políticas de conservación, xestión e ordenación da paisaxe. E estos instrumentos básicos son os catálogos da paisaxe, as directrices da paisaxe, os catálogos que nos van a permitir identificar as grandes áreas paisaxísticas de Galiza e estudar o seu estado de conservación e os seus valores e as directrices da paisaxe que teñen que permitir e determinar os obxectivos de calidade paisaxística. Estes dous instrumentos que ademais van a ser aprobados polo Consello da Xunta de Galiza, nos que van participar diversas consellerías na súa tramitación e que, polo tanto, verifican e concretan tamén na propia lei como son instrumentos onde a transversalidade está presente.

Outros elementos que se recollen son os pactos pola paisaxe, que pretenden concertar tanto coas administracións locais como con entidades públicas e privadas ou con axentes económicos e sociais, actuar en ámbitos concretos para mellorar a calidade das nosas paisaxes.

Están tamén –recóllense nesta lei– os estudos de impacto e integración paisaxística, que van a permitir integrar nos procesos de avaliación ambiental as políticas da paisaxe. Polo tanto, tamén –tal e como aparecen recollidos– van a evitar que a tramitación ambiental se teña que alongar polo feito de

que se teñan que facer estes estudos de impacto e integración paisaxística; senón que, tal e como está recollido, xa se vai integrar todo no mesmo trámite e, polo tanto, non vai a implicar un maior tempo de todo o proceso de avaliación ambiental. E logo, finalmente, aparecen tamén recollidos os plans de acción da paisaxe en áreas protexidas, que pretende que en todas as políticas e as liñas de actuación en espazos naturais protexidos a perspectiva de manter e de integrar a política da paisaxe esté presente tamén neses ámbitos.

Todos estos instrumentos, que, como decía, son os instrumentos básicos da lei para non só analizar a paisaxe senón para intervir na mesma, van a contar co apoio técnico do Observatorio da Paisaxe. Un observatorio que, como todos os que se levan creado ao longo desta lexislatura e tamén de lexislaturas anteriores, se desenvolve vía decreto. E a verdade que nos sorprende que isto sexa un feito que agora ao Partido Popular parece que lle molesta. A nós parécenos que é o lóxico e o normal, e complementa, digamos, toda esta serie de medidas as políticas de formación e sensibilización que pretenden contribuír a fortalecer o respecto polo noso medio e tamén a poñer en valor a importancia que teñen as paisaxes como un elemento cultural e social.

E despois desta explicación, quixera explicar as emendas que o noso grupo presentou, conxuntamente co Grupo Socialista, que creo que son un total de 13, e que están incorporadas xa no texto que estamos debatindo hoxe.

Quixera salientar a primeira delas, que vai sobre a necesidade de corrixir algúns termos que eran termos sexistas. Que se ben non eran en grande cantidade no texto que chegou ao Parlamento, si creíamos necesario pulilos. Dado que nós cremos que nada é neutro e, polo tanto, a linguaxe é neutra e é importante que a linguaxe que se utilice nos textos legais sexa unha linguaxe igualitaria, inclusiva. E que, polo tanto, tamén contribuíamos non só a cumprir coa lexislación, que nos obriga nesta materia a eliminar a linguaxe sexista, senón que tamén sexa un elemento pedagóxico e un elemento educativo para o conxunto da sociedade.

Despois hai un grupo de emendas que a maior parte delas simplemente teñen a aspiración de concretar algúns dos termos ou de pulir algunha da terminoloxía que aparecía no texto que hoxe discutimos, e cremos que ganou en precisión e en concreción. E simplemente resaltar dúas, que para nós

son as máis importantes e as que teñen maior alcance, como é a que propón –e así aparece agora no texto que discutimos– ampliar a dous meses o prazo de exposición pública das directrices da paisaxe. Creíamos que isto era congruente co feito de que tamén nos catálogos da paisaxe este era o prazo de exposición pública, e dado que as directrices teñen un rango normativo de maior concreción e de maior acción sobre o territorio concreto, parecíanos que era importante que houbera un prazo amplo para exposición pública e, polo tanto, para a participación dos distintos actores sociais á hora de sentirse parte e poder expresarse durante a tramitación deste tipo de instrumentos. E a seguinte emenda, que é a emenda número 10, xa que a nós tamén nos parecía que era importante que nos plans de acción de paisaxe en áreas protexidas, cando se fala desas figuras das zonas de interese paisaxístico, non se estableceran con carácter xeral as zonas de interese paisaxístico, tiñan que ter algún tipo de protección, das que aparecen recollidas na Lei de conservación da natureza, dado que cremos que hai que ter en conta que hai zonas que non son zonas naturais que poden ser zonas de interese paisaxístico, e polo tanto non era congruente que eso aparecera no texto legislativo.

No que se refire ás emendas que siguen vivas do Partido Popular, nós seguimos observando ao longo da tramitación desta lei un discurso moi contraditorio por parte do Partido Popular, que tanto no debate en Pleno como no debate que tivemos en Comisión, por unha parte aseguran que esta lei é unha declaración de intencións que non vale para nada, pero logo, acto seguido, nos din que é un cheque en branco ao conselleiro, que vai poder controlar as políticas de ordenación do territorio. Cremos que isto se merece unha aclaración, porque ou a lei crea instrumentos para intervir na ordenación do territorio ou non os crea. É dicir, que algo non serve para nada pero sen embargo lle dá competencias a unha consellería nun ámbito tan importante como ordenación do territorio, bueno, pois nos parece que é unha contradición que, en todo caso, pensamos que responde máis a un xogo político do Partido Popular que á realidade dos feitos e da lei que hoxe debatimos. Isto logo ten o seu correlato en que hai unha cantidade moi importante de emendas que presenta o Grupo Parlamentario Popular que son basicamente a mesma, e que supón cambiar Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sustentábel pola consellería con competencias en materia de ordenación do territorio. Aínda non se nos dixo por qué isto ten que ser así, cal é o motivo de por

qué entenden vostedes que é moito mellor que sexa esa consellería quen xestione as políticas en materia de paisaxe. A nós, desde logo, parécenos que nunha materia transversal, na que se están aplicando políticas de desenvolvemento sustentábel, ten sentido que a Consellería de Medio Ambiente, que é impulsora desta lei, teña unhas competencias amplas neste abano. De todas formas, o que si xa nos parece un argumento politicamente delirante é o que deran continuidade aquí a esta guerra interna ou a esa especie de obsesión que teñen todas as consellerías coas competencias en materia de ordenación do territorio, un argumento que nos parece que é, desde logo, delirante.

Nós cremos tamén que hai que ter moi claro –e isto desmonta algunha das mensaxes que está lanzando o Partido Popular– que, efectivamente, isto é unha materia onde interveñen moitas consellerías e, evidentemente, como a maneira de poder coordinar toda esa participación está clara en todos os ámbitos e fundamentalmente nos catálogos e directrices da paisaxe que van ir ao Consello da Xunta, onde previamente van ter que participar na súa elaboración con informes preceptivos diferentes consellerías.

Da mesma maneira que pensamos que sigue tendo sin sentido moitas das emendas que se manteñen vivas neste debate, como son a número 6 e a número 13, que fan referencia ás cartas da paisaxe, seguimos insistindo, non sabemos cal é a diferenza entre o que vostedes propoñen e o que xa aparece recollido no texto, como son os pactos da paisaxe, que non hai absolutamente ningunha diferenza, e mesmo tamén veremos aproveitar para pedirles que fixeran algunha corrección nesas emendas, porque resulta moi rechamante que vostedes, por exemplo, é evidente que unha emenda que copiaron do propio texto da lei catalana nin tan sequera se deran conta que unha figura como son os consellos comarcais no ámbito galego non existe, si existe en Cataluña esa figura e está regulada por Lei, e sen embargo vostedes métena aquí nas súas emendas sen que isto exista en Galiza. Creo que é un síntoma de como se tomaron a súa participación nesta lei.

Tamén nos gustaría que se nos explicaran todas as emendas que se fan respecto da exposición de motivos, na que basicamente o que piden é suprimir parágrafos da exposición de motivos sen ningún tipo de texto alternativo, e algún, desde logo, moi rechamante que agora mesmo non me dá tempo a ler.

En definitiva, o noso grupo apoia e vai apoiar neste trámite este proxecto de lei. Facémolo, desde logo, coa convicción de que esta lei é unha aportación positiva, que abre vías para incorporar as políticas de paisaxe na acción do Goberno galego, que é un obxectivo loable o de actuar para conservar e mellorar as nosas paisaxes, entendéndoas desde a súa diversidade e a súa singularidade, que son, en definitiva, elementos que forman o que confirman...

**A señora PRESIDENTA (Paz Antón):** Señora Pontón, ten que ir rematando.

**A señora PONTÓN MONDELO:**... –remato, señora presidenta– como dicía, hai que conservar as nosas paisaxes. Tamén, en certa maneira é coidar e conservar algúns dos sinais de identidade que como pobo diferenciado nos caracterizan.

Pola nosa parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Moitas grazas, señora Pontón Mondelo.

Polo Grupo Parlamentar dos Socialistas, ten a palabra a señora Seara.

**A señora SEARA SOBRADO:** Moitas gracias, presidenta.

Señorías.

Conselleiro.

Remata hoxe aquí o periplo parlamentario desta lei, e antes de comezar a miña intervención quero dar as grazas a toda a Comisión 2ª, de xeito especial á Mesa. e moi especialmente ao seu presidente. Quero tamén dar as grazas á componente desta lei, xunto comigo, a señora Carmen Cajide, e desde logo dar as grazas dun xeito tamén moi especial a todos os servicios da Cámara polo seu traballo, por permitir que esta lei... Por axudar, non por permitir, por contribuír e axudar a que esta lei se estea debatindo neste Pleno.

Un periplo e un percorrido parlamentario no que se aportaron emendas por parte de todos os grupos e no que moitas delas, moitas destas emendas, foron aceptadas ou transaccionadas, concretamente lle vou dicir entre o BNG e o Partido Socialista. Llo dixo a señora Pontón, presentamos 13

emendas. Desas 13 emendas, 12 foron aceptadas e unha delas foi transaccionada. Emendas múltiples de todo tipo, que creo que melloran a calidade do texto; emendas que fan referencia, efectivamente, a esa eliminación da linguaxe sexista, que, aínda que era escasa, había algúns termos que non eran os adecuados e se cambiou. Unha emenda técnica que se aprobou durante o debate en Ponencia, como é que o Observatorio Galego da Paisaxe ten unha presenza equilibrada de homes e de mulleres na súa composición. Emendas que melloraron tamén os artigos referentes ás directivas, polo que se amplían os prazos de exposición pública. Emendas que recollen con máis forza, quizais, o papel de todas as administracións no desenvolvemento desta lei, pero tamén as presentadas polo Partido Popular.

O Partido Popular presentou 41 emendas, algunhas repetidas, repetidas porque facían referencia á mesma cuestión, que era retirar, onde poñía Consellería de Medio Ambiente, por Consellería de Política Territorial. Deberon presentar vostedes en torno a dez emendas dese calibre, non eran emendas de calado, simplemente era a mesma emenda en varios dos seus artigos, e vostede o sabe ben. Desas emendas, ademais, unha a retiraron, unha se aceptou e catro foron transaccionadas con aportacións importantes, o resto sabe vostede que foron rexeitadas. Ademais, señor ponente do Partido Popular, completamente desmontadas, non rexeitadas porque si, senón que creo que tanto a representante do Bloque Nacionalista Galego como eu mesma lle demos razóns máis que suficientes para que así fora. En todo caso, falarei máis delas na réplica, seguramente, se vostede sigue cos mesmos argumentos á hora de defender estas emendas que mantiveron para que chegaran ata aquí, ata o debate final da lei.

Por tanto, estamos, en todo caso, ante unha lei que naceu cunha clara vontade negociadora por parte dos grupos que sustentan a acción do Goberno, unha clara vontade negociadora que ademais tamén foi trasladada polo propio Goberno, polo propio conselleiro de Medio Ambiente, cando foi presentada a lei no Pleno. Ante unha lei, ademais, que pretende non só poñer en valor e protexer as paisaxes facéndoas compatibles co desenvolvemento económico e coa calidade dos entornos, por certo, cuestión que queda claramente reforzada cunha emenda que vostede presenta e que transaccionamos os tres grupos parlamentarios, senón que tamén é unha lei que pretende unha contribución á definición –llo dicía a

señora Pontón moi ben— da nosa identidade como pobo. Unha lei que ademais nace coa clara vontade de mellorar a calidade de vida da xente, a calidade de vida das persoas.

Todas e todos sabemos, seguro que vostede tamén, que nas últimas décadas as nosas paisaxes soportaron procesos de degradación extrema. Probablemente, a esta situación contribuíron moitísimos factores. Por unha banda o desorden urbanístico, por outra o abandono importante, en determinadas zonas do rural, da actividade agrícola e da actividade gandeira. Por outra, o impacto tamén —por qué non dicilo— dalgunhas infraestruturas ou outras actuacións. E tamén, bueno, pois contribúe a degradación tamén dalgunhas zonas urbanas, da masificación dalgunhas zonas urbanas. Por elo este texto legal, que é un texto legal integral e é un texto legal integrador, establece, por unha banda, a propia protección da paisaxe, esto o falamos con moita claridade durante o seu debate en Ponencia e tamén na Comisión, para que a preservación dos bens paisaxísticos teñan un réxime xurídico propio, que non só garanta, en todo caso, a súa conservación, senón tamén a súa protección ante calqueira alteración.

Por outra, recolle a xestión da paisaxe, a posta en marcha de instrumentos e de medidas de mantemento e de reparación, un claro obxectivo de conservación.

E por outra, por suposto, tamén contempla a súa ordenación, a ordenación da paisaxe cun tratamento, como lle dicía, integral.

Miren, tal e como di o propio Convenio europeo da paisaxe, que foi asinado na cidade italiana de Florencia no ano 2000, que ademais da importancia que ten este texto, é o texto inspirador desta lei que hoxe debatimos, a paisaxe contribúe á formación da nosa cultura, é un elemento importante da calidade de vida en todas as partes, en todos os medios, sexa medios urbanos ou sexan medios rurais, teñan zonas degradadas ou de gran calidade, en espazos de gran beleza ou mesmo en espazos cotiáns que nos pasan habitualmente desapercibidos.

É por isto que tamén se recollen nesta lei galega as medidas de protección, xestión e ordenación abarcando todas as paisaxes, non só aquelas —que eu creo que foi un erro conceptual do que o señor portavoz do Partido Popular, o señor ponente da lei, partiu desde o principio do debate desta lei— dignas de ser conservadas polas súas cualidades. Este é un

dos valores máis importantes deste texto legislativo que hoxe esperemos que salga aprobado desta Cámara.

Por outro lado, a lei non só prima a función protectora da Administración respecto á paisaxe, como lle dicía, en ámbitos privilexiados, senón que a función reparadora está pesente tamén para estes espazos degradados. Cando a lei entre en vigor, todo debe ser tido en conta. En principio e a priori todo vai ser paisaxe, vai a primar unha filosofía normativa dinámica da paisaxe, non vai primar unha filosofía elitista, cunha norma elitista, como dicen os xuristas. Non, a filosofía é completamente distinta, vai a primar unha visión do proceso de renovación, de transformación, pero ao mesmo tempo esta visión vai ser unha visión de permanencia, porque ten unha visión clara —non podía ser doutro xeito— de conservación e demais desta intervención.

Por eso, señorías, eu creo que só por estas razóns esta lei merecería ser aprobada coa unanimidade de todos os grupos, porque ademais —e aquí coincidirán comigo— estamos ante unha lei conciliadora, non é unha lei contra nada, non é unha lei contra nadie, é unha lei integradora, como lle dicía antes, unha lei absolutamente integradora, unha lei participada, e vostede o sabe ben. Ademais de que chega a esta Cámara cun consenso, é unha lei que foi debatida, unha lei na que se escoitaron os axentes sociais, se escoitaron as administracións, pero unha lei participada, vai ser desenvolvida por todas as administracións públicas, polas consellerías, que son case todas, que teñen algo que dicir respecto á paisaxe; polos concellos, polas organizacións, polas persoas, señor Castiñeiras, unha lei participada polas persoas, porque é precisamente unha lei para mellorar a vida das persoas, é unha lei cun marcado interese social.

Eu creo que aquí —volvo insistir, permítame que sexa ao mellor un pouco insistente nesta cuestión— é onde creo que non pillaron ao mellor o fío, a filosofía e os valores principais do que se quere facer coa aprobación desta lei. Mire, ningún, ningún, ningún ten dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio, e toda a cidadanía, toda a cidadanía, debería ter o dereito a disfrutar dunha paisaxe de calidade. ¡Claro que si!, onde vivimos importa, e como vivimos tamén importa.

Estos valores, están profundamente pegados ao ideario do Partido Socialista, ao noso ideario, ao ideario do Grupo

Socialista, e nós, como socialistas, estamos profundamente orgullosos de defender a un goberno que aplica estes valores, ¡profundamente orgullosos!

Miren, eu vou centrarme agora nun plano máis práctico, porque ao mellor o entenden con máis claridade. O ámbito das ideas ou dos valores ás veces coinciden, seguramente, entre nós e vostedes, pero outras moitas veces non, pois se quedan un pouco ao lado. Agora podemos falar xa de cuestións máis prácticas. Galicia precisaba dun marco normativo específico que aglutinara todas as circunstancias que concorren en torno á paisaxe, xa llo dixen en diferentes debates que tivemos. Galicia necesitaba subirse ao carro dos territorios máis avanzados en materia de paisaxe no conxunto do Estado, territorios como Cataluña, Andalucía, o País Valenciano... Si, si, si, Andalucía o ten, non ten o rango de lei pero si o ten. Debería vostede saber que hai un centro a través dun convenio entre as universidades andaluzas e o propio Goberno andaluz. Pero, en todo caso, hai un marco co que traballa. Tamén en Europa con países avanzadísimos que levan anos traballando esta cuestión, mesmo antes do asinamento do Convenio Europeo da Paisaxe, Países como o Reino Unido, como Alemaña e como Francia, como Italia ou como Suíza, mesmo como Estados Unidos, que ten curiosamente unha lexislación moi avanzada respecto á protección da paisaxe. E necesitaba subirse, señor Castiñeiras, a este marco de referencia tan importante como é o Convenio de Florencia, o primeiro texto xurídico europeo, de aí a súa importancia, pensado conxuntamente e co obxectivo de poñer en valor este ben común.

A lei, tal e como establece o convenio –xa llo dixen antes–, desenvolve instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe, ademais dos plans de acción en áreas protexidas como instrumentos adaptados á realidade galega. É certo, vostede nas súas emendas incorpora outros que se recollen noutros textos, noutras leis, incorpora outros elementos que están, efectivamente, na lei valenciana ou na lei catalana. Fixo vostede un corta pega, fixo vostede un corta pega. Despois critica que esta lei é unha mala copia da catalana, pero fixo vostede un corta pega coas súas emendas, en todo caso, sen ter en conta en absoluto a realidade do territorio galego, que non é igual que a realidade do territorio catalán ou que a realidade do territorio vasco ou do territorio valenciano, con características tremendamente distintas, e vostede o sabe. É unha paisaxe mediterránea ou unha pai-

saxe atlántica. Vostede sabe perfectamente que nin as necesidades son as mesmas nin as características son as mesmas, polo tanto, a figura esta que incorpora vostede de idade da paisaxe e demais, podemos se quere despois falar na réplica, pero, en todo caso, ese corta pega a nós non nos vale.

E claro que si, esta lei incorpora a figura da paisaxe protexida. E aquí me quero volver a deter porque o falamos e o debatimos e lle dixemos a diferenza que había entre unha lei da paisaxe e simplemente protexer a paisaxe, e vostede insistiu, porque insistiu a través de roldas de prensa, insistiu en múltiples intervencións que tuvo. En todo caso, unha cousa é a paisaxe protexida, señor Castiñeiras, e unha cousa moi distinta é o que se propón na lei da paisaxe. Unha paisaxe protexida tal e como recolle xa a lei que aprobaron vostedes, a Lei galega de conservación e a Lei de biodiversidade, que foi aprobada no ano 2007 polo actual Goberno do Estado, non vai máis aló da preservación dun espazo singular de recoñecido valor paisaxístico; que está ben, pero non ten nada que ver. Outra cousa distinta é o que se recolle aquí, outra cousa distinta é o que pretende o Convenio Europeo da Paisaxe e o que se traslada aos estados membros que asinaron no Consello de Europa ese convenio e que se está desenvolvendo por parte dalgúns comunidades autónomas. Non ten nada que ver. O que pretende esta lei é otorgar un recoñecemento xurídico á paisaxe, e isto non existía, nin existe na Lei de biodiversidade do Estado nin existe na Lei de conservación da Xunta de Galicia.

Esta lei tamén pretende facer estudos e investigacións. É unha aposta pola educación e pola sensibilización en materia de paisaxe. Falamos tamén nesta lei de acadar un entendemento coa cidadanía, de establecer instrumentos para que a paisaxe sexa recoñecida como tal, a través, por exemplo, dos catálogos da paisaxe que quedan perfectamente definidos como documentos de referencia para delimitar as grandes áreas paisaxísticas e que incluírán un inventario dos valores paisaxísticos de cada área. Ou como as directrices da paisaxe, que van a precisar a calidade para cada paisaxe e as accións específicas a levar a cabo.

Ademais sabe vostede que van incluír normas para a definición dos plans urbanísticos e sectoriais e que van a ter un carácter vinculante para os instrumentos de planificación sectorial e para os instrumentos de planificación urbanística. E isto é do que fala esta lei. Isto que fixen agora un repaso

rápido, que fixo antes a miña compañeira, a señora Pontón, é realmente do que trata esta. Por eso a miña preocupación de se se fixo ou non se fixo –e non llo digo por mal, enténdame ben–, qué outras razóns hai para non entender realmente cales son as pretensións e os obxectivos claros. Porque o demais, señor Castiñeiras, son ganas de cizañar, son ganas de confundir e son ganas probablemente de xustificar un voto negativo ante a falta de razóns reais para facelo.

Eu espero, e llo digo de todo corazón, que ese espírito de Valencia, que é do que veñen seguramente impregnados, pois prime hoxe tamén aquí. E llo digo a todas as señorías, non só ao portavoz de medio ambiente. Porque é certo, non hai razóns reais neste momento para non dar un voto positivo a esta lei, e despois xa se verá como se desenvolve. Llo dicía antes a señora Pontón, esta lei necesita de regulamentos, a lei ten que ser regulamentada. Claro que si, claro que necesita fondos como todas as leis. As leis, cando se aplican, incluso poden ser desenvoltas a través de diferentes plans, claro que si, señor Castiñeiras. Pero o marco normativo, o texto xurídico, é un texto potente que mellora neste caso a situación do país.

Miren, vostedes esto que están facendo o fixeron outras veces. Lanzaron mensaxes de alerta á cidadanía, intentaron confundir con mensaxes case apocalípticos en lugar de explicar que ademais hai determinadas actividades económicas que van a dar crecemento a estas zonas, mesmo a través da xeración de emprego.

Hai outros aspectos importantes recollidos –non me dá tempo, presidenta–. Un é o carácter das paisaxes transfronterizas, tan importante en Galicia e que aquí está recollido. E outro –xa lle falei del– é a creación deste observatorio, que vai a ser un claro referente, con carácter integral e transversal moi importante.

Pero eu remato. Xa o dixemos, e hoxe o quero volver a repetir, esta cultura e esta relación entre as persoas e o medio que se incentiva desde esta Lei da paisaxe vai a ser un elemento que vai a contribuír a loitar contra a degradación do territorio. Porque se a paisaxe define e identifica unha terra, coido que o esforzo que se realizou neste Parlamento vai axudar a protexer estas señas esenciais na vida dun pobo.

Gracias, presidenta.

Coido, señor conselleiro...

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Moitas grazas.

**A señora SEARA SOBRADO:**... que esta é unha boa fórmula para contribuír...

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Moitas grazas.

**A señora SEARA SOBRADO:**... a unha nova cultura do territorio que está apoiando este Goberno. Conta con todo o apoio do Grupo Socialista.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Gracias, señora Seara.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentar Popular, o señor Castiñeira Broz para defender as súas emendas.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Señorías, dadas as circunstancias, eu quixérame sumar á petición do compañeiro meu, o señor Santalices, en donde solicitamos un pronunciamento da Mesa sobre a conveniencia de que unha persoa condenada por delito... *(Aplausos.)* ...de faltas na súa actuación política presida este Parlamento en estes momentos.

Creo, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* señorías, espero que o ideario socialista participe desta opinión.

Moitísimas gracias.

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Señor Cerviño, pídlle que garde silencio, igual que o resto das señorías.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Señorías...

Bien.

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Señor Cerviño, vou ter que chamarlle á orde. Pídlle, por favor, que garde a compostura.

Continúe, señor Castiñeira.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Gracias, señora presidenta.

Señorías, estamos ante un proxecto de lei que, desde logo, desde o Partido Popular o calificamos anteriormente e o seguimos desgraciadamente calificando de escaso, pouco ambicioso e vacío. A señora Seara mesmo o recoñecía agora ao dicir que o aprobemos e despois xa veremos o que pasa. É dicir, démoslle un cheque en blanco ao señor conselleiro, que xa o encherá el de contido á súa medida. Eso parece que é o que se pretende.

Non hai nin moito menos confusión no Partido Popular da diferenza de protección, unha protección, seguimos insistindo, medioambientalista, que é do que se trata aquí, o que leva esta lei, en relación ao que se establece no Convenio Europeo da Paisaxe. É moi diferente. O único que figura do convenio europeo son catro definicións, incluída a definición de paisaxe, que é donde se fala do que é realmente a paisaxe global, por así dicilo, donde se inclúe non só o punto de vista medioambiental senón tamén o punto de vista urbano, periurbano, marino, etc., do que debe de ser a paisaxe. Do que debe de ser unha lei de protección, pero tamén do que lle falta, hasta o título lle falta: ordenación e xestión. Porque nós entendemos a paisaxe integral, por eso dicimos que é unha lei vacía. Queda á medida do señor conselleiro para facer o que lle dé a gana despois vía decreto, vía regulamentaria. É máis. eu diría que estamos, se esta lei se aproba así, señorías, facendo unha delegación da función lexislativa en favor dunha consellería. Eso é así. Señorías, nosoutros pedimos unha reflexión, unha reflexión sobre esta lei, sobre o que aquí se fai.

Eu quixera preguntar ás súas señorías como se pretende facer recuperación de espazos degradados se non hai un só compromiso dun euro. Como se pretende recuperar esos espazos degradados, como se pretende compensar a esa xente... (*Aplausos.*) Como se pretende compensar a esa xente que se vai a ver claramente afectada cando se fagan as declaracións específicas de interés paisaxístico, das zonas de interés paisaxístico, como se pretende compensar.

Nós dicíamos, e eu dicía, que era unha expropiación encuberta, e sigo pensando o mesmo. Unha protección que non xera un valor añadido, que neste caso o único que xera é un valor deducido, non xera un valor añadido, porque non hai nin incentivos nin financiación nin ningún proxecto previsto para compensar esas zonas. Polo tanto, señorías, eso leva consigo unha merma no valor, é unha expropiación encuberta.

Esta lei hai que dotala economicamente, e mentres non se faga así estamos lexislando no aire. Hai que pensar que detrás desta normativa que aquí se vai aprobar hoxe hai persoas, persoas que viven nesas zonas que se van a ver afectadas claramente.

Pero tamén, se a lei fora como é debido e fora ampla como nós pretendíamos e pretendemos, habería zonas que realmente se verían beneficiadas polos planes ou as actuacións que se fixeran para recuperar paisaxisticamente. Porque para paisaxe o mesmo son os Cañóns do Sil ou a Ribeira Sacra ou a Costa da Morte que as vistas que se ven desde o adarve da Muralla de Lugo, que tamén merece unha protección e unha atención. Ou as vistas desde o Castro de Vigo ou desde as pontes desde Ourense, que se ven no río Miño, ou os cantóns da Coruña. ¿Que pasa, que non forman un paisaxe todas as galerías? Pois si, si o forman, pero esta lei non o contempla para nada. ¿Por que? Porque o señor conselleiro de Medio Ambiente non ten competencias en Ordenación do Territorio. Porque esta lei, igual que se fixo nas outras comunidades autónomas de España, debería de tender a estar encardinada desde Ordenación do Territorio. Porque desde Ordenación do Territorio se faría unha política global e, por suposto, coa participación de todas as demais consellerías, non sóo unhas cuantas que se mencionan.

Oiga, que Medio Rural ten moito que dicir neste, que Industria ten moito que dicir, que Pesca ten que dicir, etc. Pero non, parece ser que aquí o único que conta é quen vai, mentras quen vai decidir as áreas de protección, etc., vai ser o señor conselleiro que se senta aquí.

Si, ¿por que? Fálase do Observatorio Galego da Paisaxe, moi ben, que terá a condición que estime oportuno o conselleiro. É dicir, un chiringuito á medida do conselleiro. E fála-se aquí de que as directrices e os catálogos da paisaxe se aprobarán polo Consello da Xunta. ¡Sóo faltaría!

Pero é que eu quéro lle recordar que o decreto Hábitat tamén se aprobou polo Consello da Xunta e miren a desfeita que montaron con el, que mitad do Goberno non estaba de acordo coa outra mitad. (*Aplausos.*) É dicir, ¿a que xogamos aquí?, ¿a que xogamos?

Señores, retomemos realmente e falemos en serio. Eu sei que a vostedes gústalles descalificar as propostas dos demais



e despois piden o consenso de Valencia ou o espírito de Valencia. Mire, nós o espírito de Valencia a esta Cámara trouguémolo desde o primeiro día, porque vai, señorías, co Partido Popular. Vai con eso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ao mellor tiñan que falar vostedes con don Pepe Blanco ou algúns máis e ver o espírito del. Pero mire, das leis que uste- des trougueron aquí verían que houbo aportacións serias dos deputados deste lado, e miren ustedes e repasen cantas se aprobaron co apoio do Grupo Popular e miren para atrás e vexan cantas se aprobaron co seu apoio, e verán ustedes que- nes son os intransixentes e quenés son os que pouco partici- pan ou cizañan, señora Seara, como dicía vostede.

Mire, a nosa obrigación, a nosa obrigación como deputados, a de todas e todos, e a dos do Partido Popular, é defender e velar polos intereses de todos os galegos. Por eso lles dicía que detrás destas decisións desta lei hai personas que viven aí. E así foi unha emenda que é unha das poucas que foi transaccionada, unha emenda feita polo Grupo Parlamentar Popular donde pedíamos que se tivera en conta o desenrolo económico e social das xentes, das persoas que viven nesas zonas que van a ser declaradas de interés paisaxístico. ¿Por que? Porque esas xentes son as que mantuveron esas zonas e teñen dereito a seguir vivindo alí, non sólo estar ao servi- cio dos que vaíamos de paso a esas zonas ou teñamos a sorte de disfrutar desas zonas, da beleza das mesmas. Eso é para todos, e polo tanto todos debemos de pagar.

Nós presentamos no seu día emendas aos orzamentos da Xunta pedindo precisamente que se fora axudando nesa liña. E así o facemos, e o facemos nesta lei. As emendas que nós presentamos aquí, un gran número delas, van no sentido de pedir financiación para poder axudar. Pero é que non o di o Partido Popular, é que o dice, hai un informe negativo do CES que se dice participación social, pero ¿e logo o CES que é máis que un órgano de participación social? En donde fai un informe negativo hacia esta lei que dice que hai unha multiplicidad de lexislación e incluso pode haber nalgún caso inseguridade xurídica hacia o cidadán.

¿Por que non se fai caso desas recomendacións? ¿Por que non se fai caso das recomendacións aprobadas no Consello de Ministros da Unión Europea o día 6 de febreiro –este 6 de febreiro pasado–, en donde recomentan claramente e dicen

que debe de haber, se debe de fomentar para a protección real da paisaxe, se debe de fomentar mediante recursos e financiación? Fala da creación de fondos. Non é sólo a lei catalana, Europa tamén está pedindo eso. Creación de fon- dos e aplicación de incentivos directos ou indirectos a esas zonas. Incluso vai máis alá e fala de que como hai algúns países xa na Unión Europea que está funcionando, destina- ron porcentaxe das grandes obras ou equipamentos públicos dirixidos hacia a preservación da paisaxe. ¿Por que non se contempla algún aspecto deste tipo nesta lei? Porque non se quere. Porque é unha lei vacía, oca. Non hai un euro previs- to de financiación. É un brinde ao sol, señor conselleiro.

Eu comprendo, eu sei, estou seguro, que vostede intentou facer un esforzo e intentou recadar financiación. Pero, loxi- camente, por esta banda posiblemente lle dixeran que non. E é o que hai. Entonces, tristemente, de verdade, espero e me gustaría que aceptaran as emendas do Partido Popular. Alguen as descalifica como un corta e pega, pero señorías, o que é realmente un corta e non pega é este proxecto de lei que se trae aquí. Porque é unha copia total... –bueno, total xa quixera–, é unha copia parcial da lei catalana mutilada –dici- amos no seu día e cada vez estabamos máis convencidos– donde todo aquilo que se especificaba se eliminou e todo aquilo que supoñía financiación se borrou dun plumazo o capítulo, e o resto en lugar de Ordenación do Territorio pasa a Medio Ambiente. Eso é a lei, señorías, que aprobamos aquí ou que van aprobar vostedes.

A nós, de verdade, nos gustaría votar a favor desta lei. E pedimos que se reflexione e que se reoriente esta lei, que se reoriente este texto, porque temos tempo. Non hai tanta urgencia en facela, esta lei leva menos dun mes de trámite. Chegou unha xornada de Ponencia e aí se tramitou todo. Incluso chegou a dicir a señora Seara que se dera moita par- ticipación. ¡Oia! Mire, as últimas emendas se dixo: “esto non, esto non, esto non, esto non”. Nin as miramos. “Esto non, esto non, esto non, esto non” Eso foi o que se fixo. Non, a mesma non. Todo o capítulo de financiación, toda unha serie de apartados que se ampliaban, etc., non era o mesmo, señora Seara, non era o mesmo. A nós, de verdade, nos gus- taría –e pedimos que se reflexione polo ben de Galicia e polo ben de todos os galegos– que se faga unha lei donde se con- temple financiación e que se faga unha lei ambiciosa. Non nos quedemos a medias nunha lei que o único que vai a ser- vir é para incrementar a burocracia, para impoñer trámites,

porque non serve para outra cousa, señor conselleiro. A menos, queda para o futuro desenrolo do señor conselleiro o Observatorio galego e outra serie de cuestións que aquí se plantexan, pero concreción ningunha. ¡Como se van a facer e quen é o que vai decidir aquelas zonas do territorio galego que precisen da declaración de impacto paisaxístico máis alás das que figuran e nas que sexa preciso a declaración de impacto ambiental! ¿Como se definen? Porque eso queda a decidir posteriormente. Pero nosoutros vamos a votar hoxe esa lei. E vamos votar para que vostede despois, ao seu albedrío, faga o que queira.

Señor conselleiro non nos diga eso. Confiamos en vostede. Despois de tres anos foi incapaz nin un sólo metro cadrado de territorio galego de protexer, imaxínese se confiamos en vostede. Imaxínese que gasta máis en publicidade, día tras día, que o que vai invertir en protexer a paisaxe. ¡Imaxínese se confiamos en vostede! Incluso na propaganda licita 20 depuradoras cando xa van 14, pero xa as licitou. ¡Fíxese vostede se confiamos! E seguro que confiamos aínda que sen un euro de financiación seguro que se van recuperar espazos degradados. Ao mellor si. Ao mellor se fala. Ao mellor temos ata sorte e hai inversións en Ourense ou en Lugo para eliminar as antenas de televisión e que haxa un aspecto que desgraciadamente en este momento sería moi desexable que mellorara moito, pero o aspecto desde un monumento romano noso e declarado patrimonio poidamos ter unhas vistas máis agradables, unha paisaxe máis agradable. Ao mellor ata temos sorte e vén financiamento a través da lei. ¿Donde está ese financiamento? Señorías, estamos a falar e sigo insistindo, dun punto de vista medioambientalista, porque é o único que pode facer a Consellería de Medio Ambiente, unha lei vacía, sen recursos, e desde logo ao Partido Popular nos gustaría que realmente se retomara a cuestión, se tiveran en conta as recomendacións do Consello de Ministros de febreiro, donde se fala claramente de incentivos e de financiación. Que se fixera unha lei ambiciosa que abarcara todo o territorio realmente, non só na definición de paisaxe senón que abarcara realmente todo o territorio. Unha lei incardinada en Ordenación do Territorio como está na Comunidade valenciana e como está en Cataluña, e de verdade poden contar con nosoutros para traballar en ese sentido en mellorar os aspectos desta lei e que non sexa unha lousa pesada para moitos dos nosos veciños galegos.

Moitísimas gracias. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

Turno de réplica. Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

*(O señor Aymerich Cano pide a palabra.)*

¿Que quere, señor Aymerich?

**O señor AYMERICH CANO:** Pido a palabra en virtude do artigo 76.3 porque penso que o deputado que acaba de intervir fixo alusións que afectan á dignidade desde grupo parlamentario e dos seus deputados.

**A señora PRESIDENTA:** Me vai a perdonar, pero a quen afecta é a Mesa do Parlamento.

**O señor AYMERICH CANO:** Afecta á Mesa do Parlamento e a unha deputada deste grupo e a unha persoa que forma parte da Mesa do Parlamento a proposta deste grupo.

**A señora PRESIDENTA:** Me vai a perdonar, non lle vou a dar a palabra.

Vamos a proseguir. O único que lle podo dicir é que non hai precedentes de que a Mesa do Parlamento se pronuncie en relación con ningún membro do Parlamento, nin sequera cando foi anulada polo Tribunal Constitucional un acordo dunha Mesa con maioría do Partido Popular que vulneraba os dereitos fundamentais de todos os deputados desta Cámara.

Polo tanto, como non hai precedentes, vamos a seguir co Pleno, se me fai o favor.

Moitas gracias, señor Aymerich.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, señora presidenta.

Eu creo que en política non vale todo e creo que algunhas actuacións que ten o Partido Popular durante estes tres anos nos que está na oposición e tamén algunhas que tivo cando está no Goberno din que vostedes sentido da ética teñen pouco, e desde logo sentido da dignidade e sentido de dar exemplo en nada deste tipo creo que non son profesores, senón máis ben noutro tipo de actuacións que deixamos para vostedes.

Como tamén me parece que di moito de quen fala en nome dun Grupo Parlamentario que pacta uns tempos para unha Ponencia, que non din en ningún momento vamos a tomar nos esta lei con máis calma porque nós temos vontade para poder apoiála, porque creo que eses non foron os termos nos que debatemos esta lei, senón que xa parten dunha posición prefixada e mesmo piden apurar a tramitación da Ponencia, que agora veñan facendo aquí gala de que hai pouco tempo para debater unha lei, sinceramente, paréceme que é moi exemplificativo de como se toman vostedes, con que rigurosidade, con que seriedade se toman vostede so traballo que fan. Porque, insisto, pactamos os prazos da Ponencia coa participación activa do Partido Popular, que estaba encantado con que a tramitación desta lei fora cos prazos nas que foi. Polo tanto, non entendo por que se vén agora a decir que aquí se quería que a lei tivera máis tempo, porque eso foi así. E ata adiantamos e favorecemos que a lei se tramitara máis rápido por intereses doutro tipo de partido que eu respecto, e que me parece que son importantes, intereses persoais. Co cal, non entendo nada.

Tampouco non entendo por que non nos explica as súas emendas e logo se inventa aquí emendas que non presentou. Porque vostede falou de cousas que non formaban parte das emendas que presentou o Partido Popular, e eu a verdade é que non entendo por que... Ou si que entendo que veñan aquí e ao final non son capaces nin de defender as súas emendas, senón unha serie de consignas que son as que tocan hoxe.

Creo que é unha maneira de facer oposición, pero, en todo caso, non é unha maneira moi construtiva. Da mesma maneira que reitero que eu non coñezo ningunha lei que non teña desenvolvemento por regulamentos e por ordes. É que non coñezo ningunha, nin antes nin agora. Entón, ¿por que isto é anómalo? Non, isto é o que está establecido para o desenvolvemento das leis. E, que eu sepa, un decreto, unha orde, ten unha tramitación. Un decreto, que eu sepa, xa para empezar vai ao Consello da Xunta. Non é unha potestade que lle dan a unha persoa para desenvolver a lexislación que aproba este Parlamento. Me parece que son argumentos que carecen de rigor ou é descoñecemento de como funciona a Administración.

Tamén, sinceramente, xa me parecen algunhas cousas un pouco ridículas. ¿Que di o Convenio Europeo da Paisaxe? Eso é do que haberá que empezar a falar, porque parece que

vostedes inventaron o que di o convenio. Agora reinventan o que di o Convenio Europeo da Paisaxe.

Medidas xerais que se recollen no Convenio Europeo da Paisaxe: Cada parte comprométese a recoñecer xuridicamente as paisaxes –aquí o estamos facendo–.

Definir e aplicar en materia de paisaxes políticas destinadas á protección, xestión e ordenación das paisaxes –é o que estamos facendo hoxe–.

Establecer procedimentos para a participación pública –é o que está recollido nesta lei–.

Integrar a paisaxe en todas as políticas que poidan ter un impacto directo ou indirecto na paisaxe. Son uns instrumentos que se crean aquí, que son os mesmos que os da lei catalana, e, sinceramente, non sei cal é o problema que teñen vostedes.

Medidas específicas: Sensibilización –aparece na lei–, formación e educación –aparece na lei–, identificación e calificación –é o que aparece–, obxectivos de calidade paisaxística –é o que aparece no Convenio Europeo da Paisaxe–. Sinceramente, terán que dicirnos vostedes que parte deste convenio é a que non aparece, porque é que lendo e vendo cales son os obxectivos que se perseguen están todos e cada un absolutamente nesta lei.

Despois seguen vostedes insistindo en confundir dúas cousas –unha confusión interesada que fan–. Financiación dunha lei non ten nada que ver con creación dun fondo. En todo caso, o modelo polo menos que nós coñecemos de fondos que se teñen aplicado son instrumentos para que exista un fondo común no que participen as entidades privadas, as administracións locais e a Xunta de Galiza. Pero eso non ten nada que ver con que esta lei na parte que lle compete á Xunta de Galiza non estableza cal é o seu financiamento e non estea adoptada dunha memoria económica. Creo realmente que vostedes confunden dunha maneira clara as cousas, e o que me interesa xa moitísimo máis, ¿vostedes veñen aquí a facer gala de que se debe facer unha política de compensación cando se protexe unha parte do territorio? ¡Pero se vostedes fixeron absolutamente todo o contrario! Se con vostedes ningunha das zonas que están nun parque natural en Rede Natura lle crearon nin fixeron ningunha política que

favorecera realmente as persoas que viven neses territorios? ¿Que clase de lección nos queren vostedes dar cando a súa práctica política foi distinta? A nós, desde logo, parécenos que a súa argumentación son todo excusas para votar en contra, porque a súa historia é historia de destrución de moitas das paisaxes máis importantes do noso país.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Temos aí a Ence, e o que vostedes fixeron á ría de Pontevedra supoño que ten algún impacto paisaxístico que lles preocupará.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Sabemos o que pasou no Xallas e o que pasou en moitos espazos singulares deste país. Entón, o que vostedes fan é ratificar esa política de destrución do medio, que é o que fixeron os gobernos do Partido Popular. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Señora Seara Sobrado, ten a palabra polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

**A señora SEARA SOBRADO:** Grazas, señora presidenta.

Señor Castiñeiras, é de moi mal gusto vir a este Parlamento, a este debate, e dicir que a lei necesitaba máis tempo, cando, efectivamente, llo acaba de dicir a miña compañeira, en ningún momento pediu vostede máis tempo ou que se alongaran os traballos da Ponencia. Nin unha sola vez. Quizais houberamos feito a Ponencia coa rapidez coa que a fixemos, pero quizais non. Porque tampouco non había ningunha presa, señor Castiñeiras. ¡Claro que non! Vostede, en todo caso, e xa llo dixeron aquí... Si, si, falou coa Ponencia para poderse ir a Valencia. Porque iba ser a Comisión dous días despois. Hai que dicir as verdades. *(Aplausos.)* E nós lle dixemos que si, sin ningún problema. Todo o contrario. Todo o contrario. E a Mesa da Comisión facilitou esa actuación.

Polo tanto, señor Castiñeiras, as cousas... Eu non iba dicir semellante cousa, pero vostede non pode vir aquí como se non pasara nada a dicir que metemos présa e que se necesitaba máis tempo para debatir en Ponencia esta lei. Eso por unha banda. Por outra, eu creo que non entendeu nada. Llo dixen na miña primeira intervención, non entendeu nada. Eu

pensaba que si pero vexo que non. E mira que o sinto, porque de verdade que non nos quedamos cortos por parte deste grupo parlamentario, en todo caso, en explicación e en debate. Sabe que ademais desta cuestión falamos non só na Ponencia, tamén tomando café. Falamos cantidade de veces, estivemos sempre á disposición –eu creo que a señora Pontón e eu, pero falo por min, creo que ela tamén– para negociar calquera cousa. De feito se transaccionaron emendas e se melloraron artigos e se aceptaron emendas. Polo tanto, non me parece, en todo caso, xusto.

Di que vostedes entenden a paisaxe integral, que vostedes o que entenden é a paisaxe integral e que non entenden o que nós estamos plantexando. Miren, vostedes non entenden a paisaxe, vostedes non entenden o medio ambiente, vostedes non entenden a participación, eso si, entenden e saben moi ben como crispas, como confundir, como intoxicar. Vostedes non velan –como dixó vostede aquí– polos intereses dos galegos, señor Castiñeiras, vostedes velan polos intereses de señores como Don Telmo Martín, de señores como os concelleiros que tiñan en Nigrán e en Gondomar, por intereses como os dos señores Horacio Gómez Pulla, cuxa finca foi –sábeo vostede moi ben– un monte comunal aprobado polo señor Alberto Núñez Feijoo, sendo conselleiro de Política Territorial, e destrou un monte e destrou a paisaxe. Señor Castiñeiras, teña vostede coidado coas afirmacións, e non volva a utilizar –llo pido por favor– o argumento de polo ben de Galicia, non o volva a utilizar. Porque cada vez que utiliza vostede ese argumento nós temos 500 noutro lado para botarllo na cara. E creo que o debate iba doutra cousa. Si, si, si.

Fala de que calquera protección é unha expropiación encuberta. Mire, perdón, pero se acaba vostede de retratar con esta afirmación, se acaba de retratar. Dixó que unha protección que non xenera valor engadido é negativa. Ese é o concepto que teñen vostedes –si, si– do medio ambiente e da paisaxe, o acaba de dicir con toda claridade.

Señora Rojo, non se poña vostede tan alporizada. É certo, díxoo o seu compañeiro, díxoo con toda claridade. Piden axudas, piden axudas... El que disparas eres tu, Santalices.

**A señora PRESIDENTA:** Por favor, non dialoguen.

Señor Santalices, vostede xa falou en Sanidad, faga o favor de permanecer en silencio escoitando ao resto.

Señora Seara Sobrado, prosiga e non dialoguen.

**A señora SEARA SOBRADO:** Eu simplemente o que lle estaba pretendendo dicir era a xustificación, e explicándolle e dándolle un pouco a volta ao argumento que estaba utilizando o señor Castiñeiras, non pode vir aquí a pedir máis protección, a pedir unha lei mellor, cando acaba de facer a afirmación que acaba de facer, decindo que esta lei defende a expropiación encuberta e que calquera protección dalgún valor natural que non xenere un valor engadido en termos económicos é negativa. Non se pode vir con este argumento aquí, non se pode vir, e despois pretender que os demais entendamos que vostedes son os grandes defensores do medio natural.

Falou vostede das axudas. Claro que se transaccionou esa emenda súa, pero eu quírolle preguntar unha cousa, ¿cantos euros destinaron vostedes durante dezasete anos de Goberno aos habitantes e ás persoas que vivían nese medio natural desas zonas que vostedes declararon Rede Natura, señor Castiñeiras? ¡Cero patatero! ¡Cero patatero! Hai axudas agora porque este Goberno puxo en marcha axudas para os habitantes e para os concellos que están en espazos protexidos, incluídos os parques naturais. ¡Cero patatero! ¡É mentira o que vostede di! A min me parece ben e comparto con vostede a súa pretensión de mellorar a calidade de vida das persoas. ¡Cero patatero! ¡Cero patatero! En todo caso, señora presidenta, non me dá tempo a nada máis. Eu, desde logo, en nome do meu grupo lle transmito a miña decepción con vostede e co seu grupo, porque sabe seguramente vostede mellor que nadie que non hai argumentos, non hai un cheque en branco á consellería, hai unha participación de todo o Goberno galego nesta lei a través dese observatorio, unha participación dos concellos nos que vostedes gobernan.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**A señora SEARA SOBRADO:** É unha lei necesaria, non é unha lei intervencionista, innecesaria, é unha lei importante, e mentras este país dá un paso adiante, lamentablemente vostedes dan un paso atrás.

Moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Seara.

Rolda de réplica do Grupo Parlamentario Popular emendante.

Ten a palabra o señor Castiñeiras Broz.

**O señor CASTIÑEIRAS BROZ:** Señora presidenta.

Señorías, miren vostedes, nos outros non somos os condenados e a dignidade élle personal. Como vostede queira.

**A señora PRESIDENTA:** Por favor, por favor, guarden silencio. Por favor, guarden silencio.

**O señor CASTIÑEIRAS BROZ:** En cantos prazos eu quixera aclarar algunha cousa que se dixo aquí. O único que pediu este deputado foi o cambio da Comisión donde se debatía o dictame do lunes 16, que era o último día que había hacia o viernes anterior, a comisión do dictame, non debates nin moito menos. E vostedes saben como se fixo o debate, e isto non, isto non. Isto non, e sígoo mantendo. E iso foi así, señoría. Non, mire, o rodillo funciona como funciona, vostedes tiñan o seu pacto e punto, e iso é a realidade, e iso é como se están a tramitar as leis. Neste caso esta lei tiña que vir a este pleno e, polo tanto, os prazos son os prazos, ou sexa que non saquemos as cousas de sitio, nin moito menos.

Mire, eu non sabía que o Partido Popular tivera a culpa de Ence. Ao mellor hai algún compañeiro da zona de Pontevedra que separa que se implantou Ence na época do Partido Popular, que eu sepa é bastante anterior, pero bueno. É unha cousa ademais que iban a resolver vostedes, e creo que está no aire. A ver se se poñen de acordo.

Pero bueno, señora Pontón, mire, vostedes teñen a súa historia tamén. Si, a súa historia, acórdese da navallada que supoñía a A-9. Acórdese, porque hai que recordala. A historia hai que recordala para todos, non só para os demais; un tamén ten que ver a súa historia e tamén teñen a súa historia, señora Pontón.

E mire, señora Seara, de catedráticos eu sei que no Partido Popular andamos mal. Mire, os catedráticos estalle no Bloque e outros que quedan espallados polo PSOE, pero os demais vamos facendo o que podemos e vamos lendo o que podemos. E mire, o Convenio europeo fai unhas recomendacións que lles recomendo que lean, aprobadas no Consello de Ministros da Unión Europea o día 6 de febreiro, e na

páxina 35 di: “Punto 8.º recursos y financiación...” Si quen, léolla, pero espero poder dedicarlle o tempo a outras cousas, xa o dixen antes, esto forma parte do desenvolvemento do Convenio europeo, e polo tanto, se estamos a aprobar hoxe unha lei cando temos isto, supoño que lle poderíamos facer algo de caso.

Sigo insistindo, temos unha serie de emendas que merecen, cando menos, a consideración deste Parlamento. Pedimos que se dote de financiación, de recursos económicos, esta lei, porque sigo insistindo que é unha lei vacía. Vostede mesmo o reconecía, señora Seara. Aprobemos isto e despois xa se desenvolverá. ¿Se desenvolverá o que? E aos veciños que lle van impoñer unha declaración paisaxística sen ningunha compensación, ¿que vamos a decirlle a eses veciños? ¿Que lles vamos a decir, señor conselleiro, señorías? Porque aquí o señor conselleiro é un deputado máis, nosoutros os deputados somos os que vamos a aprobar este proxecto de lei e somos os que teremos que dar explicacións aos nosos veciños de por que, se alguén vive, por exemplo, na Ribeira Sacra ou noutra zona, lle vai caer unha lousa encima, ou outro castigo, porque como tes a sorte de vivir aquí, temos que protexela. Dígame onde está a financiación prevista. ¡Dígamo!

E quixera decirlle unha cousa, que non se me olvida, nin moito menos, que vostede mencionou aquí que non ten nada que ver nin o señor Núñez Feijoo nin Telmo Martín sobre a lei da paisaxe que estamos a debater, pero, se vostede quere, pregúntelle ao señor presidente da Comunidade de Montes, pregúntelle ao señor presidente da Comunidade de Montes, dese monte que faloron. Élle un concelleiro do BNG, e o secretario, por certo, é un concelleiro do PSOE. Pregúntelles, que ao mellor teñen bastante información que decirlle. A ver por que alquilaron e puxeron iso aí. Pregúntelles, porque mire, iso é a realidade. De momento, señorías, nosoutros intentamos facer a nosa labor, que foi para o que fomos elixidos. Sigo insistindo en pedir e pido a consideración para chegar acordos, cunha lei ambiciosa que contemple realmente a paisaxe desde un punto de vista integral, porque sigue sendo unha lei exclusivamente medioambientalista, e que se dote economicamente. Vamos a ter señorías, unha lei imparchada, unha lei recortada e mutilada, copiada da catalana, pero sen os recursos financeiros e sen toda aquela parte onde se concretan as medidas e as actuacións.

Se eliminan as....

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Castiñeiras.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:**... documento donde participan precisamente os particulares, esa é a diferenza clara de participación en relación cos pactos, señorías.

Moitísimas gracias.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Castiñeiras.

*(O señor conselleiro de Medio Ambiente pide a palabra.)*

¿Si, señor conselleiro?

**O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE (Vázquez Fernández):** Gracias, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados, unhas verbas solamente de agradecemento. Unhas verbas de agradecemento aos grupos políticos da Cámara pola súa colaboración para consensuar un texto normativo que dota a Galicia dun instrumento útil e bo. Esta lei é boa para Galicia, é boa para a Galicia do presidente e, sobre todo, é boa para a Galicia do futuro.

Quero agradecerlle aos grupos políticos o trámite parlamentario que se resolveu de xeito áxil, con implicación e ao mesmo tempo con interés polos grupos políticos e os seus voceiros. Particularmente permítanme agradecer a labor realizada pola deputada Laura Seara e pola deputada Ana Pontón, pola súa implicación na defensa deste proxecto e desta lei.

A aprobación da Lei da paisaxe sitúanos entre as comunidades máis avanzadas na defensa do patrimonio natural, e esta lei dende agora é o marco de referencia para outras actuacións legislativas, especialmente para que as acepten espazos de alto valor natural e paisaxístico. Dende hoxe, dende agora, Galicia vai ter a mellor garantía para preservar e valorizar a súa riqueza natural como un camiño axeitado polo desenvolvemento sostible.

Moitas gracias.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor conselleiro.

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei de ponencia conxunta, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xullo, do Réxime Electoral Xeral, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto da persoas residentes no exterior co resto da cidadanía**

**A señora PRESIDENTA:** A Xunta de Galicia remitiu o seu criterio, que é o documento 29664. Unha presentación conxunta.

Para a presentación da proposición non de lei iniciamos a rolda, como é tradicional, de menor a maior dos grupos parlamentarios.

Ten a palabra o señor Tabarés Pérez-Piñeiro polo Bloque Nacionalista Galego.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, antes de calquera outra consideración permítanme as súas señorías dirixir unhas verbas ao Diario de Sesións, ao futuro, por se algún día alguén, algún estudoso, algún ocioso, ten a idea de ler o Diario de Sesións deste debate.

Precisarlle que efectivamente a data é correcta, estamos a 24 de xuño de 2008, e digo isto porque calquera persoa que no futuro poida ver que na Galiza tivo lugar un debate para que unha boa parte do seu censo electoral votase en urna ou de xeito complementar votase por correo, pero sempre con garantías de segredo, con garantía de personalidade, seguramente que esa persoa pensa que ese debate na Galiza deuse no século XIX ou como moito a principios do século XX, por iso creo que cumpre facer esa precisión.

Hoxe estamos a falar de rudimentos básicos de democracia e estamos a 24 de xuño do 2008. Efectivamente, hoxe tomaremos en consideración unha proposición conxunta de lei orgánica para unha reforma parcial moi puntual, a reforma da lei de réxime electoral xeral co obxecto de que, finalmente, e á maior brevidade, seña remitida ao Congreso dos Deputados.

E eu tamén quero facer un agradecemento. Alguén dixo estes días que o retraso na presentación desta proposición de

lei é culpa do BNG. Eu o primeiro que quero recoñecer, alén da retranca, alén da ironía, que sen dúbida ten esa afirmación, tamén seguro que unha boa dose de autocrítica é agradecer este recoñecemento que se fai nesta afirmación. Malia que sexa de xeito implícito, estase a recoñecer con estas verbas o traballo constante do BNG, decote en solitario, para poder presentar esta proposición de lei.

Está claro que esta afirmación só se pode interpretar en clave irónica e de autocrítica, porque entendida en sentido literal parece que ou ben teríamos que dudar da memoria do autor ou autora desa expresión ou ben do respecto que ese autor ou autora ten cos destinatarios da mesma. É dicir, que sería considerarnos tontos ou tontas, porque dicir a estas alturas de curso que este retraso na lei é culpa do BNG, en fin, eu creo que hai que tomalo con ironía, e eu gosto da ironía. Certamente así foi, é o constante e pertinaz traballo dos deputados e deputadas do BNG o que fixo posíbel que hoxe cheguemos a este punto, e ademais por consenso, de aí a nosa satisfacción, satisfacción que poderíamos cualificar de moderada.

Para non alongarme moito, vou facer unha pequena referencia a unha somera descrición, só atinxida ao século XXI, dos traballos dos deputados e deputadas do BNG nas diferentes cámaras.

Xa no ano 2000, no Parlamento do Estado o BNG presentou unha iniciativa de impulso para que se realizaran as modificacións lexislativas pertinentes tendentes á equiparación entre o sistema de votación dos residentes no exterior co dos residentes no interior, iniciativa que foi reiterada no ano 2006 e foi reiterada no 2007. En estes tres casos, a pesares de ser aprobada, non tiveron resultado práctico ningún. Análogas iniciativas foron apresentadas sempre polo Bloque Nacionalista Galego neste mesmo Parlamento de Galiza, por exemplo, no ano 2002 e no ano 2005; e tamén, malia a súa aprobación, os resultados prácticos foron inexistentes, pois curiosamente sempre estas manifestacións de vontade, estas PNL ou estas mocións, son aprobadas, mais cando pasan de ser un instar a ter unha forma de proposición de lei, cando pasan a ser unha proposición lexislativa, sempre tórnase o voto positivo dos grupos maioritarios en voto negativo, e curiosamente, sempre os grupos que están no Goberno votan en contra mesmo da súa toma en consideración, obviando ás veces a súa postura de cando estaban na oposición.

Neste sentido, é merecente de destaque a proposición de modificación desta Lei orgánica de réximen electoral xeral presentada polo Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego neste mesmo Parlamento e debatida en febreiro de 2001. Unha proposta que plantexaba depuración do CERA, voto en urna, campañas electorais racionais e mesmo que os residentes no exterior computasen na atribución de escanos. A toma en consideración desta proposición de lei non foi apoiada nin polo Partido Popular nin o Partido Socialista, por argumentos que hoxe non se sosteñen. Igual falla de apoio atoparon idénticas propostas presentadas tamén polo Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego no Congreso dos Deputados nos anos 2001 e 2005. Curiosamente, cando no 2001 estaba na oposición e o apoiaba, no 2005, estando no Goberno, non o apoiaba. Mais todo isto pertence ao pasado, hoxe podemos acadar unha proposta de consenso para que os mortos deixen de estar no CERA e os mortos mesmo deixen de votar, para que ese CERA, cun 30% –según a Secretaría Xeral de Emigración– de altas indebidas, poida ser depurado, para acabar con esas festas gastronómicas que teñen por obxecto fotocopiar os pasaportes e poder manipular o voto dos residentes no exterior, para que rematen xa eses partidos políticos que piden que o seu voto seña dirixido ás súas sedes, eso é o que hoxe está para a súa toma en consideración.

¿E por que en Galiza? ¿Por que neste Parlamento? Primeiro, porque antes non o fixo ninguén. Ninguén siquera pudo tomar en consideración unha proposta de lei como a que hoxe se plantexa. E, segundo, porque Galiza é a nación principalmente atinxida por este problema. A cuarta parte de todo o CERA do Estado vota en Galiza. En maio, 330.000 eleitores representan o 12,55% do censo total de Galiza. E á parte porque isto vai en aumento; nos últimos seis anos, por cada alta que houbo no censo dun residente no interior, dun residente no territorio, houbo cinco veces máis de residentes no exterior. Porque en circunscricións como Ourense –Ourense, que non Orense– do 17%, que era no 2002, hoxe xa representan os residentes no exterior un 21%.

Por iso para o Bloque Nacionalista Galego non podemos ir a outros procesos electorais cunhas votacións no exterior neste sistema. E por iso cando hai un ano, a instancias do Bloque Nacionalista Galego, se propuxo a creación dunha ponencia conxunta, a primeira condición, o primeiro obxectivo que nos marcamos, foi que esa proposición de lei tiña que estar

aprobada, tiña que estar en vixencia, para as eleccións xerais. E daba tempo. Nese intre houbo unha modificación legislativa da Lorex aprobada no Parlamento do Estado. E agora tamén, cando en novembro o Goberno galego se nos convocou para reformar a Lei orgánica de réxime electoral xeral para facer unha proposición conxunta, o Bloque Nacionalista Galego acudiu, e xa no mes de novembro presentou unha iniciativa para a reforma. Tivemos que esperar varios meses para que os demais grupos fixeran os seus deberes, meses durante os que o proceso de reforma desta Lorex estivo paralizado.

É máis –xa rematando–, a toma en consideración desta proposición de lei, a importancia que ten non só é iniciar un proceso legislativo, é que hoxe os grupos parlamentares e os partidos políticos aos que nós representamos nos comprometamos a traballar no Congreso dos Deputados para que no 2009, cando señan as eleccións galegas, os residentes no exterior podan votar con garantías. E a traballar con urxencia, non me abonda coa declaración, hai que convocar a Mesa, hai que convocar, se cumpre, un Pleno extraordinario, e hai que premer no Goberno do Estado para que se poda acelerar esta reforma legislativa e que os residentes no exterior podan votar con garantías para que Galiza teña a democracia que a súa cidadanía merece. Se non é así, se novamente temos que asistir a esas manifestacións da posibilidade de mercar votos, se novamente no 2009 o Parlamento galego ten que convocar comisións de investigación para analizar eventuais irregularidades, teremos que facernos unha pregunta: ¿quen é o responsable de que uns podan votar por outros?, ¿de que podan votar os mortos? E aí eu creo que temos que facer... teremos que recurrir a ese...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Tabarés.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:**... –remato xa, un segundo nada máis– teremos que recurrir a ese [...], a quen beneficia...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:**...e a quen beneficie seguramente será o responsábel de que Galiza non teña unha democracia de calidade.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)



**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

O señor Fernández Leiceaga ten a palabra polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Pois bos días de novo.

Nós partimos dunha primeira convicción, de que os galegos residentes no exterior teñen que ser titulares de dereitos políticos non só porque, como xa temos dito nalgunha outra ocasión, Galicia teña sido tradicionalmente un país de emigración, hoxe felizmente superada ou invertida, digamos, esta condición, e, por tanto, este fenómeno sexa un dos caracteres definitorios do noso ser colectivo, senón tamén, e fundamentalmente, porque os galegos do exterior son para nós unha fonte de obrigas, de que forman parte de Galicia como ente político, son titulares de dereitos nos ordes políticos, laborais, sociais ou culturais. Por eso todos no proxecto de reforma do Estatuto decíamos que debían ter dereitos políticos, decíamos que debíamos reconecer a súa galeguidade, debíamos determinar os seus órganos de participación e defender a súa consideración a efectos de financiamento da nosa Comunidade Autónoma. E por eso tamén, no aprobado recentemente Estatuto da cidadanía española no exterior, que nós avaliamos moi positivamente e que, por certo, votaron no Congreso os deputados de todos os grupos con representación neste Parlamento, se establece o marco xurídico e os instrumentos para garantir a todos os cidadáns españois no exterior o exercicio dos dereitos e deberes en termos de igualdade co resto dos españois residentes. Entre outros, os dereitos a ser elector e elexible en todos e cada un dos comicios, o dereito de petición, de participación, de asociación, de protección da saúde, de protección social, educación, etc.

Pero temos unha segunda convicción que quero transmitir-lles con brevedade, que é a necesidade de reformar o marco de exercicio dos citados dereitos políticos para que estos teñan lugar nas mellores condicións democráticas. Foi un compromiso deste Goberno, un compromiso que o presidente Touriño trasladou nun Pleno desta Cámara hai algo máis dun ano, a creación dunha ponencia específica, conxunta, para precisar as melloras que deben introducirse nas condicións de dereito de sufraxio dos residentes no exterior, comisión que tuvo unha vida accidentada. Por máis que o noso grupo fose sempre partidario de impulsar os seus traballos e de que se levase a termo, non foi posible porque un dos gru-

pos decidiu que non era conveniente rematalos naquel momento.

Debo decir tamén que a memoria pode ser fráxil, pero en todo caso debemos lembrar que non fai moito tempo –hoxe xa está entre as brumas do pasado– houbo outro presidente en Galicia que non tivo –cecais porque as circunstancias non acompañaban– a vontade de que poideramos facer este traballo naquel momento coas debidas garantías de que se levase a termo. É hora, sen duda, de garantir entre todos de que os residentes no exterior son tratados como maiores de idade políticos. Un censo correcto, o voto en urna que convirta en excepción o voto rogado por correo, e as boas prácticas electorais, son un primeiro paso de calado para avanzar neste obxectivo. Isto hai que facelo, primeiro, por obriga legal, está previsto no Estatuto dos residentes españois no exterior; pero tamén por convicción democrática, por respecto aos nosos cidadáns no exterior, para eliminar calquera sombra de sospeita sobre as súas decisións políticas. Porque estou certo de que, unha vez que levemos a porto estas reformas, nos atoparemos con que os resultados son moi parecidos aos que se viñan dando hasta agora, certificando como as súas decisións son xa hoxe un fruto, digamos, maduro da súa vontade. Pero é hora tamén, en fin, de erradicar calquer sospeita sobre a existencia de zonas obscuras nos procedementos electorais. Todo o que sexa elevar a calidade da democracia e facilitar unha mellor expresión dese diálogo entre cidadáns no noso sistema político, benvida sexa. Eu teño a convicción tamén de que fixemos un bon traballo na ponencia, de que o valor fundamental, que é o consenso entre todos os grupos, condición *sine qua non* do éxito da proposta, ten servido para que os resultados sexan bos.

Sabemos todos das dificultades de modificar a lexislación electoral porque atinxe ás regras de xogo que nos temos dado por consenso entre os grupos políticos. E máxime as dificultades de facelo desde un Parlamento autonómico, como o galego, que é certo que non tuvo unha vinculación especial co exterior, non resume en si mesmo todas as casuísticas e as dificultades da relación cos residentes españois no exterior. Este esforzo para incorporar a todos os grupos, en primeiro lugar, ao respecto aos dereitos políticos plenos dos galegos no exterior; e, en segundo lugar, a necesidade de implantar con carácter xeral o voto en urna que temos feito neste relatorio, eu creo que é un –como decía antes– dos elementos claves para que a proposta poida ter éxito. Pero o

segundo valor fundamental é que o traballo –decíao antes– esté ben feito, é unha proposta realizable, tense desde algunhas posicións feito críticas ás posibilidades de votar en urna para os residentes no exterior, aducindo a dificultade ou imposibilidade mesmo de organizar os procesos electorais nas condicións debidas.

É certo que moitos países europeos ou non europeos teñen establecido sistemas que garanten o voto en urna, pero tamén é certo que na maior parte dos casos esto está restrinxido a eleccións presidenciais, a referendums ou ben á existencia de circunscricións específicas que, sen dúbida, facilita moito esa organización. Pero creo que temos feito un esforzo desde a ponencia para superar as dificultades que plantea a loxística das eleccións ou organización das 53 circunscricións para Congreso e Senado. Que deamos unha resposta solvente e factible a estas dificultades, facendo depender –como noutros países– todo o proceso da organización consular, que sen dúbida deberá ser reforzada convenientemente para que poida levar a cabo este traballo novo que se lle encomendaría cando se aprobe esta lei; e simplificando, sen menoscabo das garantías debidas, a organización do proceso electoral para que sexa factible facelo.

Existirán dificultades diversas, van existir dificultades derivadas de que nalgúns países haberá que organizar un proceso democrático nos consulados de España cando estes mesmos países aínda non teñen este mesmo sistema, a organización consular terá que pasar un período de aprendizaxe, haberá que dotala con medios específicos, haberá que corrixir, sen dúbida no Congreso dos Deputados, partes da nosa proposta para adaptala ás circunstancias do conxunto de España, pero temos a convicción de que vai servir como punto de partida, de que pode ser útil para acadar un consenso no Congreso dos Deputados e que se implante este sistema coa máxima brevidade posible.

Sen máis, consideramos desde o noso grupo que a toma en consideración desta lei, é un momento importante deste Parlamento, e nós queremos afirmar desde aquí que faremos todo o posible para que chegue a bo porto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Castelao Bragaña.

**O señor CASTELAO BRAGAÑA:** Gracias, señora presidenta.

Señorías, vimos, en nome do Grupo Popular a poñer en consideración desta Cámara a proposición de lei de ponencia conxunta para presentar perante o Congreso dos Deputados a modificación de réxime electoral xeneral para que o procedemento de voto dos españoles que residen no exterior se asimile ao que se sigue en España.

A proposición acadou no trámite de ponencia o acordo dos tres grupos parlamentarios, facéndonos un deber destacar o aporte que para isom ao igual que para a elaboración, fixeron o señor Fernández Leiceaga, a señora Soneira Tajés, o señor Tabarés Pérez-Piñeiro, o señor Aymerich Cano, e o meu compañeiro Miras Portugal; tamén a la Mesa de la Ponencia y a los servicios de la Cámara.

Antecedentes. Foi a Constitución que nos rixe, a de maior vixencia na historia de España, unha das primeiras do mundo en recoñecer de maneira explícita o dereito de voto dos españoles residentes no exterior. Así o establece o artigo 68, cando di que son electores e elegibles todos los españoles que estén en pleno uso de sus derechos políticos. La ley reconocerá y el Estado facilitará el ejercicio del derecho de sufragio a los españoles que se encuentran fuera del territorio de España.

En principio esto está recollido no Estatuto de la ciudadanía española en el exterior, que contou, como bien aquí se señaló, con el apoyo de todos los grupos parlamentarios. É de facer notar que o sistema electoral español resulta uno de los más generosos del mundo, senón o máis, dado que concede el derecho de voto aos residentes no exterior en eleccións nacionais, autonómicas, europeas e municipais, de xeito sinxelo e cómodo, dado que salvado sexa nas últimas, nas que hai que requerir os elementos para votar, recibe a documentación no seu domicilio, limitando esa remisión por correo, na maioría dos casos gratuíto.

A remisión debe efectuarse, a máis tardar, o día anterior da elección en España por Internet ou o correo de cada país, o que non asegura chegue para a data sinalada para o escrutinio, tres días despois, de ahí que no caso de Galicia

o cómputo desos votos se efectúa o octavo día do acto eleccionario. Tamén existe a posibilidade de entregar o sobre co voto no consulado unha semana antes da data das eleccións.

A participación dos españois no referendo da lei para a reforma política del señor Adolfo Suárez do ano 1976, e nas eleccións lexislativas do ano 1977, xeraron numerosas dificultades que se busca remediar coa creación dun censo específico para os emigrantes, censo de residentes ausentes, denominación aparecida por primeira vez nun decreto asinado por Franco no ano 1971, según di Anxo Lugilde en su libro "O voto emigrante". A isto sumouse a aprobación do Loreg no ano 1985, que estableceu que o escrutinio dos votos do exterior se farían ao terceiro día despois do comicio e non na propia mesa, como ata entón. De aí que a partir de 1985 haxa resultado por separado da emigración, o que levou en forma errónea a manifestar que o voto da emigración naceu con Felipe González, pois ya existía desde 1977. En canto ao aumento da participación, moito tivo que ver a reforma da lei do ano 1995, ao incluír de oficio a todos os españois inscritos no consulado, sen ter para nada en conta a súa situación, e tamén a reforma da lexislación en materia de nacionalidade.

Importancia do voto emigrante. O censo de españois no exterior nas últimas eleccións lexislativas era de 1.198.811, dos cales 325.000 eran galegos, o 27% do total. Esta cantidade representa o 12% do voto galego. Entre 1975 e o ano 2005, o sufraxio do exterior en Galicia pasou de 11.246 a 105.852, é dicir, multiplicouse por nove, cunha participación do 16,2% e o 39,7% respectivamente.

Cuestionamentos. Na mesma medida, por non dicir moito máis, que aumentaba a participación, e por ende a influencia, do voto da emigración, foron aparecendo os cuestionamentos a ese voto. Non é este o momento que nos atopa unidos en busca de solucionar o tema para sinalar aquí opinións que foron desde as máis altas figuras políticas ao cidadán común. A través delas chegouse a descoñecer por uns o dereito ao exercicio do voto en practicamente todos os procesos electorais, limitando os outros a eleccións xerais europeas. Pero máis grave foi as descualificacións sen límite para con aqueles que exerceron o dereito, non admitindo que pudieran variar o destino dado polo pobo galego, á vez que un simple feito irregular levaba a que todos resultaran

incriminados. É así que con esta proposición buscamos se poña fin aos cuestionamentos a que se somete o voto da nosa xente no exterior, asegurándolle á vez que poidan participar no destino de Galicia, na que non residen, pero que senten coa mesma intensidade que se viveran permanentemente nela.

Consideracións acerca da proposición. Establece o voto en urna nas eleccións xerais europeas e autonómicas, de tal xeito que se está xa recollendo o previsto no Estatuto da cidadanía española no exterior.

1. O secreto do voto e a identidade do votante, que se asegura por este medio, foron dous dos cuestionamentos máis reiterados. A realización dos actos electorais o serán contando co apoio dos consulados.
2. Regúlase o voto por correspondencia para quen desexe exercelo, con idénticos requisitos que en España.
3. Contémplase o xeito de realizar as campañas electorais.
4. A oficina do censo electoral de oficio, en colaboración cos consulados, deberá periodicamente revisar o censo. Así mesmo, o Estado promoverá a celebración de convenios con outros países a fin de mellorar a fiabilidade e a pronta revisión dos datos censuais por medio de cruzamento de datos.

Do mesmo xeito, no prazo de seis meses da vixencia da lei, a oficina do censo electoral, en colaboración cos consulados, efectuará unha revisión extraordinaria completa do censo. Numerosas as críticas que a través do tempo se veñen efectuando ao censo por contener datos inexactos.

Por último, o Goberno dictará as disposicións regulamentarias dentro dos tres meses de entrada en vixencia desta lei.

Por todo elo, respectuosamente pedimos a esta Cámara admita a toma en consideración da proposición de lei confiando que moi pronto se procederá á súa aprobación, na esperanza que as Cortes Xerais do Estado teñan a sensibilidade e a responsabilidade que o tema ten na vida de Galicia para que poidamos chegar ás vindeiras eleccións, cuxa data debería ter en conta a vixencia desta lei, cunha regulación que evitara os desagradables momentos vividos en anteriores procesos electorais.

En definitiva, cumpriríamos todos, especialmente usted, señor presidente, que acaba de entrar, que bien sinaló en esta Cámara, nun pleno, ante unha pregunta formulada por el Bloque Nacionalista Galego, que nas próximas eleccións los gallegos del exterior iban a poder votar en urna. Son sus palabras, señor presidente.

En nombre de esos gallegos yo le pido que usted, y en nombre del grupo, extreme sus esfuerzos para que se conviertan en realidad. Habrá usted cumplido con la seriedad que los gallegos de estas tierras esperan del voto, con la dignidad de los gallegos del exterior, algunas veces mancillada moi malamente.

Presidente, se lo pido con ruego de favor, de usted depende, pero que dependa en la sinceridad, en el esfuerzo, no en el compromiso de la palabra. Se puede llegar, depende fundamentalmente de usted. Los gallegos de aquí y los de allá, presidente, esperamos que usted cumpla con la palabra empeñada. Se lo reitero, por favor.

Muchas gracias a todos. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Castelao Braña.

Pasamos agora a someter a votación os textos lexislativos que debatimos esta mañá.

Se pechan as portas.

*Votación do ditame elaborado pola Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do proxecto de lei de saúde de Galicia.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos en primeiro lugar as emendas que mantén vivas o Grupo Parlamentario Popular. Facemos unha votación conxunta das emendas.

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos agora o ditame coa incorporación dunha emenda técnica consistente en substituír no

artigo 121.8 a referencia coa Lei 4/1988, da Función Pública de Galicia, polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia.

Votamos, por tanto, o ditame con esta emenda técnica.

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada a Lei de Saúde de Galicia.*

*Votación do ditame elaborado pola Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do proxecto de lei de protección da paisaxe de Galicia.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos, en primeiro lugar, as emendas que mantivo vivas o Grupo Parlamentario Popular. Votamos as emendas.

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.*

*Votación do ditame aprobado en Comisión.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada a Lei de protección da paisaxe de Galicia.*

*Votación da toma en consideración da proposición de lei de ponencia conxunta, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xullo, do Réxime Electoral Xeral, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto das persoas residentes no exterior co resto dos cidadáns*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.*

*En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta toma en consideración.*

**A señora PRESIDENTA:** Suspendemos a sesión ata as 16:30, catro e media da tarde, que a reanudaremos coas comparecencias.

Moitas gracias.

*Suspéndese a sesión ás tres e sete minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e dous minutos.*

**A señora PRESIDENTA:** Boas tardes, señoras e señores deputados.

Hoxe en vez de cinco minutos de cortesía din algún máis por aquilo de dar máis tempo para sentar os deputados, pero vexo que siguen chegando poucos.

Vamos a reiniciar a sesión.

### **Comparecencia do Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para informar sobre as políticas de seguridade desenvolvidas pola consellaría**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra o señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Méndez Romeu):** Boa tarde, señora presidenta.

Eu agradezo a cortesía. Imaxino que para os membros do Grupo Popular da Cámara non por exceso de cortesía están máis nutridos os bancos do Grupo Popular. Certamente, ofrécese esta tarde un espectáculo pouco edificante para os cidadáns, que saben que están a manter cos seus impostos a plena dedicación das súas señorías ao labor político, labor parlamentario, e basta ver como entende esto o grupo da oposición. Mensaxes de renovación cando se está na tribuna nacional, mensaxes de absentismo cando se está na tribuna local. En fin, xa terán a súa sanción nos idus de marzo.

A petición deste conselleiro ten como obxecto poñer a debate, someter a debate, as características da política de seguranza que leva a cabo o Goberno de Galicia. Unha política de seguranza global que pretende, sobre todo, a definición dun sistema integral en dous ámbitos fundamentais: no ámbito policial e no ámbito da protección civil, e tendo como eixos a produción normativa e tamén os aspectos organizativos.

En primeiro lugar, o ámbito policial, tentando tamén aquí un modelo global que tente a eficacia na prevención e que busque a descentralización das accións, pero tamén a complementariedade das actuacións entre os diferentes corpos e forzas policiais.

Nese sentido, tense actuado en dous ámbitos. Nos pasos para a creación dun corpo de policía autonómico e no ámbito da coordinación das policías locais. Neste último caso, seguindo as prescricións da Lei orgánica 2/1986, que no seu artigo 39.a) atribúe ás comunidades autónomas a capacidade para ditar normas marco que regulamenten as policías locais, Galicia levou a cabo esta prescrición normativa en data temperá, como a de 1992. Ben é certo que a propia evolución da sociedade determinou que posteriormente, nos anos seguintes, a meirande parte das comunidades autónomas continuaran producindo lexislación, e así atopámonos que á altura de 2005, no momento do cambio de goberno, existía unha evidencia, un clamor xeral, no ámbito policial galego a prol dun cambio na normativa de coordinación das policías locais.

Foi así como, dende o primeiro momento, este Goberno activou a Comisión de coordinación das policías locais de Galicia prevista no ordenamento vixente, no seo da que foi creado un grupo de traballo coa participación dos sindicatos, da asociación de xefes e mandos policiais e da Federación galega de concellos, que a medio de varias xuntanzas, e sempre co instrumento do consenso, produciu un texto que posteriormente foi tramitado como anteproxecto de lei e aprobado nesta Cámara como Lei 4/2007, de coordinación das policías locais de Galicia.

Non entrarei agora en detalles que son suficientemente coñecidos polas súas señorías, pero si quero subliñar sucintamente as principais innovacións que aporta ese texto sobre o ordenamento anterior.

En primeiro lugar, a insistencia no carácter de funcionarios que deben ter os membros das policía locais, superando nese sentido os conceptos de vixiantes ou de auxiliares. A insistencia nas titulacións que corresponden cos distintos niveis executivos e en distintos niveis de mando; a creación dun gabinete técnico; a definición dos corpos a medio de escalas e categorías con requisitos para o ingreso e promoción en cada unha delas, o que entre outras vantaxas facilitará no seu momento a mobilidade coas estruturas da Policía autonómica; unha nova definición da estrutura de xefatura, reducindo a libre discrecionalidade de que gozaban ata agora os alcaldes e tamén o regulamento da segunda actividade.

En canto ao desenvolvemento normativo levado adiante a partires dese regulamento, quero sinalar que coa participación dese mesmo grupo de traballo xa citado, e ao longo de distintas sesións de traballo, foron preparadas as seguintes normativas.

En primeiro lugar, foi renovada a Comisión de coordinación das policía locais de Galicia, que entre outras actuacións ten producido unha memoria anual que dá conta de todas as actuacións neste ámbito, que está publicada, coñecida polo Consello da Xunta, como manda a normativa, e distribuída para coñecemento público.

Foi desenvolvido o curso de dispensa dun grado de titulación tanto para os grupos de auxiliares e vixiantes como para os novos grupos de clasificación de policía establecidos pola lei; foi desenvolvido o gabinete técnico; foi promulgado o Decreto 105/2008, que establece o novo rexistro de policía locais, que a diferenza do que tiña ocorrido ata agora ten permitido o pleno coñecemento e o total control dos rexistros policiais. É dicir, no momento actual existe unha ferramenta telemática que permite a tramitación áxil, o coñecemento estatístico e unha información suficiente tanto por parte das policía locais como por parte da dirección xeral correspondente para adoptar as decisións que correspondan no ámbito que marca a lei xa devandita.

Está sometido a informe do Consello Consultivo e agardamos que sexa promulgado no próximo verán o decreto principal que desarrolla a Lei de policía locais de Galicia e que regulará a selección, formación, promoción e carreira dos funcionarios policiais; regulará tamén a segunda actividade, o réxime disciplinario e tamén o sistema de distincións e

recompensas. E atópase nunha fase avanzada un segundo proxecto de decreto, que regulará a uniformidade, os distintivos e homoxeneizará os medios técnicos dos corpos policiais. E mesmo foron ditadas, para cubrir determinadas carencias normativas, unhas regras interpretativas que asemade deron lugar a unhas xornadas técnicas nas que participaron representantes do 80% dos corpos policiais locais existentes en Galicia.

Doutra banda, no ámbito dos medios técnicos Galicia incorporou o sistema Siapol, unha ferramenta que solamente está sendo utilizada polas policía locais de Galicia, Navarra e Canarias e que permite aos diferentes membros dos corpos policiais dispoñer baixo un soporte informático de 450 situacións posibles, 450 incidencias posibles, nas que se ofrece todo o repertorio lexislativo e xurisprudencial, xunto cos documentos policiais necesarios para desenvolver os distintos procedimentos, alén doutras ferramentas complementarias que permiten dende *briefings* para os mandos, cadernos de estudo para os propios axentes, estatísticas, manuais, servizos de novidades lexislativas, noticias policiais, etc., e que tamén serve como instrumento de formación. Neste ámbito, citar que con data de 31 de decembro pasado existían en Galicia 2.572 axentes de Policía local encadrados en 131 corpos, correspondentes a outros tantos concellos; que ademais, noutros doce concellos que carecían de Corpo de Policía, existían vixiantes acollidos á normativa xa citada, existindo polo tanto 172 concellos nos que non existen nin corpos de policía nin vixilantes acollidos a ese sistema legal.

En materia de policía autonómica debo sinalar algo xa coñecido polas súas señorías. A Constitución española, no artigo 149.1.29, sinala que o Estado ten competencia exclusiva en seguridade pública, sen perxuízo da posibilidade de creación de policía polas comunidades autónomas na forma que se estableza nos seus respectivos estatutos, no marco que dispoña unha lei orgánica; algo evidentemente oportuno lembralo precisamente na data de hoxe. En cumprimento desta disposición constitucional, o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.25, atribúe competencia exclusiva á Comunidade Autónoma para a creación dunha Policía autonómica de acordo co que dispoña a correspondente lei orgánica.

Houbo que esperar un longo período, nada menos que 27 anos, para que o 29 de maio do ano 2007 –hai, por tanto,

pouco máis dun ano— este Parlamento aprobara por fin unha lei de policía que permitira pasar da especulación teórica, da especulación sobre o cumprimento dunha previsión estatutaria, a unha realidade lexislativa, ao cumprimento dunha previsión estatutaria, e polo tanto dar un paso máis no afortalamiento do servizo público da seguridade; sendo conscientes creo que todos os que naquela data estabamos votando este proxecto de lei, de que estábamos iniciando un longo camiño para a consecución dun corpo policial ao abeiro das previsións do Estatuto de Galicia.

A lei citada é unha lei marco que sinala principios de actuación, que regula a estrutura dun corpo policial, a carreira dos seus funcionarios, as funcións que lle corresponderían, o réxime estatutario e o réxime disciplinario. E a partir de aí, como coñecen as súas señorías, ábrese un proceso de negociación do Estado que culminará no seu momento no traspaso dos medios e nas reformas normativas oportunas para dotar das funcións que se consideren necesarias en cada momento a ese corpo policial.

E non cómpre frustración e moito menos impaciencia. No País Vasco o proceso de despregue dunha policía autonómica durou nada menos que quince anos, e en Cataluña todavía máis, exactamente vinte anos. Por tanto, estamos diante dun proceso que esixe prudencia e que esixe medir o tempo axeitado para acadar un obxectivo que ao final debe ser sempre —e cómpre non perdelo de vista— a mellora obxectiva dos índices de seguridade.

Nese sentido, o paso dado nesta Cámara o 8 de abril do presente ano coa aprobación dunha proposición de lei orgánica na que se solicita a transferencia das competencias de tráfico, circulación e seguranza viaria por parte do Estado, é un paso nesa mesma dirección que debemos agora agardar que produza os efectos desexados.

Doutra banda, en materia de desenvolvemento de policía autonómica, comentar que a día de hoxe a Unidade de Policía autonómica adscrita á Comunidade Autónoma conta con 429 efectivos —tense producido aquí un incremento notable dende o cambio de Goberno—, e entre outras actuacións tense desenvolvido o seguinte.

Dende o 1 de setembro pasado foi creado o grupo operativo da inspección do xogo na nosa comunidade. Dende maio de

2007 foi asignado un protocolo entre a Secretaría Xeral de Benestar e a propia Dirección Xeral da Policía para mellorar as actuacións en materia de menores. Está en preparación un protocolo semellante para mellorar as actuacións en materia de patrimonio cultural e están agora mesmo en proceso de formación grupos especializados da unidade adscrita en materia de Urbanismo e en materia de siniestralidade laboral para mellorar a capacidade de incidencia en dúas áreas que producen preocupación na nosa sociedade e que teñen relación directa co ámbito das nosas competencias. Coñecen vostedes o incremento de eficacia que se ten producido en materia de prevención e represión dos delitos relacionados cos incendios forestais.

Sinalar neste ámbito, tamén como un feito novidoso mesmo no ámbito do Estado, a constitución dun Comité integrado para prevención dos incendios forestais, no que participa a Unidade de Policía adscrita xunto coas consellerías de Medio Rural, Presidencia e outras unidades do Estado, como son a Guardia Civil, a Policía Nacional ou a Unidade Militar de Emerxencias.

E finalmente, en materia de Policía autonómica, sinalar a incorporación da tecnoloxía ..., que é un sistema avanzado de comunicacións que ten un custo importante —300.000 euros inicialmente, máis 187.000 anuais— pero que permite unha cobertura plena do territorio e garante, polo tanto, unha mellor eficacia, así como a ferramenta Siapol da que logo falarei.

En materia de protección civil debo comezar sinalando que no momento do cambio de Goberno en Galicia solamente existían dúas normas legais. Unha norma, o decreto 56/2000, que regulamentaba a planificación, coordinación e organización dos voluntarios —das agrupacións de voluntarios—, e logo o Plano territorial de emerxencias de Galicia.

O Goberno era consciente da necesidade, tamén aquí, de crear un sistema integrado de resposta ás emerxencias de Galicia, por iso o primeiro obxectivo foi a promulgación dunha lei, a Lei 5/2007, de emerxencias, que persegue dous obxectivos fundamentais. En primeiro lugar, establecer o réxime de competencias das diferentes administracións públicas galegas e de coordinación entre elas. E, en segundo lugar, crear un verdadeiro sistema integrado de protección civil e de emerxencias que diferencie a xestión dos riscos e a xestión das emerxencias en sentido estrito.

En materia de xestión de riscos, no momento actual, e como consecuencia da promulgación da lei, estase a traballar en catro ámbitos fundamentais. En primeiro lugar, na revisión do Plano territorial de emerxencias de Galicia –o Platerga– un plano importante, un plano estratéxico. Están agora en curso os traballos de revisión e debe tomar nota e incorporar a avaliación dos riscos producidos durante os últimos anos e tamén as análises extraídas dos principais conflitos producidos neste ámbito dende a última aprobación.

En segundo lugar, estase a traballar na revisión do catálogo de medios e recursos cos que conta a comunidade para facer fronte aos diferentes niveis de risco.

En terceiro lugar, estase a traballar na creación –case diría na incentivación– para a promulgación dos planos municipais de emerxencias, planos que se ten impulsado que sexan aprobados por todos os concellos de máis de 20.000 habitantes, pero donde neste momento hai 124 concellos que están en proceso de elaboración do seu plan correspondente a medio dunha política de fomento, dunha política de incentivos, que está producindo resultados. A día de hoxe, 23 deles contan xa con plans homologados pola Comisión Galega de Protección Civil.

E, finalmente, estase traballando no decreto de planos de autoprotección, está o borrador a piques de ser aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

En materia de xestión de emerxencias, a principal actuación foi a Constitución da Axencia Galega de Emerxencias prevista na propia Lei 5/2007, axencia da que dependen os servizos de atención aos usuarios, o servizo 112, coloquialmente, o servizo de helicópteros, a mobilización, a sala de crise e tamén aquí dotados cunha tecnoloxía que cubre neste momento 390 puntos de atención, é dicir, servizos locais, comarcais, de bombeiros e contra incendios e outros dispositivos, forestais, etc., de atención ás emerxencias, mentres se prepara un sistema novo, *ex novo*, de tecnoloxía de comunicacións propia da Xunta de Galicia.

Doutra banda, dentro deste obxectivo da lei de dispoñer dun sistema integrado de protección civil e emerxencias, debo sinalar o obxectivo da Xunta de Galicia de contar cunha rede profesional de cobertura das incidencias que se poidan producir no territorio.

Como saben vostedes, antes do cambio de Goberno existía unha situación heteroxénea na nosa comunidade, unha situación onde existían grupos semi profesionais, por dicilo dalgún xeito, os denominados Grupos Municipais de Intervención Rápida, e alén diso unha estrutura heteroxénea constituída por un consorcio provincial na provincia da Coruña, por consorcios comarcais nas provincias de Ourense e Pontevedra, por nada, agás na capital lucense, na provincia de Lugo, e deixando sen cobertura amplas zonas do territorio das provincias do sur de Galicia. Fronte a iso déronse os pasos necesarios, de xeito que no momento actual está en proceso de constitución un consorcio provincial. Na provincia de Lugo están firmados xa os correspondentes protocolos e en marcha os procedimentos para a construción dunha rede de parques profesionais con base nas localidades de Barreiros, Chantada, Vilalba, Viveiro e Sarria, cun investimento de 7 millóns de euros no exercicio de 2008 máis 1 millóns de euros en vehículos. E ademais están moi avanzadas as conversas na provincia de Ourense para a constitución tamén dun consorcio provincial que permita, alén diso, a construción de novos parques nas localidades do Carballiño e Bande, e que en definitiva debe levarnos a pasar dunha situación que en 2005 cubría 2/3 do territorio, cunha reposita profesional por debaixo de 20 minutos, e ¼ do territorio por debaixo de 30 minutos, e que desexamos poida pasar a ser do 93% da poboación en menos de 20 minutos e do 99% en menos de 30 minutos.

Paralelamente preténdese a profesionalización dunha estrutura mínima de protección civil en todos os concellos. É dicir, é necesario e conveniente que exista en todos os concellos un dispositivo básico que garanta que os procedimentos, os protocolos de actuación, os equipos de actuación, sigan as pautas profesionais, e nese sentido estase a incentivar aos concellos para que se vaia producindo un proceso de consolidación de emprego.

En canto a disposicións normativas, atópase agora mesmo sometido a debate un decreto que regulará o Estatuto dos bombeiros profesionais, que deberá ver a luz ao longo do presente exercicio. Están aprobados xa distintos plans especiais. O máis novidoso, o máis característico, o correspondente á factoría de Reganosa, pero tamén distintas normas como o decreto regulador da Axencia Galega de Emerxencias, a orde que regula a formación dos corpos profesionais de bombeiros ou o decreto marco de axudas estables en



situacións de catástrofe que está neste momento a piques de ser aprobado polo Consello da Xunta de Galicia. En definitiva, un ano despois da aprobación das leis de policía local, de policía de Galicia e de emerxencias de Galicia, a Xunta está a producir as normas de desenvolvemento necesarias e ao mesmo tempo a buscar os acordos necesarios cos poderes locais e cos poderes do Estado no ámbito que lle corresponde para conseguir ese obxectivo que fora enunciado como un obxectivo de lexislatura, que dera lugar a estas innovacións lexislativas e que, en definitiva, o que pretende é garantir a todos os cidadáns galegos un sistema de seguridade integral, profesional, un sistema de seguridade integral homologable cos máis avanzados do Estado e un sistema de seguridade integral baseado na profesionalidade, baseado na competencia e baseado na competitividade, con sistemas semellantes a outros lugares do Estado e a outros lugares de Europa.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios. Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor González Mariñas.

**O señor GONZÁLEZ MARIÑAS:** Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, señorías, ante unha intervención desta dimensión ou deste contido loxicamente resulta preciso seleccionar uns cuantos temas dos que aquí se nos formularon por parte do conselleiro, centrándonos fundamentalmente en dúas cuestións. Por unha parte, neste sistema integral de protección civil de emerxencias, que é o que realmente pode aínda faltar para que sexa plenamente eficaz, e desde logo tamén a cuestión fundamental da policía galega, que pasos se están a dar neste sentido, cal vai ser o seu perfil definitivo, cal é o calendario de implantación que se pode prever nesta materia, porque, efectivamente ao longo desta lexislatura xa nos temos dado tres ou catro leis importantes. Está deseñado o modelo de seguranza e agora o que hai é que levalo adiante para dar plena efectividade a este modelo.

A respecto da protección civil e de emerxencias, simplemente unhas consideracións moi breves, porque, efectivamente, a Lei 8/2007 formulou ese sistema integral, esa construción dun auténtico servizo público nesta materia, para

abordar as emerxencias que se poidan producir. Un modelo integral que, como é lóxico, resaltáboo o conselleiro hai un momento, afecta a todas as administracións operantes no noso territorio, afecta tamén ao voluntariado e, polo tanto, produce unha complexidade evidente de coordinación e de xestión. Por eso a lei deseñou xustamente plans, mecanismos de coordinación técnica e xurídica de diversa natureza, e consciente desta complexidade foi prudente no establecemento dos prazos de cumprimento tanto da normativa necesaria, complementaria ou de desenvolvemento, como na efectividade dos distintos entes e instrumentos, tanto no que fai a xestión de riscos como no que afecta á xestión de emerxencias.

Realmente é de saudar esa creación da Axencia Galega de Emerxencias por dúas razóns. Por unha parte, porque a propia lei non determinaba o prazo para a súa creación e, sen embargo, aí está funcionando. E, en segundo lugar, e sobre todo, porque se trata dun órgano absolutamente central para este obxectivo, como tamén o é ese obxectivo político que acaba de expor o conselleiro de dotar dunha estrutura mínima de protección civil a todos os concellos, realmente profesionalizada e, como dicía, un obxectivo que nós compartimos como moi desexable, moi valioso, este de proporcionar unha protección ao 99% da nosa poboación en menos de 30 minutos.

Esto é fundamental, e sabe o señor conselleiro que dende o noso grupo apoiaremos sempre esta política integral de protección civil e seguranza, que non é nunca unha cuestión dun partido senón é cousa de todos, e realmente un aspecto absolutamente estrutural e estratéxico da construción do país galego.

Si nos interesa matizar algunhas cuestións, señor conselleiro e señorías, a respecto da nosa posición respecto da policía galega, porque a Lei de policía, en efecto, entrou en vigor a mediados do mes de xullo do ano pasado e polo tanto vai para un ano da creación da nova policía, unha creación que xa está feita por lei, non hai necesidade de ningunha outra norma de creación, pero aínda non temos constituído o corpo da nosa policía nin tampouco iniciadas as integracións, as promocións de funcionarios pertencentes a outras forzas e corpos de seguridade. Mesmo no pleno desta Cámara de hai un mes, o pasado día 27 de maio, o noso grupo por boca deste deputado manifestaba o seu desacougo por esta

circunstancias, especialmente por que chegase axiña este cumprimento da disposición transitoria primeira da lei referente á interacción dos membros da unidade adscrita, que podería constituír –diciamos entón– o bandeirazo de saída dese proceso de integración e de promoción de todos os seus compoñentes, que efectivamente, señor conselleiro, non vai ser de súpeto, ten que ser progresivo, probablemente cunha certa lentitude no tempo. Pero entendemos desde o noso grupo que é moi importante dar xa pasos iniciais, neso habería que concentrar toda a dedicación e todos os esforzos.

Evidentemente, cómpre recordar neste momento que o proceso de implantación da Policía autónoma vasca, da Ertzaintza, levou tempo, pero non foi demasiado lento. En 1982 aprobouse o seu regulamento, uns anos máis tarde, catro anos máis tarde creo recordar, aprobouse a delimitación dos servizos entre esta policía, esta Ertzaintza, e os corpos de seguridade do Estado, e en 1990 xa se aprobou o acordo sobre o despregamento e estrutura orgánica da Ertzaintza. Polo tanto, en apenas oito anos o proceso estaba practicamente rematado.

E pola súa parte, en Estremadura hoxe sabemos que o proceso está practicamente finalizado tamén.

A lei da creación da Policía autonómica da Generalitat, como as súas señorías recordan, no ano 83 a lei limitouse a crear a policía, pero ademais tiña unha disposición adicional fundamental que non temos na nosa lei, e refírome a esa disposición legal pola que se otorga ao corpo de Mossos d'Esquadra a condición de núcleo inicial da Policía autonómica. A partires de aí foi doado ir construíndo, completando o marco normativo. Creo que, evidentemente, a Escola de Policía de Cataluña iniciou unha intensísima tarefa de formación e, sobre todo, realizou numerosos e minuciosos estudos de implantación, que desembocarían nun acordo no ano 1994 para o despregamento progresivo dos Mossos d'Esquadra.

Realmente, desde entón levouse a cabo un proceso gradual de substitución de forzas e corpos de seguridade do Estado en materia de seguridade cidadán, en materia de orde pública, en materia de investigación criminal, en todo o territorio de Cataluña. E todo iso fíxose ademais cunha base organizativa e territorial propia, é dicir, dentro dun modelo territorial propio. Cómpre destacar, por exemplo, que en Cataluña

este modelo inclúe o tráfico non como unha función segregada en relación co resto das actividades, senón como unha actividade máis a desenvolver polo conxunto do corpo. E despois, xa no ano 1997, por non facer máis extensa esta referencia, o conselleiro de Interior presentou ante o Parlamento catalán o Plan director de despregamento da Policía da Generalitat, Mossos d'Esquadra, que tivo unha enorme incidencia na caracterización do sistema policial de Cataluña.

Hoxe en día podemos dicir que o despregamento da Policía catalana como policía ordinaria e integral, e a súa coordinación integral cos corpos de policía locais, dos que nos falaba abondosamente o señor conselleiro hai un momento, é alí unha realidade case rematada.

Nós entendemos, polo tanto, señor conselleiro –e non queremos abondar nestas cuestións comparativas que nos levaría demasiado tempo e ademais hai que ter en conta que partimos de realidades e vontades absolutamente distintas–, os gobernos do Grupo Popular, os gobernos do Partido Popular, igual que manifestaban hoxe ese desinterés no comezo da sesión, o Grupo Popular, pois realmente foi o mesmo desinterese que os Gobernos do Partido Popular tiveron a respecto desta cuestión da creación e do despregamento da nosa policía. Pero nós entendemos que esta circunstancia non debe producir conformismo nin apatía nin desligamento do propósito de dotar canto antes, e de maneira efectiva, desa policía propia que o país está a demandar e a necesitar. Polo tanto, quixeramos salientar esto, que consideramos desde o Bloque nacionalista Galego prioritario e urxente acelerar ese ritmo, queimar etapas nesta posta en servizo da nosa policía. Non temos, señor conselleiro, frustración, pero si temos unha certa impaciencia, xogando ou utilizando as súas propias palabras.

O pacto de Goberno, cómpre recordar tamén, acordado polas dúas forzas que apoian o Goberno, contén esta obriga política, unha obriga política que non se refire só á creación formal da Policía galega senón tamén ao despregamento desa policía. Para o Bloque Nacionalista Galego é fundamental e irrenunciable, é fundamental para o noso autogoberno e a súa definitiva visibilización, e por iso para nós é irrenunciable, máxime cando outras as outras dúas nacionalidades históricas nos levan aquí tanto adianto, logo dese sostido e deliberado abandono en Galicia polos gobernos do Partido

Popular desta previsión estatutaria, e nós entendemos que hai que defender con toda a forza este obxectivo fronte a calquera oposición, mesmo tamén fronte a calquera posición ou atisbo dilatorio por parte do poder central.

Hai, efectivamente, señor conselleiro, unhas competencias do Estado e das comunidades autónomas nesta materia, non imos entrar nisto e moito menos a discutir as competencias estatais neste eido, pero alén das competencias formais hai competencias socialmente desexables, socialmente asumidas como convenientes e necesarias, e nós pensabamos que esta é unha delas, e pensamos tamén que a experiencia doutras comunidades autónomas, nomeadamente Cataluña e Euskadi, debe servir para que non se demore tanto o noso proceso, que alí levou tamén bastante tempo.

Certamente, nós pensamos ademais que neste punto temos en Galiza unha vantaxe fundamental fronte a esa situación de Euskadi e Cataluña, porque calquera corpo policial de nova creación normalmente enfronta un grave problema funcional, que é a carencia dunha suficiente bagaxe de coñecementos policiais na sociedade na que se vai implantar. Nós realmente non estamos nese caso, se teño tempo na segunda intervención abundarei neste punto, pero certamente temos aí un patrimonio tanto dos policías nacionais como dos gardas civís destinados en Galiza como aqueles que están espallados polo resto do Estado, que poden ser moi útiles e poden axudarnos a queimar etapas nese proceso para o establecemento, canto antes mellor, da nosa policía.

Máis nada e moitas gracias, señora presidenta.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor González Mariñas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Sestayo Doce.

**A señora SESTAYO DOCE:** Moitas gracias, señora presidenta.

Moi boas tardes, señorías.

Señor conselleiro, estamos unha vez máis ante unha comparecencia a petición propia do señor conselleiro da Presidencia que reflicte a vontade inequívoca deste Goberno e que a estas alturas pode parecer xa algo normal, pero non o era

tanto noutras lexislaturas, a vontade de facer deste Parlamento o centro da política galega, o centro e o foro da transparencia, da información e do respecto aos cidadáns e cidadás que representamos.

Hoxe estamos ante unha comparecencia que nos permite, por unha banda, comprobar unha rendición de contas dun traballo ben feito pola Consellería de Presidencia baixo a magnífica dirección do conselleiro e tamén polo traballo de dúas direccións xerais especialmente activas, a Dirección Xeral de Interior e a Dirección Xeral de Protección Civil. Unha comparecencia que vén explicar o que ten sido para este Goberno e o que está sendo para este Goberno un eixe vital para a política do benestar e da cidadanía, a política de seguridade como un elemento vital deste benestar, que racha unha concepción da seguridade propio do Goberno das dereitas, un goberno e unha política de seguridade que nos gobernos da dereita aparecía unicamente con carácter sancionador, con carácter represivo, pero alleo a este compoñente de políticas prioritarias para as persoas, e a concepción da seguridade propia dun goberno como o presidido por Emilio Pérez Touriño, no que a seguridade se estima como un marco para que as persoas exerzan a súa liberdade. Ese é o compoñente que dende o Grupo Parlamentario Socialista queremos valorar, como unha política de seguridade acorde coas necesidades da cidadanía e as novas necesidades sociais.

Efectivamente, esta aposta ademais escomenzaba no primeiro ecuador da lexislatura cunha ambiciosa política en materia de seguridade, unha política integral, unha política global, e mesmo se amosaba non só con palabras, como é o propio doutras lexislaturas, senón con feitos, coa aprobación por parte deste Parlamento dos proxectos que traía o Goberno, a Lei de coordinación de policías locais, como coñecen as súas señorías, a Lei de policía de Galicia, a Lei da Academia de Seguridade, de Seguridade Pública e a Lei de emerxencias, todas elas absolutamente imprescindibles para unha política de seguridade seria e rigurosa, coordinada e planificada para un país. O certo é que tivo que ser este Goberno, tivo que chegar este Goberno, para que en Galicia existira unha política de seguridade global, para que simplemente a vista de paxaro puideramos comprender cal era a vocación dunha sociedade por esa política de seguridade que, como se dicía dende o Grupo Parlamentario Socialista,

é favorecer as condicións para que os cidadáns e as cidadás exerzan os seus dereitos e as súas liberdades.

Fronte a esos parches, fronte á propaganda e á absoluta improvisación nesta materia nos anteriores gobernos do Partido Popular, o novo Goberno galego, como acaba de verse na comparecencia do señor conselleiro da Presidencia, promoveu unha política de seguridade como elemento ao servizo da cidadanía fronte a unha política de seguridade que unicamente falaba do policial como un concepto –como dicía antes– represivo e sancionador. Nos atopamos cun novo Goberno que aposta por unha seguridade ao servizo dos cidadáns, que aposta por unha seguridade próxima aos cidadáns, que aposta por unha seguridade integral acorde coa sociedade moderna, acorde cos novos códigos éticos e acorde, dende logo, con lexislacións acaídas aos novos tempos.

Desde logo, se lembran as súas señorías, o que atopabamos nos comezos da lexislatura era que Galicia se encontraba cunha política, neste caso de policía, por escomenzar, cunha das vertentes da seguridade en que permanecíamos alleos completamente, á marxe da modernización que outras comunidades autónomas estaban experimentando en materia policial, mentras outras comunidades –a inmensa maioría, por outra parte– como Andalucía, País Vasco, Estremadura, Navarra, xa tiñan completamente actualizadas as súas lexislacións, Galicia seguía sen elas, a pesares de que tiñamos para iso todas as competencias ao abeiro do marco constitucional, como a Lei de forzas e corpos de seguridade, instrumento fundamental para desenvolver as políticas policiais, en primeiro lugar, de coordinación de policías locais. Unha lei tanto na súa aprobación como no seu desenvolvemento, para os socialistas, absolutamente importante.

Temos dito nesta Cámara e en todos os foros nos que nos é posible que o Partido Socialista é un partido municipalista e que cre nos gobernos próximos aos cidadáns e que, polo tanto, cre no desenvolvemento das competencias propias deses gobernos locais próximos aos cidadáns. Dende logo tamén cremos en materia de seguridade no reforzamento do papel, das garantías de prestación de servizos por parte das policías locais, axudadas desde o punto de vista da coordinación pola Xunta de Galicia. Era un papel absolutamente necesario, sobre todo tendo en conta dous aspectos importantísimos, como son o da prevención, aspecto absolutamen-

te esquecido polo Goberno do Partido Popular, e o desenvolvemento social. Por iso, neste camiño, non só se aprobaba a lei senón que, como xa ten explicado, señor conselleiro, nomeáronse os representantes da Xunta de Galicia na Comisión de coordinación de policías locais, regulouse a composición e funcionamento do gabinete técnico en materia de coordinación de policías locais, se crea e regula o Rexistro de policías locais –seguramente no segundo turno teremos ocasión de ver o estado do rexistro cos gobernos populares–, se aposta polas ferramentas informáticas e de novas tecnoloxías, absolutamente fundamentais para unha axeitada coordinación en materia de seguridade.

Seguramente niso temos consenso, pero outra vez tivo que ser un Goberno socialista, un Goberno progresista, quen puxera as tecnoloxías ao servizo dos cidadáns e ao servizo da seguridade. Un Goberno que tamén apostaba ao seu comenzo, inmediatamente, pola seguridade do país, un compromiso coa policía de Galicia, unha aposta seria, rigurosa, con compromiso, con vocación inequívoca de cumprimento. E mesmo así se facía non co amago que tentou o anterior Goberno, coa presentación xa cando se disolvía o Goberno dese amago de Lei de Policía de Galicia, senón ao comenzo da lexislatura. Vontade inequívoca de cumprir co compromiso acadado cos cidadáns.

Unha vez máis, ante esta lei que estaba cargada non só de simbolismo senón que se vería claramente favorecida por ese impulso que estivemos a punto de dar entre todos ao Estatuto de Autonomía, o Partido Popular xa na oposición seguía boicoteando ese desenvolvemento, a pesares do espírito de Valencia a que antes facía referencia a compañeira Laura Seara. Creo que o señor Núñez Feijoo seguía a falar da súa oposición a determinados estatutos no tema, polo tanto, creo que todavía non renovamos o suficiente. O certo é que a política do Partido Popular ficaba inmutable, a política do novo Goberno marca tamén neste caso un antes e un despois. Pero é que ademais, a pesares destas dificultades, non quedou só aprobado nun texto lexislativo senón que se apostou polas modificacións necesarias na Academia de Seguridade Pública, que marca unha vocación clara de formación para a policía, para a nova policía de Galicia. As consignacións orzamentarias para o desenvolvemento de determinadas equipas e determinadas preparacións para unha policía marca ese camiño necesario para a implantación neste país da policía de Galicia.

Podemos sinalar, dende logo, a proposición á que se facía referencia antes da Lei orgánica de transferencias complementarias en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria, como coñecen todas as súas señorías. Polo tanto, estamos cun compromiso inequívoco e claro.

E unha política de seguridade integral permítenos avanzar noutros aspectos que seguramente terei que abordar na segunda parte, coa política de emerxencias, coa aprobación da Lei de emerxencias. Unha lei que vén marcar outra vez máis, señores do Partido Popular, un antes e un despois fronte á improvisación, fronte á descoordinación. Fronte á banalidade e inexistencia dunha política en materia de prevención de riscos nos atopamos cun modelo organizado, planificado, coordinado, tanto na xestión de riscos como na planificación de emerxencias como a creación dos instrumentos necesarios para garantir a protección dos cidadáns e do país ante as situacións de emerxencias.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**A señora SESTAYO DOCE:** Este novo Goberno puxo racionalización onde non existía, puxo organización onde nada había e puxo unha política de seguridade ao baleiro máis absoluto. E, dende logo, este grupo, o Grupo Parlamentario Socialista...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Sestayo.

**A señora SESTAYO DOCE:**... —remato, señora presidenta— vai remarcar o apoio a unha política global, de país, para a protección de todos os galegos e as galegas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Sestayo.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Baamonde Díaz.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señor conselleiro de Presidencia, como lo cortés no quita lo valiente, eu teño que empezar por admitir a súa reconven-

ción sobre o absentismo inicial. Pero tamén é verdade, señora Sestayo e señor Mariñas, que para un Goberno que aspira a facer do Parlamento o centro de referencia da vida política, pois a reprimenda hai tamén que estendela, porque o seu absentismo á vista salta e á vista está.

Entrando xa nos termos da súa comparecencia, (*Aplausos.*) señor conselleiro, por un lado vostede xa sabe, e, por outro, ¿que quere que lle diga? Se eu tivera que xuzgar a política de seguridade polo que vostede acaba de explicar aquí, de verdade que empezaría por recitalle aqueles versos que un home ilustrado como vostede ben coñece: Un soneto me manda hacer Violante. En mi vida me he visto en tal aprieto. Catorce versos dicen que es soneto, burla burlando, van los tres delante. Porque vostede, señor conselleiro, o que acaba de facer aquí é un magnífico exercicio de retórica pero de escasa ou nula transcendencia práctica, porque en realidade contounos o que xa sabíamos e non nos contou absolutamente nada daquello que non sabíamos e que tiñamos auténtico interese en saber.

Se non fora, loxicamente, polo respecto persoal que vostede merece, señor conselleiro, eu casi diría que vostede estivo facendo aquí un exercicio de diletantismo político. A política é compromiso e responsabilidade, e dá a impresión que o que vostede fixo é que ás veces vostedes se divirten xogando á política, non falan dos problemas que realmente lle ocupan e lle preocupan á xente.

Fai poucos días, señor conselleiro, primeiro o señor Palmou e despois o líder da oposición, o señor Feijoo, plantexábanlle ao señor presidente da Xunta os tremendos problemas e a alarma social que estaba a provocar a situación de retraso da xusticia en Galicia. Nin unha palabra dice vostede deso. Xa sei que non corresponde a esta comparecencia, pero podía cambiar unha comparecencia por outra. Obviamente élle máis fácil falar deste tema de seguridade, donde, por outra parte, as competencias da Xunta de Galicia son moito máis reducidas; e é tamén moito máis fácil, polo tanto, escaparse á crítica e practicar eso que tanto lles gusta do autobombo e da propaganda. Porque en realidade, en realidade, señora Mar Barcón, vostede falaba pola mañá de que este Goberno trouxo o cambio, pero o cambio que trouxo xa sabemos cal é: aparten vostedes que agora entramos nós. Trouxeron un cambio para seguir facendo exactamente o mesmo.

Señor conselleiro, dice vostede... (*Murmurios.*) Si, si, llo vou a explicar. Dice vostede, señor conselleiro, que vén a falar de políticas de seguridade desenvolvidas pola consellería. Sen restar un ápice de valor e con profundo respecto, como é lóxico, ao que vostede dice, eu me vou exactamente igual que entrei. Porque o que vostede nos veu a vender é fume, o que dixo é moito máis retórico que real, o que dixo é moito máis accesorio que importante. E, mire, se teño que xuzgar a política de seguridade polo que vostede acaba de decir, me dá a impresión que esto é igual que o globo de Betanzos, despega no medio dunha enorme multitud e con gran aspavento e, unha vez que desaparece polo horizonte, non se volve a saber nada máis del. O mesmo ocorre coas súas políticas de seguridade, (*Aplausos.*) as fai despegar cun tremendo aparato propagandístico pero despois, efectivamente, se perden na indefinición.

Non é que llo diga eu, pero é que escoitei á señora Sestayo, escoitei ao señor Mariñas, e practicamente casi tiveron que inventarse a súa propia comparecencia para poder falar destas cuestións de seguridade, porque practicamente –o que antes lle decía– vostede o único que fixo foi casi casi xustificar, xustificar o pouco que se leva feito nesta materia de seguridade; o pouco ou practicamente nada.

O xuicio que nos merece a nosoutros, dende o punto de vista do Partido Popular, a política de seguridade da Xunta de Galicia, obviamente é negativo, eu diría que é un fracaso rotundo, contundente e meridiano.

Mire, señor conselleiro, deixémonos de fanfarrías e falemos das cousas importantes. Nas cousas importantes, o traballo da consellería en materia de seguridade é un rotundo fracaso. Decíalle antes que ten poucas competencias en materia de seguridade, pero si hai unha que ten unha enorme transcendencia –e o señor Mariñas xa se encargou de resaltala– polo que representa de desenvolvemento estatutario, polo que representa de autogoberno, polo que representa de desenvolvemento da imaxen de poder, que é a da Policía autonómica. É certo que aprobou este Parlamento unha Lei de Policía de Galicia, é verdade que está aí, pero un ano despois, casi casi no epílogo da lexislatura, o certo é que en Galicia seguimos sen policía, e eso que este era un dos obxectivos fundamentais e prioritarios do Goberno. Por eso lle decía antes que cambiamos tantas cousas que todo sigue exactamente igual; no caso da policía, estamos igual que estabamos.

E, mire, a preocupación non é solo miña, toda a disertación do señor Mariñas practicamente versou en expoñer a súa preocupación polo desenvolvemento da policía de Galicia. Esa preocupación tena tamén o señor director xeral da Garda Civil, que hoxe, concretamente nalgún medio de manifestación, viña a referencia de que non tiña pensado desenvolver ningún tipo de unidade para adscribir ás policía autónomas, e aínda que despois foi desmentido por alguen da consellería, parece que o fixo sen moita convicción, pero parece evidente que sen policía estamos.

E, señor conselleiro, ¿por que estamos sen policía? ¿Porque vostede non ten interés en desenvolvela? Porque, oiga, a mín me preocupa que fale de que noutros sitios tardaron vinte ou trinta anos en sacalo para adiante. ¿Vai invertir vostede o mesmo tempo? Home, o mesmo tempo non, que esperemos que antes a sociedade galega recapacite e loxicamente non lle permita estar aí tanto tempo ao seu Goberno de vacacións, que non a vostede.

Pero, señor conselleiro, outro tema me preocupa tamén, que é o das competencias de tráfico que vostede mentou aquí. É verdade que este Parlamento aprobou por unanimidade a marcha do proceso de transferencias. Pero, ¿que pasa agora co proceso de transferencias? Negociouno o señor Quintana a cambio, tamén é verdade, da felonía de non reprobar a esa ministra tan antipática para Galicia. Aprobámolo unanimemente todos os grupos da Cámara, pero agora parece que o Grupo Socialista non participou neso e as cañas empezan a volverse lanzas. Se escoitamos á señora ministra de Administracións Públicas, ao señor ministro de Interior, empezan a falar dun proceso largo, complicado e difícil. O señor presidente está ausente, e tendo en conta os eufemismos que utilizan vostedes, que xa saben que empezan primeiro negando os problemas, despois decindo que os problemas se chaman doutra maneira, pois as crisis son desaceleracións, e despois o peor é que acaban reconecendo o problema e dicindo que é moito peor do que había. Eu empezo a temerme que realmente o Grupo Socialista non ten auténtica intención de desenvolver esas competencias de tráfico. E recorde, señor conselleiro, que vostede mesmo chegou a decir que aproximadamente no mes de outubro podería estar resolto o problema, aínda que loxicamente se coidou moi ben de non decir en que mes de outubro de que ano estaría eso resolto.

E outro problema, tamén en relación coa seguridade, de enorme transcendencia. Un problema que, señor conselleiro, vostede o inclueu dentro das competencias da policía autónoma: o problema da violencia de xénero. Pois, señor conselleiro, vamos a anos luz doutras comunidades autónomas na creación de xuzgados de violencia de xénero. Estamos a anos luz e seguimos cos tremendos problemas da xusticia en dotación de material, en dotación de persoal. Nun problema tan transcendente pois nos pasa o contrario de antes, aquí temos mulleres preocupadas, aquí temos unha lei de policía e non temos policía para unha lei. Por eso, señor conselleiro, ten vostede que espabilar e, en vez de perder o tempo dando explicacións sobre temas secundarios, eu creo que debería aproveitar para tranquilizar a opinión pública galega e explicar claramente cal é a política do Goberno en relación coa policía e en relación tamén coas competencias de tráfico.

Do demais que nos falou, practicamente non merece a pena mentalo. Señor conselleiro, o único que nos fixo foi unha exposición de temas puramente teóricos, de proxectos. O único que ten vostede na mao son leis sen desenrolar. E ten leis, pero son leis malas, leis malas porque as fai correndo, a présa e sen estudialas. Mire o que lle dice hoxe o Consello Económico e Social de Galicia, que non o consulta, que o consulta con urxencia e que despois non lle fai caso. As leis que trae son malas, señor conselleiro, porque vostede non busca o consenso.

Señora Sestayo, fala vostede de atender os concellos. Pero home, basta ver a Lei de emerxencias, na que ningunearon vostedes os concellos e ningunearon vostedes as deputacións, que son as entidades que máis poden conocer nesa materia de emerxencias e que, polo tanto, sacaban adiante unha lei viciada desde o principio. Unha lei que fai que non coñezan vostede a realidade dos bombeiros, que non coñezan vostedes a realidade da Protección Civil, que non coñezan vostedes a realidade dos grumires e que obriga ao señor conselleiro, falando deste tema dos grumires, a ter que rectificar as previsións iniciais para adaptalas a unha realidade que seguramente descoñecía con anterioridade.

En fin —e remato xa, señora presidencia—, a nosa é unha valoración absolutamente negativa. Máis que un Goberno serio, traballando pola seguridade dos cidadáns de Galicia, esto parece unha congregación de propagandistas da fe, que

é algo parecido. E, polo tanto, señora Sestayo, eu lle diría: déixese vostede de gobernos progresistas e de historias, non hai gobernos progresistas nin non progresistas na seguridade, a ver se chegamos ao colmo de que o que non fai nada é o máis progresista. O que hai que facer é poñerse a traballar, (*Interrupcións.*) o que hai que facer é cargarse as pilas e darlle a esta comunidade, aos galegos e ás galegas, unha seguridade, que con vostedes estamos apañados. Arde Roma bastante axiña sen que vostedes lle poñan remedio. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Baamonde.

Réplica do señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA (Méndez Romeu):** Rematen as loubanzas, si... (*risos.*)... Rematen as loubanzas, porque certamente as barbaridades que se teñen escoitado hoxe aquí, señor Baamonde, só se poden entender dende a necesidade de estender unha cortina de fume, desde a necesidade de lanzar unha cortina de tinta, para tapar, como fan as luras, a fuxida. Porque, señor Baamonde, claro que aquí vostede necesita falar de teoría, porque vostede non pode falar das prácticas, ¿ou acaso vostede non é deputado por Lugo? ¿ou acaso na provincia de Lugo non hai unha situación en materia de emerxencias que alomenos debe ser coñecida polo conxunto dos cidadáns e alcumada como o perfecto exemplo do que non se debe facer? Unha situación que só é comprensible desde os usos e abusos perpetuados por institucións baseadas no desprezo absoluto aos usos democráticos, ás necesidades dos cidadáns, e baseadas exclusivamente no uso clientelar do poder. Institucións, por certo, que vostede serviu fielmente, supoño que por convicción e non por outros motivos. ¿Como, se non, se pode entender que en materia de emerxencias a provincia de Lugo sexa a peor dotada de España? Vostede, señor Baamonde, deputado pola provincia de Lugo, debería comezar aquí facendo, alomenos, xa non acto de contrición, un acto de recoñecemento de que non sabía o que estaba a ocorrer.

Di que nós falamos de cousas teóricas cando dicimos que, por exemplo, unha construción feita en Barreiros, que con vostede levaba pechada non sei cantos anos, cómpre abrilala e cómpre poñela en funcionamento, con independencia de que estea gobernada por un alcalde do Partido Popular, eso é o que di este Goberno, e ademais que cómpre facer o mesmo en Vilalba, un concello que seguro que vostede coñece, con

independencia de quen o governe, o mesmo en Chantada, en Sarria e non sei onde máis. Eso é o que hai que facer tamén en Viveiro, e non porque cambie o alcalde, se cambia a ubicación dos lugares. ¿Lle sona de algo esto, señor Baamonde? Porque hai moita historia.

Lugo, a provincia peor dotada en España. ¿E vostede onde estaba como deputado, como representante dos intereses lexítimos da provincia? ¿Estaba teorizando ou estaba falando do que teorizaban os outros? (*Aplausos.*) Non, señor deputado, estaba preocupado polas competencias en materia de violencia de xénero e preocupado polas importantes competencias en materia de xustiza. Saiba a súa señoría, saiba a Cámara, e saiban os galegos, se é que nos escoitan, que teño severas dúbidas, saiban que en materia de xustiza é unha competencia donde as comunidades autónomas temos unha debilidade, unha febleza, unha mágoa de competencias que é absolutamente insostible no Estado democrático, como estamos a plantexar continuamente diante de quen ten as competencias reais, que é o Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio de Xustiza.

Pero saiba tamén esta Cámara que non se pode vir aquí a falar arbitrariamente do que se debería facer e non se fai porque non hai competencias, e agochar ao mesmo tempo que o Partido Popular de España, coa complicidade escandalosa do Partido Popular de Galicia, mantén no desgoverno o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desde hai dous anos, en situación de interinidade, porque o Partido Popular non permite a renovación dos órganos do Consello Xeral do Partido Xudicial. (*Aplausos.*) Diso si que hai que falar, señor Baamonde, se falamos de xustiza. Deso e do resto dos problemas, e da necesidade de modificar as leis orgánicas en materia de xustiza. Así que eso, tamén é teoría, pois falemos de que o é. Señor Baamonde, falemos de que o é.

Eu comprendo que non lles guste falar tampouco da situación das emerxencias nin da situación da protección civil nin da situación das policía locais, señorías, das policía locais de Galicia, porque claro, houbo que chegar poñendo orden, poñendo orden e lembrando que non pode haber traballadores que exerzan a función policial e non sexan funcionarios, unha evidencia no réxime xurídico-administrativo, pero unha evidencia que houbo que poñer en claro diante do que estaba ocorrendo.

Señorías, en materia de seguranza en Galicia estanse a dar pasos en doce meses, que vostede chamará teóricos, pero que debo dicirlle que contan co pleno respaldo dos poderes locais de Galicia e do conxunto dos postos policiais interesados na extensión dun modelo policial profesional. Poderíamos falar dunha policía autonómica.

Señor González Mariñas, concordo coa súa señoría en que isto é un obxectivo de Goberno, pero a partires de aí teño algunhas diferencias que non quero deixar tampouco de precisar. Non cre este conselleiro que o futuro das policía autonómicas en España sexa a repetición mimética dos modelos policiais de Cataluña e do País Vasco. Poderei estar equivocado, pero este conselleiro non cre que o futuro do modelo policial español sexa a repetición mimética dos modelos de policía da Ertzaintza, e dos Mossos d'Esquadra, máis ben cre que o futuro debería ir por unha terceira vía distinta, que é a vía que modestamente tense ensaiado no proxecto de lei de policía de Galicia, que é unha lei de policía integral que permite calquera desenvolvemento no futuro, pero que cremos que no momento actual, co desenvolvemento policial en España, o desenvolvemento da seguranza, debemos de ser cautelosos, prudentes e fríos. Porque como teño explicado nesta Cámara e noutras tribunais, Galicia conta cunhas taxas de seguranza pública extraordinarias no conxunto do Estado, extraordinarias no conxunto da Unión Europea. Ese valor non se pode poñer en perigo nin ese valor é facilmente mellorable por cambiar o mando policial. Polo tanto, este conselleiro cre que o que debemos facer, e o acaba de dicir na primeira intervención, é avanzar na liña expresada precisamente neste Parlamento no mes de abril, cando se presenta e se aproba unha proposición de lei conxunta dos tres grupos para pedir unha transferencia dunha competencia especializada. Porque si que en materias especializadas, como é o tráfico, como é a vixianza do patrimonio natural, etc, si que aí a proximidade é un valor engadido, como se ten demostrado suficientemente; e si que aí temos taxas diferenciais con respecto ás medias do Estado que son garantía suficiente de que poderíamos mellorar facilmente esa situación; e aí é onde creo que se produce un punto importante de discrepancia con outras autoridades que respecto no Estado pero que, evidentemente, non podo asumir na total plenitude o seu punto de vista.

Evidentemente, por iso dicía que o proceso vai ser lento e complicado, porque se trata de debatir non só teorías senón que se trata de debatir datos, dispositivos de despregamento,



de debatir tamén tácticas para mellorar os índices de seguranza, pero, en todo caso, agradezo a súa intervención.

Quero lembrar que estamos ao principio dun proceso, a Lei galega ten menos dun ano, a proposición deste Parlamento, está presentada nas Cortes e será debatida nos vindeiros meses, e aí é onde iniciárase o primeiro paso dun proceso. Quero subliñar que nesta mesma situación están agora mesmo outros gobernos autónomos do Estado que están a producir tamén normas, leis de nova xeneración referidas á policía autonómica, e que tentan seguir, precisamente, por estes vieiros que está a expoñer este conselleiro.

Agradezo a intervención da señora Sestayo, que amosa, coma sempre, un fondo coñecemento da política que sigue esta consellería. Ten que asumir que vai, evidentemente, na vantaxe de formar parte do grupo principal de apoio ao Goberno, a furibunda crítica do Grupo Popular, pero é evidente que o Partido Socialista, señor Baamonde, creo que o Bloque Nacionalista, na parte que lle corresponde de apoio ao Goberno, están a desenvolver unha política que non se vai a esgotar nunha lexislatura, que pretende poñer os alicerces dun cambio de máis alcance en Galicia.

Remato cunha consideración. Señor Baamonde, eu lle podo admitir calquera discurso teórico, pero vostede terá que asumir, na parte que lle corresponde, que durante dezaseis anos o Goberno Popular de Galicia non considerou necesario, importante, nin siquera en termos teóricos, dotarnos dunha Lei de Policía de Galicia. Falo do Partido Popular, podería falar todavía de máis atrás, podería falar mesmo de por que razóns en Galicia non se ten producido un desenvolvemento do Estatuto de autonomía en materia policial antes da promulgación da Lei orgánica de 1985, que introduciu un determinado corsé, evidentemente máis restritivo, que non afectou ás comunidades do País Vasco e Cataluña e que, sen embargo, agora significa un atranco máis no proceso de constitución dun corpo policial.

Finalmente, unha consideración cando se fala de cuestións policiais. En todo caso, farémola logo, porque aínda haberá un turno máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor conselleiro.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor González Mariñas.

**O señor GONZÁLEZ MARIÑAS:** Grazias, señora presidenta.

Quixera insistir nalgún aspecto positivo. Decía na miña anterior intervención que contabamos en Galiza cunha ventaxa importante fronte á situación doutras comunidades que teñen afrontado estas cuestións e falaba xustamente deses policías nacionais e gardas civís destinados en Galiza, que son galegos case todos eles, salvo contadas excepcións, e que a súa lingua é o galego. Realmente forman parte dun pobo que os viu medrar, son parte indiscutíbel do país, e polo tanto non podemos prescindir deste gran pozo de coñecementos, porque, á parte dos coñecementos que se imparten na academia, alimentarán esa labor cotiá da nosa policía, e o mesmo ocorre con moitos profesionais galegos, hoxe espallados por todo o Estado, non sei se dicir condenados a un exilio forzoso, ao mellor é moi forte, pero si desde logo cun desexo vehemente de regresar á terra e integrarse na nosa policía. Esta é xa unha vantaxe, ter xa ese número suficiente de profesionais de orixe para acometer o proxecto, algo que non tiveron nin Cataluña, nin Euskadi.

Decía tamén que este proceso está noutras comunidades moi avanzado. De certo, neste momento, no caso catalán, o territorio cuberto supera o 30% e o de poboación practicamente está alcanzando case o 100%. Nós entendemos que esta cobertura é un dato, ao mellor estatístico, que non parece ter demasiada importancia e si a ten. Nós, pensamos que este obxectivo era importante conseguilo cun ou outro modelo, señor conselleiro. Evidentemente, no Bloque Nacionalista Galego non cremos no mimetismo, xustamente a grandeza da autonomía está en deseñar modelos propios adaptados á propia realidade. Pero o que non queremos é un modelo menor, non queremos, probablemente, un modelo a medio camiño entre o sistema da unidade adscrita e o modelo substitutorio que se está a levar noutras comunidades autónomas. Eso é o que non queremos. e desde logo, evidentemente, se falamos doutras comunidades non é por mimetismo senón por ambición, e case diría cobiza, de ter unha auténtica policía galega e non un remedo dela, como nos condenou o Grupo Popular, o Partido Popular, durante tantos anos.

Por outra parte, hai que ter en conta que este é un problema, dicíamos, de entendemento do país. Por exemplo, en Cata-

luña se lle dá á policía unha estrutura comarcal e a quen lle teñen dado para o seu propio país. Por suposto que alí superaron hai moito tempo esa especie de provinciolatría ou adoración da provincia, que practica aquí tanto o Grupo Popular e da que deu unha boa mostra o señor Baamonde hai un momento. Con todo, con todo, señor conselleiro, claro que si, que temos realidades distintas, partimos de realidades moi diferentes. Os procesos vasco e catalán, certamente, partiron dunha realidade e dunha vontade política que nada ten que ver co acontecido en Galicia por esas mesmas datas. Entre 1981 e 1987 gobernaba o Partido Popular, neses anos non fixeron absolutamente nada por crear a policía galega. Aínda estaban frescos os pactos do Hostal, señor Baamonde, co esforzo que houbo que facer para introducir esa competencia no noso Estatuto de autonomía, e vostedes non facían absolutamente nada. Fíxose algo no Goberno tripartito, realmente tentouse de crear esa policía, e quedou redactado un proxecto de lei, pero en canto volveron vostedes alí quedou nos andeis da consellería. E logo xa nos gobernos Fraga, neses quince anos, pois todo a barbeito. O tema da policía galega desapareceu do mapa e o proceso seguiu noutros lugares. Eso si, cando xa non quedaba tempo, antes das eleccións galegas de 2005, apareceu ese proxecto do seu compañeiro, señor Palmou, que xa lle teño chamado nalgunha ocasión proxecto coartada porque se presentou sabendo que non daba tempo sacalo adiante.

Polo tanto, esa é a situación herdada polo actual Goberno, así hai que constatalo, e por iso enténdese moi mal que aquí o señor Baamonde en nome do Grupo Popular veña a dicir que este Goberno non está a facer nada. Evidentemente, as cousas non están como estaban. E realmente dicimos esto desde o Bloque Nacionalista Galego, sendo conscientes de que estamos ante un proceso complicado, que desde logo ten que levar tempo e que hai que facelo construíndo ao tempo un sistema coordinado e único de seguranza pública en Galiza que integre todos eses sectores implicados de que falaba o señor conselleiro: o sistema das policía locais, a policía de Galiza, protección civil, as emerxencias, o salvamento marítimo tamén, o 112, o tráfico e seguridade viaria, a seguranza privada, o xogo, espectáculos... É realmente todo un mundo, e nós entendemos que os principios claves teñen que ser, desde logo, a coordinación e a colaboración das administracións implicadas en facer aí cuestión das competencias. Hai que levalas adiante, Galiza ten tamén competencia exclusiva nesta materia e deberíamos ir creando –pensamos desde o

Bloque Nacionalista Galego– sobre todo unha cultura de corresponsabilidade nesta materia que inclúa tamén a propia sociedade civil, que dicía na miña primeira intervención, que desexa esta competencia. Polo tanto, deberíamos poñer en marcha os mecanismos participativos. Creo que os cataláns tamén teñen dado algún paso neste sentido mediante unha lei de ordenación do sistema de seguranza pública de Cataluña. Non sei se esto hai que facelo previamente ou hai que facelo logo, cando o sistema esté xa evoluído nunha porcentaxe importante.

Nada máis e moitas grazas, señora presidenta.

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Moitas grazas, señor González Mariñas.

Polo Grupo Parlamentar dos Socialistas ten a palabra a señora Sestayo.

**A señora SESTAYO DOCE:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Baamonde, non me estraña que veña usted a criticar a política de seguridade do Goberno, tendo en conta cal foi a súa alternativa de explicación da política popular de seguridade, que vai dende a crítica a unha ministra que nada ten que ver co tema ao globo de Betanzos. Seguramente o rigor é o que vén caracterizando a política de seguridade no Grupo Popular.

Di vostede tamén que os conselleiros veñen a falar de cousas que non lles importan á cidadanía. Tamén agora teño que explicarme por qué, efectivamente, non se abordou por parte do Goberno do Partido Popular unha política de seguridade. Falaba antes da inexistencia dunha política global de seguridade en Galicia. Efectivamente, debe ser porque ese tema, segundo o Grupo Parlamentario Popular e o anterior Goberno, non importa á cidadanía. Non sei se non importan as policía locais, é un tema fundamental, señor Baamonde, vostede o sabe, para os concellos; importantísimo para a cidadanía, importantísimo para os dereitos das persoas e importantísimo para a seguridade de proximidade. Pero supoño que non é un tema suficientemente importante para ser debatido polo Partido Popular. E tampouco é importante a policía de Galicia, unha policía que aspira a unha vocación integral de protección das persoas máis vulnerables.

Efectivamente, falaba vostede de algo que non tiña que ver con este tema. Falando das persoas máis vulnerables, das vítimas de violencia de xénero, para interpelar pedindo máis xulgados de violencia de xénero.

Estamos acostumbrados á frivolidade. Mesmo eso nos permite estar con certa tranquilidade cando vostedes interpelan con cousas que non sei como teñen –se me permiten– a soberbia de plantexar aquí. Pero, por se acaso a memoria é flaca, lémbrolles que foi un goberno socialista, o de José Luis Rodríguez Zapatero, quen aprobou a Lei de medidas integrais contra a violencia de xénero e que foi o Goberno da Xunta de Galicia quen aprobaba tamén en Galicia a primeira lei neste tema. Precisamente esta lei, a primeira do goberno do Estado, posibilitaba esa existencia dos xulgados de violencia de xénero que agora tanto lles preocupan e que, dende logo, non lles preocuparon durante tantos anos de goberno. Pero tamén... (*Aplausos.*) Pero non se preocupen, que tamén estamos acostumbrados a que sexan os gobernos socialistas os que poñen as bases dos dereitos para a cidadanía, como pasou coa educación, como pasou coa sanidade, como pasou coa Seguridade Social, como pasou coa lei de promoción da autonomía personal, e sexan vostedes despois os que non sexan capaces de voltar a sociedade atrás, porque hai cousas que afortunadamente non poden ir atrás a pesares dos recursos que poñen ante o Tribunal Constitucional, que, efectivamente, son descartados polo alto tribunal.

Decía ademais que supoño que non lles importará tampouco a política de emerxencias. Dende logo é claro, porque se non tamén supoño que durante os dezaseis anos tempo terían para poñela en marcha. O que non sei é se consideran tamén irrelevantes unha lei que fuxe da banalidade e fai posible a implantación de actuacións imprescindibles para Galicia, entre as que podemos citar a renovación do Plan territorial de emerxencias de Galicia, a renovación do catálogo de medios e recursos, a realización por parte dos concellos de máis de 20.000 habitantes do seu Plan de emerxencias municipal, a obriga da realización dos plans de autoprotección. Non sei cal destes temas non é importante para o Grupo Parlamentario Popular, porque a verdade é que é sorprendente.

Tampouco sabemos si a homoxeneización en materia de seguridade de todo o territorio galego, que garanta que todos os cidadáns e as cidadáns con independencia do seu lugar de residencia teñan garantido o mesmo nivel de pro-

tección, é algo importante para o Grupo Parlamentario Popular, cecais non. Segundo a súa intervención, é máis importante o globo de Betanzos. Podo enténdelo perfectamente. Pero o certo é que, señor Baamonde, debería estar alomenos informado de como van os procesos dos consorcios provinciais, e mesmo colla o exemplo de Lugo, o que existía no mapa de Lugo antes da entrada do novo Goberno galego, e as conversas e os acordos que se están achegando coa nova deputación provincial de Lugo cara á implantación desa política de seguridade.

Señor Baamonde, se alguén está facendo escapismo, dende logo non é o Goberno, dende logo non é o Grupo Parlamentario Socialista. Fuxan vostedes, se queren, da súa responsabilidade, que creo que a cidadanía os deixará moito tempo na oposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Moitas grazas, señora Sestayo.

Polo Grupo Parlamentar Popular de Galicia ten a palabra o señor Baamonde Díaz.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, sabe tamén –xa llo dicía antes– que no imperio romano tiñan os romanos a boa costumbre de colocar ao lado do xeneral vitorioso un esclavo que lle ía repetindo aquilo: Recuerda que eres humano. Vostede ten a mala sorte de que os grupos que apoian o Goberno lle poñen ao lado dous trompetistas vigorosos que en lugar de facer de escravos samaritanos pois logicamente alborotan a fanfarria, e xa ten vostede egolatría bastante para que veñan eles a aumentarl-la.

Señora Sestayo e señor Mariñas, eu o único pecado que cometín aquí me parece que é o de chamarlle ás cousas polo nome. Eu dixen que vostedes o único que facían era ter unha seguridade de Galicia puramente teórica. Pois miren, o movemento se demostra andando. Deixen de falar-me, porque falar xa sei que falan moito e fan moi pouco. Con unha sola, unha imaxe vale máis que mil palabras. Miren, tiñan vostedes unha imaxen para facerme calar a min total e absolutamente, era a de calquera de vostedes sacando unha foto

ao lado dun motorista da policía de Galicia, sería sinal de que había unha policía. Unha foto co señor conselleiro ao lado dun deses parques de bombeiros de que fala, pero que aínda non puxo ningún a andar. Sobraban total e absolutamente as palabras.

Señor conselleiro, ¿por que se alporiza vostede desa maneira? ¿Será verdade aquilo que dicía [...] de que a verdade é peor aínda que a calumnia? Me sorprende, por certo, que me faga a min responsable da situación da provincia de Lugo. Non sabía que un deputado raso naquela provincia tivera un poder tan inmenso e tan extraordinario. Non sei donde estaba eu porque non son capaz de recordalo, pero o que si sei, señor conselleiro, é donde estaba vostede en materia de seguridade neste momento. Non sei se está en off say ou se está na inopia, porque, señor conselleiro, fáleme vostede dos parques de Vilalba, de Barreiros ou de Viveiro. Vou obviar o de Vilalba, e sei que a pesar dos enfados, vostede, que é unha persona de pro, non vai a pasar factura agora á xente de Vilalba polo que eu dixen ou deixei de dicir aquí. Pero mire vostede, ¿se o parque de Barreiros estaba rematado cando chegou vostede e non foi capaz de poñelo a funcionar! (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) O parque de Viveiro foi vostede alí a poñerlle data para poñelo a funcionar e nin hai parque nin hai data nin hai absolutamente nada de nada. Señor conselleiro, claro, pero ¿por que fala vostede desa maneira da provincia de Lugo? A min si que me molesta o tono despectivo en que vostede o fai. A provincia de Lugo claro que é unha provincia con problemas, claro que é unha provincia en situación de atraso, pero eu como deputado –xa lle digo, deputado provincial– pouca responsabilidade podo ter. Vostede, que é membro dun goberno, deste Goberno de Galicia, que foi antes membro do Goberno de España, ¿que foi o que fixo por mellorar a provincia de Lugo e que foi o que fixeron os gobernos (*Aplausos.*) que vostede representa por mellorar a provincia de Lugo? Deixalo sen AVE, deixalo sen confederación hidrográfica. ¿Donde vai ese plano de reequilibrio territorial que tantas veces menta o señor presidente da Xunta pero que desaparece, exactamente igual que pasa con este problema da seguridade?

Señor conselleiro, eu lle falei de seguridade teórica, faleille de que tiña leis e de que non era capaz de desenrolalas, faleille de que tiña proxectos que non era capaz de poñer en marcha, pero quédame algo máis aínda que dicirlle. Para poder poñer en marcha un sistema de seguridade, á parte desos

mecanismos, é necesario credibilidade, e a credibilidade gánase, señor conselleiro, con actos; gánase, señor conselleiro, con feitos. E vostedes teñen unha longa experiencia en dicir unha cousa e facer exactamente a contraria.

Señor conselleiro, ¿que pasa co voto en urna? Sabemos perfectamente que non o van a poñer en marcha, por moito que falen. ¿Que pasa cos prazos do AVE en Galicia? Sabemos que, evidentemente, non van a chegar nunca. ¿Que pasa co Plano de reequilibrio territorial?

Pero mire, ¿vostede que credibilidade me pode ofrecer a min e lle pode ofrecer aos máis en orden á posta en marcha do plan de seguridade se todas as leis que sacou realmente non lle serviron para resolver ningún problema? Non se sabe se os resolve ou se crea máis.

A Lei da función pública, ¿que pasou coa función pública? Nunca peor estuvo en Galicia do que está agora mesmo. Ten cabreados os funcionarios, ten cabreado o persoal laboral da consellería, ten cabreados os sindicatos, que o acusan incluso de traizoar o cambio. Aprobou unha lei de transparencia e, señor conselleiro, ¿cal é a transparencia desta Administración, que é unha administración absolutamente opaca, unha administración donde o nepotismo sigue campando ás súas anchas? E por dicilo graficamente, ¿que transparencia ten unha administración, home, que non lle deixa ver ao meu amigo López-Chaves as facturas da Habana ou non lle deixa ver ao señor portavoz do Partido Popular a autovía do Barbanza?

Pero, señor conselleiro, fáleme tamén das emerxencias. ¿Pois estamos apañados como teñamos que confiar nos outros nas emerxencias que vostedes deseñan! Mire o que pasou cos incendios de vai facer agora dous anos. E mire o que pasou con ese triste accidente dese barco, o Cordeiro. Pero ¿cre vostede que é de recibo que no siglo...?

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Baamonde.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:**... no siglo en que vivimos, non haxa tripulacións de repostos para poder facer servizos; que haxa que levar as pezas a Estados Unidos e que tarden meses en volver; que haxa que asistir impotente como a xente se afoga porque o señor conselleiro que regula as emerxencias está absolutamente contento coa súa teoría e nos vén a convencer de que ten unha seguridade que...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:**... señor conselleiro, vale de momento de pouco?

Moitas gracias e máis nada. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Baamonde.

Ten a palabra o señor conselleiro para o seu turno de dúplica.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Méndez Romeu):** Señor Baamonde, quizais este conselleiro non teña un esclavo ou unha esclava que lle vaia dicindo non sei qué todos os días. Quizais non teña unhas motos, a ser posible Harley-Davidson, por certo, por aquilo da estética, do que debe ser o mito xeneracional, pero hai 140 vehículos contra incendios en todos os concellos pequenos que o solicitaron, algo que nunca existiu con anterioridade en Galicia. ¿Dicía, señor Balseiro, algo? Algo que nunca existiu con anterioridade en Galicia, 140, dez millóns de euros, 140.

E, ¿sabe cal é a diferenza en Lugo, señor Baamonde? porque vostede o ten esquecido voluntariamente, o que se ten modificado en Lugo non é tanto o Goberno de Galicia como a vontade dos cidadáns de Lugo de acabar cunha estrutura caciquil na súa provincia que lle impedía o desenvolvemento. (*Aplausos.*) Eso é o que se ten modificado. E a partir de aí, o que antes era imposible agora é doado. E eso inclúe Barreiros e todo o demais. E vostede non o sabía porque non estaba por alí ou, se estaba, non se quería enterar ou se votaba non quería saber o que votaba. Pero, en fin, falar do pasado nunca é agradecido.

Créanme que eu todos os días fago un pequeno exercicio de humildade, de saber que en calquera momento serei cesado ou polos votos dos cidadáns ou pola decisión de quen me nomea, e que debo traballar con ese horizonte finito de saber que en calquera momento rematará este mandato, pero ao mesmo tempo coa necesidade de promover normas que vaian máis alá do inmediato e tenten resolver os casos xerais e non só os casos particulares.

É así como creo que ten que funcionar unha administración moderna, por iso estamos a promover normas que están

baseadas no dereito comparado avanzado, e non lle quepa a menor dúbida de que coa cooperación do Partido Popular ou coa súa leal oposición acabarán producindo os obxectivos que tentamos que se produzan en materia de seguridade. E iso é o que se pretende conseguir.

Fala vostede de cuestións colaterais que evidentemente están sobre a mesa. ¿Transparencia? Máis ca nunca na historia. Vostede poderá dicir que é insuficiente, pero o reto a que poña de manifesto calquera exemplo de gobernos anteriores en Galicia, e está falando vostede con deputados que aquí estiveron na oposición e que demandaron tamén información ao Executivo e que tiveron respostas –están no Diario de Sesións–, cando as había, nulas sempre. E pouco a pouco vaise estendendo a transparencia, porque se estende en Galicia do mesmo xeito que se estende na Unión Europea e nas administracións avanzadas. E iso é o que nos diferencia co pasado, que Galicia se incorpora ao concerto das nacións avanzadas, ao concerto das nacións que cren que deben de existir normas que progresivamente estimulan a participación dos cidadáns, e sen dúbida sempre serán normas perfectibles, por iso lle pedimos á oposición que coopere na mellora do proceso legislativo. Por certo, señor Baamonde, no que levamos de lexislatura –entre paréntese (a máis produtiva das últimas décadas en Galicia en termos de produción lexislativa)– téñense producido máis normas aprobadas por consenso que en lexislaturas anteriores. Algo se estará facendo para incorporar os puntos de vista da oposición, e ben sei que a función da oposición, como o seu nome indica, é opoñerse, vixilar, censurar e controlar o Goberno, pero non diga vostede que non hai capacidade de escoitala.

Señor Vaamonde, eu comprendo que en materia de seguranza –coloquialmente– llo temos posto un pouco difícil. Sen dúbida hai cuestións que non están perfectamente desenvolvidas, pero hai por primeira vez un marco normativo en Galicia ambicioso, un marco normativo en Galicia que nalgún caso tardará tempo en alcanzar o seu pleno desenvolvemento, un marco normativo en Galicia –e creo que isto é importante– que vai permitir que gobernos diferentes adopten solucións distintas. É dicir, un marco que transcende a inmediatez da acción política e un marco que sobre todo permitirá que Galicia acade cotas mellores de seguranza, e isto creo que, partindo dos niveis nos que estamos, é algo especialmente ambicioso. E engadiría máis, no que afecta aos poderes locais, un marco normativo que goza do pleno respaldo

dos poderes locais, máis aló de matices puntuais, porque responde ás necesidades sentidas a cotío por eses poderes locais. E por iso, señorías, sen perxuízo de que esteamos dispostos –e non acepto facilmente ese alcume de egolatría– a aceptar melloras ou corrección na normativa e nas accións que se desenvolven, creo que debemos ter presente un obxectivo ambicioso, que é o obxectivo de dotar a este país dun sistema avanzado de seguranza pública coas características que tentei explicar precisamente ao comezo da miña primeira intervención.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor conselleiro.

### **Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía e Facenda, para informar sobre as medidas de promoción económica e empresarial do Goberno**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra o señor conselleiro de Economía e Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Fernández Antonio):** Moitas grazas, presidenta.

Señorías, comparezo ante esta Cámara a petición propia para explicar as medidas de promoción económica e empresarial adoptadas polo Goberno galego no actual escenario económico.

Como as súas señorías coñecen, a crisis de liquidez internacional desencadenada pola quebra do mercado *subprime* americano e da escalada de prezos do petróleo e doutras materias primas nos mercados internacionais están deteriorando as previsións de crecemento da economía mundial.

Xunto a esta crisis de liquidez internacional e a escalada de prezos do petróleo e doutras materias primas, en España hai que engadir o axuste no sector da construción residencial.

Neste marco xenerouse un clima de incerteza respecto á profundidade e duración desta etapa de axuste e de cambio de ciclo económico. As principais organizacións económicas internacionais coinciden en que se trata dun período que terá unha duración entre un ano e medio e dous anos, no que se producirá unha notable ralentización do ritmo de crecemento económico.

Así, segundo o Fondo Monetario Internacional, o perfil de crecemento da economía española tocará solo no segundo trimestre o ano 2009 e a partir de aí se recuperará o impulso económico. Estamos, polo tanto, nunha situación de perda de dinamismo económico da economía mundial, da economía europea, da española e tamén da galega.

Estamos, polo tanto, preocupados pola situación económica, polo futuro inmediato, e neste sentido, como logo terei ocasión de comentar máis polo miúdo, o Goberno se anticipou xa desde o mes de xaneiro deste ano a tomar importantes medidas para a dinamización económica e para paliar os efectos desta perda de dinamismo da economía.

Neste marco, e desde Galicia, podemos dicir que a evolución recente da economía galega caracterízase por unha etapa de desaceleración no ritmo de crecemento que se iniciou a principios do ano 2007 e que se vai acrecentando a medida que transcurren os trimestres. Unha menor contribución da demanda interna ao crecemento do Produto Interior Bruto e unha intensificación das tensións inflacionistas. A economía española, principal referente da economía galega, presenta un perfil de crecemento similar, aínda que con diferenzas negativas, fronte a Galicia, que aumentan en valor absoluto a medida que transcurren os trimestres.

Dentro da economía internacional destaca a intensificación do episodio de turbulencias financeiras a continuación da forte subida dos prezos da enerxía e, en menor medida, doutras materias primas e tamén co acusado deterioro da situación económica norteamericana.

Os últimos datos dispoñibles sobre o crecemento do produto interior bruto en Galicia correspondentes ao primeiro trimestre do ano 2008 determinan un crecemento do 3,2%, inferior en seis décimas ao trimestre anterior. Se mantén o diferencial positivo respecto a España e Europa, medrando cinco e oito décimas máis que España e que Europa respectivamente, o que significa que Galicia, a pesar desta perda de dinamismo, segue converxendo en termos de crecemento e de renda por habitante.

De feito, o crecemento medio do produto interior bruto dende o terceiro trimestre do ano 2005 é dúas décimas superior ao de España, mentras que dende o ano 2000 ata mediados do ano 2005 foi inferior en tres décimas.

O emprego medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo rexistra no primeiro trimestre do ano 2008 un crecemento interanual do 1,9%, tres décimas menos que o estimado para o trimestre anterior. Esta taxa supón a creación de máis de 21.000 postos de traballo equivalentes a tempo completo nun ano. Considerando de forma conxunta o crecemento do produto interior bruto trimestral e do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 1,3%, dúas décimas superior á cifra acadada no trimestre anterior. Con outras palabras, se incrementa a produtividade da economía galega en 1,3 puntos.

Analizando os datos máis recentes de afiliación á Seguridade Social obsérvase un descenso no ritmo de crecemento desde mediados do ano pasado que se acentúa nos cinco primeiros meses deste ano. En todo caso, desde agosto do ano 2006, e de forma ininterrompida, o incremento do número de afiliados é superior en Galicia respecto a España; feito que, por certo, non se producía desde o ano 1994.

Nos cinco primeiros meses do ano 2008 hai 8.700 novos afiliados á Seguridade Social, cun crecemento acumulado respecto ao período do ano anterior de 1,8%, seis décimas máis que en España.

Por último, en relación co mercado de traballo, dicir que nos últimos cinco primeiros meses do ano 2008 o paro rexistrado presenta un crecemento acumulado, respecto ao mesmo período do ano anterior, do 1,5% fronte a un 13,3% do conxunto de España. Isto quere dicir que Galicia é a segunda comunidade autónoma despois de Asturias co mellor comportamento relativo do paro rexistrado ao longo deste ano.

En relación cos prezos e custos cabe indicar que un dos indicadores económicos que presenta un peor comportamento no que vai do ano 2008 é a inflación. En anteriores etapas o crecemento dos prezos podería estar ligado a un comportamento da dinámica da demanda interna, pero nesta etapa hai que dicir que o elevado crecemento dos prezos se explica polas continuas subidas dos prezos da enerxía, como antes sinalei, dos prezos das materias primas alimenticias e tamén dun novo repunte dos custos laborais.

En conclusión, quero dicir que a persistencia máis acusada do esperado das turbulencias dos mercados financeiros, a

pronunciada desaceleración da economía de Estados Unidos e o aumento dos prezos dos produtos básicos son os tres factores que configuran un panorama económico mundial en desaceleración, rebaixando as previsións de crecemento mundial. Estes factores, unidos ao efecto da alza do euro, producen tamén unha desaceleración económica na área do euro, aínda que de menores dimensións que na economía estadounidense. Polo que respecta a España, que tamén se ve afectada lóxicamente polos factores anteriores, podemos falar dunha fase de desaceleración iniciada no ano 2007, pero máis acusada a partir de finais dese ano, e destaca especialmente a perda de dinamismo na actividade e no emprego debido sobre todo ao axuste no sector da construción, e lóxicamente este menor dinamismo se está trasladando á demanda interna. En Galicia a situación é semellante á española, pero no que vai de ano o proceso de desaceleración resulta menos intenso debido, entre outros factores, a que o axuste no sector da construción está a ser menos intenso que no resto de España, derivado do menor crecemento deste sector da construción en anos anteriores.

A información relativa o primeiro trimestre pon de manifesto esta afirmación, os datos de emprego, de actividade e demanda, manifestan unha tendencia descendente en taxas de variación interanual, pero con crecementos superiores aos españois. Este comportamento mellor en cuanto diferencial de crecemento con España e con Europea nos permite seguir converxendo en termos de produto interior bruto por habitante. En definitiva, esta situación de cambio económico se caracteriza, como decia anteriormente, por un endurecemento dos mercados financeiros e unha inflación de carácter internacional derivada dos prezos do petróleo e outras materias primas e dun axuste no sector da construción. En síntese, como dicia ao inicio, existe unha perda de dinamismo na economía galega, polo tanto o Goberno galego, o conselleiro de Economía, está preocupado por unha situación na que hai un axuste do sector da construción que ten un efecto sobre o emprego, unha falta de liquidez nos mercados financeiros que ten un efecto de restrición de crédito para as empresas e para as familias, e unha inflación de carácter internacional que pode afectar á nosa competitividade. E nese sentido quero expresar preocupación porque non se produza nos próximos meses unha espiral de prezos e incrementos salariais que nos leven a unha perda de competencia da nosa economía e, en definitiva, de bienestar de todos os cidadáns.

En todo caso, o obxectivo central desta comparecencia é explicar a política do Goberno en relación con esta situación, e quero dicir con claridade que o Goberno tomou medidas ante esta situación xa desde principio do ano 2008, medidas con dous claros obxectivos. En primeiro lugar, profundizar na política económica iniciada no ano 2005 orientada a impulsar as estruturas produtivas, a innovación e a sociedade do coñecemento, que permitiu acelerar o proceso de converxencia con España e con Europa. E, en segundo lugar, instrumentar un paquete de medidas de dinamización económica para afrontar esta desaceleración. Debo subliñar que o Goberno galego foi pioneiro aprobando un paquete de medidas de dinamización do consello do 24 de xaneiro do ano 2008. Este Goberno reaccionou de forma inmediata ante os primeiros síntomas de medidas de falta de dinamismo da nosa economía, medidas que están dirixidas a un conxunto de obxectivos, como son, en primeiro lugar, contrarrestar as actuais tendencias negativas do sector da construción, sector que –como ben coñecen as súas señorías– ten unha capacidade importante de arrastre sobre diversas ramas industriais e terciarias, actividades intensivas en traballo e que poden ter repercusións nocivas sobre o mercado laboral galego.

En segundo lugar, tratar de compensar as actuais restricións de liquidez para satisfacer as necesidades de financiamento das empresas.

E, en terceiro lugar, o obxectivo de paliar a situación dos colectivos sociais máis desfavorecidos e mellorar a súa empregabilidade.

Nesta liña, o paquete de medidas que tomou o Goberno –como dicía– no pasado mes de xaneiro están destinadas, en primeiro lugar, ao impulso de licitación da obra pública e á promoción de vivendas protexidas. En definitiva, a incentivar o investimento público e a tratar de compensar a menor actividade do sector da construción.

En segundo lugar, respaldar o financiamento das empresas a través da ampliación das facilidades de financiamento do sector empresarial para estimular o investimento das empresas os proxectos empresariais.

En terceiro lugar, un conxunto de medidas destinadas ás reformas fiscais no ámbito empresarial e familiar.

En cuarto lugar, medidas destinadas á mellora da protección social e da empregabilidade.

Resumo decindo que o Goberno trazou, polo tanto, xa desde o mes de xaneiro, unha clara folla de ruta que está a desenvolver. Me gustaría, aínda que sexa moi brevemente, comentar os principais resultados que podemos destacar en relación con estas medidas.

En relación coa lexislación de obra pública, podemos dicir que con datos a 31 de maio deste ano o incremento de licitación de obra pública foi de 89% do mesmo período do ano anterior. En investimento empresarial, existen importantes proxectos empresariais presentados aos nosos instrumentos de promoción económica, o Igape, especialmente na liña de grandes investimentos empresariais, cun importe que triplica os proxectos presentados no mesmo período do ano anterior. Existen, señorías, ideas, existen proxectos, e a vontade do Goberno galego é impulsar estes proxectos e a dinamización da nosa economía.

Temos que dicir que temos unha economía que ten un importante dinamismo e o papel do Goberno é tratar de reforzar as liñas de financiamento.

En termos fiscais, dicir que o Goberno aprobou o Proxecto de lei de reforma do imposto de sucesións e doazóns que coñecen as súas señorías e que está neste momento en tramitación nesta Cámara. En protección social e en empregabilidade hai que dicir que as axudas á vivenda en alquiler se incrementaron un 77% respecto do mesmo período do ano anterior, e as axudas adxudicadas para autoemprego, xa cun importe de 22 millóns de euros, alcanzan o 73% do previsto para o conxunto do ano 2008.

No ámbito específico da promoción da actividade empresarial, me gustaría sinalar que as actuacións neste ámbito tentan recompensar, en primeiro lugar, as restricións existentes nos mercados de crédito que antes sinalaba, a fin de facilitar que as empresas galegas poidan desenvolver os seus plans de expansión e de modernización, así como a posta en marcha de novos proxectos empresariais. Con este obxectivo adoptáronse as seguintes medidas: reforzo significativo na dotación dos principais instrumentos de apoio empresarial a través do Igape e a sociedade capital risco Xesgalicia; a sinatura de convenios con diferentes entidades, como o Instituto



de Crédito Oficial, o Banco Europeo de Investimento e as sociedades de garantía recíproca para facilitar o acceso ao financiamento empresarial. En terceiro lugar, novas liñas de axuda para sectores específicos, e moi especialmente de apoio á internalización das empresas galegas, é un elemento, unha vía importante para manter o crecemento e captar novas cotas de mercado en mercados hoxe de crecemento. Nesa mesma liña se acordou a creación dun comité de internacionalización de forma conxunta entre o Instituto Galego de Promoción Económica as cámaras de comercio e a Confederación de Empresarios de Galicia.

Desgranando moi brevemente as medidas podemos decir que, na liña de préstamos preferenciais, o Igape ofrece 40 millóns de euros dirixidos a microcréditos a xóvenes e competitiva, cerca de 500 millóns de euros conveniados co Instituto de Crédito Oficial para diferentes liñas de apoio ao investimento empresarial e unha liña de 30 millóns, tamén ampliable, co Banco Europeo de Investimentos.

En la línea directos do Igape, e a través da colaboración coas sociedades de garantía recíproca, mellorando os fondos propios das dúas sociedades de garantía recíproca, Afigal e Sogarpo, a fin de facilitar liñas de axudas financeira ás pequenas empresas. Estas sociedades de garantía recíproca, como ben coñecen as súas señorías, teñen unha especial orientación hacia as pequenas empresas galegas. Tamén un importante impulso aos fondos de capital risco, co obxectivo de destinar 100 millóns de euros este ano a novos proxectos empresariais. Finalmente, un conxunto de convenios específicos con sectores produtivos para mellorar o seu financiamento a corto prazo; sectores como o mexilloeiro, produtores da uva, transporte por estrada e audiovisual.

Decir, señorías, que estas medidas contemplan tamén un elemento de política horizontal da Xunta de Galicia que é o plan de reequilibrio territorial. As axudas e liñas de financiamento preferencial dan un tratamento especificamente favorable para o conxunto dos municipios incluídos nos plans de reequilibrio territorial e dos municipios comprendidos nas comarcas de Ferrolterra, a Costa da Morte e Valdeorras.

En definitiva, señorías, o Goberno galego impulsou desde o inicio deste ano un conxunto de medidas de reactivación económica que teñen que permitir que Galicia siga xeneran-

do ideas, proxectos, que non se pare o dinamismo da nosa economía e, en definitiva, que se siga no claro obxectivo de converxencia coas rexións máis avanzadas de España e de Europa. É un entorno no que o diálogo social é un elemento fundamental que ten impulsado o Goberno desde o inicio da lexislatura e que nestes momentos se sigue impulsando cun elemento básico de atractividade da nosa economía e da mellora da súa competitividade. A confianza na economía galega estou seguro de que está saíndo reforzada con estas medidas e con este clima de confianza e de paz social. En definitiva —e con esto remato, señorías—, creo que é fundamental crear un clima de confianza e colaborar entre todos para superar as dificultades e continuar na creación de riqueza e de emprego que todos desexamos.

Moitas grazias.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazias, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Aymerich Cano.

**O señor AYMERICH CANO:** Moitas grazias, señora presidenta.

Señorías.

Señor conselleiro, efectivamente estamos nunha situación de crise, nunha situación de crise financeira que se traduce, polo que atinxe ás empresas e polo que atinxe tamén ás empresas galegas, nun endurecemento das condicións crediticias, polo tanto, nunha maior dificultade no acceso ao crédito para financiar os seus investimentos e que ademais supuxo un traslado de fondos da especulación que había no mercado hipotecario cara a outros mercados, como é, entre outros, o mercado tamén de hidrocarburos, de combustíbeis, e o mercado tamén de alimentos. E parte desa especulación a nivel internacional, desa falta de regulación e de transparencia a nivel internacional dos mercados de materias primas e dos mercados financeiros, estámola tamén sufrindo en Galiza.

Mais estamos tamén diante dunha crise económica que, alén de polémicas terminolóxicas, pon de manifesto desde o noso punto de vista, desde o punto de vista do Bloque Naciona-

lista Galego, unha falta grave de transparencia e de reflexión no funcionamento do Goberno español e no funcionamento do Banco de España, cuxo gobernador vén de recoñecer recentemente que ocultou durante a campaña das últimas eleccións a gravidade e o alcance da crise –dixo el– para non influír no resultado das eleccións. É dicir, que o Gobernador do Banco de España ten unha curiosa concepción da democracia, é mellor que os electores voten ignorantes da realidade antes de que os electores contén á hora de tomar a decisión de a que partido, de a que organización política apoiar con todos os datos na súa man. En todo caso, onte mesmo o presidente español recoñeceu que a economía no Estado ía crecer por debaixo do 2%, cando no mes de febreiro o vicepresidente Solbes tachara de pesimistas e catastrofistas as previsións da comisión da Unión Europea, nada sospeitosa, desde logo, de heterodoxia en materia económica, que cifraba nun 2,7%, por tanto por riba do que onte calculou ou do que onte vaticinou –casi é a palabra máis adecuada– o presidente do Goberno español, o crecemento da economía española para o ano 2008.

Penso que quizais o Goberno español confunde aquilo que Keynes denominaba como un elemento de política económica, a creación de expectativas optimistas, coa negación da realidade, e iso, desde logo, non é en ningún caso un bon conselleiro á hora de adoptar medidas, e medidas eficaces, de política económica.

Estamos de acordo, temos un problema coa inflación, cun diferencial de dúas décimas en Galiza coa inflación, calculadas –repetímolos máis outra vez– de acordo cos métodos, de acordo coa fórmula do Instituto Estatístico Español. Porque se introducísemos outro tipo de variábeis, que é a inflación real, ao encarecemento real que experimentan neste mes os consumidores, os traballadores, á hora de acudir ao mercado, pois teríamos –a suba das hipotecas–, desde logo, unha inflación que calculada en termos reais, limitada só aos produtos de primeira necesidade, está mesmo por riba do 8%, en concreto, segundo algúns cálculos, no 8,7%. Nesta situación, dicir que os salarios non deben subir pensamos que é pouco realista. Os salarios deben recuperar poder adquisitivo, máxime en Galiza, onde temos, desde logo, uns salarios aínda por baixo da media salarial do Estado. E onte tamén, por certo, dicía o Partido Popular, dicía o señor Orza cando era conselleiro e todos na oposición, daquela o Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Socialista, queixámonos dun

anuncio da Consellería de Economía e medios de comunicación suecos animando a investir en Galicia co argumento de que os salarios eran máis baixos. Temos que nunha páxina tamén do Igape, que se chama Investe en Galicia, se di que en Galiza hai unhas inmejorábeis condicións para o investimento grazas ás modernas infraestruturas –estamos de acordo– e aos competitivos custos laborais. Aquí francamente non estamos tan de acordo, pensamos que en Galiza temos que competir en base á maior calidade, efectivamente, das nosas infraestruturas, á maior calidade da nosa oferta en materia de solo industrial –e aí está traballando o Goberno galego–, en maior intensidade do capital tecnolóxico e mellor formación do capital humano, e non –porque sempre imos ter quen poda competir con nós tendo salarios e condicións sociais aínda máis baixas– en termos de ter custos laborais baixos. En todo caso, debemos felicitaros –e aí coincidimos con vostede, señor conselleiro– de que o Goberno galego estivese –quizais porque non está afectado por ese ciclo electoral– ben máis áxil e bastante máis atento á realidade do que estivo o Goberno español, e efectivamente, xa desde o mes de xaneiro, e mesmo algunhas medidas antes do mes de xaneiro deste ano, adoptáronse iniciativas e adoptáronse medidas que tenden a revitalizar a economía galega e, desde logo, a garantir que esta situación de crise económica non afecte negativamente ás capas máis desfavorecidas, é dicir, á maioría social.

Temos un plano sectorial de solo residencial presentado recentemente pola conselleira de Vivenda e o vicepresidente da Xunta de Galiza que contempla a construción de 45.000 novas vivendas nos próximos dez anos, vivendas de protección, cun investimento aproximado de cartos públicos de 1.200 millóns de euros e unha previsión, en termos de emprego, de 300.000 empregos ao longo deste período. Temos unha nova política enerxética, a través dun decreto, que garante que a adxudicación de nova potencia eólica en Galiza revirta en beneficio do noso país e que exista un retorno en forma de investimento produtivo e en forma tamén de participación pública neses proxectos que vai supor unha inxección económica en investimentos asociados a través deses planes industriais próxima aos 6.000 millóns de euros.

Temos o Programa Galiza Suma, no que participa a Consellería de Industria e a Consellería de Vivenda, para a creación e promoción de solo industrial, que ten actuacións en

marcha por máis de 10 millóns de metros cuadrados –polígono de Morás, en Arteixo, e tantos outros–, que marcan, desde logo, un antes e un despois a respecto destas políticas de dotación de solo industrial.

Temos en marcha tamén o Plano de infraestruturas rurais promovido pola consellaría de Medio Rural, que prevé investir só no ano 2008 27 millóns de euros en actuacións no conxunto do país, no medio rural do país, que van servir para promover e para revitalizar economicamente zonas e tecidos empresariais que crean emprego nesas zonas rurais; en concreto, pequenas e medianas empresas, moitas delas do sector da construción.

Temos un paquete de medidas específicas a través de axudas e subvencións a fondo perdido, promovidas pola Consellaría de Innovación e Industria, de apoio á internacionalización da empresa galega, de subvención a investimentos e adquisición de nova maquinaria e implantación de procesos.

E temos, desde logo, esa aposta da Vicepresidencia da Xunta de Galiza por un sistema galego de benestar que satisfaga a través de servizos públicos de calidade as demandas de importantes sectores da poboación galega –das familias, da xente maior e dos cativos–, creando –como digo– servizos públicos de calidade, creando tamén emprego e devolvendo á sociedade en forma de salario social os tributos con que a sociedade financia estas actuacións. Neste marco se insiren as actuacións, señor conselleiro, que vostede vén de presentar, realizadas por entidades asociadas ao seu departamento como o Igape, como XesGalicia ou como as sociedades de capital risco e de garantía recíproca –perdón–. E hai que dicir que se trata de actuacións importantes e –ademais penso que isto debe ser resaltado– complementarias das que desenvolven outros departamentos, en concreto a Consellaría de Industria.

Esta complementariedade –porei algún exemplo– penso que tamén desminte algún tipo de afirmacións que se realizan desde o grupo da oposición acerca do funcionamento deste Goberno. Desde logo, non existía esta complementariedade, esta actuación conxunta, cando gobernaba o Partido Popular. E reflíctese en que mentres as actuacións en materia de promoción económica da Consellaría de Economía e das entidades dela dependentes se instrumentan basicamente a través de empréstitos, algunha subvención a fondo perdido,

sobre todo para obra civil, avais, etc., que facilitan o acceso ao crédito das empresas, no caso da Consellaría de Industria estamos sobre todo diante de subvencións e axudas a fondo perdido que poden mesmo dobrar a porcentaxe de axuda ás concedidas polo Igape por non chegar até o 30% máximo permitido, dado que somos unha rexión obxectivo converxencia e alcanzan cuestións como gastos de persoal, formación dese persoal, asistencia técnica, alén de bens de equipo e vantaxes intanxíbeis, pero, desde logo, fundamentais á hora das empresas decidiren a súa ubicación, como son o reclutamento de persoal especializado ou a existencia dun entorno atractivo como son os parques científicos e tecnolóxicos. Parques científicos e tecnolóxicos nos que ademais as parcelas se están promovendo, se están ofrecendo no mercado, a uns prezos realmente moi interesantes –porei despois algún exemplo– e nos que xa se están instalando importantes empresas de base tecnolóxica que con esta actuación conxunta...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Aymerich.

**O señor AYMERICH CANO:**... do Goberno galego esperamos que sirvan, xunto con outras medidas, para revertir positivamente esta situación de crise económica.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Aymerich.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Boas tardes, señores deputados.

Señor conselleiro.

Eu creo que, en primeiro lugar, hai que felicitar ao conselleiro polo diagnóstico que fai da actual conxuntura económica. Creo que non debemos perder moito tempo en disquisicións de carácter semántico sobre como denominamos con precisión esta nova situación. Pero, en todo caso, a caracterización que fai –que nós compartimos desde o noso grupo– eu creo que centra en tres aspectos, que son aspectos centrais, decisivos, a actual situación. En primeiro lugar, a crise financeira de carácter internacional que xeneraba no merca-

do inmobiliario americano se traslada ao resto dos países, fundamentalmente dos países desenvolvidos e tamén á zona euro, e acaba afectando de maneira decisiva á economía española e á galega. Unha crise de liquidez que tamén ten como resultado unha subida dos tipos de xuro, maior no caso da zona euro que no mercado estadounidense. E xa non falamos só de aqueles que son, digamos, fixados dalgún xeito polas autoridades monetarias centrais senón aqueles que fixa o mercado e que, dalgunha forma, teñen tamén en conta as expectativas de inflación dos distintos axentes económicos.

En segundo lugar –tamén foi citado polo conselleiro–, a crise dos prezos das materias primas, fundamentalmente de carácter enerxético pero tamén alimentario, que é discutible se teñen ou non algún elemento de especulación, pero que, en todo caso, teñen como determinante básico a elevada demanda, o sostido crecemento da demanda, fruto sobre todo da expansión das economías de países emerxentes que teñen un uso ademais pouco eficiente, no caso do petróleo, dos recursos enerxéticos, fronte a unha oferta que non responde coa suficiente flexibilidade, e as dificultades de poñer no mercado novos produtos que poidan ser substitutivos dos xa clásicos. Ademais, no caso dos mercados de materias primas alimentarias, algunhas dificultades de carácter local pero de certa influencia, perturbando os mercados como consecuencia, digamos, das circunstancias climatolóxicas, que acaban trasladándose tamén aos prezos.

E, en terceiro lugar, en parte como consecuencia destas dúas primeiras pero tamén con elementos de carácter endógeno que xa viñan sendo anticipados desde o ano 2006, a crise da construción inmobiliaria privada en España, así como noutros países da Unión Europea.

Son os tres elementos básicos da actual situación económica que sen dúbida están conectados entre si, porque existen efectos que se trasladan duns a outros, pois seguramente as expectativas de menor crecemento ou decrecemento dos prezos dun activo básico como é a vivenda nas carteiras patrimoniais de moitas familias acaba xenerando o que se chama o efecto riqueza e afectando aos patróns de consumo das mesmas familias, que ven como diminúe, digamos, a súa renda permanente, e, por tanto, retraen algunhas decisións de compra e esperan a tempos mellores. Ou, por exemplo, como a debilidade dalgúns mercados acaba afectando tamén á confianza empresarial e á confianza dos consumidores, e

esto estende os efectos ao conxunto da economía, por non falar máis que de dous dos elementos.

Hai que decir tamén que os determinantes internacionais desta situación teñen un efecto específico na economía española na medida en que somos dependentes –como é ben sabido– do financiamento dos mercados internacionais. Por tanto, nun momento en que hai unha restrición da liquidez e unha perda de confianza entre as institucións crediticias ou financeiras que afecta á disposición de capitais no mercado interbancario, esto se traslada con especial virulencia á economía como a española, e tamén que somos especialmente dependentes do aprovisionamento externo de hidrocarburos e, por tanto, temos aí un elemento diferencial negativo.

Ao lado desto hai que insistir tamén, como fan a maior parte dos analistas solventes, en que temos tanto na economía española como na economía galega diversos elementos de soporte da actividade. En primeiro lugar, pola solidez das finanzas públicas que temos hasta agora, que permite que poidan xogar plenamente nesta situación non só os estabilizadores automáticos de carácter anticíclico, que operan, digamos, unha vez que se invirta a coxuntura, senón elementos activos de política económica dos distintos niveis de Goberno, tanto do Goberno central como, neste caso, do Goberno autonómico. Ou, ¿por que non decilo?, o crecemento forte do emprego nos últimos anos, con varios millóns de novos empregados e o aumento da eficiencia da economía, unha capacidade de resposta que, unido á maior flexibilidade conseguida nos últimos anos, permite que esos elementos de soporte xoguen máis plenamente. No caso da economía galega eu creo que ten interés destacar a nosa dependencia en maior medida das transferencias públicas, e, por tanto, que nos comportamos mellor en termos comparativos que o resto de España. Cando falamos de renda dispoñible e non da renda primaria xenerada en Galicia, é un elemento de estabilidade da nosa renda e, por tanto, do noso consumo. Cando sabemos que o ciclo inmobiliario, a pesar que nos dous últimos anos tivo tamén en Galicia unha aceleración espectacular, ten menos importancia, cando menos o componente de carácter que podemos chamar máis volátil, pois ese é un elemento positivo para que a actividade en Galicia teña un nivel de soporte maior. Cando sabemos que somos produtores de alimentos e somos produtores de enerxía e, por tanto, na actual conxuntura podemos ter a oportunidade de beneficiarnos das tensións que se producen nesas

mercados, e cando sabemos, ademais, que está en marcha un proceso de aceleración da construción de infraestruturas que inxecta recursos, que inxecta demanda efectiva na nosa economía, pois todos estes factores fan que vexamos cunha perspectiva lixeiramente máis halagüeña o futuro da nosa economía. E ademais, todos sabemos que a nosa economía está cada vez máis internacionalizada.

Un dos elementos diferenciais da actual situación fronte a situacións pasadas é que, cando as economías centrais teñen problemas, as economías emerxentes resisten bastante mellor. A nosa capacidade de estar presentes noutros mercados debe verse tamén como un factor de estabilidade para a actividade económica no futuro. Tamén como orientación para a política económica que debemos desenvolver. Todo isto fai que, sen pintar con tintes excesivamente optimistas a situación –eu creo que hai que ser realista, hai que dicir as cousas como son– hai que dicir tamén as positivas. Podemos dicir que nos enfrentamos a unha conxuntura adversa, que vamos ter dificultades, vamos a crecer bastante menos que en trimestres anteriores ao longo dos próximos tres ou catro trimestres, que vamos a seguir creando emprego en termos netos pero cunha taxa lixeiramente inferior, que vamos a ter dificultades para seguir mantendo o crecemento das finanzas públicas, porque, se a economía non vai ben, non vamos a ter ingresos crecendo ou expandíndose a unha taxa similar ás anteriores. Todo isto é verdade, pero temos tamén un soporte de certa solidez, de certas garantías, no caso da nosa economía.

Fronte a isto, ¿que facer?, é a gran pregunta. Eu creo que o conselleiro estivo moi acertado, sen dúbida, hai que lle dar protección e hai que favorecer o axuste que permita modernizar a nosa economía, esos son os dous elementos básicos. Hai que ter protección para que aqueles que están con maior risco de perder o emprego, ou ben perderon o emprego, e aqueles que teñan rentas básicas, poidan manter o seu modo de vida no mellor nivel, protexendo aqueles que máis sufren nesa conxuntura. Hai que facer o posible tamén para que este axuste sexa suave naqueles sectores máis sometidos aos novos ventos racheados que soplan nalgúns casos, por exemplo na construción, e hai que, ao mesmo tempo, favorecer o axuste, e un axuste modernizador. Estes son os elementos básicos, o axuste modernizador, que é imprescindible, e que debe ademais permitírnos que esta conxuntura se configure tamén como unha oportunidade para ser capaces

de saír de aquí en mellores condicións, estimulando o crecemento futuro e situándonos de novo nunha senda sostida superior ao 3%, que é ao que debemos aspirar e o que permite a medio prazo a nosa converxencia.

Esto é posible, e eu creo que as medidas de política económica das que falou o conselleiro de Economía, e que terei ocasión de referirme na miña segunda intervención, nos levan, xustamente polo bo camiño.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Fernández Leiceaga.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario Popular o señor Orza.

**O señor ORZA FERNÁNDEZ:** Señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señor conselleiro.

A min gustárame tamén, como é bo, enfocar este debate desde o rigor, desde a seriedade, sen catastrofismos, pero chamándolle tamén ás cousas polo seu nome. A min gustárame, bueno, pois dicir que desde o primeiro momento, por parte do Goberno galego, se fixo referencia e se abordou con decisión e rigor a situación de dificultade, como lle gusta chamar, ou de crise, como se anticipaba e como se intuía, e que se tomaron medidas xa desde o primeiro momento, en vez de tomalas, probablemente, con certo retraso e en vez de tomalas con pouca eficacia.

A min gustárame poder dicir todo eso, pero me parece que non podo afirmar, señor conselleiro, porque a min, dáme a impresión de que cabía esperar de vostede que intuía xa a mediados do ano pasado, porque vostede mesmo fixo fincapé de que había xa indicios, que había indicadores que a mediados do ano pasado anticipaban o que iba pasar, anticipaban o que viría, e polo tanto gustárame que vostede fose quen de advertir eses problemas cando xa se intuían, cando xa se presentaban, e que houbera sido quen tamén de introducir nos presupostos políticos medidas concretas. Sen embargo, defínese, deséñase uns presupostos, como vere-

mos, sin que estas, digamos, cuestións, foran o cerne, o núcleo, a estratexia, do debate presupostario, do documento presupostario, que é o que realmente ten importancia, porque despois, obviamente, os programas e os plans atópanse coas rixideces presupostarias ou obrigan a redefinir os presupostos.

Con todo o respecto, pero ao mesmo tempo con toda a forza, eu penso que hai que dicir que non se ten aproveitado ben nin se ten definido ben esta situación e que tampouco se ten feito caso á oposición cando xa nos presupostos lle anticipabamos este problema e lle pediamos iniciativas e lle plantexabamos emendas para poñer en marcha políticas que anticiparan e que foran quen de preservar ou minimizar en Galicia os efectos que xa se vían. Pero certamente eso non foi o que pasou, e hoxe estamos ante unha evidencia que xa ninguén pode discutir. Podémoslle chamar como queiramos, forte ralentización, frenazo, bueno, parón. En definitiva, estamos ante a crise, e a realidade é que esa situación, que xa se podía intuír onte, vén vostede a confesala e recoñecela agora.

Había indicios xa no ano 2007 de que o ciclo mudaba. Estes indicios no foron tomados, ao meu modo de ver, en consideración ou non o foron suficientemente. Había indicadores claros como, bueno, pois os que se refiren ao IPI, o Índice de Produción Industrial, que desde o outubro do ano 2007 vén deteriorándose sistematicamente, o IPC, o Índice de prezos ao consumo, que xa desde agosto de 2007 inicia unha senda que non se ten interrompido e que hoxe, bueno, como xa foi comentado, estamos preto do 5% con dúas décimas de diferenza con España, con problemas nas pequenas e medianas empresas, con problemas nas familias.

Había indicios suficientes porque o índice de confianza dos consumidores, tamén desde abril do ano 2007, presentaba un claro, digamos, deslizamento, perdía confianza por parte dos consumidores e dos empresarios, e vostede sempre utilizaba este índice como algo diferencial, que en Galicia se estaba a manter esa confianza como consecuencia da boa política do Goberno. Estou falando de Galicia, non estou falando de índices de España.

Había o tema do Euribor a un ano, onde estaba e onde está. Desde o ano 2005 tiñan comezado xa a medrar os tipos de interese, e hoxe os temos onde están, cando partían no ano 2005 do 2,1 ou 2,2%.

O paro rexistrado do INEM desde maio do ano 2007 ten empezado a caer, ralentizándose unha serie ininterrompidamente. O comportamento das vivendas, a compraventa das vivendas, desde o primeiro trimestre do ano 2006 ten iniciado unha caída importante, o mesmo que a creación de novas vivendas. A matriculación de vehículos, bueno, pois está claramente inscrita nese indicador que anticipaba todo o que estou a dicir.

Había tantos indicadores, tantos indicios, e sen embargo chega o momento de levar os presupostos e estamos fronte ao continuísmo, porque probablemente naquel momento o que tocaba era que estabamos, digamos, nunha situación, bueno, pois que non era para preocupar, porque, como se dicía por parte de moitos responsables no primeiro trimestre do ano 2008, as cousas comezarían a medrar no mes de abril, no mes de xuño, dicíase que os tipos de interese caerían xa, etc. A realidade é que, lonxe de ter sucedido así, hoxe estamos, digamos, nunha verdadeira crise, e mesmo onte o presidente do Goberno anticipaba que a finais deste ano crecemos por debaixo do 2%, e o secretario de Estado de Economía, o señor Vegara, dicía que xa probablemente no segundo ou terceiro trimestre deste ano empezariamos a caer por debaixo do 3%.

En Galicia non ten por que pasar moi distinto, cousas moi diferentes, señor conselleiro. Había crise e había crise importante, e entón o que había era que haber aproveitado, desde o noso punto de vista, o mellor instrumento que ten unha política económica dun Goberno, que son os presupostos, para tomar as medidas que se precisaban. E sen embargo, cando se elaboran os presupostos, elabóranse desde unha estratexia continuísta. O Goberno, o conselleiro de Economía, non foi quen senón de intuír ou de trasladar aos presupostos medidas que permitiran loitar contra o que xa viña anunciándose e que pronto iba chegar dunha maneira preocupante. E fórmulanse uns presupostos eu diría que totalmente continuístas, alonxados do que naquel momento interesaba. Os gastos correntes que consolidan, normalmente sempre medran por riba, digamos, da medida dos presupostos, medran por riba do PIB en término nominal, etc.

Aos gastos de capital pásalle o contrario, medran por debaixo da media dos presupostos, medran por debaixo do ano anterior, medran por debaixo do PIB, e claro, esas son situacións que probablemente non son as máis desexables para

enfrentarse a unha situación de dificultade, unha situación de dificultade que máis dun analista presenta con tintes que eu non quero utilizar para preocupar, pero habla incluso de crecementos negativos. Fálase incluso desta inflación non soamente pola crise financeira, pola crise inmobiliaria ou polo IPC, tamén polo custo de materias primas, que van a levar a que o PIB vaia caer e vai ter crecementos probablemente negativos. E insisto, ¿por que en Galicia vai ser moi distinto?

Entón, señor conselleiro, a min me parece que bueno, pois era necesario que os presupostos incorporaran esas políticas. Sen embargo, non foi así, e no mes de xaneiro o goberno sorprende cunha estratexia, un plan para loitar contra a crise. Pero vamos a ver, se non levaban nin siquera un mes aprobados os presupostos, é a maior desautorización dunha estratexia presupostaria que se pode presentar. Nin siquera había pasado un mes da súa entrada en vigor e xa se estaba plantexando un programa, un plan, que dalgunha maneira viña dicir que nos presupostos non se habían elaborado, non se habían feito, incluído, esas medidas que eran necesarias. Pero se mo permite, señor conselleiro, eu diría que ese plan non fai máis que incorporar as previsións que xa estaban no presuposto, porque cando se fala de anticipación ou de dinamización de inversión pública son investimentos que están xa presupostados, tanto na Consellería de Política Territorial, na de Vivenda, na de Educación ou na de Sanidade. Anticipar, anticipar licitación, pero é que estaba, ¿alguén podía pensar que se inclúen os créditos nos presupostos para que non se executen?, ¿para que non se liciten con tempo suficiente para a súa execución?

Por outra parte, o cuadro macroeconómico tería que estar calculado con esas previsións de investimento, con esas previsións de actuación das diferentes consellerías, tanto de vivenda como das empresas públicas como das institucións e organismos que forman parte e que consolidan os presupostos xerais da Xunta e da Comunidade Autónoma. Eso non ten sido así, polo tanto preséntase un plan que, desde o meu punto de vista, é un plan máis para comunicar que para realmente actuar e poñer en marcha medidas que puideran paliar ou puideran dalgunha maneira reducir ou minimizar os efectos perniciosos da crise.

Insisto, sería importante que ese plan levara consigo maior capacidade de inversión e anticipación de prazos de execu-

ción de obra pública; sería importante que redefinira programas, que redefinira políticas e asignara máis recursos. Pero non se ten feito nada desto, os recursos siguen sendo os mesmos que había, siguen dispoñendo deles as mesmas consellerías, os mesmos axentes e os mesmos responsables; siguen sendo as mesmas previsións de ingresos. ¿Pero vanse a cumprir esas previsións de ingresos? Hoxe sabemos probablemente que a data do mes de maio, se se extrapolan as previsións, posiblemente teríamos ao mellor 200 millóns de ingresos menos nos impostos que xestiona a Comunidade Autónoma. Todo isto era importante, señor conselleiro, que se fixese, que se adoptara. Sin embargo a min me parece que se teñen feito cousas desde o Igape e por aí, pero non son nin suficientes nin son novedosas...

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Señor Orza, pídlle que vaia rematando, por favor.

**O señor ORZA FERNÁNDEZ:**... —si— nin son suficientes nin son novedosas nin dalgunha maneira supoñen que non estivesen xa previstas, descontadas, e que calquera actuación que sobre elas se faga non debe de supoñer modificacións importantes sobre a previsión de crecemento que se está a manexar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Moitas grazas, señor Orza.

Ten a palabra, para o seu turno de réplica, o señor conselleiro de Economía e Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Fernández Antonio):** Quizás, señorías, de novo convén caracterizar. Creo que non debíamos de perder moito tempo en isto, quizá é mellor falar das medidas que xa implantou o Goberno desde o inicio do ano, é dicir, a actuación rápida, os reflexos de actuar de forma inmediata nos primeiros síntomas en relación coa desaceleración e perda de dinamismo da economía. Pero, de todas formas, si me gustaría comentar algúns temas en relación con desde cando a inflación.

Bueno, hai que dicir que a inflación en Estados Unidos e en xeral no mundo, no mes de agosto do ano 2007, era realmente baixa. Estamos falando de inflación en Estados Uni-

dos do 2%, que se duplica a final de ano en termos parecidos en países como Alemaña e tamén España naquel momento. Polo tanto, hai que dicir que, se falamos en termos de inflación, no verán do ano 2007 no mundo non existía ese nivel de inflación, creouse a partir dese momento.

Pero bueno, o señor Orza estuvo de conselleiro de Economía probablemente no ano 1993 e saberá qué pasaba naqueles anos na economía galega. A inflación era do 5,5%; o produto interior bruto, que hoxe crece ao 3,2%, naquel momento decrecía no 0,6%; o paro, que hoxe está no 8,4%, naquel momento estaba no 18,3%; e os tipos de interés estaban no 13,3%. En definitiva, creo que estamos nunha situación de perda de dinamismo da nosa economía, en que un goberno tomou medidas de forma inmediata tan pronto foron conocidos os principais síntomas. Síntomas e diagnóstico que se concretan basicamente en tres factores, como antes tiven oportunidade de comentar.

En primeiro lugar, con carácter internacional unha inflación derivada dunha espectacular alza dos precios do petróleo e doutras materias primas que, loxicamente, o Goberno galego ten pouco que facer en relación con esos precios e esos mercados.

En segundo lugar, unhas claras restricións dos mercados financeiros a partir das turbulencias da chamada crisis das hipotecas subprime en Estados Unidos, dentro do mercado inmobiliario americano, que se propagaron ao resto do mundo.

E en terceiro lugar un elemento sectorial, que é o axuste do sector da construción máis específico de España e tamén de países como Estados Unidos.

A partir de aí ¿donde pode actuar o Goberno galego? Pois en primeiro lugar podemos incidir cunha serie de medidas para tratar de compensar a menor actividade do sector construción residencial, e isto leva, insisto, xa no mes de xaneiro, a impulsar a licitación de obra pública. Hoxe podemos dicir que hai un 89% de licitación maior no ano 2008 respecto do mesmo período do ano anterior. E unha serie de medidas para fomentar a vivenda de protección oficial e a rehabilitación de vivendas.

En segundo lugar, en relación coas restricións financeiras que se foron propagando ao longo dos últimos meses e que

levou a unha situación de claras restricións de crédito, pois o que está en manos do Goberno galego, que é tratar de tomar unha serie de medidas para o financiamento das empresas galegas a través dos instrumentos que temos nas nosas mans e que antes comentei: a través de préstamos, de avais, de subvencións directas e de capital risco. Tomando e acercando, polo tanto, pasivos financeiros ás entidades financeiras galegas a través de convenios co Instituto de Crédito Oficial, cunha liña de cerca de 500 millóns de euros. Por certo, as medidas que onte tomou o Goberno español, e que anunciaba o presidente do Goberno de España, poderemos amplialas nas próximas semanas, con financiamento vinculado ao Banco Europeo de Investimentos e con colaboración, fortalecendo os fondos propios das sociedades de garantía recíproca, para chegar con avales a procesos de refinanciamento de pequenas empresas galegas. E a partir de aí, compartir riscos cunha fórmula que nos parece importante, que son as fórmulas de capital risco a través de aportacións financeiras con carácter reembolsable para novos proxectos empresariais ou consolidación de proxectos existentes. E a partir de aí, liñas de financiamento a curto prazo con sectores específicos como o dos mexilloeiros, nos sectores tamén de produtores de uva e sectores de transporte. Isto creo que son as medidas vinculadas á dinamización económica que se complementan con medidas de carácter social, as políticas de protección social, as políticas solidarias en momentos que hai un menor crecemento económico, perda de economía e, polo tanto, tamén dalgúns empregos, teñen que verse cun respaldo, cun soporte, tamén llo dicía o portavoz do Partido Socialista, con redes de carácter social. Non sólo eso, senón tamén de fomento do autoemprego e de formación profesional que permitan trasladar emprego de sectores nos que se perde, como previsiblemente é o sector da construción, hacia outros sectores máis dinámicos.

Galicia ten sectores dinámicos, fundamentos importantes, fortalezas, sectores como o automóbil, sectores como a construción naval, sectores como enerxías renovables. Estamos con procesos industriais, por exemplo, con actuacións en sectores de empresas situadas en diferentes localidades vinculados á produción de paneles solares, produción de elementos industriais vinculados á enerxía eólica. Hai unha aposta polas enerxías renovables tanto desde o punto de vista da produción industrial como desde o punto de vista da xeneración de enerxía. E tamén, ¡como non!, e relacionado con sectores como o automóbil e naval, importantes impul-



sos por parte da Xunta de Galicia de cara ao sector aeronáutico para formar un importante triángulo entre estes tres sectores que se poden axudar no tempo, porque son sectores moitas veces cíclicos, como o naval, e que se poden dinamizar e apoiar uns a outros nas diferentes situacións do ciclo.

E a partir de aí, claro que é importante que exista dentro desta protección social tamén o incremento de pensións para as pensións non contributivas anunciadas polo presidente da Xunta de Galicia de 200 euros por cada pensión non contributiva que se poña en efecto no segundo semestre deste ano. E a partir de aí, un apoio á internacionalización das nosas empresas como elementos de captar novos mercados e de, en definitiva, incrementar as súas vendas noutros mercados emerxentes, nun momento en que a demanda dentro do noso territorio ten unha dinámica menor.

Hai que dicir que situacións como esta son situacións propicias para a mellor situación competitiva das nosas empresas, para unha situación de captar novos mercados, en definitiva, crear riqueza e crear emprego.

Pero, por suposto, para conseguir novos mercados, para ter unha posición competitiva e novos mercados hai que ter unha actitude responsable e solidaria. E existe hoxe un repunte de coste laborales que continuou ao longo dos primeiros meses do ano 2008 e que entende este conselleiro que non está en consoancia co cambio de fase cíclica que afecta á nosa economía e que é importante vincular os incrementos de retribucións salariais á incrementos de produtividade para non dañar a competitividade da nosa economía. Enténdaseme ben, se trata de acompañar o incremento de rentas co incremento da produtividade da economía para non dañar a competitividade na nosa economía e asegurar, polo tanto, a creación de emprego, de riqueza e de benestar para todos os nosos cidadáns.

Estas, en definitiva, señorías, creo que son as medidas que tomou o Goberno galego de forma dilixente e, como antes tuven a oportunidade de comentar, este plan se está medindo e está dando bos resultados.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Rolda de aclaracións dos grupos parlamentares.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Aymerich.

**O señor AYMERICH CANO:** Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías, señor conselleiro. Xa na intervención anterior, cun elevado grado de coincidencia co indicado por vostede, co indicado polo portavoz do Grupo Socialista, referínome ao que son as actuacións do Goberno galego, dos diferentes departamentos do Goberno galego, para lle facer frente a esta crise económica.

Efectivamente, esta crise económica obedece a fenómenos e obedece a dinámicas que transcenden con moito o que é o ámbito territorial de Galicia e o que son as capacidades dos poderes públicos galegos, por máis que sexan capacidades que nós traballamos, un obxectivo, ademais, do conxunto do Goberno, para ampliar especialmente no ámbito económico. Falamos das turbulencias financeiras provocadas pola falta de control e pola falta de transparencia e de regulación nestes mercados, por movementos especulativos nestes mercados. Falamos do incremento do prezo do petróleo, do prezo da enerxía, provocado tamén, seguramente, non só porque chegamos ao que se denomina o pico do petróleo, momento no que moitos xacementos comezan a esgotarse —está aí o caso de Indonesia—, senón tamén, ao parecer, por existencia dunha burbulla especulativa nos mercados internacionais desta materia prima e o axuste tamén no sector da construción, onde esa burbulla existía e, en fin, rebentou. Son fenómenos internacionais, pero nos que tamén, na medida das nosas limitadas capacidades, podemos incidir. Se o problema dos mercados financeiros é a escasa regulación e a falta de transparencia, algo podemos facer tamén desde a Xunta de Galiza naquilo que nos toca con relación a aqueles mercados financeiros nos que podemos incidir para que sexan máis transparentes e para que a súa actuación e a súa xestión sexa máis responsábel.

No ámbito enerxético penso que hai actuacións que xa se están desenvolvendo. Esta o proxecto da Consellaría de Industria de Peixe verde para converter os motores dos buques en motores máis eficientes desde o punto de vista enerxético, que poden funcionar con gas natural licuado e que parece ademais que está a dar bon resultado. Ou o traballo nesa nova

política enerxética que incremente o que é o peso das enerxías renovábeis dentro do mix enerxético galego.

No caso do sector da construción falamos xa tamén dalgúns actuacións, fundamentalmente aquelas referidas a investimentos que apoiem, que axuden, ás pequenas e medianas empresas da construción, no ámbito rural e sobre todo no Plano sectorial de vivenda de solo residencial, e a mobilización que vai supor de recursos para ademais satisfacer unha necesidade pública como é a vivenda, un dereito fundamental, desde o noso punto de vista.

E coincido ademais co que indicou o portavoz do Grupo Socialista, temos unha oportunidade estratéxica nesa liña na que está traballando o Goberno. No momento en que hai un incremento a nivel xeral, a nivel mundial, do prezo dos produtos alimentarios e do prezo dos produtos enerxéticos, temos ventaxas competitivas para producirmos alimentos de calidade e para producirmos tamén enerxía dun xeito competitivo.

Apoiamos, como non, ese incremento das pensións non contributivas neste primeiro ano a través dun pagamento conxunto que esperemos que se consolide, por iso aposta o Bloque Nacionalista Galego que se incremente en exercicios futuros. Antes dicíalle –penso que tamén pode ser moi ilustrativo– que esta actuación coordinada, conxunta, de diferentes departamentos do Goberno galego xa está a dar resultados.

Falaba de empresas de base tecnolóxica instaladas en concreto no Parque tecnolóxico de Galiza en Ourense. Temos que dicir o seu nome, desde logo por que escolleron esta ubicación. Poderíamos dicir que ten bastante que ver a actuación do departamento de Economía a través de inxeccións económicas do IGAPE e de XesGalicia nestes casos; ten que ver tamén que haxa solo industrial de calidade a un prezo moi competitivo –45 euros o metro cadrado–; ten a ver, desde logo, que haxa subvencións, neste caso, da Dirección xeral de I+D+I da Consellería de Industria, e ten tamén bastante que ver que esa ubicación de solo industrial de calidade lles permita a estas empresas aproveitarse de posibilidades de financiamento futuro de proxectos de investimento, participando co conxunto das empresas do parque tecnolóxico...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

**O señor AYMERICH CANO:**... –un segundo, señora presidenta– nas convocatorias do Estado da Unión Europea.

Hai que dicir que este Parque tecnolóxico de Galicia por esa vía obtivo nada menos que 8 millóns de euros nos últimos dous anos. Penso que este é un bo exemplo de traballo conxunto, de traballo coordinado, e esa é a liña que debemos seguir. Precisamente ese era o obxecto da comparecencia en materia de promoción económica e empresarial.

Máis nada e moitas gracias. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Aymerich Cano.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Boas tardes de novo.

Eu creo que está sendo un debate de interese, onde se plantexan cuestións de relevancia e de profundidade, pero, en todo caso, eu saco como primeira conclusión que o Goberno galego está facendo o que ten que facer e ademais o está facendo no tempo adecuado. Etas situacións necesitan combinar dous elementos. Un elemento de carácter estratéxico, de planificación, que actúa a varios anos, pero tamén un elemento moito máis directo e máis dilixente no tempo de actuación concreta, porque o longo prazo é unha sucesión de curtos prazos e hai que ir ganando cada un destes para poder chegar máis alá.

Neste sentido, hai algunhas cousas que merecen destacarse. Había en xaneiro un compromiso de dinamización da contratación pública en Galicia no ámbito puramente autonómico. Hai que dicir que, cos datos manexados no primeiro trimestre, hai unha aceleración notable desta contratación fundamentalmente no ámbito das obras públicas, pero tamén noutras consellerías, como Vivenda, que están tendo unha actuación moi dilixente. E hai que dicir ademais que, se combinamos isto coa actuación no mesmo sentido da Administración xeral do Estado, podemos dicir con total rigor –e permítanme en todo caso que faga unha especie de suma sen entrar nos decimais– que entre a Administración xeral do Estado e a Administración autonómica estamos falando de aproximadamente 1.500 millóns de euros de licitación públi-

ca nos catro primeiros meses do ano, con aproximadamente 1.000, un pouquiño menos, da Administración xeral do Estado e 500 por parte da Administración autonómica. Isto quere dicir que hai unha actuación decidida, porque isto permite suavizar o axuste que está tendo a construción residencial. Todos sabemos que a obra pública non ten os mesmos efectos intersectoriais que a construción residencial, pero en todo caso permite amortiguar os seus efectos e simultaneamente constrúe o futuro mellorando as nosas infraestruturas.

Hai outro elemento que tamén me gustaría destacar, que é o que ten que ver coa internacionalización. Se como expliquei na miña primeira intervención está habendo problemas de demanda interna, da demanda privada interna, e a partir do ano que vén tamén da demanda pública –porque vai haber necesariamente un axuste nos ingresos que se trasladará aos gastos públicos–, ¿se pode compensar isto? Ben, ganando cota nos mercados exteriores. Sobre todo nalgún destes mercados. Dentro da zona euro son algunhas economías como Alemania, e incluso novos países entrados recentemente na Unión Europea, que están crescendo a unha taxa superior, beneficiándose dun efecto de converxencia moi notable, e fóra da zona euro, economías dos países denominados emerxentes en América Latina. Pero tamén no extremo oriente están máis presentes nestes mercados, é unha boa forma de seguir mantendo un ritmo de crecemento elevado. Aquí hai en Galicia algunhas actividades, coma a do automóbil, que teñen xustamente unha forte presenza no mercado exterior, fundamentalmente da Unión Europea. Pero se queremos ganar cuota de mercado no exterior, non está á nosa disposición, por suposto, actuar sobre o tipo de cambio. É difícil, dado os datos que temos, pensar que pode haber aí un axuste vía unha menor inflación. Realmente, a forma de actuar é a través da relación entre moderación salarial e produtividade.

E non se quere dicir aquí –eu non o direi desde logo– que debamos ir a unha estratexia de moderación salarial. Debemos ir a unha estratexia de reforzamento do noso potencial competitivo a través da mellora da produtividade, e ese é un elemento básico do axuste activo que se está impulsando desde a Xunta de Galicia. É isto xustamente o que permitirá que os nosos salarios medren. Pero, se conseguimos ganancias de produtividade, podemos competir mellor nos mercados exteriores e podemos medrar máis alí e soste mellor a nosa actividade.

Por último, no escaso tempo que me queda, tamén quería trasladar que eu creo que non ten demasiado sentido confrontar a acción dos distintos niveis do Goberno. É necesario que haxa unha acción concertada a nivel europeo. Hai que, na medida do posible, convencer ao Banco Central Europeo que non é unha boa política manter elevados de maneira permanente os tipos de interese. Hai que facer que a política do Estado sexa beneficiosa tamén para Galicia, como están sendo ou como van ser as medidas anunciadas aínda onte polo presidente do Goberno en moitos ámbitos. Falemos, por exemplo, da formación profesional, da reforma da formación profesional ou do Plan vive en relación cos automóbeis, que vai ter un efecto beneficioso sobre a produción deste sector en Galicia, e tamén hai no ámbito das nosas competencias unha política acertada, decidida, anunciada desde xaneiro e instrumentada nestes meses no ámbito das competencias autonómicas, que vai xustamente na mesma dirección: protección aos que máis os necesitan; facilitar o axuste suave daqueles sectores que máis están padecendo; e facilitar a modernización da nosa economía para poder competir mellor nun sitio e obter unha maior converxencia.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Fernández Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Orza Fernández.

**O señor ORZA FERNÁNDEZ:** Gracias, señora presidenta.

Eu quixera contribuír tamén á altura e ao interese do debate. Nese sentido, a min paréceme que a economía de Galicia, a nosa economía, necesita que se recoñeza que a situación é seria. Hoxe se teñen dado pasos adiante nesa dirección, pero aínda hai un certo “buenismo”. Se ten presentado aquí a idea de que Galicia no vai tan mal como España, que podemos salir incluso mejor porque tenemos un plus de solvencia. Mire, eu creo que esa é unha mala estratexia. Aquí non nos ten por que ir mellor que en España, e se a crise na construción aínda non ten chegado ao cen por cento, xa chegará, señor conselleiro, xa chegará.

E mire, respecto ao emprego, entre o terceiro trimestre do 2007 e o primeiro do 2008 se teñen perdido 25.000 empre-

gos en Galicia. E na construción, entre o cuarto trimestre do 2007 e o primeiro do 2008, ten caído 12.100 empregos. Por tanto, se necesita recoñecer que a situación é seria. E insisto, hoxe se teñen dado pasos aquí nesa dirección, pero non os matices, chame ás cousas polo seu nome.

Segundo, decidir unha estratexia coherente e completa. Temos instrumentos para elo, máis do que parece. Temos a capacidade para definir unha ordenación sectorial; temos capacidade para definir ordenación territorial; temos capacidade para decidir sobre a promoción económica; temos unha certa capacidade de política financeira, aínda que certamente limitada, pero está aí; temos unha certa capacidade de política fiscal; polo tanto, temos posibilidades de facer política. Aquí se fala polo señor Aymerich de que nos atopamos ante unha situación marabillosa porque se está coordinando moi ben a política entre as dúas partes do Goberno. Mire vostede, é preferible que exista unha acción clara de goberno dirixida política e economicamente por unha única responsable, que sexa necesario estar coordinándose permanentemente, o cal non quere dicir que cando é preciso sexa mellor coordinarse que andar en desfeita. Pero non fagamos da necesidade virtude.

Señor conselleiro, unha vez definido que se necesita recoñecer a realidade, que se necesita saber que temos instrumentos, necesítase unha estratexia con reflexo presupostario, unha estratexia clara que permita afrontar a situación, cun reflexo presupostario claro. Pero unha estratexia nova, distinta, diferente, porque se non, obviamente, estamos a seguir coa mesma estratexia, co mesmo plan, co mesmo modelo.

E, ¿que se ten feito polo acordo do Consello da Xunta do 24 de xaneiro? Se ten feito... dice: “Accións e medidas previstas. Impulso de la licitación pública cun plan de dinamización de obras públicas que perseguirá la agilización –estou lendo en castelán–, a axilización da licitación e contratación de obra pública no ámbito das estradas, a vivenda, o solo industrial, as infraestruturas hidráulicas”.

E dice: “Neste plan, 1.565 millóns”. Todos estaban no presuposto, todos, absolutamente todos. O que diferencia un plan, un programa, unha estratexia, é poder comparar dous escenarios. Un escenario sen estratexia e un escenario da nova estratexia. E a nova estratexia supón novos programas, novos plans, novas iniciativas, novos créditos, novos recur-

sos, se non estamos dando voltas á perdiz, dando voltas ao mesmo tema.

E non sigo para falar da política fiscal. Dicir que o imposto de sucesións vai ser un elemento da política fiscal que vai xogar a favor da dinamización económica é botarlle bastante imaxinación. Logo, polo tanto, hai que ver un plan, redefinir prioridades, axustar políticas, etc., e eso non está feito, ou non está feito en grande medida. ¿Por que? Porque se está a utilizar e se está a presentar como plan ou que xa está introducido nos presupostos, algo que é relativamente habitual neste Goberno, porque presenta un Plan de dinamización territorial e obviamente inclúe todos os créditos que todas as consellerías xa teñen previstos levar adiante en todos os ámbitos territoriais e que os iban a facer con ou sen plan. Polo tanto, bueno...

Non me dá tempo, porque está rematándose, para responder a todas as cuestións. Pero, ¿cales serían as claves do programa? Máis investimentos. E, polo tanto, máis investimentos en infraestruturas, non os que estaban previstos. Dinamizar a licitación parécese obvio. Obviamente que a min poñeríame un pouco colorado vir aquí e dicir que tengo un plan y mi plan consiste en que voy a dinamizar la licitación de lo que ya tengo que licitar. ¡Hombre, por Dios! Máis valería que vostedes tomaran o compromiso de asumir que executará o que está nos presupostos alomenos no 90% respecto do investimento público. *(Aplausos.)* Alomenos eso sería moito máis eficaz.

Remato, señora presidenta. Gustaríame dicirlle dúas cousas ao señor Aymerich e ao señor Leiceaga. Non teño tempo, non o interprete mal, pero si me gustaría dicir, para rematar, que informar sobre as condicións que existen nun territorio para facer investimento –estoume referindo ao famoso anuncio da...–, informar non quere dicir conformarse coa situación. E ustedes teñen trabucado ou teñen interesadamente dito que o PP baseaba a súa estratexia económica en salarios baixos. Eso é tal simpleza que a súa formación, que a súa capacidade intelectual, lle permitirá comprender que non ten nada que ver unha cousa con outra.

Nada máis, moitas gracias. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Orza.

Turno de dúplica do señor conselleiro de Economía.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Fernández Antonio):** Moitas grazas, presidenta.

Señorías, quizá é importante poñerse de acordo no diagnóstico, porque así é máis fácil poñerse de acordo no tratamento. Non vou insistir sobre os temas que comentamos antes, quero insistir en que hai unha perda de dinamismo da economía galega, menor que a Española e menor que a Europea, e teño que matizar un dato que dicía a súa señoría do Partido Popular en relación coa perda de emprego en Galicia. Non é certo, a economía galega sigue creando emprego no último ano, mais de 21 novos empregos, e no que va do ano 2008 máis de 8.000 empregos. Hai unha perda de dinamismo, pero seguimos creando emprego na nosa economía. Eu, como ben coñece o señor Orza, non invento datos de ningún instituto, senón que saco os datos directamente, coordinando metodoloxías co Instituto Nacional de Estatística, co Instituto Galego de Estatística e cos rexistros da Seguridade Social; estamos falando, polo tanto, de datos contrastables. Pero dá igual, creo que non é ese o elemento fundamental, o elemento fundamental é que hai unha perda de dinamismo na economía. Moi sinteticamente, en primeiro lugar, esa crise financeira internacional, que leva unhas restricións de crédito e iso ten un efecto en todas as economías, un incremento espectacular dos prezos do petróleo e doutras materias primas que están incidindo nunha inflación a nivel mundial e tamén a nivel español e galego, e temos un axuste claro no sector da construción que ten que ter un efecto indubablemente sobre o emprego, e a partir de aí, e con este diagnóstico, teño tamén que dicir que Galicia sigue crescendo por riba da media española e comunitaria, e iso nos permite continuar cun obxectivo claro do Goberno galego, que é impulsar a converxencia coa media europea e española, proceso no que nos últimos anos se acelerou claramente. Es sen ben nos últimos anos, antes de chegar este Goberno, se estaba crescendo por debaixo da media española, nestos dous últimos anos, case tres, levamos xa dez trimestres crescendo por riba da media española.

Pero de novo quero mostrar a miña preocupación pola situación económica, vinculada especialmente ao sector da construción, ás dificultades de financiamento de empresas, e a partir de aí quero insistir en que é importante ter unha estratexia clara, estratexia que ten este Goberno e que aprobou xa no mes de xaneiro deste mesmo ano, con medidas destinadas, en relación co axuste do sector construción, a impulsar

a licitación de obra pública e tamén a impulsar a promoción de vivenda de protección oficial, é dicir, de precio taxado, tanto por construción directa da Administración da Xunta de Galicia como a promoción privada deste tipo de vivendas.

Planteaba o voceiro do Partido Popular en relación con qué pasa cos orzamentos, en primeiro lugar, é moi importante as perspectivas a medio prazo das empresas, e cando se está licitando unha cuantía significativamente superior ao crédito orzamentado este ano, quere dicir que hai unhas previsións por parte das empresas, unhas contratacións, que teñen xa unha carteira de contratos que lles permiten planificar a súa obra nun prazo máis longo de tempo, e isto incide no clima de actividade económica e no clima de confianza, que este é outro tema fundamental, como ben coñecen as súas señorías, en relación coas previsións da economía, coa creación de emprego e cos planes dos diferentes axentes económicos. Polo tanto, esta seguridade no futuro, estes estímulo ao investimento empresarial, esta facilidade de financiamento das empresas a través dos instrumentos que están nas nosas mans e que antes comentei, permiten incrementar as oportunidades de creación de empresas, de creación de actividades e de dinamización da nosa economía.

Neste sentido, quero dicir que Galicia ten —e antes o comentabamos— sectores cunha situación competitiva internacional fundamental, empresas líderes en sectores como o téxtil, moda, o sector automóbil, o sector naval, o sector enerxías renovables e o sector alimentario. E esta posición de liderazgo, de competitividade, no mercado internacional é o que explica nunha parte importante o maior crecemento da economía galega, que hoxe está moito máis internacionalizada que a española. O peso de Galicia nas exportacións españolas case duplica o peso do produto interior bruto galego no produto interior bruto español. Esa é unha fortaleza das nosas empresas, dos nosos empresarios, que están, polo tanto, nunha situación de coñecemento dalgúns mercados que pensamos que é importante, por iso estamos facendo políticas de apoio á internacionalización, porque é un bo momento para crecer en mercados de países emerxentes, de países que están crescendo nestes momentos a taxas máis elevadas.

Esta é unha folla de ruta clara deste Goberno, apoio ao sector vinculado á construción, vinculado á obra pública e á vivenda de protección oficial, para moderar o axuste a este

sector; apoio ao financiamento de empresas para paliar as restricións de crédito que existen nos mercados internacionais; e políticas de protección social e de empregabilidade, incluíndo políticas claras de formación profesional para apoiar o transvase dos traballadores duns sectores a outros que estean tirando neste momento mais. A partir de aí, un plan que medimos e que neste momento está dando resultados, como antes decía, moi positivos. E a partir de aí eu diría que temos que ter –e creo que neste estamos todos igualmente interesados– confianza no noso país, confianza nun país e nunha economía que xenera ideas, que xenera proxectos e que ten un importante dinamismo. E a partir de aí Galicia ten oportunidades para seguir ganando posicións nun mercado internacional competitivo.

En definitiva, eu quero transmitir a miña preocupación, como conselleiro de Economía, pola situación que estamos vivindo, pero unha plena confianza de que entre todos podemos aproveitar as oportunidades existentes para incrementar o bienestar de todos os nosos cidadáns.

Moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor conselleiro.

### *Declaración institucional*

**A señora PRESIDENTA:** Vamos a dar lectura a unha declaración institucional na que están de acordo os tres grupos parlamentarios.

“O consumo e o tráfico de drogas supón unha cuestión preocupante na sociedade moderna, tanto polas súas consecuencias no eido da saúde como polos efectos non desexables para seguridade cidadá. Neste contexto, a loita contra o narcotráfico constitúe unha prioridade de primeira orde. Asemade, o consumo de substancias aditivas precisa de accións políticas decididas para mellorar a educación, a saúde e potenciar hábitos saudables aos nosos mozos e mozas.

O Parlamento de Galicia fai un chamamento a todos os galegos e galegas para continuar no esforzo da loita contra as drogas e o narcotráfico, seguros de que entre todos podemos acadar un futuro libre desta problemática. Con este motivo, quere tamén amosar o seu apoio a campaña “Panos brancos

contra a droga” que promove a Fundación galega contra o narcotráfico, con ánimo de seguir fomentando todas as actividades de sensibilización social neste eido.”

Pasamos agora, como xa anunciamos esta mañá que estaban de acordo os grupos parlamentarios, a substanciar a interpelación do Grupo Parlamentario Popular.

### **Interpelación de D. Ángel Bernardo Tahoces e 13 deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a política de promoción comercial, e nomeadamente feiral, que está a desenvolver a Xunta de Galicia e as previsións ao respecto**

**A señora PRESIDENTA:** Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Palmou Lorenzo.

**O señor PALMOU LORENZO:** Señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señor conselleiro, a iniciativa que hoxe traemos aquí para debate responde a unha preocupación do grupo parlamentario que me honro en representar polo que nós entendemos, señor conselleiro, como a falta dunha política feiral seria, consecuenta e que contemple a promoción dos sectores produtivos e do noso comercio desde unha perspectiva de país, ao marxe de localismos e de intereses partidarios.

Preocúpanos, señoría, a deriva que ao longo dos últimos anos está tomando a política feiral de Galicia, por iso a través desta iniciativa pretendemos que nos aclare qué política de promoción a través das institucións feirais vai a desenvolver a Xunta no vindeiro tempo.

Por razóns de tempo, centraremos esta intervención en dúas institucións feirais xurdidas de iniciativas sociais que acadaron un gran éxito non só no seu desenvolvemento senón tamén na promoción e modernización de importantes sectores produtivos e que hoxe se atopan na UVI, señor conselleiro, estas dúas institucións, sin que ao menos polo momento parece que preocupe demasiado ao Goberno. Estoume a referir á Feira internacional do moble de Galicia e á Feira Semana Verde de Silleda.

Como dixen, ambas as dúas institucións feirais son froito de iniciativas cidadáns que, dende a preocupación e o afán pola

modernización, a competitividade e a promoción da nosa agricultura no caso de Silleda e a Industria do moble no caso da Estrada, non regatearon esforzos de todo tipo, incluso económicos, para que as súas iniciativas, canalizadas a través de asociacións veciñais en ambos casos –estou seguro que vostede o coñece–, alumearan certames de enorme éxito e compartiron con absoluta certeza o obxectivo de contribuír a modernizar Galicia a través da dinamización dos seus sectores produtivos.

A Semana Verde nace no ano 1978 da mao da asociación feiral Amigos da feira, e en só dez anos acadou proxección internacional, o que lle permitiu codearse coas feiras máis importantes de Europa: coa Feira de París e coa Semana Verde de Berlín, e mesmo permitiu que o entón presidente da Xunta, señor González Laxe, falara do eixe Silleda-Berlín ou Berlín-Silleda para referirse ao convenio que se acababa de firmar e que fixo que a República Federal Alemana ou o Goberno federal alemán establecese un pabellón permanente na Semana Verde de Silleda. Esta é a realidade, señor conselleiro, feiras con máis de 100.000 visitantes, con máis de 1.000 expositores e con máis de 40 países representados dos cinco continentes.

Algúns dos traballadores, das persoas que estes días aparecen nos medios de comunicación preocupados polo futuro da feira de Silleda, e tamén lexitimamente polos postos de traballo, alá polo ano 1980 traballaban arreo de xeito desinteresado sacando tempo ao seu descanso e á súa familia cun único obxectivo, que a feira fose cada ano máis importante. Son persoas que algún día tiveron un soño, señor conselleiro, que eles conseguiron converter en realidade. Hoxe estas mesmas persoas teñen un pesadelo, o pesadelo de atoparse coa realidade dunha institución especialmente exemplar que está nun tris de desaparecer. E ¿saben por que? Porque o Goberno galego, por razóns que descoñecemos, señor conselleiro, doulle e dálle as costas. Isto polo menos é o que ten acontecido polo de agora.

Dende o Grupo Popular non entendemos como non entenden os sectores afectados e os traballadores da institucións a guerra desatada entre as dúas consellerías, entre as dúas consellerías, polo control político da institución. Si, señor conselleiro, a Consellería da Presidencia e a Consellería de Industria. Hasta o punto de poñer en perigo a súa existencia, e o que é máis importante e fundamental, o obxectivo económi-

co que veu desempeñando esta institución. Non entendemos o papel que desempeña, que ten que desempeñar, a Consellería da Presidencia nun asunto feiral, máis aló do control da legalidade e dos fins sociais que establece a súa condición de protectorado. Pero tampouco, señor conselleiro, entendemos que vostede faga deixación da súa función, das súas competencias en materia de promoción e organización ferial, e non poña orden no que está a ser un auténtico desorde, señor conselleiro. Mire, por primeira vez nos trinta anos desta feira, por primeira vez non se vai a celebrar na data inicialmente prevista. E temos moi serias dudas, moi fundadas dudas, de que se vaia celebrar.

Pero, se esto acontece coa Semana Verde, non é menos grave o que acontece coa Feira do Moble da Estrada. Tamén a Feira do moble da Estrada nace no ano 1988 da man dun grupo de empresarios do moble e veciños da Estrada que constituíron o que se chamaba Asociación de amigos da feira do moble. Organizaron o I Salón do moble. Logo viñeron os seguintes, ata converterse na Feira internacional do moble de Galicia, ata converterse nesa feira e crear unha fundación que tomou a iniciativa de poñer o patrimonio que tiña precisamente en mans e á disposición das institucións que crearon esta fundación, na crencia de que esto debería darlle garantía da súa existencia, da súa supervivencia, e do seu éxito.

Pero é aquí que tamén na Estrada a chegada á Xunta do Goberno bipartito pon en perigo a institución e as propias feiras. E, lonxe de ser garantía a presenza do Goberno galego nesta institución, realmente asegúrolle que é preocupación para os estradenses. Unha vez máis, a mesma causa, o afán de control político da institución.

Mire, no ano 2006 quedou vacante a xerencia da Fundación de mobles da Estrada. Iníciase o proceso para a súa provisión de acordo cos estatutos. O BNG ten unha persoa para ocupar o posto, o Partido Socialista ten outra, si, si, que é o concellal do Grupo Socialista do Concello da Estrada. O Partido Popular non presentou a ninguén, simplemente quería que saíra o mellor.

¿Que aconteceu, señor conselleiro? Mire, eu non quero facer xuízo de intencións do que aconteceu a partires de aí. Límitome a dar unhos datos obxectivos e espero que vostede nos explique na súa intervención que é o que está acontecendo. Non sae o candidato que vostedes propoñen e, en conse-

cuencia, empezan as rebaixas. Mire, no ano 2007 redúcese ao 50% a subvención prevista, de 120.000 euros a 60.000 euros. Ao longo do ano 2007, e no que vai do presente ano, señor conselleiro, vostede, que é o presidente do padroado, non apareceu para presidir este organismo en ningún momento, nin por suposto para inaugurar ou clausurar algunha das feiras que alí se celebran; vostede non volveu aparecer por alí a partires dese momento. É dicir, absoluto desentendemento da consellería dunha institución que vostede preside e dunha feira fundamental para A Estrada, dunha feira fundamental para o sector do moble e, polo tanto, fundamental para Galicia.

Pero con ser grave o que acabo de expoñer da Semana Verde e da Feira do Moble, hai cuestións máis graves e preocupantes. Mire, señor conselleiro, estos días estase a celebrar no recinto feiral da Coruña unha feira do moble dun país veciño. Non ten nada de particular que fabricantes dun país veciño veñan ás feiras de Galicia, como viñeron sempre. Pero fíxese o que acontece, neste caso fano con carácter de exclusividade. É dicir, os mobleiros galegos non poden asistir a esa feira nun recinto feiral construído na súa totalidade con diñeiro da Comunidade Autónoma de Galicia. Os fabricantes que participan reciben subvencións de institucións públicas do seu país. Unha exposición na que se producen transaccións directas, transaccións directas ao consumidor, co cual detúrpase o normal circuíto comercial. Unhas transaccións que non sabemos se pagan IVA e a quen llo pagan; eu non sei se vostede o sabe, conselleiro. E parece ser que en anos sucesivos pretende facerse o mesmo en Lugo, en Ourense e en Silleda.

En consecuencia, este grupo parlamentario, e estou seguro que os representantes dos mobleiros galegos que están na tribuna de invitados, preguntan, preguntanlle, e nós preguntámoslle, señor conselleiro: Vostede, como responsable da política de produción industrial e comercial do noso país, ¿considera razoable que nun recinto público galego se celebre unha feira-exposición na que está vetada a presenza de industriais e comerciais galegos?

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Palmou.

**O señor PALMOU LORENZO:** Solo un minuto, señora presidenta.

¿Considera competencia leal que nestes recintos se efectúen transaccións comerciais, como antes lle anunciiei? ¿Parécelle

razoable que vendan en instalacións públicas galegas en réximen de monopolio empresas doutro país que producen un 30% máis barato que aquí? ¿Que IVA pagan? Por último, ¿vai a permitir, señor conselleiro, que no futuro se siga dando esta situación?

Esperamos a súa resposta.

Moitas gracias, señora presidenta. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Palmou.

Ten a palabra o señor conselleiro de Innovación e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA (Blanco Álvarez):** Señora presidenta.

Señorías.

Alégrome que o señor Palmou diga que vamos a falar seria e consecuentemente dos recintos feirais. Benvido, porque, desde logo, a política que fixeron vostedes durante estes anos nin é seria nin é consecuente, e ademais si respondía a intereses partidarios e locais e non a un interés xeral. E resultado desa política é precisamente que Galiza teña o 20% dos recintos feriais do Estado, que son excesivos –que son excesivos e hai que decilo con claridade–, e precisamente dificultan a xestión feiral. E se a eso lle sumamos ademais que, a pesar de que a Xunta de Galicia pon o 80 ou 90% do investimento e da financiación, o seu peso á hora de tomar decisións é exactamente o mesmo que o resto, que solo poñen un 10%, evidentemente, o que non pode vostede é vir aquí a pedir explicacións á Consellería ou á Xunta, cando baleiraron vostedes de contido a responsabilidade e a capacidade que tiña a Xunta. E isto hai que decilo con claridade para que ninguén se leve a engaño, e eu creo que convén que se saiba.

Fala vostede, en primeiro lugar, da Feira de Silleda. Eu teño que decirlle que na Feira de Silleda, como vostede sabe moi ben, nós non exercemos como Consellería de Industria o protectorado desta feira; o protectorado desta feira o leva a Consellería de Presidencia e, polo tanto, é unha responsabilidade que estaba así establecida polo Goberno anterior e, evidentemente, lle corresponde a outra consellería. Agora ben, eu si podoo colaborar e colaborei.



Vostede fala de guerras, eu non sei a qué guerra se refire, eu non teño ningún problema nin ningunha guerra no recinto feiral de Silleda. É máis, nós colaboramos na posta en marcha de determinadas feiras aí, como Turisport e outras, onde precisamente asistín a elas dentro da estratexia de promoción comercial de Silleda. Sei que o día 26 vaise presentar –e o anuncio– un plan de viabilidade por parte da Consellería de Presidencia que se estudiará nese padroado, donde pretendemos dar resposta, en todo caso, de cara ao futuro, dos cambios que haxa que establecer na xestión, e, desde logo, garantir tamén a seguridade dos traballadores que aí desempeñan o seu traballo, e eu coincido con vostede en que, efectivamente, son tamén os protagonistas, en todo caso, dos éxitos que tuvo este recinto e que haberá que ver como se enfocan de cara ao futuro.

Hai algunha cuestión que me gustaría aclarar tamén, para que vostede saiba perfectamente o que sucede coa Feira do Moble da Estrada, á que vostede lle dá o carácter de internacional, pero despois na presentación da moción non fala desa feira internacional, fala vostede de Termalia, fala da Semana Verde, fala doutras, pero non fala desta feira internacional, porque efectivamente esta non é neste momento unha feira internacional.

Mire, alí non había unha guerra de propostas, alí houbo tres propostas realizadas polo padroado, e algunhas desas propostas en assembleas anteriores se tiña tomado esa decisión –e figura na hemeroteca– de concederlle unha determinada persoa, e eu non estou de acordo con ese modelo. Señor do Partido Socialista, do BNG e do Partido Popular, había unhas perfís e había que analizar esos perfís. Difícilmente se podía analizar un perfil cando con anterioridade membros dese padroado xa se tiñan pronunciado por un candidato. E isto, señor Palmou, figura nas hemerotecas, e isto é o que lle debería de preocupar en todo caso, que antes de facer un análise dos perfís e do concurso que se presenta, algúns xa teñan decidido unha determinada opción.

De calquera xeito, isto non inviabilizou en absoluto a posta en marcha nin da Feira do moble nin da xestión do moble, porque estivo contratado un xerente que ao cabo dun ano, evidentemente, presentou a súa dimisión. Presentou a súa dimisión, eu asegúrolle que ninguén lla pedimos, ou polo menos este que subscribe non a pediu en ningún momento. Sencillamente e evidentemente a aposta é de que esa feira

estaba baixando, non tiña carácter internacional, cada vez ten menos peso e ten dificultades. Precisamente, cando se buscaba un novo xerente, un dos elementos esenciais era que procurara internacionalizarse, que tivera coñecemento de idiomas, que fora unha persoa relacionada co comercio exterior, como algúns dos que figuraban nesa proposta. E eu creo que esa é a maneira de facer as cousas.

Eu supoño que o Partido Popular estará de acordo en que os perfís se analizan antes e non se fan en assembleas nin duns nin doutros, se fan na sede do padroado. Pero cando chegamos a ese padroado xa había unha proposta e, en todo caso, eso desde logo non é responsabilidade da Consellería de Industria.

Pero eu teño que falar de todas as actividades feriais, e neste sentido teño que decirlle que no período 2005-2008 investimos 34,5 millóns de achegas directas por parte desta consellería nos recintos feriais. ¿Sabe por que? Porque vostedes nos deixaron algúns embolados de difícil resolución. Por exemplo, Ifeco da Coruña, cun déficit de inversión de 15 millóns de euros. Adxudicaron vostedes unha obra que sabían que non se podía facer nese prezo. E para evitar xuícios, para evitar retrasala máis e que, polo tanto, castigáramos á cidade a non ter un elemento que lles ía permitir facer promoción comercial, tivemos que poñer sobre a mesa 15 millóns de euros. E como non chegaba a aportación da Xunta tivemos que buscar, como estamos facendo, aportación de novos socios que aporten non só capital senón tamén [...] dentro desta xestión. E no caso de Ifeco, evidentemente, con Caixa Galicia, que puxo tamén 6 millóns de euros. Eu agradezco esta colaboración, porque se non ese recinto de Ifeco nunca se podía ter rematado, e isto saben vostedes que é unha das causas desta importante achega. Como as débedas que figuraban noutros recintos feriais, que son 34 millóns de euros en 3 anos, era moito o que había que pagar.

Eu teño que dicir, en calquer caso, que me gustaría incidir en dous aspectos. Primeiro, no apartado de promoción feiral, o aumento respecto ao ano 2007, o do 2008, é un 28%, e dun 37% a respecto de 2005. É dicir, que a nosa colaboración cos recintos feriais cada vez vai a máis, indubablemente. ¿E para que isto? Para que os nosos sectores produtivos teñan repercusión nos mercados, porque hai unha importante labor detrás que tivo tamén aposta polo I+D, pola calidade, pola cooperación empresarial, a excelencia e outras políticas que

estamos impoñendo e impulsando dentro dos recintos feriais. As normas ISO 9.000, a norma ISO 14.000, para que aposten por esa calidade e por esa innovación.

O segundo aspecto refírese a que non é posible legalmente –non é posible porque vostedes o deixaron así– a existencia dun intervencionismo por parte da Administración respecto da actividade feiral. Vostedes fixeron unha lei pero non desenvolveron o regulamento. Vostedes puxeron unha lei pero despois a participación da consellería, poñendo o 90% á hora de votar, é dun 10%. Polo tanto, a nosa capacidade de actuación, evidentemente, está minguada e, evidentemente, se corresponde cun interés que tiñan vostedes en que a xestión dos recintos feriais non recaíra sobre a Xunta de Galiza senón, indubablemente, sobre outros.

O Goberno galego apoia a actividade feiral, pero tamén debe ser a propia puxanza dos nosos produtos, os sectores empresariais, os xestores dos propios recintos feriais, quen poñan en marcha iniciativas que leven a que os recintos feriais cada vez necesiten de menos financiamento alleo, teñan máis capacidade para facer máis feiras e, polo tanto, avancen.

Mire, di vostede na súa intervención, ou polo menos no texto, que hai poucas feiras internacionais. Efectivamente, aínda que hai máis das que vostedes falan, están moi vinculadas cos sectores como o mar, o agro, o termalismo, que dan conta desta puxanza. Pero hai que salientar, con todo, que somos a quinta comunidade de todo o Estado con maior número destas feiras, de feiras internacionais, a quinta. Está Madrid, Cataluña, Valencia e Zaragoza agora; moi equiparada con nós, por certo, Zaragoza. ¿E sabe cantos recintos hai neses sitios? En Madrid un, en Barcelona parecido, en Zaragoza un, en Valencia, un. ¿Sabe cantos hai en Galicia? O sabe vostede perfectamente, por unha planificación que respondeu a intereses locais e partidarios, non a unha planificación de impulsos do sector feiral, ese é o problema. E agora nos atopamos, indubablemente, con que temos máis recintos feriais que a metade das comunidades do Estado, isto hai que dicilo con claridade.

Pero a nosa expectativa, aínda así, é crecer no número de feiras internacionais, e neste sentido teño que dicir que seguramente haberá outras dúas a maiores que pronto serán tamén feiras de carácter internacional e que, polo tanto, permitirán ir incrementando e superando as deficiencias que ata este

momento tivemos gracias ao impulso que lles está prestando, evidentemente, a Consellería de Innovación e Industria a todas, a todas. Pero tamén hai un mandato claro, e é que hai que ter capacidade de xestionar, hai que saír a buscar, hai que ter capacidade para autofinanciarse, e canto máis número de feiras, evidentemente, mellor xestión será.

Neste sentido teño que dicir que en 2005 había 55 e en 2008 vamos a ter 69, un 27% máis. Quere dicir que a pesar de que, efectivamente, no contexto global o número de feiras se reduce, en parte polo uso de tecnoloxías da información, en parte porque cada vez había máis recintos feriais, en Galicia estamos medrando en recintos, en feiras; desde 55 no ano 2005, a 69 no ano 2008. Polo tanto, vamos a ter cada vez máis tempo.

En Galicia existen nove recintos feriais, dos que tan só dous deles non están participados pola Xunta, como vostedes saben. A suma total indica que hai 700.000 metros cadrados de superficie, dos que 140.000 se corresponden con superficie para exposición. Isto é unha oferta máis que suficiente, aínda que se queiran poñer nalgúns sitios máis recintos. É evidente que existe unha fragmentación moi grande, dada a actividade económica empresarial do país e o número de habitantes. A comparación con outras comunidades indica que a concentración en poucos recintos é máis positiva para as feiras e para a propia fortaleza dos recintos, porque se entran a competir os nove e nós non temos capacidade para ordenar, o que é evidente é que se vai producir competencia entre elas, que en moitos casos, vai traer, desgrazadamente, a desaparición desas feiras.

Pregúntame vostede tamén sobre que me parece esa Feira do Moble. É unha feria do moble portugués que se vai facer no recinto de Ifeco. Nós xa manifestamos que entendemos que non...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA (Blanco Álvarez):**... este tipo de feiras. Tamén teño que dicirle que se aprobaron outros recintos, como é o de Fexdega, coa aprobación do seu padroado.

Creo que hai que buscar elementos que nos permitan colocar os nosos produtos e os nosos sectores produtivos en compe-

tencia con outros, non se trata de impedir que veñan outros. ¿Que clase de feira internacional queremos poñer en marcha se impedimos que veñan outros? O que temos que ter garantido, en todo caso, é a nosa presenza, e neso tamén está traballando neste momento a Consellería de Industria. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Blanco Parga.

**O señor BLANCO PARGA:** Boa tarde. Moitas gracias, señora presidenta, señoras deputadas, señores deputados, público que nos acompaña.

Señor conselleiro, teño que lamentar que, como vostede sabe perfectamente, nesta área da que estamos a falar, na área que ten que ver coa súa consellería, Innovación e Industria, ata a data nos debates parlamentares, e mantendo as diferencias partidistas de calquera organización, sempre procuramos manter unha certa liña de rigor, que hoxe, por suposto, non existe, hoxe non. Ademais, xa empezo poñendo a venda antes da ferida, di o vecino e deputado do Partido Popular. Á marxen de localismos, de localismos imos falar, señor Palmou. Ademais di: Por razón de tempo só vou falar de dúas cuestións. Mentira, mentira. É puro oportunismo político e populismo. Eu invito a todas as señorías, á prensa, a todos os invitados e invitadas, a que miren a iniciativa que está rexistrada polo Partido Popular que é hoxe obxecto de debate, que a lean de principio a fin, a ver en que sitio, en que liña, en que renglón, se regulariza algo a respecto da Feira do Moble da Estrada ou da Feira da Semana Verde en Silleda; en ningún sitio, en ningún sitio. Fálase dos recintos feirais galegos, que é obxecto do debate hoxe aquí, porque interesa, pero tamén imos falar de iniciativas. Tranquilo, non se poñan vostedes... Tranquilos, que imos ter tempo de falar todos. Fan puro oportunismo político, si, si. Pero tamén imos falar das feiras que queren vostedes.

É certo que cando un, por rigor e por responsabilidade, prepara os temas que se rexistran nesta Mesa, que pasan pola Mesa, non prepara outros. Presente vostede, cando queira, e o pode facer regulamentariamente, as iniciativas que queira

respecto destes temas especificamente. ¡Cando queira! Pódeo facer e non o fixo. Vostede confunde o debate interesadamente. Claro, preparaba aquí e gustaríalle falar –hoxe non o vai facer– sobre que está pasando no tema da política feiral no conxunto de Galiza e no conxunto do Estado. ¿Cales foron as conclusións do Congreso que houbo o ano pasado, organizado pola Asociación de Feiras do Estado, VI Congreso a respecto das feiras internacionais? ¿Que conclusións son? ¿Como se poden aplicar a Galiza? ¿A que tipo de feira imos, se imos a macrofeiras, a feiras profesionais, a feiras comerciais ou a feiras mixtas? Deso lle gustaría falar aquí. Eso era a iniciativa, pero non, o que escenifica aquí é outra cousa.

Pero o curioso, porque esto ten moito a ver co funcionamento do Partido Popular nesta Cámara, é que transmiten ou pretende transmitir á sociedade unha imaxe de traballadores e traballadoras. Teñen moitas iniciativas ás que nós, popularmente, chamamos iniciativas fotocopia, porque son todas iguais, só cambian en que aquí pon A Estrada, alí pon A Fonsagrada e alí pon O Carballiño, pero a iniciativa é exactamente igual. Fixeron moitas, fan unha por cada consellería, unha por cada concello, 315 en Galiza, e claro, hai que face-la. Non, que a fai no seu ordenador, señor Castro. Se non sabe vostede informática, explícolla eu. Ten unha instrución alí o ordenador, que é cambiar unha palabra...

**A señora PRESIDENTA:** Non dialoguen, por favor.

**O señor BLANCO PARGA:**...por outra, automaticamente.

En calquera caso, esta iniciativa concreta que presentan vostedes é das típicas tamén de vostedes. Cada deputado e cada deputada pode fornecerse das opinións. Eu son un deputado, señora Pilar Rojo, e exerzo a miña labor de deputado...

**A señora PRESIDENTA:** Señor Blanco, non dialogue, por favor. Mantéñanse en silencio, por favor, señora Rojo...

**O señor BLANCO PARGA:** Cada deputado e deputada poden fornecerse da opinión e dos temas donde queira, conseguir a información que queira. ¿Saben vostedes donde conseguiron a información para esta iniciativa, ademais clavada e fusilada? Dun xornal, da prensa do 17 de marzo deste ano, e vana fusilar en parágrafos completos. Pero, pero, pero, claro, como a nota de prensa é ampla e profunda, é unha analítica

respecto das feiras, claro, as conclusións do previsto non lle gustan. Fusilan parágrafos completos, daquela, cando falan de que Galicia ten o 18% dos recintos feirais, de que Galicia vai ter tres feiras internacionais, fusílanos con comas, con puntos, fusilado. Claro, cando o periodista di que este é o problema que temos, o problema da feira de Galicia é a dispersión feiral que temos, que Galicia con 2,7 millóns de habitantes ten o 18% dos recintos feiras do Estado, o 6% da poboación ten o 18% dos recintos, cando o periodista fai ese apunte, vostede xa aí alónxase do periodista. E logo falo coa prensa, co periodista que fixo a noticia, entón, alónxanse da prensa totalmente e escapa do que di e dos males que di o periodista que ten o problema feiral galego.

Ademais, logo fan unha louba da política dos gobernos Fraga. No ano 1990 Galicia só tiña un recinto feiral, o de Punta Arnela, que inicia unha política de recintos feirais a partir do 90. E, efectivamente, hoxe Galicia conta con 9 recintos feirais, e precisamente el o que di textualmente –o periodista desa noticia que vostedes copiaron–, taxativamente, é: “O exceso de instalacións impide a Galicia explotar o negocio feiral. Galiza está lastrada por un dos grandes males estruturais que nos afectan en moitos ámbitos, o minufundio”. E sigue o artigo, e ¡ollo!, que estou seguindo textualmente o artigo: “Galiza conta cun mapa de recintos feirais onde as cidades compiten entre si por organizar eventos de similares características”. Tanto é así, tanto é así, señor Palmou, que A Estrada, efectivamente, ten a Feira do Moble, pero tamén feiras do moble temos en Lugo e en Vilagarcía de Arousa. Pero esta non é a única novidade, Galicia ten catro eventos feirais turísticos, cinco de mercado de limitación da hostalaría, e outros cinco de construción e tres de automoción sen saír da nosa nación, competindo uns recintos con outros, e a provincia de Pontevedra ten cinco recintos feirais, sin saír da provincia de Pontevedra hai cinco recintos feirais.

Claro, tampouco comentan vostedes o que concluía o periodista, que, consultados expertos por parte dese xornal, mantiña que en Galicia serían suficientes dous recintos feirais, e non os 9 que ten. Por certo, nada estraño se vemos a política que están facendo outros territorios, se vemos a política que están facendo en Cataluña, en Euskadi, na Comunidade Autónoma de Madrid. Vaian ver cantos recintos feirais hai na Comunidade Autónoma de Madrid e comparen a poboación que temos. Eso é a súa política.

Claro, logo sae o Consello de Contas, e os recintos feirais galegos non teñen capacidade de autofinanciarse, ese é o problema das fundacións e os padroados, como explicou perfectamente o conselleiro, que logo quen fai os investimentos non ten capacidade de acción sobre os recintos feirais. E xa non imos ter o tema da xestión, o nomeamento dos xerentes, e o que pensa a deputación de Pontevedra, nalgún caso concreto, porque deso tamén poderíamos falar.

Eu creo que. como leron a noticia para facer a iniciativa, deberan lela toda, e nesa noticia, que eran varias, tamén salía unha entrevista co conselleiro de Innovación e Industria, e o que vostedes formulan na súa interpelación contestábo o señor conselleiro de Innovación e Industria nesa entrevista. Puidéronse aforrar o tema, estaba nese mesmo xornal e nesa mesma noticia. Pero a vostedes todo eso non lle interesou, lle interesou copiar, copiar e pegar os datos que lles interesaban. Si, si, si. E podo darlle o xornal, señor Palmou. Non me diga que non que xa lle digo a data para que o comprobe, 17 de marzo, e non se ría que sabe que non estaba mentindo. Fusilados, fusilados, clavados. Vostedes non len, escriben, copian, porque queren aparentar que fan, aínda que fagan pouco. Efectivamente, aínda que fagan pouco queren aparentar que fan, esa é a súa liña política. Eu creo que o tema centrouno perfectamente aquí o conselleiro e estaba centrado nesa entrevista, e digo o que dicía o conselleiro o 17 de marzo de 2008, que dixó hoxe. Temos un mapa de recintos que é un auténtico disparate. Trátase dunha situación herdada, eso a vostede non lle gusta. Promover unha política de espazos para que remate sen unha planificación, eso foi o que dixeron vostedes.

O resultado do mapa actual é que moitas feiras non van máis que a pelexar polo mesmo mercado competitivo, incluso en prezos, o que falaba antes, tantas feiras do moble en Galicia, de turismo, repetitivas no mapa galego, e dicía o conselleiro, quero advertir sobre a necesidade de que as feiras comencen a autofinanciarse. Esta era a conclusión desa entrevista e do que hoxe vostedes preguntan aquí. Eu non sei que moción van presentar no Pleno, non, presenten a que queiran e cando sexa, pero desde logo hoxe vostedes nesta área de industria, hoxe, acaban de facer unha mostra palpable de falta de rigor total e falta de respecto á Cámara, e ao que representamos como Cámara do pobo galego. Se vostedes queren falar da Feira do Moble da Estrada, fagan unha iniciativa; se queren falar da Semana Verde de Silleda, faga

unha iniciativa; e do que queiran falar, por suposto. O que no vale é copiar dun xornal o que lles interesa e logo vir a falar de cousas que non figura, e se non que se me demostre.

Logo, señor Palmou vai poder falar aquí, eu xa non teño máis turnos. E lle emplazo a que saque da súa iniciativa, que me saque donde fale concretamente da Feira do Moble da Estrada nun só sitio, ou da Semana Verde de Silleda, un só sitio, que non teña a ver co copiado da prensa, de cando falaba que se concedían... Emplázoo a que o faga, e se non o fai, se non o fai, é que vostede non é rigoroso...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Blanco.

**O señor BLANCO PARGA:**... e vostede vén a esta Cámara simplemente a facer puro localismo e oportunismo político. Por certo, a min me estraña, a verdade, que vostede fora secretario xeral do Partido Popular de Galicia, o cal demostra o baixo nivel que este Partido tivo durante tantos anos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Polo Grupo... Por favor, por favor, señor Castro García, voulle rogar, que sei que vostede me entende perfectamente, que se me manteña na liña que levamos todo o día de respecto. Lle agradezo moito que se manteña nesa situación. Bueno, por favor.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra o señor Gallego Lomba.

Por favor.

**O señor GALLEGO LOMBA:** Gracias, presidenta, señorías, señor conselleiro.

En primeiro lugar, desde o Grupo Socialista queremos agradecerlle a explicación e a claridade que ten o Goberno de Galicia, neste caso representado por vostede, sobre o que é a política feiral en Galicia, cousa que non pasaba ata que chegou este Goberno.

Señor Palmou, de verdade, vostede presenta esta interpelación e ten unha intervención que nada ten que ver coa interpelación. Primeiro, que vostede diga –sendo membro do Goberno do Partido Popular durante varios anos– que hai

unha falta de rigor na política feiral, que hai unha falta de rigor e seriedade, ¡home, hai que botarlle valor!, ¡hai que botarlle valor!

E, sobre todo, quero recordarlle que os soños permanentes eses que teñen ustedes, que ten vostede, que tiveron vostedes, a ver se se vai a converter en monstros. Cando se teñen soños, moitas veces se convirten en monstros como así se convertiu o que fixo o señor Fraga coa Cidade da Cultura.

Señor Palmou, sexamos serios, a interpelación que vostede fixo, como dicía antes o voceiro do BNG, nada ten que ver coa intervención súa sobre Silleda, sobre a Feira Verde de Silleda ou sobre a Feira do Moble na Estrada. Porque vostede na interpelación fai dúas preguntas ao final, que di: ¿Que política de promoción comercial, e nomeadamente feiral, está a desenvolver a Xunta de Galicia? E, segundo: ¿A Xunta de Galicia vai apostar polo fortalecemento das institucións feirais existentes na actualidade en Galicia ou ten previsto algún proceso de reordenación?

Esas son as dúas preguntas que fai vostede na interpelación, e como dicía antes, como dixo antes o voceiro do BNG, solamente fai referencia a Silleda cando se dice das feiras internacionais no informe copiado de Radiografía de los recintos feriales, “el exceso de instalaciones impide a Galicia explotar el negocio ferial”, de donde sacaron vostedes a proposición non de lei.

Galicia conta na actualidade con nove institucións feirais, é dicir, o 20% das que existen en España. Organiza, como ben se dixo aquí, o 3% de feiras internacionais que se organizan en España. O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia cremos que temos uns recintos feirais, unha planificación de recintos, un mapa de recintos feirais, que é un auténtico disparate, pero trátase dunha situación herdada do anterior Goberno do Partido Popular que o actual Goberno, por responsabilidade, debe e vai a xestionar o mellor posible.

O anterior Goberno do Partido Popular, sen ningún tipo de planificación en política feiral, como en outras moitas políticas, o que fixo foi promover unha política de espazos feirais para calmar todas as localidades. Puro localismo, sen ningún criterio de planificación. É o mesmo que aconteceu cos parques industriais. Vostede recordará, señor Palmou, que cos parques industriais empezaron a sembrar parques

industriales en toda Galicia, e ao final nunha zona, concretamente nunha cidade como a de Vigo, non fixeron un só metro de solo industrial, que ¡manda carai, eh! Esa foi a planificación que tiveron ustedes durante dezaseis anos no Goberno do Partido Popular.

O mesmo que fixeron no solo industrial fixérono na política feiral: falta de planificación, querer contentar a todos, sen unha política sería donde instalar os recintos feirais. E non por máis recintos feirais era unha mellor política feiral.

Como xa se dixo aquí, todas as comunidades autónomas, practicamente todas menos Galicia, teñen un recinto feiral de referencia. Madrid ten o Ifema, Barcelona ten un de referencia, Valencia ten un de referencia, Sevilla ten un de referencia, Bilbao ten un e Zaragoza ten un. Son as comunidades autónomas que lle corresponden e aí se celebran as feiras internacionais que lle compete a cada comunidade autónoma. Vostedes o que fixeron foi querer contentar a todos. O que quixeron facer foi o puro caciquismo que fixeron durante dezaseis anos.

Señorías, tomando a interpelación que vostede presentou, din vostedes que Galicia acolle o 10%, é dicir, 33 grandes feiras, que son Conxemal en Vigo. Unha feira que no Ifevi en Vigo pois vai por si sola, funciona con iniciativa privada, unha feira que concentra a 105 países e que funciona por si sola. Outra que vostede non pon aí, pero que se celebra cada seis anos, que é a World Fishing Exhibition, que cada seis anos se celebra en Vigo, a feira mundial de pesca por excelencia, que funciona por si sola e por iniciativa privada desde sempre, non de agora. Tamén temos Termalia en Ourense, que funciona ben, e temos unha nova en Vigo que seguramente será pronto internacional, que é Navalía, que empezou este ano, e calculamos na clausura, e así o contemplaron os organizadores, que pronto será unha feira internacional, porque é da política naval que se está facendo en toda Galicia e que concretamente se desenrola en Vigo.

Vamos a falar agora da Semana Verde de Galicia. A organización da Semana Verde de Galicia decidiu aprazar a actual edición, e non é a primeira vez que se apraza, que xa é a segunda. Houbo un ano en que se aprazou tamén a Semana Verde de Galicia, cambiouse de data, e esta é a segunda vez, a segunda vez. Si, señor Palmou, é a segunda vez que se fai. Tiña que celebrarse entre o 11 e o 15 de xuño e pasa ao 19 e 23 de novembro.

Baixo o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia concedeuse a Silleda, á fundación, ser a capital feiral de Galicia. Traballouse e fíxose alí, púxose o maior recinto feiral de toda a comunidade autónoma, que vai arrastrando un déficit desde o ano 2000. Consecuencia delo, a institución tivo que botar man dos seus propios recursos de tesourería para poder desenrolar a súa actividade, o que provocou unha descapitalización que se moveu ao ritmo de 3,3 millóns de euros anuais, salvo neste último ano concretamente, que se rebaixo a 1,9.

O actual Goberno da Xunta de Galicia, señorías, señoras e señores deputados, prevé que o actual estudio de viabilidade da Fundación Semana Verde que se aprobará proximamente saían modificacións organizativas estratéxicas, así como que se adapten aos novos tempos con aplicación das conclusións que se deriven de estudio de viabilidade. Queremos que a feira de Silleda funcione como as demais feiras e que funcione ben.

Señor Palmou, como vostede pode comprobar, o actual Goberno da Xunta de Galicia está intentando arreglar a desfeita que vostedes deixaron no tema feiral na comunidade autónoma de Galicia. Por todo isto, como dicía antes, o Goberno está traballando en que a Feira de Silleda siga adiante e sea un recinto ferial que se dedique a feiras e a traballar.

Máis nada e moitas gracias. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Gallego Lomba.

Rolda de réplica para o señor Palmou Lorenzo.

**O señor PALMOU LORENZO:** Señora presidenta.

Señor conselleiro, trouxemos aquí esta interpelación porque estabamos preocupados, pero agora despois da súa intervención, agora si que estamos preocupados, señor conselleiro, *(Aplausos.)* agora si que estamos preocupados. E ¿sabe por que? Porque na súa intervención deixa claro que vostede se desentende das feiras de Galicia, señor conselleiro. Si, señor conselleiro, lamentablemente é así, é así. E, dende logo, eu teño que dicirlle con toda sinceridade que non agardaba que vostede fora a utilizar aquí unha

vez máis argumentos tan rancios como dicir que a culpa é do PP, a culpa é do Goberno anterior. *(Aplausos.)* Así é como resolven ustedes os problemas deste país e así nos vai, e así estamos, señor conselleiro. E así está a Semana Verde e así está a Feira do Moble. Porque a culpa é do Goberno anterior e, polo tanto, que a veña a resolver o Goberno anterior. A resolverá despois das próximas eleccións, señor Blanco, evidentemente, evidentemente que as resolverá. *(Aplausos.)*

Pero é que mire vostede, durante dezaseis anos de goberno anterior, señor conselleiro, desenvolvéronse iniciativas tan importantes como foi precisamente a Semana Verde de Galicia, que se convertiu nunha das feiras máis importantes de Europa co Goberno anterior. E a Feira do Mueble da Estrada, señor conselleiro, que se convertiu nunha feira con expositores de toda España e de Portugal, señor conselleiro, con importantísimas transaccións e con importantísimo número de visitantes. A feira máis importante do moble de Galicia, sen lugar a ningunha dúbida.

E nunca como agora, nunca como agora, estivo en perigo ningunha das feiras nin dos recintos feirais de Galicia, nunca como agora. Pero tamén é certo que nunca como agora, durante o goberno anterior, houbo interés en politizar estas institucións e en utilizar e politizar as personas que as dirixen, señor conselleiro. Ese é o verdadeiro problema que vostedes non o queren ver, ese é o verdadeiro problema.

Claro, eu digo que vostede se desentende da política feiral. Evidentemente, vostede o acaba de dicir aquí. Resulta que o plan de viabilidade para a Semana Verde de Galicia vaino a presentar o conselleiro da Presidencia. ¿A usted parécelle que eso é serio? ¡Por favor! ¿A usted parécelle serio eso, señor conselleiro? *(Aplausos.)* ¡Así nos vai!

O conselleiro de Presidencia non ten máis funcións que as de exercer o protectorado, e ¿sabe cales son? Mire a Lei de fundacións: o control de legalidade e o control do cumprimento dos fins fundacionais. É o único, e ademais é un control a posteriori, señor conselleiro, a posteriori. Pois resulta que é o que vai a presentar o plan de viabilidade. ¿Eso non é unha guerra entre consellerías, señor conselleiro? ¿Non era vostede, responsable das feiras de Galicia, quen tiña que presentar ese plan? ¿Non é vostede, señor conselleiro? ¡Por favor! Pero ¿a que están vostedes xogando?

E logo din vostedes da Estrada, o nomeamento do xerente. Oiga, o nomeamento do xerente faise de acordo cos estatutos nun padroado, e nese padroado pois a maioría votou a un señor, que neste caso era concelleiro do Grupo Socialista, e o Partido Popular votouno porque consideramos que era o mellor. Pero vostedes tiñan outra persoa, señor conselleiro, esa é a verdade. E a partir de aí empezan os problemas, porque vostede non volveu a pisar a Estrada desde esa data. Non volveu vostede a pisar a Estrada. Nin foi á fundación nin foi vostede a inaugurar feiras nin foi vostede absolutamente a nada. Esa é a realidade.

Claro, dice que o xerente presentou a dimisión. Claro, ¿como non vai a presentar a dimisión despois dun ano en que vostedes nin sequera o atenden por teléfono, nin a el nin a ninguén da fundación, cando chama á consellería ou á súa delegación? Usted sabe que na delegación non se lle atende ao teléfono. ¿Como non vai a presentar a dimisión? Presenta a dimisión por responsabilidade e ante a irresponsabilidade da consellería, señor conselleiro. É evidente. *(Aplausos.)*

Hai moitos recintos feirais. Mire usted, hai os que hai. Pero, como lle digo, durante os gobernos do Partido Popular, durante os gobernos do Partido Popular, non se puxo en risco ningunha feira en Galicia. Ningunha, señor conselleiro, absolutamente ningunha. ¿Sabe o que non hai agora en Galicia? Non hai unha política feiral coherente, e como non hai unha política feiral coherente, o que hai é o caos. E entón hai a competencia entre recintos. ¿Por que? Porque vostedes non elaboran unha política feiral que evite precisamente a competencia entre recintos, ese é o problema.

Existe unha institución que se chama Convergencia Feiral de Galicia á que vostedes non lle fan nin caso, que precisamente lles aconsellou sobre determinadas feiras. Pero en todo caso mire, señor conselleiro, nós viñemos aquí con esta interpelación —e eso quero recordarllo tamén aos outros grupos—, viñemos aquí precisamente para tratar de coñecer a política feiral. Non sabemos nada, non sabemos nada, por eso xa lle anuncio que vamos a presentar unha interpelación, e vamos a presentar unha interpelación para tratar de que desde o Parlamento se lle pida a vostedes unha política feiral que favoreza o noso potencial produtivo e comercial, dende unha perspectiva de país, nun mercado global, non desde posicións localistas ou partidarias, señor conselleiro. Unha política feiral que desterre localismos absurdos e rivalidades que levan ao enfrontamen-

to e nos apartan de obxectivos comúns de competitividade, eficacia produtiva e mellora da comercialización, que é o que teñen que conseguir as feiras. Unha política que poña en valor o noso potencial de recintos feirais de xeito ordenado, con perspectiva de interés xeral e de costas a intereses particulares, señor conselleiro. Eso é o que nós pedimos.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

**O señor PALMOU LORENZO:** E miren... –xa remato, xa remato–, efectivamente nós presentamos dúas iniciativas aquí, unha iniciativa precisamente de carácter xeral...

**A señora PRESIDENTA:** Señor Palmou, señor Palmou, lle prego...

**O señor PALMOU LORENZO:**... –xa remato, señora Villarino– o día 6 de xuño, e outra iniciativa, que é a da Feira de Silleda e a da Feira da Estrada, o día 14 de abril. Loxicamente falamos nesta de todo, porque é a primeira que se debate, pero realmente estamos falando do que estamos falando...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias.

**O señor PALMOU LORENZO:**... de política feiral, que era do que vostedes tiñan que falar e non falaron.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Palmou.

Ten a palabra o señor conselleiro de Innovación e Industria para o seu turno de peche.

Lles prego silencio, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA (Blanco Álvarez):** Señora presidenta, señorías.

Eu lamento que estén preocupados, a pena é que en vez de estar preocupados non estiveran ocupados eses dezaseis anos, e hoxe non teríamos esta situación. (*Aplausos.*)

Porque claro, vostedes o que pretenden é tirar a pedra, baixar a man, e despois mirar para outro lado. Non, é que a situación dos recintos feirais agora é consecuencia dunha

política de interese partidario localista, eso sábeno vostedes, o sabemos nós, o sabe a prensa e o sabe todo o mundo que é especialista no sector feiral. Isto é así e, polo tanto, evidentemente, esta é a situación que herdamos, sen contar a que me referín ao principio, de débedas importantes das adxudicacións que non se correspondían cos proxectos e que fixeron que tiveramos que dedicar máis de 17 millóns deses 34 a tapar os buracos que vostedes deixaron abertos para que non se fora todo a pique.

Esta é a realidade. Esta é a realidade e a coñece vostede perfectamente. Pero despois fala de politizar. ¡Home!, vamos a falar de politizar, de quen quere politizar e quen non. A Deputación de Pontevedra acaba de impugnar as bases da nova contratación do xerente, que, como sabe vostede, en función dunha modificación da lei pública deben ser variados. Pero mire vostede o que dice a Deputación: A fundación non debe someter tal contratación a un tribunal de selección formado por funcionarios públicos. ¿Teñen vostedes algo contra os funcionarios públicos? Son os que estaban con vostedes, non son outros. Se non que ten ampla liberdade para facer a súa selección a medio de persoal técnico ou contratalo cunha empresa externa. Isto si é politizar. Porque falar dun tribunal con presenza de funcionarios públicos supoño que será unha garantía para ese tribunal.

E ademais teño que dicirlle máis, que por certo nin sequera son da Consellería de Innovación e Industria, isto é unha evidencia. ¿Por que a impugnan vostedes? Porque queren seguir mandando a determinadas ou poñendo determinadas personas. Na anterior contratación da Feira do Moble da Estrada, e eu non teño ningún problema en falar das cousas que vostede quere falar, en assemblea –e figura nas hemerotecas– xa se tiña decidido quen iba ser o candidato, cando a proposta que se levaba ao padroado era de tres persoas, e por respecto ás tres non quero entrar agora a analizar os currículos e a experiencia de cada un deles, non quero entrar, porque foi unha decisión que, en todo caso, non comparto. Pero, evidentemente, é a que estaba posta sobre a mesa e teño que dicirlle que a min non me chamou en ningunha ocasión para falar durante este tempo, pero si falou con outros responsables da consellería. En todo caso, desde logo a posta en marcha de feiras no recinto feiral da Estrada non ten nada que ver coa consellería, terá que ver co xerente que tiña e coa dirección nese momento. ¿Ou é que vamos ser responsables nós, que só temos como máximo 2-3 votos de 15 votos?



¡Oia! Pídalle tamén explicacións ao resto, de por que esa feira foi a menos. Por certo que non foi este último ano, o anterior tampouco foi.

Pero ademais, cando fala vostede de colaboración, ¿a que se refire? ¿A da Deputación de Pontevedra, que non pagou nin no 2006 nin no 2007 as cotas que tiña establecidas a pesar de que o padroado lle reclamou? Pero despois, curiosamente, foi inaugurar esa feira e a dicir que outras administracións non poñían cartos. Perdóname, as que poñíamos eran outras. E non poñía nada. E iso, iso, señor Palmou, señores do Partido Popular, é pura demagogia, é puro localismo e é puro interese partidario. E eu, evidentemente, non o podo compartir.

Pero vou analizar tamén –como vostede fala da Feira de Silleda– a responsabilidade que exerce a presidencia do Padroado é da Consellería de Presidencia, que presenta un Plan de viabilidade. Non sei por que se asusta vostede, é razoable que se presente un Plan de viabilidade, e ademais nós vamos colaborar, e colaboramos precisamente no novo enfoque que se lle vai dar á Feira de Silleda. A responsabilidade da Consellería de Industria estaba nos outros recintos feirais. Como non a temos no recinto de Ferrol, donde non participa a Xunta de Galicia, ou no de Pontevedra, que é de responsabilidade municipal. Agora no de Silleda si imos participar, como por certo levamos participando todos estes anos. Nós financiamos feiras de turismo, nós financiamos feiras que se puxeron alí e mesmo eu inaugurei algunha co seu presidente no seu momento, e desde logo a nosa colaboración nese sentido, sobre todo porque é un recinto feiral de ampla capacidade, con persoal que ademais indudablemente ten experiencia no sector, é ver como repotenciamos esa feira.

Pero é indudable, e isto non o discute ninguén, nin sequera vostedes –polo menos cando non falan no Parlamento–, que Galiza teña neste momento nove recintos feirais non é algo que lle permita ser moi competitivo. É dicir, ¿como é posible que Galicia teña máis recintos feirais que Madrid, Cataluña, Valencia e Aragón xuntos? ¿Me quere explicar en base a que? ¿A unha explosión demográfica descoñecida? ¿A un crecemento industrial que é notable, por certo, pero tampouco para tanto? Non, sencillamente é que vostedes facían unha política de contentar a determinados virreís locais. Esa é a única razón e o saben vostedes. Mesmo os que se rin o saben perfectamente. E como fixeron esta política durante tanto tempo, agora hai estes resultados. Esta é a realidade, non lle é outra. Afortunadamente

te... É que vostede chegou a dicir aquí: “Hai os recintos que hai” ¡Oia, esto non é coma os cogumelos! ¡Estos non nacen por xeración espontánea! Se poñen e se puxeron tantos por falta de planificación, por dar resposta a outras necesidades. Pero esto non se corresponde. Ademais, cando vostede fala de que non hai política feiral, ¡oia!, ¿como é posible que no ano 2005 houbera 55 feiras e agora vaia haber no 2008 69? Evidentemente, porque hai un traballo de impulso comercial a pesar das dificultades obxectivas que os recintos feirais non teñen só en Galiza senón no conxunto de Europa e no mundo, porque entre outras cousas, como dicía, Tecnoloxías da Información tamén resolveu moitos dos problemas que se daban aí. Pero estamos pasando de 55 a 69. De 55 a 69. E feiras do moble, en Galicia había moitas máis feiras do moble.

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA (Blanco Álvarez):** Ourense organiza unha bianual desde fai dous anos, e había outras que baixo o epígrafe de decoración tamén tiñan feiras do moble. Por certo, ademais nalgún caso crecendo.

Eu non teño ningún problema en discutir das propostas que en materia comercial ou en materia de promoción feiral fixemos. E as propostas se sosteñen sobre presupostos. Está a primeira que lle dixen, 34 millóns de euros en tres anos.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA (Blanco Álvarez):** Son 34 millóns de euros para impulsar esa política, esa promoción que está dando resultados posto que pasamos de 55 a 69, é dicir, un 27% máis de feiras. Esta é a realidade, a pesar da situación herdada. E a min sabe que non me gusta falar de situacións herdadas, pero tampouco vale tirar a pedra e esconder a man. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá, que comenzaremos coas preguntas ao señor presidente da Xunta, como é tradicional.

Boas noites. Moitas gracias e boa sorte.

*Suspéndese a sesión ás oito e cincuenta minutos da tarde.*





## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25